

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**7333** *Real decreto 563/2010, do 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía.*

I

As transformacións administrativas, económicas e técnicas producidas desde o ano 1998, en que foi promulgado o actual Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, facían necesaria unha revisión global do dito regulamento en canto aos artigos pirotécnicos e á cartucharía se refire.

Por outra parte, o Parlamento Europeo e o Consello aprobaron, hai máis de dous anos, a Directiva 2007/23/CE, do 23 de maio de 2007, sobre a posta no mercado de artigos pirotécnicos, que debe ser incorporada ao ordenamento xurídico interno antes do 4 de xaneiro de 2010.

De entre as consideracións tidas en conta para a publicación da citada Directiva 2007/23/CE, aparece a realidade de que as disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos diferentes Estados membros sobre a posta no mercado de artigos pirotécnicos eran bastante diverxentes, especialmente no que respecta a aspectos como a seguridade e as características de funcionamento do produto.

Estas disposicións diverxentes constituían unha barreira ao comercio no seo da Comunidade. A directiva que se traspón harmoniza a regulación referente á posta no mercado de artigos pirotécnicos, co fin de garantir a súa libre circulación no mercado interior, asegurando ao mesmo tempo un alto nivel de protección da saúde humana e da seguridade e protección dos consumidores, así como dos usuarios profesionais finais.

Por todos estes motivos apróbase o Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía, que inclúe, entre outras disposicións, aquelas que teñen por obxecto a incorporación ao noso ordenamento xurídico da Directiva 2007/23/CE.

Á hora de estudar como se ía desenvolver a incorporación desta directiva ao noso ordenamento xurídico, e á vista de certas lagoas e obsolescencias no actual Regulamento de explosivos respecto ao sector da pirotecnia, decidiuse separar en dous regulamentos diferentes ambas as materias.

Desta maneira, xunto co actual Regulamento de explosivos, que mantén a súa vixencia no que respecta á dita materia, mediante este real decreto apróbase un Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía adaptado á directiva e que regula a fabricación e o transporte dos artificios pirotécnicos de acordo coas novas realidades técnicas do sector.

Esta opción normativa acha a súa xustificación lóxica no feito de que os requirimentos técnicos no ámbito da seguridade dos diferentes tipos de materias regulamentadas (explosivos de uso civil, por un lado, e artigos pirotécnicos e cartucharía, por outro) non teñen o mesmo grao de complexidade e exigencia.

Por outro lado, na elaboración desta norma tívose un especial coidado para que as novas exigencias regulamentarias non entorpecesen nin obstaculizasen determinadas celebracións tradicionais populares e festividades relixiosas e culturais intensamente estendidas e arraigadas neste país. O uso de artigos pirotécnicos en tales festexos reflíctese no articulado garantindo que a seguridade dos participantes non impida as manifestacións asociadas á pirotecnia vinculadas á cultura do fogo. Para plasmar regulamentariamente este obxectivo foi primordial a colaboración, a coordinación e o intercambio de información co resto das administracións públicas, cos diferentes axentes deste sector de actividade e coas asociacións de consumidores.

## II

Este real decreto consta dun artigo único (cuxo obxecto é a aprobación do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería, inserido tras a parte derradeira do real decreto), sete disposicións adicionais, catro disposicións transitorias, unha disposición derogatoria única e cinco disposicións derradeiras.

En canto á parte final do proxecto, a disposición adicional primeira mantén a referencia á Comunidade Valenciana contida na disposición adicional única do Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro. A disposición adicional segunda prevé que o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio adecuará o catálogo oficial de cartuchería no prazo de tres anos ás disposicións do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería. As disposicións adicionais terceira e cuarta regulan as comunicacións de datos e de sinistros por parte das delegacións de Goberno á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. A disposición adicional quinta recolle a regulación da desestimación de solicitudes e do esgotamento da vía administrativa en idénticos termos a como aparece recollida na disposición derradeira terceira do Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro. A disposición adicional sexta refírese, pola súa vez, ás competencias das comunidades autónomas en materia de espectáculos públicos e fomento da cultura. A disposición adicional sétima establece que en materia de seguridade laboral se observará o disposto na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais e na súa normativa de desenvolvemento.

Seguidamente, a disposición transitoria primeira recolle o réxime de vixencia das autorizacións de catalogación existentes na actualidade e a disposición transitoria segunda determina os prazos para a adaptación do disposto no regulamento. Pola súa vez, a disposición transitoria terceira establece que os expedientes que estivesen en tramitación no momento da entrada en vigor deste real decreto se instruirán de acordo co Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, e demais disposicións regulamentarias. A disposición transitoria cuarta permite aos titulares das instalacións adecuarse ás prescricións establecidas neste real decreto desde o momento da súa entrada en vigor.

A continuación, a disposición derogatoria única determina que no momento da entrada en vigor deste real decreto queda derogado, excepto durante os períodos establecidos na disposicións transitorias primeira, segunda e terceira e na disposición derradeira quinta, o Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de explosivos, en todo o relativo a pirotecnia e cartuchería (en particular, os preceptos enumerados), así como calquera outra norma de igual ou inferior categoría que se opoña ao establecido neste real decreto e, en particular, a Orde do 20 de outubro de 1988, pola que se regula a manipulación e o uso de produtos pirotécnicos na realización de espectáculos públicos de fogos artificiais, e a Orde do 2 de marzo de 1989 pola que se completa e perfecciona a normativa reguladora da manipulación e uso de produtos pirotécnicos na realización de espectáculos públicos de fogos artificiais.

Tamén quedan derogados os puntos terceiro e cuarto da Orde INT/703/2006, do 3 de marzo, pola que se ditan instrucións para a adquisición de material explosivos e cartuchería metálica por parte dos corpos de policía das comunidades autónomas e das entidades locais.

A disposición derradeira primeira determina que este real decreto se dita ao abeiro do artigo 149.1.26.<sup>ª</sup> da Constitución española, que reserva para o Estado a competencia exclusiva sobre o réxime de produción, comercio, tenza e uso de armas e explosivos.

A disposición derradeira segunda establece que mediante este real decreto se incorpora ao dereito español a Directiva 2007/23/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de maio de 2007, sobre a posta no mercado de artigos pirotécnicos.

A disposición derradeira terceira autoriza o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, e o Ministerio do Interior para actualizar, conxuntamente, os contidos técnicos das instrucións técnicas complementarias e especificacións técnicas do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería, tendo en conta a evolución da técnica e o que dispoñan as normas legais e regulamentarias que se diten sobre as materias a que aquelas se

refiren. Esta actualización levarase a cabo, de ser o caso, conxuntamente cos restantes departamentos ministeriais que teñan competencias nas respectivas materias.

A disposición derradeira cuarta prevé que no prazo dun ano desde a entrada en vigor deste real decreto, se regularán, mediante instrución técnica complementaria aprobada en virtude de orde da ministra da Presidencia, ditada por proposta dos ministros de Industria, Turismo e Comercio e do Interior, os requisitos exixibles ás actividades de almacenamento, manipulación, transporte, e utilización de produtos pirotécnicos necesarios para efectuar as tarefas propias de análises, ensaios, verificacións e experimentación, levadas a cabo por parte dos organismos notificados, organismos de control autorizados e laboratorios acreditados. Igualmente, no prazo dun ano desde a entrada en vigor deste real decreto, regularase, mediante instrución técnica complementaria aprobada en virtude de orde da ministra da Presidencia, ditada por proposta dos ministros de Industria, Turismo e Comercio e do Interior, o formato dos rexistros que se regulan nos artigos 34, 40, 77, 90, 134 e na Instrución técnica complementaria número 12 do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería. Igualmente, autorízanse os ministerios de Interior e de Industria, Turismo e Comercio, para elaborar outras instrucións técnicas complementarias e especificacións técnicas de desenvolvemento e execución do regulamento proxectado, en virtude de orde da ministra da Presidencia, ditada por proposta dos ministros do Interior e de Industria, Turismo e Comercio, respecto ás disposicións que regulan aspectos parciais en materia de artigos pirotécnicos e cartuchería, que non son derogados expresamente ou que non se opoñen ao regulamento aprobado por este real decreto.

Finalmente, a disposición derradeira quinta determina a entrada en vigor da norma o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», coas excepcións sinaladas nos seus números 2 e 3. Ademais, os prazos indicados no número 3 poderanse ampliar mediante orde da ministra da Presidencia, ditada por proposta dos ministros de Industria, Turismo e Comercio e do Interior, en casos debidamente xustificados.

A continuación da parte final do real decreto proxectado insírese o Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería, que consta de 204 artigos englobados en dez títulos e que se completa con vinte e dúas instrucións técnicas complementarias e seis especificacións técnicas de desenvolvemento.

O título I do regulamento, Ordenación preliminar, componse de catro capítulos. No capítulo I establécense as disposicións xerais do regulamento, tales como o obxecto e o ámbito de aplicación, as competencias administrativas e as definicións dos termos utilizados no texto. Ademais, defínense as obrigas xerais dos fabricantes, importadores e distribuidores de artigos pirotécnicos, da mesma forma que aparece na directiva que se traspón, e regúlase a actividade das entidades colaboradoras da Administración.

No caso de artigos pirotécnicos, de acordo co disposto na directiva obxecto de transposición, é o fabricante quen debe garantir a súa conformidade co disposto no Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería, en especial, cos requisitos esenciais de seguridade. Se o fabricante non está establecido no territorio da Unión Europea, a persoa física ou xurídica que importe o artigo debe garantir que o fabricante cumpriu as súas obrigas conforme o disposto no regulamento, ou asumir todas as obrigas do fabricante.

No capítulo II do mesmo título defínese a categorización dos artigos pirotécnicos e a clasificación da cartuchería.

Os artigos pirotécnicos deben incluír os artificios de pirotecnia, os artigos destinados ao uso en teatros e os artigos pirotécnicos con fins técnicos como os xeradores de gas utilizados nos airbags ou nos pretensores dos cintos de seguridade.

Nas definicións e no establecemento de categorías o regulamento conservou a terminoloxía da directiva na súa versión española, sen prexuízo de que a interpretación que se debe dar a eses termos se axuste á que se desprende dunha lectura conxunta das demais versións lingüísticas da mesma norma. Así, as referencias a artigos pirotécnicos destinados «ao uso en teatros», ou ao «uso sobre escenario» débense entender referidas aos distintos supostos de uso escénico, en escenarios ao aire libre ou baixo teito, en producións de cine ou televisión ou similares.

Ademais, co fin de garantir uns niveis de protección debidamente elevados, os artigos pirotécnicos débense clasificar por categorías principalmente segundo o seu nivel de perigosidade no que se refire á súa utilización, os seus fins ou o seu nivel sonoro. Así, os artigos pirotécnicos deben cumprir o disposto no Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería respecto á súa catalogación e categorización cando se poñan no mercado.

A directiva que se traspón establece uns requisitos esenciais de seguridade para os artigos pirotécnicos co fin de protexer os consumidores e evitar accidentes. Cando se cumpran estes requisitos esenciais de seguridade, os Estados membros non poderán prohibir, restrinxir nin obstaculizar a libre circulación dos artigos pirotécnicos, todo isto sen prexuízo do disposto no regulamento respecto ás autorizacións a fabricantes, distribuidores e importadores.

Co fin de facilitar o procedemento para demostrar o cumprimento dos requisitos esenciais de seguridade, estanse desenvolvendo normas harmonizadas para o deseño, fabricación e realización de ensaios dos artigos. A elaboración, adopción e modificación das normas europeas harmonizadas foi encargada ao Comité Europeo de Normalización (CEN), ao Comité Europeo de Normalización Electrotécnica (CENELEC) e ao Instituto Europeo de Normas de Telecomunicación (ETSI). Estes organismos están recoñecidos como competentes para a adopción de normas harmonizadas que se elaboran de conformidade coas directrices xerais para a cooperación entre eles, a Comisión Europea e a Asociación Europea de Libre Comercio, de acordo co procedemento establecido ao respecto. No relativo a artigos pirotécnicos para vehículos débese ter en conta, tomando en consideración as normas ISO internacionais pertinentes, a orientación internacional da industria subministradora europea.

Así, en consonancia co «novo enfoque sobre a harmonización e normalización técnicas», os artigos pirotécnicos fabricados conforme normas harmonizadas deben gozar da presunción de conformidade cos requisitos esenciais de seguridade previstos na Directiva e no Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería.

O capítulo III deste título establece a catalogación de artigos pirotécnicos e cartuchería como rexistro administrativo e no capítulo IV regúlase a marcación CE e as excepcións posibles á marcación.

### III

No título II establécense as disposicións xerais para a fabricación de artigos pirotécnicos ou cartuchería, as disposicións comúns a ambas as industrias e as disposicións específicas de cada unha delas.

Establécese que a autorización para o establecemento dun taller de pirotecnia ou cartuchería será outorgada pola Delegación do Goberno na comunidade autónoma correspondente, tendo en conta a competencia do Estado na materia que se regula.

A particularidade deste título con respecto ao Regulamento de explosivos, de onde procede, radica na clara definición das zonas nas instalacións de fabricación. Por unha parte, aparecen os locais para a propia fabricación, cos seus posibles depósitos auxiliares anexos e, por outra parte, e de forma obrigada, un depósito de produtos rematados onde se poida almacenar a produción final de forma segura.

### IV

No título III establécense as disposicións xerais para os depósitos de artigos pirotécnicos ou cartuchería. O mesmo que na regulación dos talleres no título II, aparecen disposicións comúns a ambas as industrias e disposicións específicas de cada unha delas. Establécese que a autorización para o establecemento dun taller de pirotecnia ou cartuchería será outorgada pola Delegación do Goberno na comunidade autónoma correspondente.

O máis novo deste título, con respecto á anterior regulación, é que as empresas que poidan realizar espectáculos con artigos pirotécnicos, regulados na Instrución técnica complementaria número 8 do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería, deben ser titulares de taller de preparación e montaxe e contar cun experto, polo menos, entre os seus traballadores. Un taller de preparación e montaxe estará formado por un depósito de

produtos rematados e deberá contar con, polo menos, un local de montaxe de actividades anexo a este depósito, que se deberá autorizar de acordo co disposto para os locais dos talleres de fabricación, tendo en conta as actividades que se van desenvolver no seu interior.

É dicir, pódense distinguir tres tipos diferentes de talleres en función da actividade que neles se desenvolve: por un lado, os talleres de fabricación; por outro lado, os talleres de preparación e montaxe e, finalmente os talleres de fabricación que sexan tamén ou á vez talleres de preparación e montaxe.

Por último, neste título tamén se regulan os depósitos especiais que deben ser tidos en conta no desenvolvemento das actividades industriais asociadas á pirotecnia e á cartuchería.

#### V

No título IV establécense as disposicións xerais para os envases e etiquetaxe de artigos pirotécnicos ou cartuchería.

Respecto aos artigos pirotécnicos, dado o risco inherente á súa utilización, débese garantir que a súa etiquetaxe conteña información suficiente e adecuada para unha manipulación segura, co fin de protexer a saúde e seguridade humanas e o ambiente. Determinados tipos de artigos pirotécnicos só deben estar dispoñibles a través de expertos autorizados que dispoñan dos coñecementos, cualificacións e a experiencia necesarios.

No relativo aos artigos pirotécnicos para vehículos, respecto á etiquetaxe, tívose en conta a práctica actual, así como o feito de que estes artigos se subministran exclusivamente a usuarios profesionais.

Por último, con relación á etiquetaxe dos envases de cartuchería, elimínase o requisito da etiqueta con formato definido. Unicamente deberán citarse no envase os datos que se definen na Instrución técnica complementaria número 6 do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería, favorecendo así a competitividade das empresas.

#### VI

Nos títulos V, VI e VII establécense as disposicións xerais para a venda e posta á disposición dos artigos pirotécnicos e a cartuchería, así como para o control dos produtos no mercado e o seu uso.

A directiva que se traspón establece unhas idades mínimas de venda e posta á disposición dos artificios pirotécnicos das categorías 1, 2 e 3. Pero á vista de que a venda e posta á disposición destes artificios está intimamente ligada aos costumes e tradicións culturais dos países e de que a propia directiva establece que estas idades se poderán diminuír ou aumentar, autorízase para que sexan as comunidades autónomas as que poidan aumentar ou diminuír as idades que se establecen no artigo 121 do regulamento e nas condicións que se detallan na disposición adicional sexta deste real decreto.

Neste título tamén se establecen as disposicións que deben cumprir os establecementos de venda de artigos pirotécnicos, que se desenvolven de forma máis exhaustiva na Instrución técnica complementaria número 17 do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería.

É indispensable que, para a súa posta no mercado, os artigos pirotécnicos estean provistos dunha marcación CE que indique a súa conformidade coas disposicións do regulamento, excepto, de maneira xeral, para os artificios fabricados por un fabricante para o seu propio uso.

De acordo co novo enfoque sobre a harmonización e a normalización técnicas, prevíuse un procedemento de cláusula de salvagarda que permite cuestionar a conformidade dun artigo pirotécnico ou sinalar deficiencias. Os Estados membros, neste sentido, poden adoptar as medidas oportunas para poder restrinxir a posta no mercado de artigos que leven marcación CE ou poden retiralos do mercado se tales produtos poñen en perigo a saúde e a seguridade dos consumidores cando se usan co fin previsto.



## VII

No título VIII establécense as disposicións xerais para a importación, exportación, tránsito e transferencias das materias reguladas, con escasas modificacións con respecto ao disposto na anterior regulamentación.

No título IX, de transporte, as disposicións xerais complementan o disposto na regulamentación vixente para cada medio de transporte, recollidas nos convenios e acordos internacionais e incluídas as recomendacións das Nacións Unidas relativas ao transporte de mercadorías perigosas.

Por último, o título X establece o réxime sancionador aplicable ás infraccións das disposicións do regulamento.

A parte dispositiva do regulamento complétase con 22 instrucións técnicas complementarias e seis especificacións técnicas de desenvolvemento.

## VIII

É indispensable prever un período transitorio que permita a adaptación progresiva do sector ás disposicións desta norma. Os fabricantes e importadores necesitan tempo para exercer os dereitos de que gozaban de acordo coa regulación vixente antes da súa entrada en vigor. Por exemplo, para vender as súas existencias de produtos manufacturados. Ademais, os períodos transitorios específicos previstos para a súa aplicación ofrecen tempo adicional para a adopción de normas harmonizadas e garanten a rápida aplicación desta norma, con vistas a mellorar a protección dos consumidores.

## IX

No procedemento de elaboración desta norma foron consultadas as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla e, así mesmo, os colexios profesionais, os sectores máis representativos potencialmente afectados, recollendo as súas achegas e melloras.

Este real decreto recibiu o informe favorable da Comisión Interministerial Permanente de Armas e Explosivos e da Comisión de Coordinación do Transporte de Mercadorías Perigosas, e apróbase ao abeiro do artigo 149.1.26.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre o réxime de produción, comercio, tenza e uso de armas e explosivos e en cumprimento do disposto tanto nos artigos 6, 7 e demais preceptos concordantes da Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, sobre protección da seguridade cidadá, como na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, no que fai referencia á seguridade industrial.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Industria, Turismo e Comercio e do Interior, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de maio de 2010,

## DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía.*

Apróbase o Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición adicional primeira. *Referencia á Comunidade Valenciana.*

1. O establecido neste real decreto entenderase sen prexuízo do disposto, respecto á autorización e inspección de talleres de fabricación pirotécnicos, no Real decreto 1047/1984, do 11 de abril, sobre valoración definitiva e ampliación de funcións e medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Valenciana en materia de industria, enerxía e minas.

2. O previsto no punto anterior refírese á inspección en materia de seguridade industrial dos talleres de fabricación pirotécnicos.

Disposición adicional segunda. *Adecuación do catálogo oficial de cartuchería.*

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio adecuará o catálogo oficial de cartuchería no prazo de tres anos desde a entrada en vigor deste real decreto ás disposicións do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería.

Disposición adicional terceira. *Comunicacións de datos.*

As delegacións de Goberno comunicarán á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, os datos identificativos dos talleres, depósitos, expertos pirotécnicos e establecementos de venda autorizados dos produtos regulados polo Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería, co fin de que o citado ministerio dispoña dos correspondentes rexistros actualizados.

Disposición adicional cuarta. *Comunicacións de sinistros.*

As delegacións de Goberno comunicarán á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio calquera accidente grave ou mortal producido nas actividades reguladas polo Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería, co fin de que o citado ministerio dispoña dun rexistro actualizado da sinistralidade laboral.

Disposición adicional quinta. *Desestimación de solicitudes e esgotamento da vía administrativa.*

1. Cando as solicitudes de autorizacións, permisos e licenzas reguladas no Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería non sexan resoltas no prazo de tres meses, contados desde a data de entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación, poderán entenderse desestimadas, sen prexuízo da obriga das autoridades competentes de resolver expresamente en todo caso.

2. As resolucións que recaian nos procedementos de outorgamento, modificación e extinción de autorizacións, permisos e licenzas porán fin á vía administrativa.

Disposición adicional sexta. *Competencias das comunidades autónomas en materia de espectáculos públicos e fomento da cultura.*

As comunidades autónomas, en uso das súas competencias sobre cultura e espectáculos públicos, poderán diminuír as idades mínimas para o uso dos artificios de pirotecnia das categorías 1 e 2 determinadas no artigo 141, unicamente respecto a lugares e horarios concretos e para aqueles artificios autorizados que se vaian utilizar durante o desenvolvemento dos seus arraigados costumes. Para isto deberanse cumprir ademais as catro condicións seguintes:

a) Que a idade dos usuarios de artificios de pirotecnia da categoría 1 sexa de, polo menos, 8 anos e que a idade dos usuarios de artificios de pirotecnia da categoría 2 sexa de, polo menos, 10 anos.

b) Que os usuarios con idades comprendidas nos límites fixados polas comunidades autónomas recibisen unha formación suficiente sobre as características de cada produto, así como sobre a súa utilización segura.

c) Que a utilización dos produtos por parte de tales usuarios obxecto da diminución de idade se realice baixo a supervisión dun adulto e fose previamente autorizada por escrito por quen teña a súa patria potestade ou tutela.

d) Que se adopten todas as medidas necesarias para garantir a correcta aplicación dos límites de idade definidos polas comunidades autónomas.

A eventual diminución das idades mínimas entenderase sen prexuízo do establecido polo artigo 121 en relación coas idades mínimas permitidas para a venda e posta á disposición dos artigos pirotécnicos.

Disposición adicional sétima. *Prevención de riscos laborais.*

En materia de seguridade laboral observarase o disposto na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais e na súa normativa de desenvolvemento.

Disposición transitoria primeira. *Vixencia das autorizacións de catalogación.*

As autorizacións de catalogación outorgadas antes da data correspondente indicada no número 2 da disposición derradeira quinta continuarán sendo válidas ata a súa data de expiración. No caso de que sexa preceptiva a súa renovación antes dos prazos indicados no dito número, manterán a súa vixencia por un prazo máximo de cinco anos desde a entrada en vigor deste real decreto. Non obstante, as autorizacións nacionais para os artigos pirotécnicos para vehículos outorgadas antes da data correspondente indicada no número 2 da disposición derradeira quinta continuarán sendo válidas ata a súa expiración.

Catalogacións vixentes			
Resolucións de data anterior a		Resolucións cuxa renovación preceptiva sexa solicitada antes de	
4 de xullo de 2010	4 de xuño de 2013	4 de xullo de 2010	4 de xuño de 2013
Validez: ata o seu vencemento		Validez: máximo 5 anos	

Disposición transitoria segunda. *Prazos de adaptación.*

1. Sen prexuízo do que outras disposicións de carácter máis específico establezan ao respecto, as situacións creadas antes da entrada en vigor desta norma deberanse adaptar ao disposto nela nos prazos seguintes, computados desde a súa entrada en vigor, transcorridos os cales serán de plena aplicación as súas prescricións:

- a) Dez anos, no referente á normativa sobre deseño e localización nas instalacións de talleres, depósitos e establecementos de venda.
- b) Cinco anos, no referente á normativa sobre tratamento de produtos destinados a eliminación ou inertización, instalacións e equipamentos eléctricos, así como etiquetaxe, envasado ou embalaxe segundo a anterior lexislación.
- c) Tres anos, para as empresas nacionais, no referente á normativa sobre espectáculos realizados por expertos.
- d) Un ano, no referente á normativa sobre prevención de accidentes graves e disposicións de seguridade industrial, así como outras condicións non recollidas nos puntos anteriores.
- e) Dezaioito meses, no referente á normativa sobre manifestacións festivas.

2. Non obstante o establecido no punto anterior, as modificacións substanciais que se produzan nas instalacións de talleres, depósitos e establecementos de venda, tramitaranse de acordo co disposto para tales modificacións neste real decreto desde a súa data de entrada en vigor.

Disposición transitoria terceira. *Expedientes en tramitación.*

Os expedientes que estean en tramitación no momento da entrada en vigor deste real decreto instruiranse de acordo co Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, e demais disposicións regulamentarias.

Disposición transitoria cuarta. *Adaptación das instalacións á nova normativa.*

Non obstante o establecido nas disposicións transitorias primeira, segunda e terceira e na disposición derradeira quinta, os titulares das instalacións poderanse adecuar ás prescricións establecidas neste real decreto desde o momento da súa entrada en vigor.



Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. No momento da entrada en vigor deste real decreto queda derogado, sen prexuízo da súa aplicación nos termos previstos nas disposicións transitorias primeira, segunda e terceira e na disposición derradeira quinta deste real decreto, o Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de explosivos, en todo o relativo a pirotecnia e cartuchería.

En particular, e para os efectos do parágrafo anterior quedarán sen contido os artigos 10.1.b), 10.1.d), 10.1.e), 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25.3, 25.4, o título III (artigos 106 a 134), os artigos 187, 188, 189, 201, 212, 213, 231, 232, 233, 236, 237, 239.3, 241.3, 241.4 e as seguintes instrucións técnicas complementarias do Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro:

- a) Instrución técnica complementaria número 7: ITC 7: catalogación das materias primas explosivas ou pirotécnicas.
- b) Instrución técnica complementaria número 8: ITC 8: catalogación dos artificios pirotécnicos.
- c) Instrución técnica complementaria número 14: ITC 14: normas para a recarga de munición por particulares.
- d) Instrución técnica complementaria número 19: ITC 19: normas sobre a venda e os establecementos de venda de artificios pirotécnicos das clases I, II e III.
- e) Instrución técnica complementaria número 23: ITC 23: clasificación dos artificios pirotécnicos das clases I, II e III.

2. No momento da entrada en vigor deste real decreto quedan derogados os puntos terceiro e cuarto da Orde INT/703/2006, do 3 de marzo, pola que se ditan instrucións para a adquisición de material explosivo e cartuchería metálica por parte dos corpos de policía das comunidades autónomas e das entidades locais.

3. No momento da entrada en vigor deste real decreto quedan derogadas as seguintes normas:

- a) Orde do 20 de outubro de 1988 pola que se regula a manipulación e uso de produtos pirotécnicos na realización de espectáculos públicos de fogos artificiais
- b) Orde do 2 de marzo de 1989 pola que se completa e perfecciona a normativa reguladora da manipulación e uso de produtos pirotécnicos na realización de espectáculos públicos de fogos artificiais.
- c) Calquera outra norma de igual ou inferior categoría que se opoña ao establecido neste real decreto

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.26.<sup>a</sup> da Constitución española, que reserva para o Estado a competencia exclusiva sobre o réxime de produción, comercio, tenza e uso de armas e explosivos.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito comunitario europeo.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2007/23/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de maio de 2007, sobre a posta no mercado de artigos pirotécnicos.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación para a actualización dos contidos técnicos.*

En virtude de orde da ministra da Presidencia, ditada por proposta dos ministros de Industria, Turismo e Comercio e do Interior, actualizaranse os contidos técnicos das instrucións técnicas complementarias e especificacións técnicas do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería tendo en conta a evolución da técnica e o que dispoñan as normas legais e regulamentarias que se diten sobre as materias a que aquelas se refiren. Esta actualización levarase a cabo, se é o caso, conxuntamente cos restantes departamentos ministeriais que teñan competencias nas respectivas materias.

Disposición derradeira cuarta. *Habilitacións específicas.*

1. No prazo dun ano desde a entrada en vigor deste real decreto, regularanse, mediante instrución técnica complementaria aprobada en virtude de orde da ministra da Presidencia, ditada por proposta dos ministros de Industria, Turismo e Comercio e do Interior, os requisitos exhibibles ás actividades de almacenamento, manipulación, transporte e utilización de produtos pirotécnicos necesarios para efectuar as tarefas propias de análises, ensaios, verificacións e experimentacións, levadas a cabo por parte dos organismos notificados, organismos de control autorizados e laboratorios acreditados.

2. No prazo dun ano desde a entrada en vigor deste real decreto, regularase, mediante instrución técnica complementaria aprobada en virtude de orde da ministra da Presidencia, ditada por proposta dos ministros de Industria, Turismo e Comercio e do Interior, o formato dos rexistros que se regulan nos artigos 34, 40, 77, 90, 134 e na Instrución técnica complementaria número 12 do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía.

3. Respecto ás disposicións que regulan aspectos parciais en materia de artigos pirotécnicos e cartucharía, que non son derogadas expresamente ou que non se opoñen ao regulamento aprobado por este real decreto, en virtude de orde da ministra da Presidencia, ditada por proposta dos ministros de Industria, Turismo e Comercio e do Interior, procederase á elaboración e aprobación das instrucións técnicas complementarias ou especificacións técnicas que as adapten ao disposto no dito regulamento ou, se é o caso, as refundan e derroguen.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

1. Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. Non obstante o disposto no punto anterior, as disposicións relativas á posta no mercado dos artigos pirotécnicos entrarán en vigor a partir do 4 de xullo de 2010 para os artificios de pirotecnia das categorías 1, 2 e 3 e a partir do 4 de xullo de 2013 para outros artigos pirotécnicos (P1 e P2), os artificios de pirotecnia da categoría 4 e os artigos pirotécnicos destinados ao uso en teatros (T1 e T2).

Prazos para a existencia da marcación CE (produtos novos e caducados)	
Data	Categorías
4 de xullo de 2010	1, 2 e 3
4 de xullo de 2013	4, T1, T2, P1 e P2

3. Respecto ás seguintes instrucións técnicas complementarias do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía, a súa entrada en vigor producirase cando venzan os seguintes prazos, computados desde a entrada en vigor deste real decreto, transcorridos os cales serán de plena aplicación as súas prescricións:

- a) Dez anos, as instrucións técnicas complementarias 9 e 17 do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía.
- b) Cinco anos, as instrucións técnicas complementarias 12 e 13 do citado regulamento.
- c) Tres anos, a Instrución técnica complementaria número 8 e as especificacións técnicas 8.01, 8.02, 8.03 e 8.04 do citado regulamento.
- d) Dous anos, a Instrución técnica complementaria número 6 do citado regulamento.
- e) Un ano, as instrucións técnicas complementarias números 10, 14, 19, 20 e 21 do citado regulamento.
- f) Dezoito meses, a Instrución técnica complementaria número 18 do citado regulamento.

As instrucións técnicas complementarias números 2, 3, 4, 5 e 7 do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería entrarán en vigor o 4 de xullo de 2010 para os artigos pirotécnicos das categorías 1, 2 e 3, e o 4 de xullo de 2013 para as categorías 4, T1, T2, P1 e P2.

As instrucións técnicas complementarias números 1, 15 e 22 e as especificacións técnicas 4.01 e 15.01 do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería entrarán en vigor o día seguinte ao da publicación deste real decreto no «Boletín Oficial del Estado».

A Instrución técnica complementaria número 11 do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería será de aplicación desde a entrada en vigor deste real decreto para as novas instalacións e para aquelas xa existentes en que se realice calquera modificación substancial.

4. Os prazos indicados no punto anterior poderanse ampliar, excepto no caso dos prazos establecidos pola normativa europea que se traspón, mediante orde da ministra da Presidencia, ditada por proposta dos ministros de Industria, Turismo e Comercio e do Interior, en casos debidamente xustificados.

Dado en Madrid o 7 de maio de 2010.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

## REGULAMENTO DE ARTIGOS PIROTÉCNICOS E CARTUCHARÍA

### ÍNDICE

- Título I. Ordenación preliminar.
  - Capítulo I. Disposicións xerais
    - Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.
    - Artigo 2. Competencias administrativas.
    - Artigo 3. Disposicións xerais sobre as empresas do sector da pirotecnia ou da cartuchería e as súas autorizacións.
    - Artigo 4. Definicións.
    - Artigo 5. Obrigas xerais do fabricante, do importador e do distribuidor de artigos pirotécnicos.
    - Artigo 6. Entidades colaboradoras da Administración.
  - Capítulo II. Categorización.
    - Artigo 7. Divisións de risco.
    - Sección 1.<sup>a</sup> Artigos pirotécnicos.
      - Artigo 8. Categorización.
    - Sección 2.<sup>a</sup> Cartuchería.
      - Artigo 9. Clasificación da cartuchería.
  - Capítulo III. Catalogación.
    - Artigo 10. Catálogo.
    - Artigo 11. Catálogo público.
      - Sección 1.<sup>a</sup> Catalogación de artigos pirotécnicos.
        - Artigo 12. Catalogación de artigos pirotécnicos.
        - Artigo 13. Solicitudes de catalogación de artigos pirotécnicos.
        - Artigo 14. Procedemento de catalogación de artigos pirotécnicos.
      - Sección 2.<sup>a</sup> Catalogación de cartuchería.
        - Artigo 15. Catalogación de cartuchería.
        - Artigo 16. Solicitudes de catalogación de cartuchería.
        - Artigo 17. Procedemento de catalogación de cartuchería.
      - Sección 3.<sup>a</sup> Catalogación de materias regulamentadas pirotécnicas.
        - Artigo 18. Catalogación doutras materias regulamentadas.
    - Capítulo IV. Marcación CE dos artigos pirotécnicos
      - Sección 1.<sup>a</sup> Marcación CE de artigos pirotécnicos.
        - Artigo 19. Marcación CE.
      - Sección 2.<sup>a</sup> Excepcións á marcación CE e á catalogación de cartuchería.
        - Artigo 20. Artigos pirotécnicos cunha finalidade especial.
        - Artigo 21. Outras excepcións para fabricantes, importadores e expertos.
  - Título II. Talleres.
    - Capítulo I. Disposicións xerais
      - Artigo 22. Talleres de fabricación de artigos pirotécnicos e cartuchería e talleres de preparación e montaxe de espectáculos con artificios de pirotecnia.

- Artigo 23. Instalacións.
  - Artigo 24. Alteracións no contorno.
  - Artigo 25. Solicitude de autorización de taller.
  - Artigo 26. Autorizacións de taller.
  - Artigo 27. Cambio de titularidade.
  - Artigo 28. Traslado de talleres.
  - Artigo 29. Modificacións.
  - Artigo 30. Talleres en desuso.
  - Artigo 31. Certificado de idoneidade e posta en marcha.
  - Artigo 32. Inspeccións dos talleres.
  - Artigo 33. Frecuencia das inspeccións.
  - Artigo 34. Rexistro de inspeccións.
  - Artigo 35. Prescricións obrigatorias.
  - Artigo 36. Paralización da actividade.
  - Artigo 37. Inspeccións en materia de seguridade cidadá.
  - Artigo 38. Caducidade das autorizacións.
  - Artigo 39. Invalidez dos permisos.
  - Artigo 40. Rexistros de artigos.
- Capítulo II. Talleres de pirotecnia.
- Sección 1.<sup>a</sup> Normas xerais.
- Artigo 41. Obriga de comunicación da produción real anual.
  - Artigo 42. Obrigas relativas aos depósitos.
- Sección 2.<sup>a</sup> Disposicións sobre seguridade nos talleres.
- Artigo 43. Dirección técnica.
  - Artigo 44. Seguridade industrial.
  - Artigo 45. Seguridade e saúde laboral.
  - Artigo 46. Persoal, sinalización e locais de traballo.
  - Artigo 47. Tormentas.
  - Artigo 48. Comunicación de accidentes.
  - Artigo 49. Transporte no interior do taller.
- Sección 3.<sup>a</sup> Disposicións en materia de seguridade cidadá.
- Artigo 50. Cerramento e vixilancia dos talleres.
  - Artigo 51. Controis de entrada e saída.
  - Artigo 52. Normas relativas ao desenvolvemento da actividade do taller.
- Capítulo III. Talleres de carga de cartucharía
- Sección 1.<sup>a</sup> Normas xerais.
- Artigo 53. Obrigas relativas aos depósitos.
  - Artigo 54. Aproveitamento.
  - Artigo 55. Funcionamento.
  - Artigo 56. Cantidades máximas permitidas.
- Sección 2.<sup>a</sup> Disposicións sobre seguridade nos talleres.
- Artigo 57. Dirección do taller.
  - Artigo 58. Persoal e edificios do taller.
- Sección 3.<sup>a</sup> Disposicións en materia de seguridade cidadá.
- Artigo 59. Cerramento e vixilancia dos talleres.
  - Artigo 60. Controis de entrada e saída.
  - Artigo 61. Normas relativas ao desenvolvemento da actividade do taller.



Título III. Depósitos.

Capítulo I. Disposicións xerais.

- Artigo 62. Depósitos.
- Artigo 63. Almacéns.
- Artigo 64. Almacéns superficiais e semienterrados.
- Artigo 65. Almacéns subterráneos.
- Artigo 66. Garantías técnicas.
- Artigo 67. Responsables.

Capítulo II. Depósitos de produtos rematados

Sección 1.<sup>a</sup> Normas xerais.

- Artigo 68. Autorización de depósitos de produtos rematados.
- Artigo 69. Solicitudes.
- Artigo 70. Modificacións materiais.
- Artigo 71. Modificacións substanciais.
- Artigo 72. Utilización dos depósitos de produtos rematados.
- Artigo 73. Autorización dun depósito de produtos rematados non integrado nun taller.
- Artigo 74. Certificado de idoneidade e posta en marcha.
- Artigo 75. Caducidade das autorizacións.
- Artigo 76. Invalidez dos permisos.
- Artigo 77. Rexistros.

Sección 2.<sup>a</sup> Disposicións sobre seguridade nos almacéns.

- Artigo 78. Localizacións dos almacéns.
- Artigo 79. Alteracións no contorno.
- Artigo 80. Dirección técnica.
- Artigo 81. Seguridade industrial.
- Artigo 82. Seguridade e saúde laboral.
- Artigo 83. Almacéns de produtos rematados.
- Artigo 84. Sinalización.
- Artigo 85. Servizo contra incendios.
- Artigo 86. Comunicación de accidentes.
- Artigo 87. Transporte no interior do depósito.
- Artigo 88. Inspeccións dos depósitos.
- Artigo 89. Frecuencia das inspeccións.
- Artigo 90. Rexistro de inspeccións.
- Artigo 91. Prescricións obrigatorias.
- Artigo 92. Paralización da actividade.

Sección 3.<sup>a</sup> Disposicións en materia de seguridade cidadá.

- Artigo 93. Cerramento e vixilancia dos depósitos.
- Artigo 94. Controis de entrada e saída.
- Artigo 95. Inspeccións en materia de seguridade cidadá.

Capítulo III. Depósitos auxiliares asociados a talleres de artigos pirotécnicos e cartuchería

Sección 1.<sup>a</sup> Disposicións sobre seguridade nos depósitos auxiliares.

- Artigo 96. Localizacións dos almacéns auxiliares.
- Artigo 97. Almacéns auxiliares subterráneos.
- Artigo 98. Almacéns auxiliares asociados a talleres.
- Artigo 99. Medidas de seguridade contra incendios.

- Sección 2.<sup>a</sup> Disposicións en materia de seguridade cidadá.
- Artigo 100. Medidas de seguridade cidadá.
- Capítulo IV. Depósitos especiais.
- Artigo 101. Réxime.
- Artigo 102. Vehículos que transportan artificios de pirotecnia.
- Artigo 103. Almacenamento en armariás, empresas de seguridade, polígonos e galerías de tiro e empresas especializadas na custodia de armas.
- Artigo 104. Carga e recarga de cartucharía por particulares.
- Artigo 105. Artigos pirotécnicos das categorías T, P e uso na mariña.
- Título IV. Envases.
- Capítulo I. Normas xerais
- Artigo 106. Acondicionamento das materias regulamentadas.
- Artigo 107. Envases e embalaxes.
- Artigo 108. Homologación.
- Artigo 109. Frases obrigatorias.
- Artigo 110. Envases e embalaxes baleiros.
- Artigo 111. Separación de mercadorías perigosas.
- Artigo 112. Conformidade coas normas.
- Capítulo II. Etiquetaxe
- Sección 1.<sup>a</sup> Etiquetaxe de artigos distintos dos artigos pirotécnicos para vehículos.
- Artigo 113. Garantía da etiquetaxe.
- Artigo 114. Datos que deben figurar no artigo.
- Sección 2.<sup>a</sup> Etiquetaxe de artigos pirotécnicos para vehículos.
- Artigo 115. Datos que deben figurar nas etiquetas.
- Artigo 116. Folla de datos de seguridade.
- Sección 3.<sup>a</sup> Información en envases e embalaxes de cartucharía.
- Artigo 117. Información.
- Título V. Venda e posta á disposición.
- Capítulo I. Condicións xerais para artigos pirotécnicos
- Artigo 118. Titulares dun depósito de produtos rematados pirotécnicos.
- Artigo 119. Comprobación das condicións de venda e posta á disposición.
- Artigo 120. Unidade mínima de venda e posta á disposición.
- Artigo 121. Idades mínimas para a venda e posta á disposición dos artigos pirotécnicos.
- Artigo 122. Venda e posta á disposición de artigos pirotécnicos a expertos das categorías 4, P2 e T2.
- Capítulo II. Venda e posta á disposición do público de artigos pirotécnicos e cartucharía.
- Artigo 123. Responsables da venda e posta á disposición do público.
- Artigo 124. Persoas autorizadas para a venda e posta á disposición do público de artigos pirotécnicos.
- Artigo 125. Persoas autorizadas para a venda e posta á disposición do público de cartucharía.
- Artigo 126. Prohibicións á venda.

Capítulo III. Locais de venda e posta á disposición do público de artigos pirotécnicos.

Artigo 127. Venda e posta á disposición do público de artigos pirotécnicos.

Artigo 128. Establecementos permanentes.

Artigo 129. Establecementos temporais.

Artigo 130. Solicitudes de autorización de establecementos permanentes de venda e posta á disposición do público de artigos pirotécnicos.

Artigo 131. Solicitudes de autorización de establecementos temporais de venda e posta á disposición do público de artigos pirotécnicos.

Artigo 132. Resolución de autorización de establecementos permanentes ou temporais de venda e posta á disposición do público de artigos pirotécnicos.

Artigo 133. Modificación das condicións e características do proxecto inicial.

Artigo 134. Libro de pirotecnia.

Artigo 135. Inspeccións.

Capítulo IV. Venda e posta á disposición do público de cartucharía.

Artigo 136. Adquisición de cartucharía.

Título VI. Control de mercado.

Capítulo I. Disposicións xerais.

Artigo 137. Competencia para a realización do control de mercado.

Capítulo II. Artigos pirotécnicos.

Artigo 138. Seguridade do produto.

Artigo 139. Produtos que entrañen riscos graves.

Capítulo III. Cartucharía.

Artigo 140. Seguridade do produto.

Título VII. Uso de artigos pirotécnicos.

Artigo 141. Artigos pirotécnicos das categorías 1, 2, 3, T1, P1 e mariña.

Artigo 142. Artigos pirotécnicos das categorías 4, T2 e P2.

Artigo 143. Uso de artificios pirotécnicos non postos no mercado.

Título VIII. Importación, exportación, tránsito e transferencia.

Capítulo I. Normas xerais.

Artigo 144. Circulación.

Artigo 145. Depósito regulamentario.

Capítulo II. Importación.

Artigo 146. Rexistro oficial de importadores.

Artigo 147. Permiso previo de circulación.

Artigo 148. Exencións.

Artigo 149. Guía de circulación para cartucharía metálica.

Capítulo III. Exportación.

Artigo 150. Autorización de exportación.

Capítulo IV. Tránsito.

Artigo 151. Autorización de tránsito de orixe extracomunitaria.

Artigo 152. Solicitud de autorización de tránsito de orixe extracomunitaria.

Artigo 153. Competencia do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

- Artigo 154. Autorización de tránsito de orixe comunitaria.
- Artigo 155. Solicitud de autorización de tránsito de orixe comunitaria.
- Artigo 156. Competencia da Intervención Central de Armas e Explosivos.
- Artigo 157. Acondicionamento das materias reguladas.
- Artigo 158. Medidas de seguridade.
  
- Capítulo V. Transferencia.
- Artigo 159. Disposicións xerais.
- Sección 1.<sup>a</sup> Transferencia de artigos pirotécnicos.
- Artigo 160. Libre circulación.
- Artigo 161. Transferencia directa
- Artigo 162. Transferencia inversa.
  
- Sección 2.<sup>a</sup> Transferencia de cartucharía.
- Artigo 163. Transferencia directa.
- Artigo 164. Transferencia inversa.
- Artigo 165. Transferencias sen autorización.
  
- Título IX. Transporte.
- Capítulo I. Normas xerais.
- Artigo 166. Regulación.
- Artigo 167. Normas xerais.
- Artigo 168. Inspección.
- Artigo 169. Equipamentos de carga e descarga de produtos.
- Artigo 170. Documentación exixida.
  
- Capítulo II. Guía de circulación de cartucharía metálica.
- Artigo 171. Documentación requirida.
- Artigo 172. Guía de circulación.
  
- Capítulo III. Transporte por estrada.
- Artigo 173. Regulación.
- Artigo 174. Competencias.
- Artigo 175. Paradas.
- Artigo 176. Disposicións xerais.
  
- Capítulo IV. Transporte por ferrocarril.
- Artigo 177. Regulación.
- Artigo 178. Competencias.
- Artigo 179. Normas xenerais.
  
- Capítulo V. Transporte marítimo, fluvial e en encoros.
- Artigo 180. Regulación.
- Artigo 181. Competencias en transporte marítimo.
- Artigo 182. Vixilancia.
- Artigo 183. Custodia.
- Artigo 184. Xurisdición das augas.
- Artigo 185. Condicións xerais.
- Artigo 186. Documentación.
- Artigo 187. Carga e descarga.
- Artigo 188. Competencias en transporte fluvial e encoros. Disposicións xerais.

## Capítulo VI. Transporte aéreo

- Artigo 189. Regulación.
- Artigo 190. Competencias.
- Artigo 191. Disposicións xerais.
- Artigo 192. Zona de carga e descarga.
- Artigo 193. Vehículos.
- Artigo 194. Helicópteros.

## Título X. Réxime sancionador.

### Capítulo I. Infraccións e sancións

- Artigo 195. Infraccións leves.
  - Artigo 196. Infraccións graves.
  - Artigo 197. Infraccións moi graves.
  - Artigo 198. Sancións.
  - Artigo 199. Prescripción das infraccións.
  - Artigo 200. Prescripción das sancións.
- ### Capítulo II. Procedemento sancionador.
- Artigo 201. Procedemento sancionador.
  - Artigo 202. Competencias.
  - Artigo 203. Cartucharía comisada.
  - Artigo 204. Artigos pirotécnicos comisados.

Instrución técnica complementaria número 1, ITC 1: artigos considerados pirotécnicos e munición nas recomendacións pertinentes das Nacións Unidas ou que requiren especificación en canto a se se trata de artigos pirotécnicos ou de explosivos.

Instrución técnica complementaria número 2, ITC 2: requisitos esenciais de seguridade de artificios pirotécnicos, outros artigos pirotécnicos e dispositivos de ignición.

Instrución técnica complementaria número 3, ITC 3: procedementos de avaliación da conformidade.

Instrución técnica complementaria número 4, ITC 4: catalogación de artigos pirotécnicos.

Especificación técnica 4.01, E. T. 4.01: criterios mínimos para a xestión e o aseguramento da calidade.

Instrución técnica complementaria número 5, ITC 5: requisitos para a posta á disposición e venda de artigos pirotécnicos de categorías 2, 3, P1, P2, T1 e T2.

Instrución técnica complementaria número 6, ITC 6: identificación nos envases de venda de cartucharía.

Instrución técnica complementaria número 7, ITC 7: marcación de conformidade.

Instrución técnica complementaria número 8, ITC 8: espectáculos con artificios pirotécnicos realizados por expertos.

Especificación técnica 8.01, E. T. 8.01: carné de experto e carné de aprendiz para a realización de espectáculos pirotécnicos.

Especificación técnica 8.02, E. T. 8.02: carné de experto para a utilización de artigos pirotécnicos de categoría T2.

Especificación técnica 8.03, E. T. 8.03: certificación de experto para a utilización de artigos pirotécnicos de categoría P2.

Especificación técnica 8.04, E. T. 8.04: requisitos das entidades externas para desenvolver actividades formativas para a obtención do carné de experto e aprendiz para a realización de espectáculos pirotécnicos.

Instrución técnica complementaria número 9, ITC 9: normas de deseño e localización para talleres e depósitos de pirotecnia.

Instrución técnica complementaria número 10, ITC 10: prevención de accidentes graves.

Instrución técnica complementaria número 11, ITC 11: servizos de protección inmediata dos talleres, depósitos e transportes de cartucharía metálica de 5.000 unidades e de



12.000 para o calibre 22, así como de mecha explosiva partida con destino á fabricación de artigos pirotécnicos.

Instrución técnica complementaria número 12, ITC 12: tratamento de produtos destinados a eliminación ou inertización.

Instrución técnica complementaria número 13, ITC 13: instalacións e equipamentos eléctricos en zonas clasificadas con presenza de materia regulamentada.

Instrución técnica complementaria número 14, ITC 14: disposicións relativas á seguridade e á saúde para a protección dos traballadores fronte ao risco de explosión.

Instrución técnica complementaria número 15, ITC 15: normas para a recarga de munición por particulares.

Especificación técnica 15.01, E. T. 15.01: recoñecemento da aptitude en seguridade das máquinas para a recarga de cartuchos por particulares.

Instrución técnica complementaria número 16, ITC 16: compatibilidade de almacenamento e transporte de produtos pirotécnicos.

Instrución técnica complementaria número 17, ITC 17: venda ao público de artigos pirotécnicos.

Instrución técnica complementaria número 18, ITC 18: manifestacións festivas relixiosas, culturais e tradicionais.

Instrución técnica complementaria número 19, ITC 19: transporte por ferrocarril.

Instrución técnica complementaria número 20, ITC 20: normas de seguridade para a carga e descarga en portos.

Instrución técnica complementaria número 21, ITC 21: criterios mínimos que serán de aplicación respecto aos organismos responsables da avaliación da conformidade.

Instrución técnica complementaria número 22, ITC 22: sinal de perigosidade de presenza de artigos pirotécnicos e cartucharía nos talleres e depósitos.

## REGULAMENTO DE ARTIGOS PIROTÉCNICOS E CARTUCHARÍA

### TÍTULO I

#### Ordenación preliminar

### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este regulamento ten por obxecto:

a) Establecer a regulación dos artigos pirotécnicos e a cartucharía, no marco dos artigos 6 e 7 da Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, sobre protección da seguridade cidadá, no exercicio da competencia que lle recoñece o artigo 149.1 punto 26 da Constitución española.

b) Regular os aspectos relativos á seguridade industrial nas actividades regulamentadas, e aplicarse dentro do marco establecido na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, o seu desenvolvemento normativo e os regulamentos técnicos correspondentes.

c) Regular os aspectos relativos á seguridade cidadá no ámbito de aplicación deste regulamento, e aplicarse dentro do marco establecido na Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, sobre protección da seguridade cidadá e no seu desenvolvemento normativo.

d) Establecer disposicións relativas ás funcións dos órganos específicos que se sinalan no artigo 7 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

e) Incorporar ao ordenamento xurídico español a Directiva 2007/23/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de maio de 2007, sobre a posta no mercado de artigos pirotécnicos, establecendo as normas concibidas para lograr a libre circulación de artigos

pirotécnicos no mercado interior, garantindo asemade un alto nivel de protección da saúde humana e a seguridade pública e de protección e seguridade dos consumidores, e tendo en conta os aspectos pertinentes de protección do ambiente.

2. O ámbito de aplicación deste regulamento é a cartuchería e os artigos pirotécnicos así como as materias explosivas ou mesturas explosivas de materias que os conforman, que non estean incluídos no ámbito do Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro.

3. Este regulamento tamén será de aplicación aos artigos de utilización na mariña, a excepción do disposto no Real decreto 809/1999, do 14 de maio, polo que se regulan os requisitos que deben reunir os equipamentos mariños destinados a ser embarcados nos buques, en aplicación da Directiva 96/98/CE, modificada pola Directiva 98/85/CE, en canto aos requisitos propios de seguridade definidos pola marcación temón.

4. O réxime xurídico previsto neste regulamento aplicarase sen prexuízo das previsións de protección ambiental en materia de residuos e transporte de residuos contidas na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, de acordo co disposto no seu artigo 2.2., así como na Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases, e as súas normas de desenvolvemento.

5. Quedan excluídos do ámbito de aplicación deste regulamento e regularanse pola súa regulamentación específica:

- a) Os artigos pirotécnicos e a cartuchería destinados ao uso na industria aeroespacial.
- b) As materias que en si mesmas non sexan explosivas, pero que poidan formar mesturas explosivas de gases, vapores ou pos, e os artigos que conteñan materias explosivas ou mesturas explosivas de materias en cantidade tan pequena, ou de tal natureza, que a súa iniciación por inadvertencia ou accidente non implique ningunha manifestación exterior no artefacto que se poida traducir en proxeccións, incendio, desprendemento de fume, calor ou forte ruído.
- c) Os artigos pirotécnicos destinados ao uso non comercial por parte das Forzas Armadas e as Forzas e Corpos de Seguridade. Non obstante, aos corpos de policía dependentes das corporacións locais seralles de aplicación o artigo 136 deste regulamento, no referente a adquisición de cartuchería.
- d) Os artigos pirotécnicos destinados ao uso non comercial por parte dos corpos de bombeiros.
- e) Os pistóns de percusión concibidos especificamente para xoguete incluídos no ámbito de aplicación do Real decreto 880/1990, do 29 de xuño, polo que se aproban as normas de seguridade dos xoguete e modificacións posteriores.
- f) Os cartuchos de impulsión ou fogueo cunha carga de pólvora menor ou igual a 0,3 gramos netos.

6. Os preceptos deste regulamento serán así mesmo supletorios respecto de calquera outra disposición que, con distinta finalidade, conteña normas referentes ás ditas materias.

#### Artigo 2. *Competencias administrativas.*

1. Todas as actividades regulamentadas quedan baixo a intervención administrativa do Estado.

2. Na forma disposta neste regulamento interveñen:

- a) O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a través da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, con competencias exclusivas xerais e específicas nas autorizacións das actividades atribuídas neste regulamento, así como na inspección en materia de seguridade industrial e laboral, ben polos seus propios medios ou polas áreas e dependencias de Industria e Enerxía das delegacións e subdelegacións do Goberno, respectivamente.

b) O Ministerio do Interior, a través da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil (ámbito da Garda Civil), en cumprimento da función de garantir a seguridade pública e, no exercicio das súas competencias en materia de autorización de importacións, transferencias e tránsitos de orixe comunitaria de artigos pirotécnicos e cartuchería, reguladas na Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, sobre protección da seguridade cidadá, así como en todas as funcións derivadas da lexislación vixente sobre estas materias, especialmente na fabricación, almacenamento, circulación, distribución, comercio, transporte e tenza das ditas materias.

O Ministerio de Interior, a través da Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias, en cumprimento das funcións en materia de protección civil establecidas polo artigo 16.2 do Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas.

c) O Ministerio de Presidencia, a través das delegacións e subdelegacións do Goberno, nas autorizacións necesarias para o funcionamento das instalacións e establecementos e demais atribuídas neste regulamento.

d) O Ministerio de Defensa, en cumprimento da función de salvagardar a defensa nacional.

e) O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, a través da Dirección Xeral de Relacións Económicas Internacionais, na autorización dos tránsitos procedentes de países extracomunitarios de materias regulamentadas estranxeiras por territorio nacional.

f) O Ministerio de Sanidade e Política Social, a través da Dirección Xeral de Consumo, no marco das súas competencias respecto á protección xeral dos consumidores.

g) Os ministerios de Economía e Facenda e de Fomento e de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, nas actividades reguladas neste regulamento que sexan da súa competencia.

h) As administracións autonómicas e locais nas actividades que como consecuencia das que neste regulamento se regulan resulten da súa competencia.

3. As distintas administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán:

a) Efectuar, en todo momento, as inspeccións, vixilancias e comprobacións que consideren precisas.

b) Arbitrar medidas extraordinarias en situacións de emerxencia ou circunstancias que o xustifiquen.

c) Suspende temporalmente calquera autorización, outorgada no ámbito de aplicación das súas respectivas competencias, por razóns de seguridade debidamente motivadas conforme a lexislación aplicable.

4. Todo o anterior se establece sen prexuízo de que as administracións autonómicas e locais desenvolvan, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias que poidan derivar como consecuencia das disposicións deste regulamento.

**Artigo 3. Disposicións xerais sobre as empresas do sector da pirotecnia ou da cartuchería e as súas autorizacións.**

1. Considerarase empresa do sector da pirotecnia ou da cartuchería, toda persoa física ou xurídica que, dispoñendo dun seguro de responsabilidade civil, estea en posesión de autorización para a fabricación, almacenamento, transporte, venda, uso, transferencia, importación ou exportación de artigos pirotécnicos e cartuchería.

2. A presenza de artigos pirotécnicos e cartuchería nos talleres e depósitos advertirase, en todo momento e lugar, de modo perfectamente visible, mediante o sinal de perigosidade regulamentario definido na Instrución técnica complementaria número 22 do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería.

3. Os titulares de autorizacións para o exercicio das actividades reguladas por este regulamento deben ter nacionalidade española ou de calquera dos países membros do

Espazo Económico Europeo ou a nacionalidade ou parentesco determinado pola normativa que sexa de aplicación.

4. Non se recoñecerán administrativamente outras facultades, en relación coas materias reguladas neste regulamento, que as que se recoñezan especificamente en autorizacións outorgadas polos órganos competentes, de acordo co disposto no propio regulamento e no resto do ordenamento xurídico.

5. As facultades recoñecidas polas autorizacións outorgadas serán intransferibles e inalienables, salvo autorización expresa outorgada para o efecto.

6. A duración das autorizacións entenderase indefinida salvo que nos preceptos aplicables ou nas mesmas autorizacións se conteña expresamente algunha limitación temporal.

7. O incumprimento das condicións establecidas nas autorizacións dará lugar ao correspondente procedemento sancionador que comportará, se é o caso e logo do informe favorable do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a suspensión temporal das autorizacións, sen prexuízo da sanción que puiden corresponder.

#### Artigo 4. *Definicións.*

1. Materia regulamentada na pirotecnia: materias explosivas ou mesturas explosivas de materias que forman parte dos artigos pirotécnicos e que teñen efecto detonante ou pirotécnico e que non se encontran incluídas no ámbito de aplicación do Regulamento de explosivos. Sen prexuízo do anterior, tamén se considerará materia regulamentada na pirotecnia a pólvora negra fabricada nos talleres para o seu propio uso como materia prima.

A materia regulamentada componse de:

a) Materia detonante que está destinada a producir efecto de trono e apertura nalgúns artigos pirotécnicos.

b) Materia pirotécnica que está destinada a producir os efectos non detonantes nos artigos pirotécnicos, así como a pólvora negra fabricada no taller para o seu propio uso.

2. Materia regulamentada na cartucharía: materia propulsante contida no cartucho e materia explosiva que se encontra contida no sistema de iniciación ou pistón.

3. Artigo pirotécnico: todo artigo que conteña materia regulamentada destinada a producir un efecto calorífico, luminoso, sonoro, gasoso ou fumíxeno ou unha combinación de tales efectos, como consecuencia de reaccións químicas exotérmicas autosostidas.

Os artigos pirotécnicos poderán ser produtos rematados, cuxo proceso de fabricación concluíse e estean listos para seren empregados sen necesidade de ningunha modificación, ou obxectos intermedios ou semielaborados que estarán destinados a formar parte dun artigo sen terminar ou dun obxecto máis complexo.

Terán a consideración de artigos pirotécnicos aqueles que se relacionan na Instrución técnica complementaria número 1 deste regulamento, a teor do disposto na Directiva 2004/57/CE da Comisión, do 23 de abril de 2004, relativa á identificación de artigos pirotécnicos e certos tipos de munición para efectos da Directiva 93/15/CEE do Consello, relativa á harmonización das disposicións sobre a posta no mercado e o control dos explosivos con fins civís.

Os artigos pirotécnicos só poderán ser postos no mercado se cumpren os requisitos establecidos neste regulamento, se van provistos da marcación CE e se cumpren coas obrigas relacionadas coa avaliación da conformidade.

4. Artificio de pirotecnia: artigo pirotécnico con fins recreativos ou de entretemento.

5. Artigo pirotécnico destinado ao uso en teatros: artigo pirotécnico deseñado para a súa utilización en escenarios ao aire libre ou baixo teito, incluídas as producións de cine e televisión, ou para usos similares.

6. Artigo pirotécnico para vehículos: compoñentes de dispositivos de seguridade dun vehículo que conteñan materias pirotécnicas utilizadas para a activación deste ou doutro tipo de dispositivos.

7. Fabricante: persoa física ou xurídica que deseñe ou fabrique un produto recollido neste regulamento ou que encargue o deseño e a fabricación do produto con vistas á súa posta no mercado, baixo o seu propio nome ou marca rexistrada.

8. Importador: toda persoa física ou xurídica establecida na Comunidade Europea que, no transcurso da súa actividade, poña por primeira vez á disposición no mercado comunitario un produto dun país terceiro.

9. Distribuidor: toda persoa física ou xurídica integrada na cadea de distribución que, no transcurso da súa actividade, poña un produto á disposición no mercado.

10. Experto: persoa autorizada para manipular ou utilizar artificios de pirotecnia da categoría 4, artigos pirotécnicos da categoría T2 destinados ao uso en teatros ou outros artigos pirotécnicos da categoría P2, tal como se definen no artigo 8 deste regulamento.

11. Posta no mercado: primeira posta á disposición no mercado comunitario dun produto individual, con vistas á súa distribución ou utilización logo de pagado ou gratuitamente. Os artificios de pirotecnia fabricados polo fabricante para o seu uso propio e cuxo uso fose autorizado non se considerarán postos no mercado.

12. Norma harmonizada: norma europea adoptada por un organismo de normalización europeo por mandato da Comisión de conformidade cos procedementos establecidos na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, pola que se establece un procedemento de información en materia das normas e regulamentacións técnicas, cuxo cumprimento non é obrigatorio.

13. Cartucharía: todo tipo de cartuchos dotados de vaíña con pistón, fogo anular e cargados de pólvora, leven ou non proxectís incorporados. Os pistóns e vaíñas con pistón, independentemente de que estas se encontren baleiras ou a media carga, terán a mesma consideración, para efectos deste regulamento, que o tipo de cartucho que se poida fabricar con eles.

14. Seguridade industrial: conxunto de medidas que se deben aplicar co fin de conseguir a prevención e limitación de riscos, así como a protección contra accidentes e sinistros capaces de producir danos ou perdas ás persoas, flora, fauna, bens ou ao ambiente, derivados da actividade industrial ou da utilización, funcionamento e mantemento das instalacións ou equipamentos e da produción, uso ou consumo, almacenamento ou rexeitamento dos produtos industriais.

15. Seguridade cidadá: conxunto de medidas que se deben aplicar para protexer o libre exercicio dos dereitos e liberdades, crear e manter as condicións adecuadas para o efecto, e remover os obstáculos que o impidan, evitando calquera ilícito penal que teña por obxecto os artigos pirotécnicos así como as materias regulamentadas que os conforman e a cartucharía, os establecementos relacionados con aqueles ou os medios de transporte en que sexan desprazados.

16. Organismo notificado: organismo de certificación, inspección ou ensaios designado pola autoridade notificadora dun Estado membro para realizar a avaliación da conformidade dos produtos no ámbito de aplicación dunha directiva de novo enfoque. Os criterios mínimos que deberán cumprir os organismos responsables da avaliación de conformidade dos produtos pirotécnicos e as condicións de notificación destes organismos establécense na Instrución técnica complementaria número 21.

17. Taller de pirotecnia: categoría en que se engloban tanto os talleres de fabricación de artigos pirotécnicos como os talleres de preparación e montaxe de espectáculos realizados por expertos con artificios de pirotecnia. Tamén se inclúen nesta categoría os talleres de fabricación de artigos pirotécnicos que sexan tamén ou á vez talleres de preparación e montaxe de espectáculos realizados por expertos con artificios de pirotecnia.

Serán de aplicación as definicións, non incluídas neste artigo, dalgún concepto necesario para a comprensión do disposto neste regulamento, que aparecen no Manual de recomendacións relativas ao transporte de mercadorías perigosas, regulamento tipo, das Nacións Unidas ou, no seu defecto, nas normas CEN / UNE da materia.



Artigo 5. *Obrigas xerais do fabricante, do importador e do distribuidor de artigos pirotécnicos.*

1. Os fabricantes garantirán que os artigos pirotécnicos postos no mercado cumpren os requisitos esenciais de seguridade establecidos na Instrución técnica complementaria número 2 deste regulamento.

2. Se o fabricante non está establecido na Comunidade Europea, o importador dos artigos pirotécnicos deberá garantir que o fabricante cumpriu as obrigas previstas para este no presente regulamento ou asumilas el mesmo.

3. O importador poderá ser considerado responsable, en relación con esas obrigas, polas autoridades e órganos comunitarios competentes.

4. Os distribuidores deberán proceder co coidado necesario en aplicación do disposto neste regulamento. En particular, deberán comprobar que o artigo pirotécnico leva a marca ou marcas de conformidade requiridas e vai acompañado dos documentos exixidos.

5. Os fabricantes de artigos pirotécnicos deberán:

a) Presentar o artigo pirotécnico ante o organismo notificado, que efectuará a avaliación de conformidade de acordo co disposto na Instrución técnica complementaria número 3 deste regulamento relativa aos procedementos de avaliación da conformidade, colocar a marcación CE e etiquetar o artigo pirotécnico segundo o capítulo II do título IV deste regulamento.

b) Asumir os custos de responsabilidade por produtos defectuosos que causen danos a particulares e á propiedade privada.

6. Se se teñen suficientes motivos para crer que un artigo pirotécnico entraña un grave risco para a saúde ou seguridade das persoas na Comunidade Europea, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio informará a Comisión e os Estados membros disto e levarase a cabo a avaliación adecuada. Serán informados, así mesmo, a Comisión e os Estados membros sobre os antecedentes e resultados da dita avaliación.

Artigo 6. *Entidades colaboradoras da Administración.*

1. Enténdese por entidade colaboradora da Administración (ECA), calquera entidade pública ou privada que, reunindo determinados requisitos, colabora coa autoridade competente proporcionando asistencia técnica e o apoio en tarefas de auditoría e inspección de seguridade industrial e de control de produtos no mercado dentro do ámbito do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía.

2. As entidades colaboradoras da Administración, para actuar no ámbito deste regulamento rexeranse, no non especificamente regulado neste artigo, polo disposto para os organismos de control na sección 1.<sup>a</sup> do capítulo IV do Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguridade industrial, aprobado polo Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro.

3. Cando unha empresa, por requirimento da autoridade competente, solicite o informe dunha entidade colaboradora da Administración, poderá seleccionar libremente unha entre todas as rexistradas previamente na Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, estará obrigada a permitir o acceso ás súas instalacións e a facilitar a información, documentación e condicións de funcionamento daquelas.

4. A autorización das entidades colaboradoras da Administración corresponde á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas. As autorizacións outorgadas terán validez para todo o ámbito do Estado e facultan para iniciar a súa actividade desde o momento da recepción da correspondente notificación por parte do interesado.

5. Cando unha empresa ou a autoridade competente que requiriu o servizo detecte unha actuación irregular dunha entidade colaboradora da Administración, comunicarllo á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas que poderá iniciar un procedemento para, de proceder, revogar a autorización.

6. As entidades colaboradoras da Administración poderán subcontratar, total ou parcialmente, ensaios e auditorías de carácter complementario á súa actividade, con laboratorios de ensaio e entidades de inspección, dos definidos no capítulo III do

Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguridade industrial. Queda baixo a súa responsabilidade que estas entidades subcontratadas reúnan as condicións de «terceira parte» en relación coa instalación ou produto obxecto da súa actuación.

7. Así mesmo, as entidades colaboradoras da Administración poderán subcontratar parcialmente outros servizos da súa actividade, diferentes dos sinalados no punto anterior, con organismos alleos, sendo preceptivo que nestes casos se detallen as condicións da subcontratación, incluídas as relativas ao sometemento obrigatorio polo organismo contratado aos procedementos que foren preceptivos para a entidade colaboradora da Administración contratante.

As entidades colaboradoras da Administración deberán dar conta desta subcontratación á empresa a que prestan o seu servizo e á autoridade competente.

8. As entidades colaboradoras da Administración remitirán anualmente á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a seguinte documentación:

- a) Memoria detallada en que se relacionen as actuacións realizadas nas actividades para as cales se encontren autorizadas.
- b) Copia do informe de seguimento da entidade de acreditación que as acreditou, que confirme o mantemento das condicións de acreditación.

## CAPÍTULO II

### Categorización

Artigo 7. *Divisións de risco.*

Os artigos pirotécnicos e a cartucharía adscribiranse, para os efectos da gradación de risco involucrado na manipulación, almacenamento e transporte a unha das divisións de risco definidas no Manual de recomendacións relativas ao transporte de mercadorías perigosas, regulamento tipo, das Nacións Unidas.

#### *Sección 1.<sup>a</sup> Artigos pirotécnicos*

Artigo 8. *Categorización.*

1. O fabricante procederá á categorización dos artigos pirotécnicos, segundo a súa utilización, a súa finalidade ou o seu nivel de perigosidade, incluído o seu nivel sonoro. Os organismos notificados confirmarán a categorización como parte dos procedementos de avaliación da conformidade, de acordo cos procedementos de avaliación da conformidade previstos no punto seguinte deste artigo e na Instrución técnica complementaria número 3 deste regulamento.

2. Para a avaliación da conformidade dos artigos pirotécnicos regulados pola Directiva 2007/23/CE, o fabricante seguirá un dos procedementos seguintes:

- a) O exame CE de tipo (módulo B) regulado na Instrución técnica complementaria número 3 deste regulamento e á elección do fabricante:
  - i. A conformidade co tipo (módulo C) regulada na Instrución técnica complementaria número 3.
  - ii. O procedemento relativo ao aseguramento da calidade da produción (módulo D) regulado na Instrución técnica complementaria número 3.
  - iii. O procedemento relativo ao aseguramento da calidade do produto (módulo E) regulado na Instrución técnica complementaria número 3.
- b) A verificación da unidade (módulo G) regulada na Instrución técnica complementaria número 3.

c) O procedemento relativo ao aseguramento global da calidade do produto (módulo H) regulado na Instrución técnica complementaria número 3, na medida en que se trate de artificios de pirotecnia da categoría 4.

3. A categorización será a seguinte:

a) Artificios de pirotecnia:

i. Categoría 1: artificios de pirotecnia de moi baixa perigosidade e nivel de ruído insignificante destinados a seren usados en zonas delimitadas, incluídos os artificios de pirotecnia destinados a seren utilizados dentro de edificios residenciais.

ii. Categoría 2: artificios de pirotecnia de baixa perigosidade e baixo nivel de ruído destinados a seren utilizados ao aire libre en zonas delimitadas.

iii. Categoría 3: artificios de pirotecnia de perigosidade media destinados a seren utilizados ao aire libre en zonas de gran superficie e cuxo nivel de ruído non sexa prexudicial para a saúde humana.

iv. Categoría 4: artificios de pirotecnia de alta perigosidade destinados ao uso exclusivo por parte de expertos, tamén denominados «artificios de pirotecnia para uso profesional» e cuxo nivel de ruído non sexa prexudicial para a saúde humana. Nesta categoría inclúense os obxectos de uso exclusivo para a fabricación de artificios de pirotecnia.

b) Artigos pirotécnicos destinados ao uso en teatros.

i. Categoría T1: artigos pirotécnicos de baixa perigosidade para o seu uso sobre escenario.

ii. Categoría T2: artigos pirotécnicos para o seu uso sobre escenario que deban ser utilizados exclusivamente por expertos.

c) Outros artigos pirotécnicos:

i. Categoría P1: todo artigo pirotécnico que non sexa un artificio de pirotecnia nin un artigo pirotécnico destinado ao uso en teatros e que presente unha baixa perigosidade.

ii. Categoría P2: todo artigo pirotécnico que non sexa un artificio de pirotecnia nin un artigo pirotécnico destinado ao uso en teatros e que deba ser manipulado ou utilizado exclusivamente por expertos. Nesta categoría inclúense as materias reguladas, os obxectos que se poidan empregar na fabricación de artigos de varias categorías e os produtos semielaborados que se comercializan entre fabricantes.

d) Artigos pirotécnicos de utilización na mariña:

i. Sinais fumíxenos

ii. Sinais luminosos

iii. Sinais sonoros

iv. Lanzacabos, etc.

### Sección 2.<sup>a</sup> Cartucharía

Artigo 9. *Clasificación da cartucharía.*

A cartucharía clasificarase mediante a tipificación seguinte:

1. Segundo o seu uso:

a) Para actividades deportivas (caza, tiro, pesca, simulacións, etc.).

b) Para actividades laborais (agricultura, industria, construción, etc.).

c) Para montaxe en dispositivos de seguridade (cintos pretensados, dispositivos antichamas, etc.).

d) Outros.

2. Polos seus compoñentes:
  - a) Con proxectís.
  - b) Sen proxectís.
  - c) Con vaíña totalmente metálica.
  - d) Con vaíña non metálica ou parcialmente metálica.
  - e) Con iniciador de percusión.
  - f) Con iniciador doutro tipo (eléctrico, de fricción, etc.).
  - g) Con pólvora sen fume (simple base, dobre base, etc.).
  - h) Con outros propulsantes (pólvora negra, composicións pirotécnicas, etc.).
3. Polo tipo de arma ou aparello que o dispara:
  - a) Para armas raiadas.
  - b) Para escopetas de caza e demais armas de fogo longas de ánima lisa.
  - c) Para aparellos non conceptuados como armas no Regulamento de armas.
  - d) Para montar en dispositivos de seguridade.
  - e) Para simuladores montados en armas (subcalibres, dispositivos de adestramento, etc.).

Os cartuchos de impulsión e os de fogueo cuxa carga de pólvora exceda os 0,3 gramos asimiláranse, en canto a circulación, tenza, almacenamento e uso, á cartuchería non metálica de actividades deportivas.

## CAPÍTULO III

### Catalogación

#### Artigo 10. *Catálogo.*

1. O catálogo de artigos pirotécnicos e cartuchería configúrase como un rexistro administrativo dependente do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

2. A catalogación efectuarase nos libros-rexistro de artigos pirotécnicos e de cartuchería, cos índices e ficheiros necesarios. Os libros-rexistro adoptarán o formato de bases de datos con soporte informático.

3. A catalogación farase con anotación de datos clasificatorios en termos tan amplos como se requira para unha plena identificación.

4. O catálogo de artigos pirotécnicos incorporará literalmente os datos do sistema de rastrexabilidade, a escala da Unión Europea, para identificar os tipos de artigos pirotécnicos e o seu fabricante.

#### Artigo 11. *Catálogo público.*

1. Na sede electrónica do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio publicarase o catálogo de artigos pirotécnicos e cartuchería, que funcionará como rexistro público da listaxe dos produtos catalogados, por tanto, autorizados para o seu almacenamento, posta no mercado e distribución a nivel comunitario, así como aqueles autorizados para a súa venda a nivel nacional, de acordo co disposto na Instrución técnica complementaria número 5 deste regulamento.

2. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio facilitará ao Ministerio de Defensa e á Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil relación detallada da cartuchería e artigos pirotécnicos catalogados.

#### *Sección 1.ª Catalogación de artigos pirotécnicos*

#### Artigo 12. *Catalogación de artigos pirotécnicos.*

1. Previamente á súa importación, transferencia, almacenamento, distribución, posta á disposición e venda, os artigos pirotécnicos deberán estar catalogados conforme o disposto neste capítulo.

2. A catalogación de artigos pirotécnicos efectuarase mediante a mera incorporación ao catálogo daqueles que obtivesen os certificados de conformidade e marcación CE ou marcación temón e que, por tanto, fosen sometidos a un procedemento de avaliación de conformidade segundo os procedementos mencionados na Instrución técnica complementaria número 3, e que cumpran cos requisitos de seguridade que lles sexan aplicables, segundo o disposto na Instrución técnica complementaria número 2 deste regulamento.

*Artigo 13. Solicitudes de catalogación de artigos pirotécnicos.*

As solicitudes de catalogación, redactadas polo menos en castelán, dirixiranse á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, acompañando o disposto na Instrución técnica complementaria número 4 e xustificando que o artigo non pertence ás familias dispostas na Instrución técnica complementaria número 5 deste regulamento.

*Artigo 14. Procedemento de catalogación de artigos pirotécnicos.*

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, unha vez analizada a solicitude e a documentación presentada, procederá, se é o caso, a incorporar o correspondente artigo pirotécnico ao catálogo, notificándoo así ao interesado mediante resolución e de acordo co disposto na Instrución técnica complementaria número 4 deste regulamento.

*Sección 2.<sup>a</sup> Catalogación de cartucharía*

*Artigo 15. Catalogación de cartucharía.*

1. Previamente á súa importación, transferencia, almacenamento, distribución, posta á disposición e venda, a cartucharía deberá estar catalogada conforme o disposto neste capítulo.

2. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio encargarse de catalogar a cartucharía, realizando con tal obxecto as verificacións precisas para comprobar o cumprimento dos controis previstos nos convenios internacionais subscritos por España.

3. Nos expedientes de catalogación será preceptivo o informe do Ministerio de Defensa. Se este ditaminase que se trata de munición de guerra, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio inhibirase de oficio e remitirá ao Ministerio de Defensa sen máis trámite o actuado, comunicándollo ao solicitante.

*Artigo 16. Solicitudes de catalogación de cartucharía.*

As solicitudes de catalogación, redactadas polo menos en castelán, dirixiranse á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, xuntando, polo menos:

- a) Identificación do solicitante.
- b) Memoria técnica do produto cuxa catalogación se solicita, que comprenda descrición, características e propiedades, con información suficiente para permitir a súa clasificación de acordo cos artigos 7 e 9 deste regulamento, se é o caso.
- c) Instrucións de seguridade da súa manipulación e utilización que vaian figurar no envase ou no seu interior no momento da comercialización.
- d) Certificado do banco oficial de probas.

*Artigo 17. Procedemento de catalogación de cartucharía.*

1. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, unha vez analizada a solicitude e a documentación presentada, procederá, de

ser o caso, a incorporar o correspondente produto cuxa catalogación se solicita ao catálogo, notificándollo así ao interesado mediante resolución.

2. O contido da resolución especificará como mínimo a seguinte información:

- a) Número de orde no catálogo.
- b) Identificación do cartucho: marca, modelo, calibre.
- c) Número ONU, división de risco e grupo de compatibilidade.
- d) Fabricante ou importador.

3. Calquera modificación dun cartucho, que afecte o contido da resolución de catalogación, a excepción da ampliación de posibles nomes comerciais, deberá ser comunicada ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para efectos de que este determine se é preciso ou non proceder a unha nova catalogación.

### *Sección 3.<sup>a</sup> Catalogación de materias regulamentadas pirotécnicas*

Artigo 18. *Catalogación doutras materias regulamentadas.*

As materias regulamentadas e os produtos semielaborados que se comercialicen entre fabricantes titulares dun taller de pirotecnia e, por tanto, se poñan no mercado, como compoñentes ou materias primas doutros produtos finais, sometidos a avaliación de conformidade e que, por tanto, só chegan ao consumidor final como parte dos ditos produtos, catalogaranse segundo o disposto na Instrución técnica complementaria número 4 deste regulamento.

## CAPÍTULO IV

### **Marcación CE dos artigos pirotécnicos**

#### *Sección 1.<sup>a</sup> Marcación CE de artigos pirotécnicos*

Artigo 19. *Marcación CE.*

1. Só se poderán pór no mercado, distribuír, vender ou utilizar os artigos pirotécnicos que teñan a marcación CE e cumpran coas obrigas relacionadas coa avaliación de conformidade.

2. A marcación CE dos artigos pirotécnicos será condición indispensable para a súa catalogación, excepto os fabricados nun taller para o seu propio uso e consumo.

3. A marcación CE non se colocará ilicitamente sobre ningún artigo pirotécnico.

4. A marcación CE deberase colocar de maneira visible, lexible e indeleble sobre os artigos pirotécnicos ou, se isto non for posible, sobre a etiqueta fixada a estes nos envases e embalaxes. A etiqueta deberá estar feita de maneira que non se poida volver utilizar

5. O modelo que se deberá utilizar para a marcación CE será o disposto na Instrución técnica complementaria número 7 deste regulamento, excepto para os artigos pirotécnicos utilizados na mariña como sinais de socorro que dispoñen da súa propia marcación, segundo o disposto na Directiva 96/98/CE.

6. Non se colocará sobre os artigos pirotécnicos ningunha marca nin inscrición que poida inducir a erro a terceiros sobre o significado e a forma da marcación CE. Poderase colocar nos artigos pirotécnicos calquera outra marcación sempre que non reduza a visibilidade nin a lexibilidade da marcación CE.

7. Cando os artigos pirotécnicos estean tamén regulados noutra normativa reguladora doutros aspectos e que tamén prescriba a marcación CE, esta marcación indicará que estes artigos se presumen tamén conformes coas outras disposicións que lles sexan aplicables.

8. Cando un artigo pirotécnico non sexa conforme pero vaia provisto da marcación CE, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas adoptará as medidas oportunas



contra quen queira que sexa o responsable da colocación da marcación e informará disto, a través da canle adecuada, á Comisión Europea.

*Sección 2.<sup>a</sup> Excepcións á marcación CE e á catalogación de cartuchería*

*Artigo 20. Artigos pirotécnicos cunha finalidade especial.*

1. No caso das festividades relixiosas, culturais, tradicionais, os artificios de pirotecnia fabricados polo fabricante para o seu propio uso e que estean autorizados para isto non poden ser considerados como postos no mercado e, por conseguinte, non están suxeitos ás disposicións deste regulamento no relativo á marcación CE.

No caso concreto de feiras, exposicións ou demostracións para a promoción de artigos pirotécnicos deberase indicar neles con claridade, mediante un rótulo visible, o nome e a data da feira, exposición ou demostración en cuestión e a non conformidade dos artigos, así como a imposibilidade de adquirir estes artigos pirotécnicos antes de que obtivesen a marcación CE de conformidade coa solicitude do fabricante, cando estea establecido na Comunidade, ou do importador.

2. A circulación e utilización daqueles artigos pirotécnicos fabricados con fins de investigación, desenvolvemento e experimentación, que non dispoñan de marcación CE, é libre e non estará suxeita a ningún tipo de restrición sempre que estean autorizados para o seu uso segundo o artigo 21 e sempre que se indique con claridade, mediante un rótulo visible, a súa non conformidade, así como a súa non dispoñibilidade para fins distintos da investigación, o desenvolvemento e a experimentación.

*Artigo 21. Outras excepcións para fabricantes, importadores e expertos.*

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, logo do informe favorable da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, Intervención Central de Armas e Explosivos e, se é o caso, do Ministerio de Defensa, poderá outorgar autorizacións para poder:

1. Importar, transferir, fabricar, almacenar, transportar e utilizar artigos pirotécnicos e cartuchería en réxime experimental en cantidade e lugar concretos para a súa posterior obtención de marcación CE ou catalogación e posta no mercado, así como para fins de investigación, desenvolvemento e experimentación.

2. Importar, transferir, fabricar, almacenar e transportar artigos pirotécnicos sen marcación CE e cartuchería sen catalogar, en réxime temporal e a fins de tránsito ou exportación.

3. Importar, transferir, almacenar e transportar artigos pirotécnicos sen marcación CE e cartuchería sen catalogar, e para fins de eliminación ou inertización.

4. Importar, transferir, almacenar, transportar e utilizar artigos pirotécnicos por expertos extracomunitarios en cantidade e lugar concreto autorizado, tales como festivais e concursos internacionais en que participen outras empresas, espectáculos musicais, de son, e rodaxes.

Nestes casos, o organizador do evento ou unha empresa comunitaria deberá actuar como asesor da empresa extracomunitaria co fin de que se cumpra o disposto neste regulamento.

5. Fabricar, almacenar e transportar artigos pirotécnicos para o seu uso por consumidores recoñecidos como expertos, de acordo co disposto na Instrución técnica complementaria número 18 deste regulamento.

Na resolución en virtude da cal se outorgue a correspondente autorización fixaranse taxativamente as limitacións e medidas de todo tipo que condicionen a súa validez e o prazo máximo de vixencia. Esta resolución será tamén comunicada á Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, Intervención Central de Armas e Explosivos.

## TÍTULO II

## Talleres

## CAPÍTULO I

## Disposicións xerais

Artigo 22. *Talleres de fabricación de artigos pirotécnicos e cartuchería e talleres de preparación e montaxe de espectáculos con artificios de pirotecnia.*

1. A fabricación de artigos pirotécnicos e cartuchería só se poderá efectuar en talleres de fabricación oficialmente autorizados e con suxeición ás prescricións deste título, así como ás condicións específicas que foren de aplicación en cada caso.

2. Os talleres de fabricación estarán formados polas seguintes instalacións: locais de fabricación, depósito de produtos rematados, depósito auxiliar e, se é o caso, de lugar destinado á eliminación ou inertización de produtos regulamentados.

No depósito auxiliar almacenaranse os produtos semielaborados tanto de uso propio como para seren comercializados entre titulares de talleres.

3. Ademais, opcionalmente, os titulares dos talleres de fabricación poderán dispoñer doutras dependencias e instalacións tales como oficinas, comedores, etc.

4. No caso de que realicen espectáculos con artificios de pirotecnia, o taller de fabricación terá, ademais, a consideración de taller de preparación e montaxe e deberá dispoñer dun local ou varios locais separados dos locais de fabricación conforme o disposto na Instrución técnica complementaria número 9, para a preparación e montaxe de actividades.

5. Os talleres de preparación e montaxe serán aqueles que, sen ter produción de artigos de pirotécnicos, estean formados por un ou varios locais de montaxe e preparación de espectáculos situados conforme o disposto na Instrución técnica complementaria número 9, ademais de cun depósito de produtos rematados de acordo co disposto no artigo 42.3 deste regulamento.

6. Nos expedientes para o establecemento de talleres de fabricación ou de preparación e montaxe, cuxa autorización deberá ser outorgada polos delegados de Goberno nas comunidades autónomas, logo do informe da Área de Industria e Enerxía e da Intervención Central de Armas e Explosivos, será trámite preceptivo, sen prexuízo do exixido por outras disposicións, a apertura dun período previo de información pública.

Artigo 23. *Instalacións.*

As instalacións que integren o taller deberanse situar dentro dun recinto cerrado cuxa localización deberá cumprir as distancias determinadas na Instrución técnica complementaria número 9, entre elas e cos elementos exteriores que se establecen.

Artigo 24. *Alteracións no contorno.*

1. Cando con posterioridade ao establecemento dun taller se produzan alteracións que, en razón das distancias exixidas no artigo anterior deixasen sen efecto a autorización, obrigando con isto ao levantamento do taller, poderá tolerarse unha marxe de redución de ata un 25 por 100 de tales distancias, sempre que quede suficientemente garantida a seguridade das persoas e bens.

2. Tal marxe de redución só poderá ser autorizada pola autoridade a quen corresponda a autorización do establecemento, coas verificacións previas necesarias.

3. Será preceptivo o informe da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio nos expedientes administrativos de autorización de obras e servizos en terreos comprendidos dentro das distancias de localización indicadas na Instrución técnica complementaria número 9.

Requirirase que o dito informe sexa favorable cando se pretenda transformar en urbanizable ou edificable o solo comprendido dentro das indicadas distancias, que non teña tales cualificacións no momento de obter a licenza municipal para o establecemento do taller.

#### Artigo 25. *Solicitud de autorización de taller.*

As persoas naturais ou xurídicas que se propoñan establecer un taller dirixirán á Delegación do Goberno na comunidade autónoma correspondente, a solicitude, acompañada dun proxecto visado asinado por un titulado universitario competente na materia, que comprenda, como mínimo:

1. Memoria descriptiva con detalle de:

a) Disposicións adoptadas para o cumprimento do disposto neste regulamento, con especial mención ás disposicións referidas nas instrucións técnicas complementarias números 9, 13 e 14.

b) En caso de tratarse dun taller de fabricación, artigos ou cartucharía que se proxecte fabricar, medios de fabricación que se teñan que empregar, capacidade de almacenamento e capacidades estimadas de produción ligadas a este almacenamento de forma que, en todo momento, a produción se almacene debidamente.

c) Características construtivas das instalacións que integran o taller.

d) Documentación relativa á prevención de accidentes graves segundo o disposto na Instrución técnica complementaria número 10, se procede.

e) Borrador do plan de seguridade cidadá segundo o disposto na Instrución técnica complementaria número 11.

f) Lugar, instalacións e procedementos de eliminación ou inertización segundo o disposto na Instrución técnica complementaria número 12, excepto para talleres de cartucharía.

g) Prazo de execución do proxecto.

2. Planos de implantación das instalacións e plano topográfico en que figure a localización do taller e os terreos limítrofes nun raio de 3 quilómetros como mínimo. No caso de talleres de cartucharía o raio será de 1 quilómetro como mínimo.

3. Orzamento do investimento previsto.

Para mellor resolver poderanse solicitar do solicitante cantos datos complementarios se consideren oportunos.

#### Artigo 26. *Autorizacións de taller.*

Nas autorizacións para o establecemento dun taller deberase facer expresa referencia a:

a) Persoa natural ou xurídica a cuxo favor se expiden.

b) Situación do taller, con indicación das súas instalacións e distancias que o condicionan.

c) En caso de talleres de fabricación, tipos de cartuchos, artigos pirotécnicos e materias regulamentadas cuxa elaboración se autorice, así como o límite de existencias que se deben almacenar.

d) Provisión de artigos pirotécnicos semielaborados e materias regulamentadas que, se é o caso, poidan ter ou que poidan almacenar.

e) Condicións específicas a que se somete a autorización.

f) Prazo de execución do proxecto, sinalando a data a partir da resolución, en que se deben ultimar as instalacións.

g) Plan de prevención de accidentes graves segundo o disposto na Instrución técnica complementaria número 10.

h) Referencia ás condicións particulares sobre o uso do solo do lugar onde está situado e ambientais que poida ter imposto a autoridade competente na materia.

i) Autorización concreta do depósito auxiliar do taller, en caso de talleres de fabricación, e do depósito de produtos rematados, coas capacidades máximas de almacenamento permitidas, por almacén para cada división de risco alternativa.

Na autorización detallarase a capacidade máxima de cada almacén para cada unha das divisións de risco, supoñendo que a totalidade do almacenado se corresponde cunha soa delas. Ademais, detallarase a capacidade máxima de cada almacén no suposto de que se almacenen distintas divisións de risco, supoñendo para isto toda a cantidade de materia regulamentada que houber como da división máis desfavorable.

j) Relación de categorías e familias de artigos pirotécnicos de fabricación propia ou fabricados por terceiros, de fabricación propia para o seu propio uso, cartuchos e obxectos autorizados para a venda desde o depósito do taller construído para tal efecto.

k) Autorizacións concretas das instalacións que conteñan materias regulamentadas coas condicións de seguridade específicas en cada unha delas.

l) Condicións establecidas nos plans de emerxencias aprobados.

m) Autorización expresa, se procede, para o consumo de materias e obxectos procedentes de terceiros no ámbito do Regulamento de explosivos como materias primas.

n) Autorización expresa das instalacións e procedementos autorizados para a eliminación e inertización.

o) Condicións establecidas respecto á seguridade cidadá establecidas no plan de seguridade cidadá.

p) Autorización expresa do local de venda, se procede.

#### Artigo 27. *Cambio de titularidade.*

O cambio de titularidade dun taller requirirá a autorización do órgano administrativo a que corresponde autorizar o seu establecemento.

#### Artigo 28. *Traslado de talleres.*

1. A autorización para o traslado dos talleres someterase ás mesmas normas que rexen para o seu establecemento, sexa cal for a razón que o motive e aínda que a industria se volva instalar cos seus antigos elementos.

2. A autorización de traslado de taller anulará e deixará sen efecto a outorgada para o seu establecemento na súa anterior localización.

#### Artigo 29. *Modificacións.*

1. Calquera modificación material que se realice nun taller ou nos seus depósitos asociados debe ser previamente autorizada polo delegado do Goberno na comunidade autónoma, co informe previo da Área de Industria e Enerxía, que sinalará as condicións en que se deba realizar, e da Intervención Central de Armas e Explosivos en canto ás posibles afeccións en materia de seguridade cidadá.

2. Entenderase por modificación substancial dun taller ou dos seus depósitos aquela que implique: un cambio das categorías ou familias de artigos pirotécnicos ou un cambio dos tipos de cartuchos cuxa produción está autorizada, ou ben unha ampliación da capacidade de almacenamento sempre que modifique as distancias de regulación da localización establecidas na Instrución técnica complementaria número 9.

3. As autorizacións para introducir unha modificación substancial nun taller ou dos seus depósitos solicitaranse ante o delegado do Goberno na comunidade autónoma, e presentarse un proxecto visado asinado por un titulado universitario competente na materia, que comprenda:

a) Memoria descritiva con detalle das modificacións que se pretenden realizar.

b) Planos de implantación das modificacións e plano topográfico en que figure a localización do taller e os terreos limítrofes nun raio de 3 quilómetros como mínimo. No caso de talleres de cartucharía o raio será de 1 quilómetro como mínimo.

c) Orzamento do investimento previsto.

Ademais, se é o caso, actualizarase o plan de prevención de accidentes e o plan de seguridade cidadá descritos respectivamente nas instrucións técnicas complementarias números 10 e 11, conforme as instrucións oportunas que establezan as autoridades competentes nas materias.

4. O empresario titular do taller, cando prevexa unha nova fabricación, a utilización de novas materias regulamentadas ou de novos procedementos, a construción ou a modificación dun local de fabricación, a creación ou a modificación non substancial dunha instalación, a reorganización dunha localización ou un posto de traballo susceptible de ter incidencia sobre a seguridade dos traballadores ou a posta en marcha de novos medios ou de novos circuitos de transporte no establecemento, debe proceder á revisión e actualización da documentación a que se refire o artigo 45 deste regulamento.

5. Nos expedientes para a modificación substancial de talleres e os seus depósitos ou adecuación ao previsto neste regulamento, non será trámite preceptivo, sen prexuízo do exixido por outras disposicións, a apertura dun período previo de información pública.

#### Artigo 30. *Talleres en desuso.*

1. Cando as instalacións dos talleres queden parcialmente ou totalmente inutilizadas, o delegado do Goberno na comunidade autónoma poderá autorizar a súa reparación ou reconstitución, logo do informe da Área de Industria e Enerxía e da Intervención Central de Armas e Explosivos.

2. No suposto de se introducir calquera variante na reparación ou reconstrución aplicaranse as normas previstas para os casos de modificación.

#### Artigo 31. *Certificado de idoneidade e posta en marcha.*

1. Finalizadas as operacións de instalación, traslado ou modificación substancial ou reconstrución do taller ou adecuación, os servizos da Área de Industria e Enerxía realizarán visita de inspección, o mesmo que a Intervención de Armas e Explosivos da Comandancia correspondente para verificar o cumprimento das normas regulamentarias e das condicións específicas que na autorización se sinalen.

Para o desenvolvemento destas inspeccións, as áreas de Industria e Enerxía poderán requirir da empresa titular do taller o informe dunha entidade colaboradora da Administración, de acordo co disposto neste regulamento.

2. Se o resultado da inspección é satisfactorio, a Área de Industria e Enerxía expedirá certificado de idoneidade para efectos da posta en marcha da industria, sinalando un prazo para isto.

3. A posta en funcionamento das instalacións e elementos que integran o taller estará condicionada á obtención dun permiso do delegado do Goberno, que se outorgará, se é o caso, á vista do certificado de idoneidade e do informe favorable da Intervención Central de Armas e Explosivos sobre o cumprimento do establecemento das medidas de seguridade e vixilancia autorizadas no correspondente plan de seguridade cidadá.

4. O delegado de Goberno remitirá copia do permiso á Área de Industria e Enerxía, ao concello do lugar en que radique o taller e á Intervención Central de Armas e Explosivos.

#### Artigo 32. *Inspeccións dos talleres.*

1. A inspección en materia de seguridade industrial e laboral dos talleres corresponderá á Área de Industria e Enerxía en cuxo territorio radiquen aquelas.

Para o desenvolvemento das inspeccións en materia de seguridade industrial, as áreas de Industria e Enerxía poderán requirir da empresa titular do taller o informe dunha entidade colaboradora da Administración, de acordo co disposto neste regulamento.

2. Esta área velará porque as instalacións e as actividades se acomoden ás autorizacións oficiais en que se ampare o seu funcionamento. Así mesmo, coidará da estrita observancia das prescricións regulamentarias.

3. De igual forma, coñecerá especialmente do cumprimento das medidas de seguridade dos procesos de produción e dos aspectos técnicos da fabricación e almacenamento das materias regulamentadas.

*Artigo 33. Frecuencia das inspeccións.*

Os talleres serán obxecto de inspeccións técnicas ordinarias, polo menos, cada doce meses. Sen prexuízo do anterior, cando as áreas de Industria e Enerxía teñan coñecemento de que se produciu calquera anomalía nun taller situado no territorio da súa xurisdición, disporán de modo inmediato unha inspección para que investigue as causas daquela e emita o informe correspondente, sen prexuízo de adoptar as medidas que resulten necesarias.

*Artigo 34. Rexistro de inspeccións.*

1. Cada taller terá un rexistro oficial segundo o formato autorizado pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas en que quedará constancia do resultado de cantas inspeccións foi obxecto o establecemento.

2. As áreas de Industria e Enerxía levarán, pola súa parte, un rexistro xeral de inspeccións en que se transcribirán as anotacións que se efectúen nos rexistros dos talleres a que se refire o punto anterior.

3. Os resultados dos rexistros referidos nos puntos anteriores poderán archivarase en soporte informático.

*Artigo 35. Prescricións obrigatorias.*

1. As áreas de Industria e Enerxía poderán formular prescricións obrigatorias axustadas á normativa vixente ou observacións a título de recomendación, e deberán distinguirse claramente unhas doutras nas anotacións dos rexistros a que se refire o artigo anterior.

2. As prescricións obrigatorias deberán ser cumpridas dentro do prazo que nelas se sinala, salvo oposición razoada ante o delegado do Goberno na comunidade autónoma realizada nun prazo de quince días desde a súa notificación.

3. En casos de urxencia, a propia Área de Industria e Enerxía poderá decidir o inmediato cumprimento das súas prescricións, dando coñecemento do actuado ao delegado do Goberno na comunidade autónoma.

*Artigo 36. Paralización da actividade.*

1. Se a Área de Industria e Enerxía encontra na súa actuación supervisora fundados motivos que aconsellen a paralización, total ou parcial, da actividade, poderá solicitar do delegado do Goberno a revogación ou restrición do permiso de funcionamento outorgado.

2. En caso de emerxencia a propia Área de Industria e Enerxía poderá decretar a suspensión provisional de todas as actividades ou de parte delas, dando conta inmediata ao delegado do Goberno, quen resolverá o oportuno no prazo de dez días. Igualmente, se encontrase na súa actuación feitos ou circunstancias dos cales deba entender, por razón da materia, algunha outra autoridade, procederá a poñelos no seu coñecemento.

*Artigo 37. Inspeccións en materia de seguridade cidadá.*

1. A inspección sobre medidas de seguridade cidadá dos talleres e o control das materias regulamentadas que se encontren almacenadas nelas corresponde ás distintas intervencións de armas e explosivos territoriais, que poderán realizar, sen aviso previo, cantas inspeccións xulguen necesarias.



2. As anomalías observadas serán postas pola Intervención Central de Armas e Explosivos en coñecemento da Delegación do Goberno correspondente e do titular do taller para a súa emenda dentro dun prazo indicado.

**Artigo 38. Caducidade das autorizacións.**

As autorizacións caducarán cando transcorrese o prazo de execución e non se ultimasen as instalacións na data prevista por causa imputable aos propios interesados que, en todo caso, poden solicitar prórroga mentres estean vixentes.

**Artigo 39. Invalidez dos permisos.**

1. Os permisos de funcionamento perderán a súa validez cando todas as instalacións permanezan inactivas durante un período de seis meses; neste caso, para poder reiniciar a actividade precisárase permiso do delegado de Goberno, logo do informe da Área de Industria e Enerxía.

2. Se transcorrido o prazo correspondente ata a seguinte inspección de acordo co disposto no artigo 33 continuase a instalación inactiva, iniciárase, de oficio ou por instancia de parte o expediente de peche definitivo.

**Artigo 40. Rexistros de artigos.**

1. O empresario titular do taller designará a persoa encargada do mantemento dos rexistros de artigos pirotécnicos e cartucharía. Estes rexistros poderanse levar por procedementos electrónicos, informáticos, telemáticos ou por calquera outro método idóneo para alcanzar as finalidades perseguidas, poñéndoo en coñecemento da intervención de armas e explosivos da Garda Civil correspondente.

2. Mensualmente, os responsables dos rexistros deberán presentalos, por calquera medio, incluídos os medios electrónicos, para a súa supervisión na intervención de armas e explosivos correspondente.

3. Os rexistros axustaranse ao establecido na instrución técnica complementaria correspondente.

## CAPÍTULO II

### Talleres de pirotecnia

#### Sección 1.<sup>a</sup> Normas xerais

**Artigo 41. Obriga de comunicación da produción real anual.**

O empresario titular do taller de fabricación de pirotecnia notificará, durante o mes de xaneiro de cada ano, á Delegación do Goberno correspondente a produción real anual durante o ano anterior.

**Artigo 42. Obrigas relativas aos depósitos.**

1. Os talleres de fabricación de pirotecnia estarán obrigatoriamente dotados, polo menos, dun depósito de produtos rematados distanciados das zonas de fabricación e das oficinas, formado por almacéns onde se gardarán os artigos pirotécnicos rematados de fabricación propia e, de proceder, os artigos pirotécnicos rematados procedentes de fabricantes terceiros, así como produtos semielaborados para a súa posta no mercado. A capacidade dos almacéns deste depósito non poderá superar a disposta para os almacéns de depósitos de produtos rematados non asociados a un taller, especificada no artigo 64 deste regulamento, ademais da derivada do cumprimento do disposto na Instrución técnica complementaria número 9.

Non obstante o anterior, no caso de que o fabricante almacene produtos rematados a granel, sen etiquetar e sen envasar, estes deberán almacenar separadamente do resto dos produtos rematados que poida ter tamén almacenados.

2. O taller de fabricación deberá dispor, polo menos, dun depósito auxiliar dentro do recinto de fabricación formado por almacéns auxiliares que poidan albergar as materias e os obxectos necesarios para a fabricación dos artigos que se encontran incluídos no ámbito do Regulamento de explosivos, outras materias primas, as materias regulamentadas no ámbito deste regulamento e os produtos semielaborados.

Nestes almacéns poderanse almacenar conxuntamente os tipos de produtos mencionados no parágrafo anterior se a súa compatibilidade o permite.

Ademais, o taller contará con locais auxiliares para o almacenamento de material inerte.

3. En caso de que un taller non sexa de fabricación porque sexa exclusivamente de preparación e montaxe de espectáculos de artificios pirotécnicos realizados por expertos, deberá estar obrigatoriamente dotado, polo menos, dun depósito de produtos rematados distanciados dos locais de preparación e montaxe e das oficinas, formado por almacéns onde se gardarán os artigos pirotécnicos rematados procedentes de fabricantes terceiros. A capacidade dos almacéns deste depósito non poderá superar a disposta para os almacéns de depósitos de produtos rematados non asociados a un taller especificada no artigo 64 deste regulamento, ademais da derivada do cumprimento do disposto na Instrución técnica complementaria número 9.

#### *Sección 2.ª Disposicións sobre seguridade nos talleres*

##### *Artigo 43. Dirección técnica.*

1. O empresario titular do taller, como responsable da seguridade das instalacións, designará a dirección técnica que corresponderá a un encargado con capacitación profesional que o faculte para iso, a cuxo nomeamento deberá dar conformidade expresa o delegado do Goberno na comunidade autónoma, logo de informe da Área de Industria e Enerxía.

2. Esta dirección velará polo funcionamento e a salvagarda do taller e, en particular, polo cumprimento das medidas de seguridade aplicables.

##### *Artigo 44. Seguridade industrial.*

No proxecto de solicitude de autorización dun taller deberase xustificar expresamente o correcto cumprimento das disposicións establecidas neste regulamento en materia de seguridade industrial e, en particular, as establecidas nas instrucións técnicas complementarias números 9, 12 e 14.

Ademais, deberase xustificar o cumprimento do disposto na normativa vixente en canto a medidas de seguridade contra incendios en establecementos industriais.

##### *Artigo 45. Seguridade e saúde laboral.*

1. O empresario, en cumprimento do deber de protección establecido na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, deberá garantir a seguridade e a saúde dos traballadores ao seu servizo en todos os aspectos relacionados co traballo. Para estes efectos, no marco das súas responsabilidades, o empresario realizará a prevención dos riscos laborais mediante a integración da actividade preventiva na empresa e a adopción de cantas medidas sexan necesarias para a protección da seguridade e a saúde dos traballadores.

2. O empresario desenvolverá unha acción permanente de seguimento da actividade preventiva co fin de perfeccionar de maneira continua as actividades de identificación, avaliación e control dos riscos que non se puidesen evitar e os niveis de protección existentes, e disporá o necesario para a adaptación das medidas de prevención sinaladas no punto anterior ás modificacións que poidan experimentar as circunstancias que incidan na realización do traballo.

3. As obrigas dos traballadores establecidas na Lei de prevención de riscos laborais, a atribución de funcións en materia de protección e prevención a traballadores ou servizos

da empresa e o recurso ao concerto con entidades especializadas para o desenvolvemento de actividades de prevención complementarán as accións do empresario, sen que por iso o eximan do cumprimento do seu deber nesta materia, sen prexuízo das accións que poida exercer, de ser o caso, contra calquera outra persoa.

4. En relación á documentación preventiva, o empresario deberá elaborar e conservar a documentación a que fai referencia o artigo 23 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

5. Para os efectos previstos neste artigo deberase ter en consideración o disposto na Instrución técnica complementaria número 14.

#### Artigo 46. *Persoal, sinalización e locais de traballo.*

1. Os empregados nun taller de pirotecnia deberán utilizar o calzado, vestido ou outros medios de protección especiais que lles facilite a empresa, adecuados ás materias que manipulen e ás operacións que realicen con elas, cando as condicións do traballo o requiran.

2. Non se permitirá fumar dentro do recinto do taller, salvo nos lugares ou dependencias autorizados expresamente para iso, se os houber.

3. Non se deberá prender lume nin almacenar materias inflamables ou facilmente combustibles no interior ou nas proximidades dos edificios ou locais perigosos, a non ser por causa ineludible e logo da adopción das medidas de seguridade pertinentes.

4. Tampouco se poderá penetrar nesas dependencias con obxectos susceptibles de producir chispas ou lume, salvo autorización especial.

5. Os edificios, locais e almacéns perigosos deberán estar claramente identificados mediante unha clave numérica, alfabética ou alfanumérica. Esa clave deberase citar, de forma ben visible, no exterior do edificio, local ou almacén e próxima ao acceso a este.

6. No interior dos ditos lugares, en lugar visible e xunto ao acceso principal, deberase dispor unha placa identificativa onde se recolla, polo menos, a información seguinte:

- a) Identificación do edificio ou local.
- b) Número máximo de persoas que pode albergar simultaneamente.
- c) Cantidade máxima de materias regulamentadas que poida conter, se procede, e división de risco.
- d) Medidas xerais de seguridade.
- e) Normas que se deben adoptar en caso de emerxencia.

7. Ningún empregado poderá entrar en zonas, edificios ou locais perigosos nos cales non lle corresponda traballar, sen autorización especial para iso.

#### Artigo 47. *Tormentas.*

Cando se forme e ameace descargar unha tormenta nas inmediacións das instalacións do taller, suspenderanse os traballos nas zonas perigosas ao tempo que se toman medidas apropiadas en cada caso mentres dure aquela, salvo que a dita interrupción poida ser causa dun perigo maior.

#### Artigo 48. *Comunicación de accidentes.*

1. O empresario titular do taller estará obrigado a comunicar, de modo inmediato, á Área de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno na comunidade autónoma onde estea situado o taller, todo accidente grave ou mortal que se produza no seu recinto, así como calquera reparación que, como consecuencia do accidente, se vexa obrigado a executar. Todo iso sen prexuízo da obriga do empresario titular do taller de requirir de maneira inmediata aquelas outras autoridades que por natureza dos feitos tivesen que intervir.

2. En calquera caso, a empresa ten obriga de informar dos ditos accidentes as autoridades laborais competentes cando, con ocasión dos ditos accidentes, se producise o accidente de traballo dun traballador da empresa, de conformidade co previsto no

artigo 23.3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, ou no ámbito da Seguridade Social, de conformidade co establecido na Orde do 16 de decembro de 1987, pola que se establecen os modelos para a notificación de accidentes de traballo e se dan instrucións para a súa formalización e tramitación.

3. O empresario ten a obriga de realizar, ante calquera accidente laboral ocorrido nos centros de traballo comprendidos no ámbito de aplicación deste regulamento, a investigación correspondente co obxecto de determinar as súas causas e a necesidade de adoptar novas medidas de prevención e protección. Toda esta información será igualmente presentada á Área de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno na comunidade autónoma correspondente.

4. Adicionalmente, as conclusións da investigación do accidente serán remitidas á Inspección de Traballo e Seguridade Social.

#### Artigo 49. *Transporte no interior do taller.*

A distribución das materias no interior do taller regularase de acordo co disposto nos procedementos internos incluídos na documentación establecida nos artigos 44 e 45.

#### *Sección 3.ª Disposicións en materia de seguridade cidadá*

#### Artigo 50. *Cerramento e vixilancia dos talleres.*

1. Os talleres de pirotecnia contarán cun cerramento nas condicións e co obxecto que indica a Instrución técnica complementaria número 11. Contarán cunha porta principal e as secundarias que sexan xustificadamente necesarias para a seguridade, segundo a súa normativa específica, todas elas de resistencia análoga á da cerca.

2. Os talleres contarán coa vixilancia humana suficiente de acordo co plan de seguridade cidadá aprobado pola Intervención Central de Armas e Explosivos da Garda Civil. Esta vixilancia humana poderá ser substituída por uns medios físicos e electrónicos conforme o disposto na Instrución técnica complementaria número 11 que igualmente quedarán recollidos no plan de seguridade cidadá.

#### Artigo 51. *Controis de entrada e saída.*

1. Só se permitirá a entrada ou saída das zonas de fabricación e depósitos ás persoas que teñan autorización para o efecto e logo das verificacións ou controis que resultasen oportunos. A entrada ou saída a estas zonas non se poderá realizar desde as oficinas, en caso de que as houber.

2. O acceso ás zonas de fabricación e depósitos de persoas alleas ao taller requirirá un permiso da dirección, ou do encargado da instalación; deberase asinar un libro de visitas habilitado para tal efecto, logo da identificación correspondente.

3. Estas persoas serán advertidas de que entran nas ditas zonas baixo o seu propio risco, e durante a súa permanencia nelas deberán estar acompañadas por un empregado a cuxas instrucións se deberán ater escrupulosamente, salvo que a súa presenza, por razón de inspección ou da súa actividade, implique a estancia continua ou frecuente no recinto; neste caso deberanse ater ás normas e instrucións que lles sexan facilitadas previamente pola dirección técnica ou o encargado.

#### Artigo 52. *Normas relativas ao desenvolvemento da actividade do taller.*

1. Non se poderán introducir no recinto do taller bebidas alcohólicas nin efectos que permitan producir lume ou sexan susceptibles de afectar a súa seguridade. Queda prohibido sacar, sen a autorización pertinente, do recinto do taller calquera produto ou residuo perigoso.

2. Os servizos de vixilancia, en caso de estar presentes, efectuarán periodicamente, e sen necesidade de aviso previo, rexistros individuais, cumprindo coas prescricións contidas no artigo 18 do Estatuto dos traballadores cuxo texto refundido foi aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, para velar polo cumprimento do disposto

no punto anterior. Estas actuacións levaranse a cabo de acordo cun plan de actuación que formará parte do plan de seguridade cidadá que fose autorizado pola Intervención Central de Armas e Explosivos. Das actuacións realizadas enviaráselle mensualmente un parte resumo á Intervención de Armas e Explosivos da comandancia correspondente.

3. O persoal deberá manter orde á entrada e á saída do taller e das súas dependencias, así como durante a súa permanencia nelas, e quedalle prohibida a súa estancia nelas fóra do correspondente horario laboral, salvo que expresamente se lle permita.

4. Cando cese a actividade nos edificios ou locais perigosos, pecharanse as súas portas e ventás asegurándoas debidamente e activaranse os sistemas de alarma, de proceder.

### CAPÍTULO III

#### Talleres de carga de cartuchería

##### *Sección 1.<sup>a</sup> Normas xerais*

##### Artigo 53. *Obrigas relativas aos depósitos.*

1. Os talleres de fabricación ou carga de cartuchería estarán obrigatoriamente dotados de, polo menos, un depósito de produtos rematados formado por almacéns onde se gardarán os cartuchos rematados de fabricación propia e, de proceder, os cartuchos rematados procedentes de fabricantes terceiros. A capacidade dos almacéns deste depósito non poderá superar a disposta para os almacéns de depósitos de produtos rematados non asociados a un taller especificada no artigo 64 deste regulamento, ademais da derivada do cumprimento do disposto na Instrución técnica complementaria número 9.

2. O taller deberá dispor de, polo menos, un depósito auxiliar dentro do recinto de fabricación formado por almacéns auxiliares independentes que alberguen as materias e os obxectos necesarios para a fabricación dos produtos que se encontran incluídos no ámbito do Regulamento de explosivos, outras materias primas, as materias explosivas e mesturas explosivas de materias no ámbito deste regulamento e os produtos semielaborados.

Nestes almacéns poderanse almacenar conxuntamente os tipos de produtos mencionados no parágrafo anterior de a súa compatibilidade o permitir.

Ademais, o taller contará con locais auxiliares para o almacenamento de material inerte.

##### Artigo 54. *Aprovisionamento.*

1. Os talleres de carga deberanse prover de forma regulamentaria da pólvora e pistóns e das vaíñas cebadas, de ser o caso, que precisen, e quedaralles terminantemente prohibida a fabricación de pólvora e pistóns.

2. As provisións de pólvora, pistóns e vaíñas cebadas, así como as existencias de cartuchos, cuxa tenza se permita a cada taller, virán determinadas polo abastecemento que exixa o seu funcionamento normal.

3. As cantidades máximas de pólvora, pistóns e vaíñas cebadas que se tolere almacenar serán as fixadas de modo expreso na correspondente autorización.

4. A pólvora, os pistóns e as vaíñas cebadas deberanse utilizar nas mesmas condicións con que se adquirisen, sen que sexa tolerable realizar neles ningunha transformación.

##### Artigo 55. *Funcionamento.*

1. Aos talleres de carga estaralles soamente permitida a elaboración de cartuchería non metálica, a cuxo proceso de carga e montaxe se limitarán as operacións que poidan efectuar.

2. Os talleres de carga poderán estar autorizados para o cebado de vaíñas.

3. Prohíbese a carga e recarga de cartucharía metálica, excepto a fábricas autorizadas conforme o disposto no título II do Regulamento de explosivos, as cales quedarán suxeitas ás normas establecidas nel. Non obstante, poderase autorizar a particulares a recarga de munición metálica e non metálica para o seu propio consumo, sempre que se cumpran os requisitos da Instrución técnica complementaria número 15.

Artigo 56. *Cantidades máximas permitidas.*

1. A cantidade máxima de pólvora que poderá existir dentro do taller de carga será de 10 quilogramos salvo que utilicen tremoias exteriores de alimentación para as máquinas de carga; neste caso a cantidade máxima de pólvora que poderá haber en cada dispensador de tales máquinas de carga será de 2 quilogramos, e entre os dispensadores deberá existir unha protección adecuada que impida o paso da deflagración dun dispensador a outro. Cando se utilicen tremoias de alimentación para os dispensadores das máquinas de carga, a cantidade de pólvora que poderá conter cada tremoia non excederá os 25 quilogramos. As ditas tremoias estarán adecuadamente separadas entre si e do edificio en que se realice a carga, de forma que o taller quede protexido en caso de deflagración da pólvora contida nas tremoias, e a súa conexión coas máquinas de carga deberá estar disposta en forma tal que unha deflagración nelas non se transmita aos dispensadores de alimentación.

2. Cando o taller teña autorización para o cebado de vaíñas, este realizarase en edificio independente do resto de edificios perigosos.

3. No caso de que o envasado e a embalaxe dos cartuchos se efectúe no mesmo edificio en que estea situado o taller de carga, as cantidades máximas de cartuchos cargados que se toleren quedarán fixadas de modo expreso nas correspondentes autorizacións. Esta limitación non será preceptiva cando entre ambas as seccións, a de envasado e embalaxe e a de carga, se estableza unha separación adecuada. Diariamente, e unha vez embalados os cartuchos cargados, serán trasladados ao depósito de produtos rematados para o seu amoreamento no almacén correspondente.

*Sección 2.ª Disposicións sobre seguridade nos talleres*

Artigo 57. *Dirección do taller.*

1. O empresario titular do taller, como responsable da seguridade das instalacións, designará a dirección técnica do taller que corresponderá a un encargado con capacitación profesional que o faculte para iso, a cuxo nomeamento deberá dar conformidade expresa o delegado do Goberno na comunidade autónoma, logo de informe da Área de Industria e Enerxía. A dita dirección velará polo funcionamento e salvagarda do taller e, en particular, polo cumprimento das medidas de seguridade aplicables.

2. O empresario, en cumprimento do deber de protección establecido na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, deberá garantir a seguridade e a saúde dos traballadores ao seu servizo en todos os aspectos relacionados co traballo. Para estes efectos, no marco das súas responsabilidades, o empresario realizará a prevención dos riscos laborais mediante a integración da actividade preventiva na empresa e a adopción de cantas medidas sexan necesarias para a protección da seguridade e a saúde dos traballadores.

3. O empresario desenvolverá unha acción permanente de seguimento da actividade preventiva co fin de perfeccionar de maneira continua as actividades de identificación, avaliación e control dos riscos que non se puidesen evitar e os niveis de protección existentes e disporá o necesario para a adaptación das medidas de prevención sinaladas no punto anterior ás modificacións que poidan experimentar as circunstancias que incidan na realización do traballo.

4. As obrigas dos traballadores establecidas na Lei de prevención de riscos laborais, a atribución de funcións en materia de protección e prevención a traballadores ou servizos da empresa e o recurso ao concerto con entidades especializadas para o desenvolvemento de actividades de prevención complementarán as accións do empresario, sen que por iso



o eximan do cumprimento do seu deber nesta materia, sen prexuízo das accións que poida exercer, de ser o caso, contra calquera outra persoa.

5. En relación á documentación preventiva, o empresario deberá elaborar e conservar a documentación a que fai referencia o artigo 23 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

6. Para os efectos previstos neste artigo deberase ter en consideración o disposto na Instrución técnica complementaria número 14.

7. O empresario titular do taller estará obrigado a comunicar, de modo inmediato, á Área de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno na comunidade autónoma, onde estea situado o taller, todo accidente grave ou mortal que se produza no seu recinto, así como calquera reparación que, como consecuencia do accidente, se vexa obrigado a executar. Todo iso sen prexuízo da obriga do empresario titular do taller de requirir de maneira inmediata aquelas outras autoridades que por natureza dos feitos teñan que intervir.

En calquera caso, a empresa ten a obriga de informar dos ditos accidentes as autoridades laborais competentes cando, con ocasión dos ditos accidentes, se producise o accidente de traballo dun traballador da empresa, de conformidade co previsto no artigo 23.3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, ou no ámbito da Seguridade Social, de conformidade co establecido na Orde do 16 de decembro de 1987, pola que se establecen os modelos para a notificación de accidentes de traballo e se dan instrucións para a súa formalización e tramitación.

O empresario ten a obriga de realizar, ante calquera accidente laboral ocorrido nos centros de traballo comprendidos no ámbito de aplicación deste regulamento, a investigación correspondente co obxecto de determinar as súas causas e a necesidade de adoptar novas medidas de prevención e protección. Toda esta información será igualmente presentada á Área de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno na comunidade autónoma correspondente.

Adicionalmente, as conclusións da investigación do accidente serán remitidas á Inspección de Traballo e Seguridade Social.

8. Cando por calquera circunstancia un taller cesase na súa actividade, total ou parcialmente, durante un período superior a seis meses, antes de continuar a dita actividade, a dirección do taller deberá pólo en coñecemento da Área de Industria e Enerxía, a cal inspeccionará o taller e procederá na forma prevista no artigo 31 deste regulamento.

Se transcorrido o prazo correspondente ata a seguinte inspección, de acordo co disposto no artigo 33 deste regulamento, continuase a instalación inactiva, iniciárase de oficio ou por instancia de parte o expediente de peche definitivo.

#### Artigo 58. *Persoal e edificios do taller.*

1. Os empregados deberán utilizar o calzado, vestido ou outros medios de protección especiais que lles facilite a empresa, adecuados ás materias que manipulen e ás operacións que realicen con elas, cando as condicións do traballo o requiran.

2. Non se permitirá fumar dentro do recinto do taller, salvo nos lugares ou dependencias autorizados expresamente para iso, se os houber.

3. Non se deberá prender lume nin almacenar materias inflamables ou facilmente combustibles no interior ou nas proximidades dos edificios ou locais perigosos, a non ser por causa ineludible e logo da adopción das medidas de seguridade pertinentes.

4. Tampouco se poderá penetrar nas ditas dependencias con obxectos susceptibles de producir chispas ou lume, salvo autorización especial.

5. Os edificios, locais e almacéns perigosos deberán estar claramente identificados mediante unha clave numérica, alfabética ou alfanumérica. Esa clave deberase sinalar, de forma ben visible, no exterior do edificio, local ou almacén e próxima ao acceso.

6. No interior dos ditos lugares, en lugar visible e xunto ao acceso principal, deberase dispor unha placa identificativa onde se recolla, polo menos, a información seguinte:

- a) Identificación do edificio ou local.
- b) Número máximo de persoas que pode albergar simultaneamente.
- c) Cantidade neta máxima de materias explosivas ou mesturas explosivas de materias que poida conter, se procede.
- d) Medidas xerais de seguridade.
- e) Normas que se deben adoptar en caso de emerxencia.

### *Sección 3.<sup>a</sup> Disposicións en materia de seguridade cidadá*

#### *Artigo 59. Cerramento e vixilancia dos talleres.*

1. Os talleres de carga de cartucharía contarán cun cerramento nas condicións que indica a Instrución técnica complementaria número 11. Contarán cunha porta principal e as secundarias que sexan xustificadamente necesarias, todas elas de resistencia análoga á da cerca.

2. Os talleres contarán coa vixilancia humana suficiente de acordo co plan de seguridade cidadá aprobado pola Intervención Central de Armas e Explosivos da Garda Civil. Esta vixilancia humana poderá ser substituída por uns medios físicos e electrónicos, conforme o disposto na Instrución técnica complementaria número 11, que igualmente quedarán recollidos no plan de seguridade cidadá.

#### *Artigo 60. Controis de entrada e saída.*

1. Só se permitirá a entrada ou saída das zonas de fabricación e depósito ás persoas que disfruten de autorización para o efecto e logo das verificacións ou controis que resultasen oportunos. A entrada ou saída a estas zonas non se poderá realizar desde as oficinas, en caso de que as houber.

2. A entrada nun taller de persoas alleas a el requirirá un permiso da dirección, que lles será retirado á súa saída; deberán asinar un libro de visitas habilitado para tal efecto, logo da identificación correspondente.

3. Esas persoas serán advertidas de que entran no recinto do taller baixo o seu propio risco, e durante a súa permanencia nel deberán estar acompañadas por un empregado a cuxas instrucións se deberán ater escrupulosamente, salvo que a súa presenza, por razón da súa actividade, implique a estancia continua ou frecuente no recinto; neste caso deberanse ater ás normas e instrucións que lles sexan facilitadas previamente e por escrito pola dirección técnica.

#### *Artigo 61. Normas relativas ao desenvolvemento da actividade do taller.*

1. Non se poderán introducir no recinto do taller bebidas alcohólicas nin efectos que permitan producir lume ou sexan susceptibles de afectar a súa seguridade. Queda prohibido sacar, sen a autorización pertinente, do recinto do taller calquera produto ou residuo perigoso.

2. Os servizos de vixilancia, en caso de estar presentes, efectuarán periodicamente, e sen necesidade de aviso previo, rexistros individuais cumprindo coas prescricións contidas no artigo 18 do Estatuto dos traballadores cuxo texto refundido foi aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, para velar polo cumprimento do disposto no punto anterior. Estas actuacións levaranse a cabo de acordo co disposto nun plan de actuación que formará parte do plan de seguridade cidadá que fose autorizado pola Intervención Central de Armas e Explosivos. Das actuacións realizadas enviaráselle mensualmente un parte resumo á Intervención de Armas e Explosivos da comandancia correspondente.

3. O persoal deberá manter orde á entrada e á saída do taller e das súas dependencias, así como durante a súa permanencia nelas; quedaralle prohibida a súa estancia nelas fóra do correspondente horario laboral, salvo que expresamente se lle permita.

4. Ningún empregado poderá entrar en zonas, edificios ou locais perigosos, nos cales non lle corresponda traballar, sen autorización especial para iso.

5. Cando cese a actividade nos edificios ou locais perigosos, pecharanse as súas portas e ventás asegurándoas debidamente e activaranse os sistemas de alarma, se proceder.

### TÍTULO III

#### Depósitos

#### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

##### Artigo 62. *Depósitos.*

1. Entenderase por depósito o recinto ou lugar que alberga un ou máis almacéns.
2. Os depósitos poderán ser de dous tipos:
  - a) Depósito de produtos rematados propios ou alleos, integrados ou non integrados nun taller. Nestes depósitos almacenaranse os produtos semielaborados que vaian ser postos no mercado.
  - b) Depósito auxiliar asociado a un taller de fabricación.

##### Artigo 63. *Almacéns.*

1. Entenderase por almacén cada local acondicionado para tal fin.
2. Os almacéns auxiliares asociados a un taller poderán ser:
  - a) Superficiais.
  - b) Semienterrados.
  - c) Subterráneos.
3. Os almacéns que conformen o depósito de produtos rematados só poderán ser superficiais e semienterrados.

##### Artigo 64. *Almacéns superficiais e semienterrados.*

1. Os almacéns superficiais son edificacións á intemperie en cuxo contorno poden existir ou non defensas naturais ou artificiais.

A capacidade máxima de cada almacén superficial de produtos rematados será de 50.000 quilogramos de materia regulamentada ou o seu equivalente en número de cartuchos. En caso de albergar produtos rematados con división de risco 1.1, a capacidade máxima de cada almacén superficial será de 25.000 quilogramos.

A capacidade máxima de cada almacén superficial auxiliar asociado a un taller de fabricación será de 5.000 quilogramos de materia regulamentada.

2. Os almacéns semienterrados estarán recubertos por terra en todas as súas caras, excepto na frontal. Este recubrimento terá unha espesura mínima dun metro na parte superior do edificio, descendendo as terras por todas as súas partes segundo o seu noiro e non podendo ter en ningún dos seus puntos de caída unha espesura inferior a un metro.

A capacidade máxima de almacenamento de cada almacén semienterrado de produtos rematados será de 50.000 quilogramos de materia regulamentada ou o seu equivalente en número de cartuchos.

A capacidade máxima de cada almacén semienterrado auxiliar asociado a un taller de fabricación será de 10.000 quilogramos de materia regulamentada.

Artigo 65. *Almacéns subterráneos.*

1. Os almacéns subterráneos son escavacións ás cales se accede desde o exterior mediante un túnel ou unha rampla.

2. A capacidade máxima de cada almacén subterráneo auxiliar asociado a un taller de fabricación será de 1.000 quilogramos de materia regulamentada.

Artigo 66. *Garantías técnicas.*

Os locais de almacenamento construíranse coas debidas garantías técnicas en función da súa capacidade de almacenamento e da natureza das materias a que se destinen.

Artigo 67. *Responsables.*

Do funcionamento e seguridade dos depósitos responderán os seus titulares ou aqueles a que se outorgou o desfrute da titularidade. En caso de se tratar de persoas xurídicas, responderán os seus representantes legais.

## CAPÍTULO II

### Depósitos de produtos rematados

#### Sección 1.<sup>a</sup> Normas xerais

Artigo 68. *Autorización de depósitos de produtos rematados.*

1. Os depósitos de produtos rematados non integrados nun taller de artigos pirotécnicos e cartucharía serán autorizados polo delegado do Goberno na comunidade autónoma, logo de informe da Área de Industria e Enerxía e da Intervención Central de Armas e Explosivos da Garda Civil. Os depósitos de produtos rematados integrados nos talleres autorizaranse de forma conxunta con aqueles, tal e como especifica o artigo 26 deste regulamento.

2. Consideraranse clandestinos os depósitos de produtos rematados que non estean amparados pola correspondente autorización oficial.

Artigo 69. *Solicitudes.*

1. As persoas naturais ou xurídicas que se propoñan establecer un depósito de produtos rematados non integrados nun taller, de acordo co establecido no artigo anterior, deben formular á Delegación do Goberno na comunidade autónoma a correspondente solicitude, acompañada dun proxecto visado asinado por un titulado universitario competente na materia, que comprenda, polo menos:

- a) Memoria descritiva con detalle de:
  - i. Disposicións adoptadas para o cumprimento do disposto neste regulamento, con especial mención ás disposicións referidas nas instrucións técnicas complementarias números 9, 13 e 14.
  - ii. Capacidade proxectada do depósito, tipos de produtos que se van almacenar, categorías e divisións de risco.
  - iii. Características construtivas das instalacións que integran o depósito.
  - iv. Documentación relativa á prevención de accidentes graves segundo o disposto na Instrución técnica complementaria número 10.
  - v. Borrador do plan de seguridade cidadá segundo o disposto na Instrución técnica complementaria número 11.
  - vi. Lugar, instalacións e procedementos de eliminación ou inertización, segundo o disposto na Instrución técnica complementaria número 12, excepto para cartucharía.
  - vii. Prazo de execución do proxecto.

b) Planos de implantación das instalacións e plano topográfico no cal figure a localización do depósito e os terreos limítrofes nun raio de 3 quilómetros como mínimo. No caso de depósitos de cartuchería o raio será de 1 quilómetro como mínimo.

c) Orzamento do investimento previsto.

2. A documentación descrita no punto anterior deberase entregar conxuntamente, se proceder, coa descrita no artigo 22 no caso de depósitos de produtos rematados integrados nun taller.

3. Para mellor resolver poderanse solicitar do solicitante cantos datos complementarios se xulguen oportunos.

#### Artigo 70. *Modificacións materiais.*

1. As autorizacións para calquera modificación material dun depósito de produtos rematados non asociado a un taller serán outorgadas pola mesma autoridade a quen corresponda autorizar o seu establecemento, logo de informe da Área de Industria e Enerxía, que sinalará as condicións en que se deba realizar e da Intervención Central de Armas e Explosivos en canto ás posibles afeccións en materia de seguridade cidadá.

De se tratar de incorporar novas instalacións que non impliquen modificación substancial, deberase xuntar proxecto visado dos cambios que pretenden introducirse.

2. En ningún caso se poderán outorgar autorizacións de traslado para cambiar a localización de depósitos, debendo procederse necesariamente para iso á instrución dun expediente de novo establecemento.

#### Artigo 71. *Modificacións substanciais.*

1. A autorización para o establecemento ou modificación substancial dun depósito de produtos rematados, que será aquela que implique un aumento da capacidade de almacenamento sempre que modifique as distancias de regulación de localización establecidas na Instrución técnica complementaria número 9, realizárase segundo o disposto no artigo 29.

2. Nos procedementos de modificación substancial ou de adecuación a este regulamento a que fai referencia a disposición transitoria cuarta do real decreto en virtude do cal se aproba, non será trámite preceptivo, sen prexuízo do exixido por outras disposicións, a apertura dun período previo de información pública.

#### Artigo 72. *Utilización dos depósitos de produtos rematados.*

1. Os depósitos soamente poderán ser utilizados por aqueles que estean recoñecidos como os seus titulares.

2. Igualmente poderán ser utilizados por aquelas persoas físicas ou xurídicas ás cales os ditos titulares cedesen a súa explotación, con excepción dos integrados nun taller e autorizados en conxunto, que se deberán ceder conxuntamente.

3. A cesión da explotación e o cambio na titularidade dun depósito de produtos rematados requirirá a aprobación da autoridade á cal corresponda outorgar a autorización para o seu establecemento.

4. Por razóns xustificadas, a autoridade referida no punto anterior poderá autorizar a cesión temporal de un ou máis almacéns dun depósito de produtos rematados.

#### Artigo 73. *Autorización dun depósito de produtos rematados non integrado nun taller.*

Nas autorizacións para o establecemento dun depósito de produtos rematados non integrado nun taller deberase facer expresa referencia a:

a) Persoa natural ou xurídica a cuxo favor se expiden.

b) Localización do depósito, con indicación dos seus almacéns e distancias que o condicionan.

c) Capacidade máxima de almacenamento permitida, por almacén para cada división de risco alternativa.

Na autorización detallarase a capacidade máxima de cada almacén para cada unha das divisións de risco, supondo que a totalidade do almacenado se corresponde cunha soa delas. Ademais, detallarase a capacidade máxima de cada almacén no suposto de que se almacenen distintas divisións de risco, supondo para iso toda a cantidade de materia regulamentada que houber como da división máis desfavorable.

d) Familias e categorías de artigos pirotécnicos rematados cuxo almacenamento se autorice así como o límite de cada unha das existencias que cómpre almacenar. No caso de cartucharía, divisións de risco e grupo de compatibilidade dos produtos que se van almacenar.

e) Condicións específicas a que se somete a autorización.

f) Prazo de execución do proxecto, sinalando a data en que se deberán ultimar as instalacións.

g) Plan de prevención de accidentes graves segundo o disposto na Instrución técnica complementaria número 10, se proceder.

h) Referencia ás condicións particulares sobre o uso do solo do lugar e ambientais que poida ter imposto a autoridade competente na materia.

i) Relación das clases de produtos rematados autorizados para a posta en disposición e venda desde o depósito.

j) Condicións establecidas nos plans de emerxencias.

k) Autorización expresa das instalacións e procedementos autorizados para a eliminación e inertización.

l) Condicións respecto á seguridade cidadá establecidas no plan de seguridade.

m) Autorización expresa do local de venda, se proceder.

#### Artigo 74. *Certificado de idoneidade e posta en marcha.*

1. Finalizadas as operacións de instalación ou modificación substancial do depósito, os servizos da Área de Industria e Enerxía realizarán visita de inspección, ao igual que a Intervención de Armas e Explosivos da comandancia correspondente, para verificar o cumprimento das normas regulamentarias e das condicións específicas que na autorización se sinalaron.

Para o desenvolvemento destas inspeccións, as áreas de Industria e Enerxía poderán solicitar o apoio das entidades colaboradoras da Administración que consideren necesarias.

2. Se o resultado da inspección fose satisfactorio, a Área de Industria e Enerxía expedirá certificado de idoneidade para os efectos da posta en marcha do depósito, dando prazo para iso.

3. A posta en funcionamento dos almacéns e elementos que integran o depósito estará condicionada á obtención dun permiso do delegado de Goberno, que se outorgará, de ser o caso, á vista do certificado de idoneidade e do informe favorable da Intervención Central de Armas e Explosivos sobre o cumprimento do establecemento das medidas de seguridade e vixilancia aprobadas no correspondente plan de seguridade cidadá.

4. O delegado de Goberno remitirá copia do permiso á Área de Industria e Enerxía, ao concello do lugar en que radique o depósito e á Intervención Central de Armas e Explosivos.

#### Artigo 75. *Caducidade das autorizacións.*

As autorizacións caducarán cando transcorrese o prazo de execución e non se ultimasen as instalacións na data prevista por causa imputable aos propios interesados, os cales, en todo caso, poden solicitar prórroga mentres sigan vixentes.



Artigo 76. *Invalidez dos permisos.*

Os permisos de funcionamento perderán a súa validez cando todas as instalacións permanezan inactivas durante un período de seis meses; neste caso, para poder continuar a actividade precisarase permiso do delegado do Goberno, logo de informe da Área de Industria e Enerxía.

Artigo 77. *Rexistros.*

1. O empresario titular do depósito designará a persoa encargada do mantemento dos rexistros de artigos pirotécnicos e cartuchería. Os ditos rexistros poderanse levar por procedementos electrónicos, informáticos, telemáticos ou por calquera outro método idóneo para alcanzar as finalidades perseguidas, e porao en coñecemento da Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil correspondente.

2. Mensualmente, os responsables dos rexistros deberán presentalos para a súa supervisión na Intervención de Armas e Explosivos correspondente por calquera medio, incluídos os electrónicos.

3. Os rexistros axustaranse ao establecido na instrución técnica complementaria correspondente.

*Sección 2.<sup>a</sup> Disposicións sobre seguridade nos almacéns*

Artigo 78. *Localizacións dos almacéns.*

1. As localizacións dos almacéns rexeranse polo establecido na Instrución técnica complementaria número 9.

2. O réxime de distancias sinalado no punto anterior refírese ao almacén unidade. No recinto do depósito en que existen varios almacéns, as medidas aplicables serán as correspondentes ao almacén de máxima capacidade ou perigosidade, sempre que nelas queden comprendidas as distancias dos outros.

Artigo 79. *Alteracións no contorno.*

1. Cando, con posterioridade ao establecemento dun depósito, se produzan alteracións que, en razón das distancias exixidas no artigo anterior, deixen sen efecto a autorización obrigando con iso ao levantamento do taller, poderase tolerar unha marxe de redución de ata un 25 por 100 de tales distancias, sempre que quede suficientemente garantida a seguridade das persoas e dos bens.

2. Tal marxe de redución só poderá ser outorgada pola autoridade a quen corresponda outorgar a autorización do establecemento, logo das verificacións necesarias.

3. Será preceptivo o informe da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio nos expedientes administrativos de autorización de obras e servizos en terreos comprendidos dentro das distancias de localización indicadas na Instrución técnica complementaria número 9.

4. Requirirase que o dito informe sexa favorable cando se pretenda transformar en urbanizable ou edificable o solo comprendido dentro das indicadas distancias, que non tiver tales cualificacións no momento de obter a licenza municipal para o establecemento do taller.

Artigo 80. *Dirección técnica.*

1. O empresario titular do depósito, como responsable da seguridade das instalacións, designará a dirección técnica do depósito que corresponderá a un encargado con capacitación profesional que o faculte para iso, a cuxo nomeamento deberá dar conformidade expresa o delegado do Goberno na comunidade autónoma, logo de informe da Área de Industria e Enerxía.

2. Esta dirección velará polo funcionamento e salvagarda do depósito e, en particular, polo cumprimento das medidas de seguridade regulamentarias.

Artigo 81. *Seguridade industrial.*

No proxecto de solicitude de autorización dun depósito deberase xustificar expresamente o correcto cumprimento das disposicións establecidas neste regulamento en materia de seguridade industrial e, en particular, as establecidas nas instrucións técnicas complementarias números 9, 12 e 14.

Ademais, deberase xustificar o cumprimento do disposto na normativa vixente en canto a medidas de seguridade contra incendios en establecementos industriais.

Artigo 82. *Seguridade e saúde laboral.*

1. O empresario, en cumprimento do deber de protección establecido na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, deberá garantir a seguridade e a saúde dos traballadores ao seu servizo en todos os aspectos relacionados co traballo. Para estes efectos, no marco das súas responsabilidades, o empresario realizará a prevención dos riscos laborais mediante a integración da actividade preventiva na empresa e a adopción de cantas medidas sexan necesarias para a protección da seguridade e a saúde dos traballadores.

2. O empresario desenvolverá unha acción permanente de seguimento da actividade preventiva co fin de perfeccionar de maneira continua as actividades de identificación, avaliación e control dos riscos que non se puidesen evitar e os niveis de protección existentes, e disporá o necesario para a adaptación das medidas de prevención sinaladas no punto anterior ás modificacións que poidan experimentar as circunstancias que incidan na realización do traballo.

3. As obrigas dos traballadores establecidas na Lei de prevención de riscos laborais, a atribución de funcións en materia de protección e prevención a traballadores ou servizos da empresa e o recurso ao concerto con entidades especializadas para o desenvolvemento de actividades de prevención complementarán as accións do empresario, sen que por iso o eximan do cumprimento do seu deber nesta materia, sen prexuízo das accións que poida exercer, de ser o caso, contra calquera outra persoa.

4. En relación á documentación preventiva, o empresario deberá elaborar e conservar a documentación a que fai referencia o artigo 23 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

5. Para os efectos previstos neste artigo deberase ter en consideración o disposto na Instrución técnica complementaria número 14.

Artigo 83. *Almacéns de produtos rematados.*

1. Cada almacén do depósito estará constituído por un só local, que poderá estar compartimentado ou dividido segundo paneis cuxa altura sexa menor á total do edificio, e as súas únicas aberturas ao exterior serán as correspondentes aos condutos de ventilación, portas e iluminación desde o exterior debidamente protexido. Se a iluminación é interior, deberase ter en consideración o establecido na Instrución técnica complementaria número 14.

2. Os almacéns do depósito soamente terán as portas que determine a aplicación da regulamentación vixente en materia de seguridade contra incendios, que estarán provistas de pecho de seguridade e con apertura cara a fóra.

3. Excepto durante as operacións de carga e descarga, manterase despexado o espazo situado ante as portas dos almacéns.

4. Os almacéns estarán protexidos por pararraios que deberán responder ás normas vixentes ao respecto, e deberase ter en consideración o establecido na Instrución técnica complementaria número 14.

5. O chan dos almacéns deberá reunir os requisitos exixidos polas características dos produtos que se almacenen; debe constituír en todo caso unha superficie unida, sen fendas nin fisuras, de fácil limpeza e lavado.

6. A ventilación dos almacéns efectuarase, en principio, mediante sistemas de aireación natural, quedando só autorizado o uso de aparellos aeropropulsados, coas

debidas condicións de seguridade e cando a súa instalación estea situada fóra dos almacéns. Non obstante, permitírase o uso interior destes sistemas cando se dea cumprimento ao establecido na Instrución técnica complementaria número 13.

Os respiradoiros estarán protexidos, deseñados ou acondicionados de forma que, a través deles, non sexa posible guindar obxectos dentro do almacén.

7. O almacenamento dos produtos efectuarase con precaución. Cando se almacenen caixas superpostas, deberanse colocar coa tapa cara arriba e a información visible, e a altura de almacenamento non excederá, cando este se realice manualmente, un metro e medio. No caso de que se empreguen medios mecánicos elevadores para o movemento das caixas, a altura total poderá alcanzar os tres metros e medio.

8. En ningún caso se poderán almacenar conxuntamente materias incompatibles entre si. A compatibilidade de almacenamento recóllese de forma xeral na Instrución técnica complementaria número 16.

9. Non se poderá prender lume nin almacenar materias combustibles ou facilmente inflamables no interior ou nas proximidades dos almacéns do depósito. Tampouco se poderá penetrar no recinto do depósito con calquera obxecto capaz de producir chama ou chispa.

#### Artigo 84. *Sinalización.*

1. Os almacéns do depósito deberán estar claramente identificados mediante unha clave numérica, alfabética ou alfanumérica. A dita clave deberase sinalar, de forma ben visible, no exterior do edificio, local ou almacén e próxima ao acceso.

2. No interior dos ditos lugares, en lugar visible e xunto ao acceso principal, deberase dispor unha placa identificativa onde se recolla, polo menos, a información seguinte:

- a) Identificación do edificio ou local.
- b) Numero máximo de persoas que pode albergar simultaneamente.
- c) Peso neto máximo de produtos que poida conter, se proceder.
- d) Medidas xerais de seguridade.
- e) Normas que se deben adoptar en caso de emerxencia.

#### Artigo 85. *Servizo contra incendios.*

1. Será obrigatoria a existencia dun servizo contra incendios, que poderá estar formado por persoal do depósito, para combater o lume que se puiden orixinar en calquera das instalacións, de acordo cun plan previamente establecido polo titular responsable da instalación, que deberá ser revisado anualmente.

2. O persoal do depósito asignado eventualmente ao servizo contra incendios deberá recibir instrución periódica.

#### Artigo 86. *Comunicación de accidentes.*

1. O empresario titular do depósito estará obrigado a comunicar, de modo inmediato, á Área de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno na comunidade autónoma onde estea situado o taller, todo accidente grave ou mortal que se produza no seu recinto, así como calquera reparación que, como consecuencia do accidente, se vexa obrigado a executar. Todo iso sen prexuízo da obriga do empresario titular do taller de requirir de maneira inmediata aquelas outras autoridades que por natureza dos feitos tivesen que intervir.

2. En calquera caso, a empresa ten obriga de informar dos ditos accidentes as autoridades laborais competentes cando con ocasión dos ditos accidentes se producese o accidente de traballo dun traballador da empresa, de conformidade co previsto no artigo 23.3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, ou no ámbito da Seguridade Social, de conformidade co establecido na Orde do 16 de decembro de 1987, pola que se establecen os modelos para a notificación de accidentes de traballo e se dan instrucións para a súa formalización e tramitación.

3. O empresario ten a obriga de realizar, ante calquera accidente laboral ocorrido nos centros de traballo comprendidos no ámbito de aplicación deste regulamento, a investigación correspondente co obxecto de determinar as súas causas e a necesidade de adoptar novas medidas de prevención e protección. Toda esta información será igualmente presentada á Área de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno na comunidade autónoma correspondente.

4. Adicionalmente, as conclusións da investigación do accidente serán remitidas á Inspección de Traballo e Seguridade Social.

#### Artigo 87. *Transporte no interior do depósito.*

A distribución das materias rematadas no interior do depósito regularase de acordo co disposto nos procedementos internos incluídos na documentación establecida nos artigos 81 e 82.

#### Artigo 88. *Inspeccións dos depósitos.*

1. A inspección técnica dos depósitos de produtos rematados corresponderá á Área de Industria e Enerxía en cuxo territorio radiquen aquelas.

Para o desenvolvemento destas inspeccións, as áreas de Industria e Enerxía poderán solicitar o apoio das entidades colaboradoras da Administración que consideren necesarias.

2. Adita área velará porque as instalacións e actividades se acomoden ás autorizacións oficiais en que se ampare o seu funcionamento. Así mesmo, coidará da estrita observancia das prescricións regulamentarias.

#### Artigo 89. *Frecuencia das inspeccións.*

Os depósitos de produtos rematados serán obxecto de inspeccións técnicas ordinarias, polo menos, cada doce meses. Sen prexuízo do anterior, cando as áreas de Industria e Enerxía teñan coñecemento de que se produciu calquera anomalía nun depósito situado no territorio da súa xurisdición, disporán de modo inmediato unha inspección para que investigue as causas daquela e emita informe sobre o correspondente informe, sen prexuízo de adoptar as medidas que resulten necesarias.

#### Artigo 90. *Rexistro de inspeccións.*

1. Cada depósito terá un rexistro oficial segundo o formato autorizado pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas no cal quedará constancia do resultado de cantas inspeccións fose obxecto o establecemento.

2. As áreas de Industria e Enerxía levarán, pola súa parte, un rexistro xeral de inspeccións en que se transcribirán as anotacións que se efectúen nos rexistros dos talleres a que se refire o punto anterior.

3. Os resultados dos rexistros referidos nos puntos anteriores poderanse archivar en soporte informático.

#### Artigo 91. *Prescricións obrigatorias.*

1. As áreas de Industria e Enerxía poderán formular prescricións obrigatorias axustadas á normativa vixente ou observacións a título de recomendación, debendo distinguirse claramente unhas doutras nas anotacións dos rexistros a que se refire o artigo anterior.

2. As prescricións obrigatorias deberán ser cumpridas dentro do prazo que nelas se sinala, salvo oposición razoada ante o delegado do Goberno na comunidade autónoma, realizada nun prazo de quince días desde a súa notificación.

3. En casos de urxencia, a propia Área de Industria e Enerxía poderá decidir o inmediato cumprimento das súas prescricións, dando coñecemento do actuado ao delegado do Goberno na comunidade autónoma.

Artigo 92. *Paralización da actividade.*

1. Se a Área de Industria e Enerxía encontrase na súa actuación supervisora fundados motivos que aconsellasen a paralización, total ou parcial, da actividade, poderá solicitar do delegado do Goberno a revogación ou restrición do permiso de funcionamento outorgado.

2. En caso de emerxencia, a propia Área de Industria e Enerxía poderá decretar a suspensión provisional de todas as actividades ou de parte delas, dando conta inmediata ao delegado do Goberno, quen resolverá o oportuno no termo de dez días. Igualmente, se encontrase na súa actuación feitos ou circunstancias dos cales debese entender, por razón da materia, algunha outra autoridade, procederá a pólos no seu coñecemento.

*Sección 3.ª Disposicións en materia de seguridade cidadá*

Artigo 93. *Cerramento e vixilancia dos depósitos.*

1. Os depósitos de produtos rematados contarán cun cerramento nas condicións e co obxecto que indica a Instrución técnica complementaria número 11. Contarán cunha porta principal e as secundarias que sexan xustificadamente necesarias para a seguridade, segundo a súa normativa específica, todas elas de resistencia análoga á da cerca.

2. Os depósitos de produtos rematados contarán coa vixilancia humana suficiente de acordo co plan de seguridade cidadá aprobado pola Intervención Central de Armas e Explosivos da Garda Civil. Esta vixilancia humana poderá ser substituída por uns medios físicos e electrónicos conforme o disposto na Instrución técnica complementaria número 11 que igualmente quedarán recollidos no plan de seguridade cidadá.

Artigo 94. *Controis de entrada e saída.*

1. Só se lles permitirá a entrada ou saída ás zonas de almacenamento dos depósitos ás persoas que disfruten de autorización para o efecto e logo das verificacións ou controis que resultasen oportunos. A entrada ou saída a estas zonas non se poderá realizar desde as oficinas, en caso de que as houber.

2. O acceso ás zonas de almacenamento dos depósitos de persoas alleas a elas requirirá un permiso da dirección ou do encargado da instalación; deberán asinar un libro de visitas habilitado para tal efecto, logo da identificación correspondente.

3. Esas persoas serán advertidas de que entran nas ditas zonas do depósito baixo o seu propio risco, e durante a súa permanencia en tales zonas deberán estar acompañadas por un empregado a cuxas instrucións se deberán ater escrupulosamente, salvo que a súa presenza, por razón de inspección ou da súa actividade, implique a estancia continua ou frecuente no recinto; neste caso deberanse ater ás normas e instrucións que lles sexan facilitadas previamente e por escrito pola dirección técnica ou o encargado.

4. Non se poderá introducir no recinto do depósito efectos que sexan susceptibles de afectar a súa seguridade.

Artigo 95. *Inspeccións en materia de seguridade cidadá.*

1. A inspección sobre medidas de seguridade cidadá dos depósitos de produtos rematados e o control das materias regulamentadas que se encontren almacenadas neles corresponde ás distintas intervencións de Armas e Explosivos territoriais, que poderán realizar, sen aviso previo, cantas inspeccións xulguen necesarias.

2. As anomalías observadas serán postas pola Intervención Central de Armas e Explosivos en coñecemento da Delegación do Goberno correspondente e do titular do depósito para a súa emenda dentro dun prazo indicado.

## CAPÍTULO III

### **Depósitos auxiliares asociados a talleres de artigos pirotécnicos e cartuchería**

#### *Sección 1.ª Disposicións sobre seguridade nos depósitos auxiliares*

##### *Artigo 96. Localizacións dos almacéns auxiliares.*

As localizacións dos almacéns auxiliares rexeranse polo establecido na Instrución técnica complementaria número 9.

##### *Artigo 97. Almacéns auxiliares subterráneos.*

Nos depósitos auxiliares asociados a talleres de fabricación ou carga poderanse autorizar almacéns subterráneos en condicións debidamente xustificadas e sempre que se cumpra o disposto no Regulamento de explosivos e a súa Instrución técnica complementaria número 17 para este tipo de almacéns.

##### *Artigo 98. Almacéns auxiliares asociados a talleres.*

1. Os almacéns auxiliares disporán dos compartimentos e das portas necesarias para o seu correcto funcionamento, todas elas provistas de pecho de seguridade e apertura cara a fóra.

2. O chan dos almacéns auxiliares deberá reunir os requisitos exixidos polas características dos produtos que se almacenen, e deben constituír en todo caso unha superficie unida, sen fendas ou fisuras, de fácil limpeza e lavado.

3. Os almacéns auxiliares, superficiais ou semienterrados estarán protexidos por sistemas pararraios, e deberase ter en consideración o disposto na Instrución técnica complementaria número 14.

4. A ventilación dos almacéns efectuarase, en principio, mediante sistemas de aireación natural; quedará só autorizado o uso de aparellos aeropropulsados, coas debidas condicións de seguridade e cando a súa instalación estea situada fóra dos edificios. Nos almacéns subterráneos poderase autorizar o uso de tales aparellos, no seu interior, sempre que estean dotados de dispositivos de seguridade que se consideren adecuados, de acordo co establecido na Instrución técnica complementaria número 13.

5. Os respiradoiros estarán protexidos, deseñados ou acondicionados de forma que, a través deles, non sexa posible guindar obxectos dentro do almacén.

##### *Artigo 99. Medidas de seguridade contra incendios.*

Todos os almacéns auxiliares estarán dotados de extintores e medios necesarios para combater rapidamente calquera conato de incendio, de acordo cun plan previamente establecido, que deberá ser anualmente revisado. Así mesmo, deberán cumprir o disposto na normativa vixente en canto a medidas de seguridade contra incendios en establecementos industriais.

#### *Sección 2.ª Disposicións en materia de seguridade cidadá*

##### *Artigo 100. Medidas de seguridade cidadá.*

Os almacéns auxiliares asociados a talleres contarán coas condicións para a seguridade cidadá que indica a Instrución técnica complementaria número 11, ligadas ás medidas integrais do taller onde se sitúen.



## CAPÍTULO IV

**Depósitos especiais**Artigo 101. *Réxime.*

1. Quedan excluídos do réxime xeral dos depósitos os almacenamentos especiais a que se refire este capítulo.

2. O almacenamento accidental das materias regulamentadas fóra dos depósitos autorizados poderase permitir cando concorreren circunstancias que o fixesen indispensable, tales como accidente ou causa imprevisible no transporte.

Artigo 102. *Vehículos que transportan artificios de pirotecnia.*

1. Os vehículos que transportan artificios de pirotecnia destinados a espectáculos, desde a súa chegada ao lugar de destino ata a montaxe do espectáculo, serán considerados como depósito especial sempre que a súa chegada ao lugar de destino se produza cunha antelación superior a 12 horas á hora prevista para o inicio do espectáculo.

Tales depósitos especiais deberán cumprir as condicións de seguridade establecidas na Instrución técnica complementaria número 8 deste regulamento, e deberán ser previamente comunicados á Intervención de Armas e Explosivos territorial, que poderá establecer medidas adicionais de seguridade ás cales propuxese o titular do vehículo.

2. Non terán esta consideración de depósito especial aqueles vehículos que transportan artificios de pirotecnia destinados a espectáculos sempre que a súa chegada ao lugar de destino se produza cunha antelación inferior a 12 horas á hora prevista para o inicio do espectáculo.

Artigo 103. *Almacenamento en armarías, empresas de seguridade, polígonos e galerías de tiro e empresas especializadas na custodia de armas.*

1. As armarías poderán almacenar, logo de autorización do delegado do Goberno na comunidade autónoma, con informe da Área de Industria e Enerxía e da Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil:

- a) Pólvora para a súa venda en envases precintados, ata 30 quilogramos.
- b) Cartucharía de caza non metálica, ata un máximo de 500.000 unidades.
- c) Cartucharía metálica, ata un máximo de 250.000 unidades.
- d) Cartucharía de fogueo, ata un máximo de 500.000 unidades.
- e) Pistóns para cartucharía, ata un máximo de 200.000 unidades, en envases precintados.
- f) Cápsulas propulsoras, en envases precintados, ata un máximo de 500.000 unidades.

2. As empresas de seguridade poderán almacenar nas súas instalacións, tanto en sedes coma en delegacións, a cartucharía necesaria para o desempeño das súas funcións. Para iso adoptarán as suficientes medidas de seguridade, que serán aprobadas pola Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, logo de informe da Intervención de Armas e Explosivos. A Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil fixará as cantidades máximas de almacenamento.

3. Os polígonos e galerías de tiro, así como as empresas especializadas na custodia de armas, poderán almacenar nas súas instalacións cartucharía, logo da autorización da Intervención de Armas e Explosivos, sempre e cando reúnan as necesarias medidas de seguridade. A Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, na propia autorización, fixará as cantidades máximas de almacenamento.

Artigo 104. *Carga e recarga de cartucharía por particulares.*

1. Para a carga ou recarga de cartucharía por particulares poderanse ter almacenados ata un quilogramo de pólvora, cen unidades de vaíñas con pistón e cen pistóns. Para o seu

almacenamento adoptaranse as medidas de seguridade que se establecen na Instrución técnica complementaria número 15, as cales tamén serán de obrigado cumprimento para a recarga de cartucharía non metálica, malia non necesitar ningunha autorización.

2. En canto ao almacenamento de cartuchos, a suma dos cargados ou recargados polos particulares e os adquiridos a comerciantes non poden superar os límites establecidos no artigo 136.

3. Logo da autorización da Intervención de Armas e Explosivos, os posuidores de libro de coleccionista de armas, coas suficientes medidas de seguridade, poderán coleccionar cartucharía de calquera tipo ou clase coas seguintes condicións:

a) Só se poderá posuír ata cinco cartuchos de cada clase, calibre, marca e ano de fabricación. Os cartuchos considerados «de guerra» de calibre superior a 12,7 mm deberán estar totalmente desactivados e libres de toda materia regulamentada.

b) Anualmente, sempre que houber variación, presentarse unha relación dos cartuchos que se posúan segundo modelo da Intervención de Armas, que gardará unha copia e selará o orixinal.

c) Só se poderán adquirir cartuchos de comerciantes autorizados ou doutros coleccionistas autorizados.

Artigo 105. *Artigos pirotécnicos das categorías T, P e uso na mariña.*

1. As delegacións do Goberno nas comunidades autónomas poderán autorizar almacéns especiais con capacidade máxima de 15 quilogramos netos de materia regulamentada, logo de informe favorable da Intervención de Armas e Explosivos da comandancia correspondente, e para artigos pirotécnicos das categorías T1, T2, P1 e P2, así como os utilizados en manifestacións festivas e aqueles destinados ao uso na mariña, cuxo destino final sexa o uso por expertos ou a venda ao público.

2. Para almacenamentos especiais permanentes destes produtos de maior capacidade deberase cumprir o disposto neste regulamento para depósitos en réxime xeral.

3. Non obstante o disposto no punto anterior, para casos temporais debidamente xustificadas, o delegado do Goberno na comunidade autónoma correspondente poderán autorizar, logo de informe da Área de Industria e Enerxía e da Intervención de Armas e Explosivos da comandancia correspondente, almacéns especiais de maior capacidade onde almacenalos previamente á súa utilización.

#### TÍTULO IV

##### Envases

#### CAPÍTULO I

##### Normas xerais

Artigo 106. *Acondicionamento das materias regulamentadas.*

1. As materias e os obxectos regulados por este regulamento deberán estar debidamente acondicionados para o seu mellor almacenamento e conservación.

2. Os produtos adquiridos a terceiros que se almacenen cos seus envases ou embalaxes orixinais de transporte de acordo coas disposicións vixentes a este respecto, pechados, manterán a división de risco asignada para o seu transporte.

Aos produtos almacenados a granel atribuiráselles por defecto a división 1.1.

Todo iso para os efectos de seguridade no seu posterior transporte, de acordo co disposto nas regulamentacións sobre transporte de mercadorías perigosas e, no seu defecto, neste título.

3. O acondicionamento das ditas materias e obxectos efectuarase mediante envases ou embalaxes, salvo que estea autorizado outro acondicionamento pola autoridade competente.

Artigo 107. *Envases e embalaxes.*

1. Para os efectos deste título, entenderase por:

- a) Envase: o recipiente ou recinto de retención destinado a recibir ou conter materias regulamentadas, obxectos, produtos pirotécnicos ou cartucharía.
- b) Embalaxe: a protección externa con que, de ser o caso, se dotan certos envases.

2. Os envases poderán ser exteriores, de se tratar de envases que carecen de embalaxe ou elemento de protección, ou interiores, no caso de existiren.

Artigo 108. *Homologación.*

1. Todo envase exterior ou embalaxe deberase axustar a un tipo de construción sometido a probas e homologado conforme as disposicións sobre envases e embalaxes das regulamentacións relativas ao transporte de mercadorías perigosas.

2. No exterior dos envases e embalaxes deberán figurar as marcas, duradeiras e visibles, que indiquen a súa conformidade co tipo de deseño homologado.

3. A estes envases e embalaxes seralles de aplicación o previsto na Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases, cando proceda, así como as súas disposicións de desenvolvemento.

Artigo 109. *Frases obrigatorias.*

En cada envase exterior ou embalaxe de artigos pirotécnicos deberán figurar, redactados polo menos en castelán, as frases:

- a) «Risco de explosión por choque, fricción ou lume».
- b) «Protéxase de fontes de calor. Non fumar».

Artigo 110. *Envases e embalaxes baleiros.*

Os envases e as embalaxes de produtos pirotécnicos baleiros que presenten sinais de conter residuos perigosos deberán estar ben cerrados e presentar, de ser o caso, as mesmas condicións de estanquidade e levar as mesmas etiquetas de perigo que se estivesen cheos ata que se proceda á súa destrución.

Artigo 111. *Separación de mercadorías perigosas.*

Os produtos regulados neste regulamento non se poderán envasar ou embalar en común con outras mercadorías perigosas ou con outras mercadorías que non estean sometidas á normativa que afecta as ditas mercadorías perigosas.

Artigo 112. *Conformidade coas normas.*

Se varias mercadorías perigosas se inclúen nunha mesma embalaxe colectiva ou nun mesmo contedor, o expedidor terá que declarar que esta embalaxe en común non está prohibida.

## CAPÍTULO II

**Etiquetaxe***Sección 1.<sup>a</sup> Etiquetaxe de artigos distintos dos artigos pirotécnicos para vehículos*Artigo 113. *Garantía da etiquetaxe.*

Os fabricantes, importadores ou distribuidores garantirán que os artigos pirotécnicos distintos dos artigos pirotécnicos para vehículos que se vaian vender ou pór á disposición do público estean etiquetados debidamente de maneira visible, lexible e indeleble, polo menos en castelán.

Artigo 114. *Datos que deben figurar no artigo.*

1. Na etiquetaxe dos artigos pirotécnicos definidos no artigo 113 deberán figurar, como mínimo:

- a) O nome e o enderezo do fabricante.
- b) Nacionalidade.
- c) En caso de que o fabricante non estea establecido na Comunidade Europea, o nome do fabricante e o nome e o enderezo do importador.
- d) O nome e tipo de artigo.
- e) A idade mínima que se indica no artigo 121.
- f) A categoría correspondente.
- g) As instrucións de uso.
- h) O ano de produción para os artificios de pirotecnia das categorías 3 e 4.
- i) Se procede, a distancia mínima de seguridade.

A etiquetaxe incluíra a cantidade de materia regulamentada.

Tomarase como referencia para o formato da etiqueta a que se determine nas normas harmonizadas ao respecto, tanto para artigos individuais como para lotes.

2. Nos artificios de pirotecnia figurará, ademais, como mínimo e segundo proceda, a seguinte información:

- a) Categoría 1: se proceder, «para uso exclusivo ao aire libre» e distancia de seguridade mínima.
- b) Categoría 2: «para uso exclusivo ao aire libre» e, se proceder, distancia de seguridade mínima.
- c) Categoría 3: «para uso exclusivo ao aire libre» e distancia de seguridade mínima.
- d) Categoría 4: «para seren utilizados exclusivamente por expertos» e distancia de seguridade mínima.

3. Os artigos pirotécnicos destinados ao uso en teatros conterán ademais, como mínimo e segundo proceda, a seguinte información:

- a) Categoría T1: se proceder, «para uso exclusivo ao aire libre» e distancia de seguridade mínima.
- b) Categoría T2: «para seren utilizados exclusivamente por expertos» e distancia de seguridade mínima.

4. Se o artigo pirotécnico non dispón de espazo suficiente para os requisitos de etiquetaxe mencionados nos puntos anteriores deste artigo, a información proporcionarase na unidade de envase.

5. Se o artigo pirotécnico dispón de espazo suficiente para os requisitos de etiquetaxe mencionados nos puntos anteriores deste artigo, estes requisitos deberán aparecer de igual modo nos envases.

6. O disposto neste artigo non se aplicará aos artigos pirotécnicos que se presenten en feiras, exposicións e demostracións para a súa promoción, ou que se fabriquen con fins

de investigación, desenvolvemento ou experimentación, segundo o estipulado no artigo 20 deste regulamento referente ás excepcións á marcación CE.

7. Para o transporte dentro do territorio nacional de envases exteriores, embalaxes ou vultos de artificios pirotécnicos fabricados polo propio fabricante e destinados a espectáculos, será suficiente unha etiqueta xenérica onde se deben reflectir, polo menos, os datos do titular, clases de artificios pirotécnicos transportados, pesos brutos e netos do espectáculo e lugar de destino.

#### *Sección 2.<sup>a</sup> Etiquetaxe de artigos pirotécnicos para vehículos*

Artigo 115. *Datos que deben figurar nas etiquetas.*

1. Na etiquetaxe dos artigos pirotécnicos para vehículos deberá figurar o nome do fabricante ou, no caso de que o fabricante non estea establecido na Comunidade Europea, o nome do importador, o nome e tipo de artigo e as instrucións de seguridade.

2. Se o artigo non dispón de espazo suficiente para os requisitos de etiquetaxe mencionados no punto anterior, a información proporcionarase na embalaxe do artigo.

Artigo 116. *Folla de datos de seguridade.*

1. Facilitaráselle ao usuario profesional unha ficha de datos de seguridade segundo o establecido no artigo 31 e anexo II do Regulamento (CE) n.º 1907/2006, do 18 de decembro (Regulamento REACH) e na disposición adicional primeira do Real decreto 1802/2008, do 3 de novembro, polo que se modifica o Regulamento sobre notificación de substancias novas e clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas, aprobado polo Real decreto 363/1995, do 10 de marzo, coa finalidade de adaptar as súas disposicións ao Regulamento (CE) n.º 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello (Regulamento REACH).

2. A ficha de datos de seguridade facilitarase en papel ou por vía electrónica, sempre e cando o destinatario conte cos medios necesarios para acceder a ela.

#### *Sección 3.<sup>a</sup> Información en envases e embalaxes de cartuchería*

Artigo 117. *Información.*

Os fabricantes garantirán que os envases e embalaxes da cartuchería que se vaian vender ou pór á disposición do público conteñan a información referida na Instrución técnica complementaria número 6.

## TÍTULO V

### Venda e posta á disposición

#### CAPÍTULO I

#### Condicións xerais para artigos pirotécnicos

Artigo 118. *Titulares dun depósito de produtos rematados pirotécnicos.*

1. A titularidade dun depósito de produtos rematados pirotécnicos comportará a autorización de venda e posta á disposición dos produtos que se almacenen nel, excepto a venda directa ao público xeral, que se realizará mediante locais de venda autorizados segundo o disposto neste título.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, os titulares dun taller ou dun depósito de produtos rematados poderán obter a autorización para un establecemento de venda adscrito ás súas instalacións segundo o disposto na Instrución técnica complementaria número 17.

Artigo 119. *Comprobación das condicións de venda e posta á disposición.*

Previamente ao despacho do pedido de venda desde o depósito de produtos rematados, o comprador (fabricante, distribuidor, comerciante polo miúdo ou experto titular dun depósito de produtos rematados) debe facilitar ao vendedor copia da autorización do depósito de destino ou establecemento de venda onde se vai almacenar a mercadoría obxecto da transacción.

Artigo 120. *Unidade mínima de venda e posta á disposición.*

A unidade mínima de venda e posta á disposición do público, non experto, será o envase, e prohibirase a venda de unidades soltas fóra del.

Artigo 121. *Idades mínimas para a venda e posta á disposición dos artigos pirotécnicos.*

Os artigos pirotécnicos non se venderán nin se porán á disposición dos consumidores por debaixo das idades mínimas indicadas a continuación, coa excepción dos pistóns de percusión para xoguetes:

- a) Artificios de pirotecnia:
  - i. Categoría 1: 12 anos.
  - ii. Categoría 2: 16 anos.
  - iii. Categoría 3: 18 anos.
- b) Outros artigos pirotécnicos e artigos pirotécnicos destinados ao uso en teatros: categorías T1 e P1: 18 anos.

Artigo 122. *Venda e posta á disposición de artigos pirotécnicos a expertos das categorías 4, P2 e T2.*

Os seguintes artigos pirotécnicos unicamente poderán ser vendidos ou postos á disposición por parte dos fabricantes, importadores e distribuidores a expertos e sempre desde un depósito autorizado de produtos rematados:

1. Artificios de pirotecnia da categoría 4.
2. Artigos pirotécnicos da categoría P2.
3. Artigos pirotécnicos destinados ao uso en teatros da categoría T2.

## CAPÍTULO II

### **Venda e posta á disposición do público de artigos pirotécnicos e cartucharía**

Artigo 123. *Responsables da venda e posta á disposición do público.*

1. A venda e posta á disposición do público de artigos pirotécnicos será realizada por persoas físicas ou xurídicas autorizadas conforme o disposto neste regulamento.
2. Soamente se venderán e subministrarán produtos conformes con este regulamento.

Artigo 124. *Persoas autorizadas para a venda e posta á disposición do público de artigos pirotécnicos.*

1. Entenderase por persoas autorizadas para a venda e posta á disposición do público de artigos pirotécnicos aquelas persoas físicas ou xurídicas que contén cun establecemento autorizado na forma e coas condicións establecidas na Instrución técnica complementaria número 17 e aquelas outras persoas que, carecendo dos mencionados establecementos, obteñan unha autorización expresa do delegado do Goberno correspondente, logo de informe da Área de Industria e Enerxía e da Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil da comandancia correspondente.



2. Queda expresamente prohibido o envío dos produtos que fosen vendidos ao público por correspondencia, teléfono ou medios informáticos. A entrega dos produtos realizarase con presenza obrigada do comprador no local de venda.

3. As preceptivas autorizacións de locais de venda e posta á disposición do público serán exixibles en todo momento pola autoridade competente.

Artigo 125. *Persoas autorizadas para a venda e posta á disposición do público de cartuchería.*

Entenderase por persoas autorizadas para a venda e posta á disposición do público de cartuchería aquelas persoas físicas ou xurídicas que contén cun local autorizado na forma e coas condicións establecidas no vixente Regulamento de armas e aquelas outras persoas que, carecendo dos mencionados locais, obteñan unha autorización expresa do delegado do Goberno correspondente, logo de informe da Área de Industria e Enerxía e da Intervención de Armas e Explosivos da comandancia da Garda Civil correspondente.

Artigo 126. *Prohibicións á venda.*

Os vendedores de cartuchería e artigos pirotécnicos poderanse negar a vender os seus produtos a quen manifieste de forma clara que se pode encontrar baixo os efectos de bebidas alcohólicas ou substancias estupefacientes.

## CAPÍTULO III

### Locais de venda e posta á disposición do público de artigos pirotécnicos

Artigo 127. *Venda e posta á disposición do público de artigos pirotécnicos.*

1. A venda e posta á disposición do público de artificios e artigos pirotécnicos polo miúdo das categorías 1, 2, 3, T1, P1 e uso na mariña poderase efectuar en establecementos de venda permanentes, con ou sen almacén anexo. Tamén se poderá efectuar a venda temporal dos ditos artificios de pirotecnia en establecementos e casetas móbiles, con ou sen almacén anexo, instaladas na vía pública ou en terreos de propiedade privada.

2. Os artificios pirotécnicos de categoría 1 e uso permitido no interior de edificios, excepto tronos de impacto, poderanse vender en calquera establecemento comercial logo da notificación á Intervención de Armas e Explosivos da comandancia onde radique o establecemento, na cal se deberán indicar os produtos concretos, sempre e cando a cantidade máxima almacenada sexa inferior ou igual a 5 quilogramos brutos.

3. Os artigos pirotécnicos de uso na mariña poderán ser vendidos en locais náuticos ou establecementos de artigos náuticos, sen simultanear a venda doutros artigos pirotécnicos, sen cumprir o disposto na Instrución técnica complementaria número 17, segundo o procedemento establecido no artigo 105.

4. Queda expresamente prohibida a venda ambulante de artigos pirotécnicos.

Artigo 128. *Establecementos permanentes.*

1. Entenderase por establecemento permanente para a venda e posta á disposición do público de artigos pirotécnicos todo establecemento, cerrado respecto á rúa, no cal se realice esta actividade, entendéndose por tales tanto os que forman parte dun edificio, no cal se efectúan outras actividades, como os illados respecto a outras edificacións. Non se considerarán establecementos permanentes aqueles establecementos que carezan de cerramento respecto ás vías públicas.

2. As condicións construtivas e en materia de seguridade do establecemento dos locais permanentes desenvólvense na Instrución técnica complementaria número 17.

Artigo 129. *Establecementos temporais.*

1. Entenderase por establecemento temporal todo edificio ou caseta portátil instalado na vía pública ou en terreos de propiedade privada, con carácter non permanente.
2. A venda e posta á disposición do público en establecementos temporais tipo M na vía pública precisará a autorización dun depósito de produtos rematados regulamentariamente autorizado onde se almacenarán os artigos pirotécnicos sobrantes da venda diaria.
3. As condicións construtivas e en materia de seguridade dos establecementos temporais desenvólvense na Instrución técnica complementaria número 17.

Artigo 130. *Solicitudes de autorización de establecementos permanentes de venda e posta á disposición do público de artigos pirotécnicos.*

As solicitudes de autorización de establecementos permanentes de venda de artigos pirotécnicos das categorías 1, 2, 3, T1, P1 e de uso na mariña dirixiranse aos delegados de Goberno correspondentes segundo o disposto na Instrución técnica complementaria número 17.

Artigo 131. *Solicitudes de autorización de establecementos temporais de venda e posta á disposición do público de artigos pirotécnicos.*

1. Toda solicitude de autorización de venda e posta á disposición de artigos pirotécnicos en establecementos temporais deberá ser dirixida aos delegados de Goberno correspondentes con tres meses de antelación ao inicio da actividade, presentando o disposto na Instrución técnica complementaria número 17.
2. Presentada unha solicitude, o delegado de Goberno porao en coñecemento do concello correspondente, de acordo coas características do establecemento determinadas polo solicitante. Así mesmo, solicitaranse informes ao órgano provincial da Área de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno e da Intervención de Armas e Explosivos da comandancia correspondente.

Artigo 132. *Resolución de autorización de establecementos permanentes ou temporais de venda e posta á disposición do público de artigos pirotécnicos.*

1. Na resolución de autorización de establecementos permanentes ou temporais de venda e posta á disposición do público de artigos pirotécnicos deberán constar, como mínimo, os datos dispostos na Instrución técnica complementaria número 17.
2. A autorización da Delegación do Goberno servirá de base para o outorgamento das correspondentes licenzas municipais para exercer a actividade especificada, de acordo coa súa tramitación concreta.
3. O titular dunha autorización, sexa persoa física ou xurídica, deberá designar un responsable, ou varios, de venda que estará de forma permanente no establecemento permanente ou temporal de venda, durante o período de venda.
4. A autorización deberá estar dispoñible en todo momento no lugar da venda.

Artigo 133. *Modificación das condicións e características do proxecto inicial.*

1. Calquera modificación que afecte as características técnicas do proxecto orixinal de establecementos de venda ao público deberá ser previamente autorizada polo delegado do Goberno.
2. Presentada unha solicitude de autorización de modificación, antes de a resolver, o delegado do Goberno solicitará informes á Área de Industria e Enerxía e á Intervención de Armas e Explosivos da comandancia correspondente.

Artigo 134. *Libro de pirotecnia.*

1. As persoas autorizadas para venda e posta á disposición do público de artigos pirotécnicos levarán un libro de movementos dos ditos artigos, excepto para a categoría 1. Ese libro estará permanentemente á disposición da autoridade competente.

2. O dito libro poderase levar e cubrir por procedementos informáticos ou por calquera outro idóneo para alcanzar as finalidades perseguidas.

3. Para a venda de artigos das categorías T1 e P1 deberán anotarse os datos de identificación do comprador que aparezan no documento nacional de identidade, número de identificación de estranxeiros ou documento identificativo equivalente.

#### Artigo 135. *Inspeccións.*

1. En calquera momento as autoridades competentes poderán realizar inspeccións nos establecementos de venda.

2. Para o desenvolvemento destas inspeccións, as áreas de Industria e Enerxía poderán solicitar o apoio das entidades colaboradoras da Administración que consideren necesarias.

3. Se algunha autoridade detectase o incumprimento dalgunha norma nun campo que non fose da súa competencia, deberao pór en coñecemento da autoridade en que recaia a dita competencia, de acordo co disposto neste regulamento.

4. A incautación dos artigos almacenados deberá ser realizada polas autoridades competentes dispostas neste regulamento, por motivos debidamente xustificadas, como uso ilícito da marcación CE, falta de instrucións de seguridade ou exceso de material autorizado, segundo o disposto no título X deste regulamento.

### CAPÍTULO IV

#### **Venda e posta á disposición do público de cartuchería**

#### Artigo 136. *Adquisición de cartuchería.*

1. Os titulares de licenzas para armas longas raiadas poderán adquirir unicamente ata 1.000 cartuchos anuais por arma, presentando a guía de pertenza. O vendedor realizará os asentos correspondentes nos libros do seu establecemento e dará conta inmediata da compra á Intervención de Armas e Explosivos territorial.

En ningún caso se poderá ter en depósito un número superior a 200 cartuchos.

2. Só se poderán adquirir 100 cartuchos anuais por arma curta, presentando a guía de pertenza, e efectuando as operacións a que se alude no punto anterior. O número de cartuchos que se poden ter en depósito para arma curta non será superior a 150.

3. Malia o disposto nos puntos anteriores deste artigo:

a) O persoal das empresas de seguridade e os gardas particulares de campo poderán adquirir os cartuchos de dotación, reposición dos utilizados no exercicio dos seus cometidos específicos, exercicios de tiro regulamentarios e para a obtención de licenzas tipo C, segundo se establece na normativa específica de aplicación. As autorizacións de adquisición de cartuchería serán expedidas polas intervencións de Armas e Explosivos das correspondentes zonas da Garda Civil e terán unha validez dun ano.

b) Os organismos ou corpos de que dependa o persoal regulamentariamente considerados auxiliares para o mantemento da seguridade pública e a persecución da criminalidade poderán adquirir os cartuchos necesarios para a dotación, realización dos exercicios de tiro regulamentarios, e prácticas dos equipos de tiro constituídos formalmente. A autorización terá unha validez dun ano e será expedida pola Intervención Central de Armas e Explosivos da Dirección Xeral da Policía e a Garda Civil.

c) Os centros de formación que desexen adquirir a cartuchería necesaria para as prácticas das súas actividades docentes deberán estar provistos dun permiso especial expedido pola Intervención Central de Armas e Explosivos da Dirección Xeral da Policía e a Garda Civil, cuxa validez será dun ano. Requisito previo para a obtención do citado permiso será ter as medidas de seguridade para o almacenamento da cartuchería e das armas debidamente aprobadas pola Intervención Central de Armas e Explosivos.

d) O persoal en posesión de licenza F poderá adquirir para o seu consumo un número ilimitado de cartuchos sempre que o faga nas propias instalacións das federacións e sen

que os poida sacar do recinto destas. As federacións adoptarán as medidas de control adecuadas para evitar que os ditos cartuchos poidan saír ao exterior. A autorización terá unha validez dun ano e será expedida aos clubs ou federacións pola Intervención Central de Armas e Explosivos da Dirección Xeral da Policía e a Garda Civil. Requisito previo para a obtención do citado permiso será ter as medidas de seguridade para o almacenamento da cartuchería debidamente aprobadas pola Intervención Central de Armas e Explosivos.

e) Se o particular en posesión de licenzas A, B, D ou F desexase adquirir maior cantidade de cartuchos que as cotas establecidas anteriormente, deberá estar provisto dun permiso especial expedido pola Intervención de Armas e Explosivos da correspondente zona da Garda Civil, solicitado por conduto da intervención territorial, cuxa validez será dun ano.

f) O número máximo de cartuchos que se pode autorizar a un particular en cada autorización non poderá superar a cantidade do 10.000 do calibre 22 e 5.000 en total do resto dos calibres. Unha vez xustificando o consumo, poderanse autorizar novas cantidades.

4. Poderase adquirir un número ilimitado de cartuchos de caza non metálicos. En ningún caso se poderá ter en depósito un número superior a 5.000 unidades desta clase de cartuchos.

## TÍTULO VI

### Control de mercado

#### CAPÍTULO I

##### Disposicións xerais

Artigo 137. *Competencia para a realización do control de mercado.*

1. O obxecto do control de mercado é adoptar as medidas necesarias, ademais das dispostas noutros títulos deste regulamento, para garantir que os artigos pirotécnicos e a cartuchería só se poñan no mercado se, tendo sido almacenados de maneira adecuada e fixada a súa utilización para os fins previstos, non supoñen un perigo para a saúde nin para a seguridade das persoas.

2. O control de mercado corresponderá á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas. Esta dirección xeral poderá instrumentar as tarefas de control de mercado a través das áreas de Industria e Enerxía das delegacións do Goberno e encomendalo a entidades colaboradoras da Administración debidamente autorizadas de acordo co disposto neste regulamento.

3. O control de mercado realizarase regularmente mediante inspeccións dos produtos nos seus lugares de entrada no territorio da comunidade, de fabricación, de almacenamento e de venda.

#### CAPÍTULO II

##### Artigos pirotécnicos

Artigo 138. *Seguridade do produto.*

1. O control de mercado no ámbito deste regulamento consiste na realización de inspeccións sistemáticas do produto e a súa etiquetaxe, así como da comprobación do cumprimento dos requisitos esenciais de seguridade.

2. O control de mercado implica:

a) A realización de campañas de inspección e control, para a vixilancia do cumprimento da normativa.

b) No caso de artigos pirotécnicos provistos dunha marcación CE e utilizados para os fins previstos, poderanse tomar as medidas provisionais necesarias para localizar, inmovilizar e retirar do mercado, de ser o caso, os produtos que poidan supor un risco para a saúde ou a seguridade. Ademais, poderase prohibir a posta no mercado destes produtos ou restrinxir a súa libre circulación.

c) As medidas provisionais adoptadas de acordo co punto anterior poranse en coñecemento da Comisión Europea.

3. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas determinará os exames ou análises a que se someterán as mostras, tendo debidamente en conta a presunción de conformidade dos produtos provistos de marcación CE.

4. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas informará anualmente a Comisión Europea das súas actividades de control de mercado.

5. Cando, de resultas dunha cláusula de salvagarda interposta por un Estado membro en aplicación do artigo 16.1 da Directiva 2007/23/CE, a Comisión Europea ditamine e comunique aos Estados membros que unha medida provisional relativa a un artigo pirotécnico adoptada por outro Estado membro está xustificada, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas adoptará as medidas necesarias para velar por que o artigo pirotécnico que non é seguro sexa retirado do mercado nacional e informará a través da canle adecuada a Comisión Europea ao respecto.

De forma paralela, se a Comisión Europea ditamina e comunica aos Estados membros que unha medida provisional relativa a un artigo pirotécnico adoptada, de ser o caso, polo Reino de España non está xustificada, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas actuará de acordo co comunicado pola Comisión Europea e informará diso a través da canle adecuada.

6. Nos supostos de impugnación dunha norma harmonizada segundo o procedemento previsto nos artigos 8.4 e 16.2 da Directiva 2007/23/CE, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas adoptará as medidas que, de ser o caso, se deban levar a cabo relativas ás normas harmonizadas e á súa publicación, nos termos que sexan notificados pola Comisión Europea.

Artigo 139. *Produtos que entrañen riscos graves.*

Se a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas ten motivos suficientes para crer que un artigo pirotécnico entraña un risco grave para a saúde ou a seguridade das persoas, informará, a través da canle oportuna, a Comisión e o resto dos Estados membros diso e levará a cabo a avaliación adecuada. Informará, así mesmo, a Comisión e o resto dos Estados membros sobre os antecedentes e resultados da dita avaliación.

### CAPÍTULO III

#### Cartucharía

Artigo 140. *Seguridade do produto.*

1. A correspondencia entre o prototipo dun cartucho catalogado e o produto posto no mercado deberase acreditar por requirimento da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, que determinará os exames e as análises a que se someterán as mostras, de acordo coas disposicións deste regulamento.

2. No caso de cartucharía non conforme co autorizado, poderanse tomar as medidas provisionais necesarias para localizar, inmovilizar e retirar do mercado, de ser o caso, os produtos que poidan supor un risco para a saúde ou a seguridade. Ademais, poderase prohibir a posta no mercado destes produtos ou restrinxir a súa libre circulación.

## TÍTULO VII

**Uso de artigos pirotécnicos**

Artigo 141. *Uso dos artigos pirotécnicos das categorías 1, 2, 3, T1, P1 e mariña.*

1. Os artigos pirotécnicos das categorías 1, 2, 3, T1, P1 e mariña deberán ser manipulados e usados de acordo co seu fin previsto e co disposto nas instrucións de uso de cada un deles, sen prexuízo do disposto no artigo 121 e na disposición adicional sexta do real decreto en virtude do cal se aproba este regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, prohibese o uso de artigos das categorías 1 e 2 a menores de 12 e 16 anos respectivamente e das categorías 3, T1 e P1 a menores de 18 anos. Todo iso sen prexuízo do establecido na disposición adicional sexta do real decreto en virtude do cal se aproba este regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía.

3. Ademais, prohibese a mecanización por particulares de artificios pirotécnicos das categorías 1, 2, 3, T1 e P1, así como a súa iniciación por sistema eléctrico. Estes produtos deberán usar individualmente tal como se adquiriron e foron postos no mercado.

4. Do mesmo xeito, non se poderán almacenar máis de 15 quilogramos netos de materia regulamentada en artigos pirotécnicos das categorías 1, 2, 3, T1, P1 en domicilios particulares.

Artigo 142. *Artigos pirotécnicos das categorías 4, T2 e P2.*

1. Os artigos pirotécnicos das categorías 4, T2 e P2 deberán ser manipulados e usados de acordo co disposto na Instrución técnica complementaria número 8.

2. Unicamente poderán realizar espectáculos pirotécnicos as empresas titulares dun taller de preparación e montaxe que, ademais, dispoñan de un ou de varios expertos no seu cadro de persoal.

3. Para a manipulación e o uso destes artigos deberase estar en posesión do carné ou certificado de experto descrito nas especificacións técnicas 08.1, 08.2 e 08.3.

Artigo 143. *Uso de artificios pirotécnicos non postos no mercado.*

Os artigos pirotécnicos non postos no mercado deberán ser manipulados e usados de acordo co disposto na Instrución técnica complementaria número 18.

## TÍTULO VIII

**Importación, exportación, tránsito e transferencia**

## CAPÍTULO I

**Normas xerais**

Artigo 144. *Circulación.*

1. A importación, exportación, tránsito e transferencia de artigos pirotécnicos e cartucharía axustaranse ao establecido neste título e aos convenios internacionais subscritos por España, con observancia, en todo caso, do disposto na normativa alfandegueira. Non obstante, será de aplicación o establecido no Real decreto 2061/2008, do 12 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso, e no Regulamento (CE) n.º 428/2009 do Consello, do 5 de maio de 2009, polo que se establece un réxime comunitario de control das exportacións, a transferencia, a corretaxe e o tránsito de produtos de dobre uso.



2. Ademais do especificamente disposto neste título, á introdución de artigos pirotécnicos e cartucharía en territorio español seralle de aplicación o establecido nos títulos I, III, IV, VI e IX deste regulamento. Especialmente, as autoridades competentes velarán polo cumprimento das normas sobre transportes, envases e embalaxes contidas neste regulamento. As instrucións de seguridade, as autorizacións necesarias e as preceptivas marcas en produtos, cando proceda, e nos envases e embalaxes deberán estar redactadas polo menos en castelán.

Artigo 145. *Depósito regulamentario.*

1. Previamente ao despacho alfandegueiro, mentres non se regulariza a súa situación, os artigos pirotécnicos e a cartucharía almacenaranse en depósitos regulamentariamente autorizados de acordo co título III deste regulamento, previstos con anterioridade polo subministrador ou polo receptor, e comunicados coa debida antelación á Intervención Central de Armas e Explosivos da Garda Civil.

2. Se por calquera circunstancia, en canto a importación, exportación ou tránsito, non se chegan a cumprir os prazos de despacho alfandegueiro, e unha vez declarado o abandono definitivo das materias no expediente tramitado para o efecto, a mercadoría en cuestión será entregada á Delegación do Goberno correspondente. Se esta delegación transferise a dita mercadoría ao sector privado, deberanse cumprir os trámites e os requisitos previstos nas ordenanzas de alfándegas sobre alleamento de mercadorías abandonadas. En caso de se tratar de munición de guerra, a mercadoría será entregada ao Ministerio de Defensa.

## CAPÍTULO II

### Importación

Artigo 146. *Rexistro oficial de importadores.*

1. As persoas físicas ou xurídicas que pretendan desenvolver a actividade de importación de artigos pirotécnicos ou cartucharía deberán solicitar, con carácter previo, a súa inscrición no Rexistro Oficial de Importadores de Artificios Pirotécnicos e Cartucharía, á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

2. Esta inscrición estará condicionada á xustificación da capacitación técnica para a actividade que se pretenda desenvolver, dispoñibilidade de depósitos de produtos rematados autorizados e á apertura dunha póliza de responsabilidade civil para cubrir o que en cada caso puiden corresponder ao importador por calquera tipo de risco dos produtos importados.

Artigo 147. *Permiso previo de circulación.*

1. A importación de artificios pirotécnicos e cartucharía regulada neste regulamento desde países que non sexan Estados membros da Unión Europea estará suxeita ao réxime xeral que en cada momento regule a actividade e necesitará contar, ademais, cun permiso previo de circulación outorgado polo Ministerio do Interior, a través da Intervención Central de Armas e Explosivos da Garda Civil, e baseado nun informe favorable da Comisión Interministerial Permanente de Armas e Explosivos.

2. O permiso administrativo previsto no punto anterior, que terá unha validez de seis meses, deberá ser presentado aos servizos de alfándegas xunto co material a que se refira e acompañarao durante o seu transporte por territorio español ata o seu destino.

3. Na solicitude de importación deberase facer referencia, como mínimo, aos datos enumerados nos artigos 164 e 165, así como o lugar de depósito autorizado e o punto de entrada en territorio nacional.

4. O importador non poderá facer da mercadoría outro uso que aquel para o cal fose expresamente autorizado, conforme este regulamento.

Artigo 148. *Exencións.*

1. A cartucharía regulada no Real decreto 2061/2008, do 12 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso, queda exenta do cumprimento do disposto neste título e rexerese polo disposto no dito regulamento.

2. As importacións de artigos pirotécnicos e cartucharía que os ministerios de Defensa e do Interior efectúen para a súa utilización utilizando para o seu transporte e almacenamento medios propios quedan exentas do cumprimento do disposto no artigo anterior e deste título, ben que deberán ser previamente comunicadas ao Ministerio de Economía e Facenda e á Intervención Central de Armas e Explosivos da Garda Civil.

Artigo 149. *Guía de circulación para cartucharía metálica.*

1. Obtido o permiso a que se refire o artigo 147, o expedidor expedirá a carta de porte e o importador cubrirá a guía de circulación e xuntará o mencionado permiso. A Intervención de Armas e Explosivos da alfándega correspondente autorizará a dita guía de circulación e comunicará a importación realizada á Intervención Central de Armas e Explosivos da Garda Civil.

2. A Administración de alfándegas, antes de autorizar a entrada dos produtos regulados, comprobará o cumprimento de canto dispoñen os artigos anteriores, e para este efecto poderá solicitar a intervención dos servizos provinciais dos ministerios competentes para realizar as inspeccións que considere oportunas.

## CAPÍTULO III

### Exportación

Artigo 150. *Autorización de exportación.*

1. A exportación de cartucharía a países que non sexan Estados membros da Unión Europea estará suxeita ao réxime xeral que en cada momento regule a actividade e necesitará ser autorizada segundo o disposto no Real decreto 2061/2008, do 12 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de control do comercio exterior de material de defensa, doutro material e de produtos e tecnoloxías de dobre uso.

2. O órgano competente expedirá a autorización administrativa de exportación sinalada no punto anterior deste artigo, da cal remitirá o orixinal ao interesado, e copia á alfándega de saída e á Intervención Central de Armas e Explosivos da Garda Civil.

3. As exportacións que efectúe o Ministerio de Defensa no exercicio das súas competencias, utilizando para o transporte e almacenamento medios propios, quedan exentas do cumprimento das normas previstas nos puntos anteriores deste artigo, e rexeranse polas especiais que, en cada caso, sexan aplicables.

## CAPÍTULO IV

### Tránsito

Artigo 151. *Autorización de tránsito de orixe extracomunitaria.*

1. O tránsito por territorio nacional así como por augas e espazo aéreo en que España exerza soberanía, dereito soberano ou xurisdición, dos produtos regulados neste regulamento procedentes de países non integrantes da Unión Europea, necesitará ser obxecto de autorización previa e quedará sometido ao condicionado que se fixe nela.

2. Non se outorgará ningunha autorización se o solicitante non reside, non ten sucursal aberta ou non ten designado representante en territorio da Unión Europea responsable do tránsito.

Artigo 152. *Solicitud de autorización de tránsito de orixe extracomunitaria.*

1. A autorización solicitarase ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, cunha antelación mínima de cinco días hábiles, facendo constar na solicitude:

- a) Remitente, destinatario e persoa responsable en España da expedición. Lugares de orixe e destino.
- b) Clases de materias obxecto da expedición, con indicación da designación nacional e internacional de cada produto.
- c) Peso bruto e neto de cada clase de produtos e número de vultos ou paquetes en que se envían.
- d) Características dos envases e embalaxes.
- e) Alfándegas de entrada e saída de España e itinerario previsto, con indicación das paradas técnicas que, de ser o caso, se consideren necesarias e os almacenamentos de emerxencia previstos, de ser o caso.
- f) Medios de transporte e as súas características, identificados pola súa matrícula ou o seu número de contedor.

2. Á dita solicitude xuntase copia da documentación que ampare a expedición, emitida polo país de orixe.

Artigo 153. *Competencia do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.*

1. O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación dará conta da petición aos ministerios de Industria, Turismo e Comercio, de Defensa, de Economía e Facenda, e de Fomento, así como á Intervención Central de Armas e Explosivos da Garda Civil, con antelación suficiente, que non poderá ser inferior a dous días hábiles respecto ao da data prevista para a realización de tránsito, con obxecto de que poidan formular as observacións ou dispor os servizos que consideren necesarios.

2. Se procede, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación outorgará a autorización correspondente, na cal se determinará o condicionado a que queda sometida a expedición en tránsito, e todos os órganos indicados deberán dar traslado daquela.

Artigo 154. *Autorización de tránsito de orixe comunitaria.*

O tránsito por territorio nacional así como por augas e espazo aéreo en que España exerza soberanía, dereito soberano ou xurisdición e cooperación dos produtos regulados nesteregulamentoprocedentesdepaísesintegrantesdaUniónEuropea,independentemente do seu destino final, necesitará ser obxecto de autorización previa e quedará sometido ao condicionado que se fixe nela.

Artigo 155. *Solicitud de autorización de tránsito de orixe comunitaria.*

1. A autorización de tránsito de orixe comunitaria solicitarase da Intervención Central de Armas e Explosivos da Garda Civil, cunha antelación mínima de cinco (5) días hábiles, facendo constar na solicitude os datos enumerados no artigo 152.

2. Logo de informe da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a Intervención Central de Armas e Explosivos da Garda Civil, tras o exame da documentación presentada e a información achegada, e concretamente das condicións en que deberá ter lugar o tránsito, aprobará a realización deste se resulta garantida a seguridade cidadá.

Artigo 156. *Competencia da Intervención Central de Armas e Explosivos.*

A Intervención Central de Armas e Explosivos dará conta das autorizacións expedidas ás comandancias da Garda Civil, onde estean encadrados os puntos de entrada e saída do territorio nacional do tránsito en cuestión, co fin de efectuar cantos controis se consideren oportunos tendentes a garantir o mantemento da seguridade cidadá.

Artigo 157. *Acondicionamento das materias reguladas.*

En caso de que se realice o tránsito por vía terrestre e se prevexa algunha detención ou permanencia en territorio español, as materias reguladas deberán ir acondicionadas para permitir que sexan precintadas facilmente pola alfándega correspondente.

Artigo 158. *Medidas de seguridade.*

1. A Dirección Xeral de Policía e da Garda Civil comprobará que se tomen as medidas convenientes para a debida seguridade do tránsito, segundo o medio de transporte que se vaia empregar e a importancia da mercadoría.

2. Se, por avaría do medio de transporte ou por calquera outra causa imprevista, o tránsito non se puidese efectuar conforme os termos da autorización outorgada, a persoa responsable do tránsito porá inmediatamente os feitos acaecidos en coñecemento da Garda Civil, que os comunicará ao delegado do Goberno na comunidade autónoma para os efectos de que adopte as medidas que considere oportunas.

3. Cando a realización do tránsito ocasione gastos, incluídos os do persoal de escolta e custodia da expedición, o aboamento da taxa correspondente, na contía e forma que legalmente se determinen, será por conta de quen solicitou a autorización.

## CAPÍTULO V

### Transferencia

Artigo 159. *Disposicións xerais.*

1. Para os efectos do disposto neste capítulo, entenderase por transferencia todo desprazamento físico dos produtos regulados dentro do territorio da Unión Europea, exceptuados os desprazamentos que se realicen nun mesmo Estado.

2. Só se poderán transferir produtos regulados entre España e calquera outro Estado membro da Unión Europea e circular por España procedentes da propia Unión conforme o previsto na lexislación nacional e neste capítulo.

3. Antes da transferencia de produtos regulados, as autoridades competentes deberán comprobar que se cumpren os requisitos de seguridade xeral e da seguridade e protección públicas que establece este regulamento.

4. O disposto neste capítulo non será de aplicación aos artigos pirotécnicos e ás municións destinadas á súa utilización por parte das Forzas Armadas ou das forzas e corpos de seguridade do Estado de conformidade coa lexislación vixente, sempre que para o seu transporte e almacenamento utilicen medios propios.

5. Os controis que se leven a cabo, nos casos das transferencias reguladas neste capítulo, non se poderán realizar en concepto de controis fronteirizos senón no marco dos controis ordinarios aplicados no territorio nacional.

6. Á parte dos controis que poidan ser necesarios conforme a lexislación vixente, os destinatarios e subministradores dos produtos de transferencia deberán comunicar ás autoridades competentes calquera información de que dispoñan e que aquelas lles requiran porque poida ser útil para os efectos de garantir a seguridade das transferencias.

#### *Sección 1.ª Transferencia de artigos pirotécnicos*

Artigo 160. *Libre circulación.*

Sempre que se cumpran as disposicións deste regulamento non se poderá prohibir, restrinxir nin obstaculizar a libre circulación dos artigos pirotécnicos, sen prexuízo da normativa aplicable ao outorgamento de autorizacións que fixa este regulamento a fabricantes, distribuidores e importadores.

Artigo 161. *Transferencia directa.*

1. Cando se proxecte realizar unha transferencia de artigos pirotécnicos desde España a outro Estado membro da Unión Europea, o interesado solicitará autorización da operación á Intervención Central de Armas e Explosivos da Garda Civil, especificando:

- a) Nome e enderezo do vendedor e do comprador.
- b) Enderezo do lugar a que se enviará a mercadoría.
- c) Detalle dos artigos pirotécnicos que integran o envío.
- d) Medio de transferencia.
- e) Datas de saída e chegada previstas.

2. A citada Intervención Central de Armas e Explosivos expedirá unha autorización cuxa validez será de seis meses.

Artigo 162. *Transferencia inversa.*

1. Cando se trate dunha transferencia de artigos pirotécnicos a España procedente de calquera outro Estado membro da Unión Europea, o destinatario deberá solicitar autorización á Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil, incluíndo os datos seguintes:

- a) O nome e enderezo do subministrador e do destinatario, datos que deberán ser o suficientemente precisos para permitir pórse en contacto, en todo momento, cos interesados e para asegurarse de que ambos están oficialmente habilitados para actuar como tales.
- b) Os tipos, clases e cantidades de artigos pirotécnicos que se pretenden transferir e os seus números de rexistro.
- c) O medio de transporte e o itinerario que se deberá seguir en España, incluíndo a orixe e o lugar de destino.
- d) As datas de saída de orixe e chegada a destino previstas.

2. A Intervención Central de Armas e Explosivos verificará que o destinatario está legalmente autorizado para adquirir, utilizar ou almacenar os artigos pirotécnicos, por dispor das licenzas e autorizacións necesarias e, logo de informe da Comisión Interministerial Permanente de Armas e Explosivos, autorizará, se proceder, a transferencia expedíndolle ao interesado o correspondente documento de autorización, cuxa validez será de seis meses.

3. Esta autorización de transferencia deberá acompañar os artigos pirotécnicos desde a súa entrada en España ata o punto previsto de destino. Deberase presentar sempre que o requiran as autoridades competentes.

*Sección 2.<sup>a</sup> Transferencia de cartuchería*

Artigo 163. *Transferencia directa.*

1. Cando se proxecte realizar unha transferencia de cartuchería desde España a outro Estado membro da Unión Europea, o interesado solicitará autorización á Intervención Central de Armas e Explosivos da Garda Civil, facilitando os seguintes datos:

- a) O nome e enderezo do vendedor e do comprador e, de ser o caso, do propietario.
- b) Nacionalidade dos anteriores.
- c) O enderezo do lugar ao cal se enviará ou transportará a cartuchería.
- d) O número de cartuchos que integren o envío ou o transporte.
- e) O medio de transferencia.
- f) As datas de saída e de chegada previstas.
- g) Non será necesario comunicar a información recollida nas alíneas d) e e) anteriores nos casos de transferencia entre armeiros, incluíndose nestes os fabricantes.

2. De a Intervención Central de Armas e Explosivos autorizar a transferencia, expedirá un permiso, cunha validez de seis meses, no cal se farán constar todos os datos recollidos no punto 1 deste artigo. Este permiso deberá acompañar a cartuchería ata o seu destino e deberase presentar por petición das autoridades competentes. O seu contido deberá ser comunicado ao país de destino e, de ser o caso, aos países de tránsito.

Artigo 164. *Transferencia inversa.*

1. Cando se trate dunha transferencia de cartuchería desde outro Estado membro da Unión Europea a España, o subministrador ou o destinatario, antes da expedición da mercadoría, presentará o permiso de transferencia expedido polas autoridades do Estado de procedencia e solicitará a autorización correspondente á Intervención Central de Armas e Explosivos da Garda Civil. A citada intervención central expedirá unha autorización previa de transferencia cunha validez de seis meses.

2. A dita autorización deberá acompañar a cartuchería durante a súa circulación por territorio nacional e, en todo caso, realizada a transferencia, notificarase a operación á Intervención de Armas e Explosivos correspondente ao lugar de destino.

Artigo 165. *Transferencias sen autorización.*

Poderáselles conceder aos titulares das armarías o dereito a efectuar transferencias de cartuchería con destino a armarías establecidas noutro Estado membro da Unión Europea sen necesidade da autorización a que se refire o artigo 163. Para tal fin, a Intervención Central de Armas e Explosivos da Garda Civil expedirá unha autorización válida para un período máximo de tres anos que poderá ser suspendida ou anulada en calquera momento mediante decisión motivada. Unha copia desta comunicación, visada de conformidade pola Intervención Central de Armas e Explosivos, que se deberá presentar por requirimento das autoridades competentes, deberá acompañar as transferencias de cartuchería ata o seu destino. Antes de efectuaren a transferencia, os titulares das armarías comunicarán á Intervención Central de Armas e Explosivos da Garda Civil todos os datos mencionados no punto 1 do artigo 163.

## TÍTULO IX

### Transporte

## CAPÍTULO I

### Normas xerais

Artigo 166. *Regulación.*

1. O transporte dos artigos pirotécnicos e a cartuchería rexerase polo establecido na regulamentación vixente para o medio de transporte correspondente e, no seu defecto, polas prescricións establecidas neste título.

2. O transporte de residuos de artigos pirotécnicos e de cartuchería rexerase polas normas de transporte de residuos e, de ser o caso, de transporte de residuos perigosos vixentes, en concreto o disposto na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, e as súas disposicións de desenvolvemento.

Artigo 167. *Normas xerais.*

1. Para os efectos do disposto neste título, quedarán incluídos no ámbito de transporte o porte propiamente dito e as operacións de carga, descarga e manipulación complementarias, así como os medios empregados nas citadas operacións.

2. Poderanse transportar conxuntamente con pasaxeiros, salvo en transportes colectivos de viaxeiros, ata 100 cartuchos metálicos e 300 cartuchos de caza ou similares por cada usuario. Para a participación en competicións deportivas, poderase permitir o



transporte dunha cantidade maior de cartuchos, logo de autorización da Intervención Central de Armas e Explosivos da Garda Civil.

3. Poderanse transportar en vehículos particulares artificios pirotécnicos das categorías 1, 2, 3, T1, P1, uso na mariña e destinados ao uso previsto na Instrución técnica complementaria número 18, ata un total de 15 quilogramos netos de materia regulamentada. Tamén se poderán transportar en cada vehículo particular as cantidades de cartucharía descritas no artigo 136 como almacenamento autorizado, é dicir, ata 150 cartuchos metálicos para arma curta, 200 para arma longa e ata 5.000 de cartucharía non metálica.

4. Os particulares que estean autorizados para a recarga de cartucharía metálica poderán transportar por medios propios ata 1 quilogramo de pólvora. Isto aplicarase igualmente aos que exerzan a actividade de recarga de cartucharía non metálica.

5. Durante as operacións comprendidas no transporte das materias reguladas estará prohibido fumar, portar mistos ou calquera outro dispositivo produtor de chamas, substancias que se poidan inflamar, armas de fogo e municións, salvo o armamento regulamentario correspondente aos responsables do transporte.

6. Están permitidas as operacións de carga, descarga e manipulación necesarias para a utilización dos produtos pirotécnicos, dentro da poboación en que tal utilización teña lugar, se se conta con medios adecuados de iluminación, de se efectuar pola noite.

Artigo 168. *Inspección.*

En todo momento, os produtos regulados encontraranse sometidos á inspección da autoridade e, tratándose de cartucharía metálica en cantidade superior a 5.000 unidades e mecha para uso en pirotecnia, baixo a protección de vixilantes regulamentariamente habilitados, conforme o disposto na Instrución técnica complementaria número 11.

Artigo 169. *Equipamentos de carga e descarga de produtos.*

Os equipamentos de traballo utilizados nas operacións de carga e descarga de produtos regulados deben cumprir os requisitos e as disposicións legais que lles sexan de aplicación.

Artigo 170. *Documentación exigida.*

1. O transporte de produtos regulados deberá estar amparado pola documentación exigida polos regulamentos aplicables ao medio de transporte utilizado e pola que, de ser o caso, se exixa por este regulamento para permitir a súa circulación.

2. A dita documentación deberá acompañar a expedición en todo o seu percorrido. O destinatario recibiráa ao se facer cargo da mercadoría, e deberá conservala durante tres anos á disposición da autoridade competente.

## CAPÍTULO II

### Guía de circulación de cartucharía metálica

Artigo 171. *Documentación requirida.*

1. O transporte de cartucharía metálica entre dous puntos do territorio nacional exixirá, ademais do requirido polos regulamentos de transporte, a seguinte documentación:

- a) Guía de circulación, autorizada pola Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil do punto de orixe da expedición.
- b) Carta de porte ou documento equivalente.

2. Expediranse tantas guías de circulación como pedidos diferentes comprenda unha expedición.

3. Non se requirirá guía de circulación para o transporte de cartucharía, pólvora ou pistóns cando sexa realizado persoalmente por titulares de licenzas de armas ou con

autorización de recarga de cartucharía ou de coleccionista, dentro dos límites fixados nos artigos 104 e 136.

#### Artigo 172. *Guía de circulación.*

A guía de circulación é o documento que ampara o desprazamento de cartucharía metálica entre dous puntos do territorio nacional e en todo momento debe acompañar o seu transporte. O seu outorgamento poderase condicionar ao cumprimento das medidas de seguridade cidadá de acordo coas normas que se establecen para o efecto na instrución técnica complementaria número 11. As citadas guías de circulación da cartucharía metálica axustaranse ao disposto na Orde INT/3543/2007, do 29 de novembro, pola que se modifica e determina o modelo, contido e formato da guía de circulación para explosivos e cartucharía metálica, e dítanse instrucións para a súa confección.

### CAPÍTULO III

#### **Transporte por estrada**

#### Artigo 173. *Regulación.*

1. O transporte por estrada dos produtos regulados realizado integramente en territorio español axustarase ao disposto no Real decreto 551/2006, do 5 de maio, polo que se regulan as operacións de transporte de mercadorías perigosas por estrada en territorio español. Así mesmo, deberanse cumprir as normas establecidas polo Acordo Europeo sobre o Transporte internacional de mercadorías perigosas por estrada (ADR) que estea en vigor cando os transportes sexan realizados entre dous países asinantes do dito acordo.

2. Ao transporte de cartucharía metálica en cantidade superior a 5.000 unidades, e superior a 12.000 no caso do calibre 22, así como de mecha explosiva con destino a fabricación de artigos pirotécnicos, sempre que o transporte da materia se realice cortada en anacos que non superen os 45 centímetros de lonxitude e a cantidade de materia neta regulamentada transportada non supere os 450 quilogramos, tamén lle será de aplicación o disposto na Instrución técnica complementaria número 11 deste regulamento así como na Lei 23/1992, do 30 de xullo, de seguridade privada, e no Real decreto 2364/1994, do 9 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de seguridade privada.

#### Artigo 174. *Competencias.*

A competencia nas materias reguladas por este capítulo corresponderá aos seguintes departamentos:

1. Ao Ministerio do Interior, respecto das normas de circulación, conducción e acompañamento dos vehículos e, especialmente, canto á regulación dos lugares de carga e descarga, e de estacionamento, itinerarios e horarios a que se deba axustar o transporte por estrada, en zonas urbanas e núcleos de poboación, e réxime de vixilancia do transporte.

2. Ao Ministerio de Fomento, sen prexuízo das competencias atribuídas ás comunidades autónomas en virtude do disposto na Lei orgánica 5/1987, do 30 de xuño, sobre delegación de facultades do Estado nas comunidades autónomas en relación co transporte por estrada e cable, respecto da documentación de transporte (carta de porte), distintivos, etiquetas e sinalización dos vehículos así como o control e vixilancia do seu cumprimento en coordinación co Ministerio do Interior, ás autorizacións para se dedicar a efectuar transportes, coa fixación de itinerarios se for necesario, coordinándoos previamente cos organismos competentes en materia de tráfico, á limitación das cantidades transportadas por unidade de transporte en relación ás súas características e estado, acondicionamento e estiba da carga, ao relacionado co uso das infraestruturas a cargo do departamento por onde discorra o transporte e á admisión, almacenamento e manipulación na zona de servizos dos portos e aeroportos.

3. Ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, respecto das características técnicas dos vehículos e recipientes utilizados no transporte e ás probas ou inspeccións periódicas a que estes se deban someter.

Artigo 175. *Paradas.*

1. Evitarase no posible efectuar paradas non previstas, así como atravesar poboacións e pasar por zonas de gran densidade de tráfico, debendo, en todo caso, cumprir coas normas e itinerarios de mercadorías perigosas.

2. En caso de detención por avaría, accidente ou calquera outra causa que racionalmente faga presumible un estacionamento prolongado do vehículo distinta ás necesidades do servizo, adoptaranse as medidas de precaución que se consideren necesarias en atención ás circunstancias do lugar e á natureza das substancias transportadas, dando conta inmediata ao posto da Garda Civil máis próximo.

Artigo 176. *Disposicións xerais.*

1. Queda prohibido ao persoal de condución e auxiliar abrir envases que conteñan substancias regulamentadas, salvo que sexan requiridos pola autoridade competente.

2. Salvo nos casos en que estea autorizada a utilización do motor para o funcionamento de bombas e outros mecanismos que permitan ou faciliten a carga ou descarga do vehículo, o motor deberá estar parado ao realizar estas operacións.

#### CAPÍTULO IV

#### Transporte por ferrocarril

Artigo 177. *Regulación.*

O transporte por ferrocarril dos produtos regulados realizado integramente en territorio español axustarase ao disposto no Real decreto 412/2001, do 20 de abril, polo que se regulan diversos aspectos relacionados co transporte de mercadorías perigosas por ferrocarril. Así mesmo, deberanse cumprir as normas establecidas no Regulamento para o transporte internacional de mercadorías perigosas por ferrocarril (RID), se é o caso.

Artigo 178. *Competencias.*

A competencia das materias reguladas por este capítulo corresponderá aos seguintes departamentos:

1. Ao Ministerio do Interior, canto ao réxime de vixilancia no transporte e á carga e descarga e estacionamento.

2. Ao Ministerio de Fomento, naqueles aspectos que non estean expresamente atribuídos a outros departamentos.

3. Ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, respecto das características técnicas dos vagóns e recipientes utilizados no transporte e á clasificación e compatibilidade das materias transportadas.

Artigo 179. *Normas xerais.*

1. As operacións de carga e descarga débense efectuar na zona máis apartada posible dos locais aos cales o público teña acceso, así como das oficinas, talleres, cocheiras ou hangares de mercadorías. O lugar escollerase de maneira que evite ao máximo a necesidade de atravesar as vías cos vultos ou envases.

2. Os vehículos que transportan substancias reguladas aproxímanse, sempre que sexa posible, ata un punto desde o cal se poida realizar o transbordo directo ao vagón. Análogo sistema seguirase respecto dos vehículos que deban retirar as mercadorías.

3. Durante as operacións de carga e descarga, os vehículos cargados que estean en espera permanecerán a unha distancia prudencial do vagón no cal se realizan estas operacións, non inferior a cen metros.

## CAPÍTULO V

### Transporte marítimo, fluvial e en encoros

#### Artigo 180. *Regulación.*

O transporte marítimo, fluvial e en encoros das materias reguladas aterase, con carácter xeral, ao establecido en convenios e códigos internacionais, no Regulamento nacional de admisión, manipulación e almacenamento de mercadorías perigosas nos portos, aprobado polo Real decreto 145/1989, do 20 de xaneiro, no Real decreto 210/2004, do 6 de febreiro, polo que se establece un sistema de seguimento e de información sobre o tráfico marítimo, e nas demais disposicións vixentes que lle sexan de aplicación.

#### Artigo 181. *Competencias en transporte marítimo.*

A competencia das materias reguladas por este capítulo corresponderá aos seguintes departamentos:

1. Ao Ministerio do Interior, en canto ao réxime de vixilancia nas operacións de carga, descarga e medidas de seguridade para o almacenamento en porto.
2. Ao Ministerio de Fomento, naqueles aspectos que lle estean expresamente atribuídos, e especificamente na regulación da admisión, manipulación e almacenamento na zona de servizo dos portos.
3. Ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, respecto aos envases e embalaxes autorizados e á clasificación e compatibilidade das materias regulamentadas.

#### Artigo 182. *Vixilancia.*

As autoridades competentes controlarán o transporte marítimo das materias reguladas dentro da zona da súa xurisdición. Corresponderá ás ditas autoridades outorgar as autorizacións que se requiran para efectuar a dita actividade.

#### Artigo 183. *Custodia.*

1. A autoridade competente exercerá a supervisión da custodia das citadas materias e das actividades con elas relacionadas, mentres se encontren no recinto portuario.
2. O capitán ou patrón quedará responsabilizado delas desde o momento en que fosen embarcadas, sen prexuízo da facultade da autoridade competente para realizar as inspeccións e adoptar as prevencións que estime convenientes.

#### Artigo 184. *Xurisdición das augas.*

1. Toda embarcación que transporte materias reguladas deberá observar dentro das augas en que España exerce soberanía, dereitos soberanos ou xurisdición, as prescricións sinaladas neste capítulo.
2. As autoridades competentes poderán inspeccionar as citadas embarcacións, dentro da zona sinalada, e comprobar a observancia dos requisitos regulamentados.

#### Artigo 185. *Condicións xerais.*

1. Ningunha embarcación se poderá abarloada a outra cargada con materias reguladas sen autorización previa e escrita do capitán marítimo e a conformidade de ambos os capitáns.

2. A autoridade portuaria outorgará prioridade ás actividades e manobras que deberan realizar os citados buques co obxecto de que a súa estada en porto sexa o máis reducida posible.

Artigo 186. *Documentación.*

Ao entrar no recinto portuario, o encargado do transporte presentará a documentación correspondente e a autorización de embarque das mercadorías ante a autoridade portuaria correspondente. Esta comunicará a chegada das ditas mercadorías ao porto á autoridade competente, que, logo das comprobacións oportunas, confirmará a autorización, establecendo, se é o caso, as prescricións adicionais que sexan necesarias.

Artigo 187. *Carga e descarga.*

As materias reguladas deberán ser cargadas ou descargadas directamente de buque a vehículo ou viceversa. En ningún caso se deberán almacenar sobre peirao ou almacéns. Pódese eximir desta norma cando se trate de cartucharía non metálica ou outras municións de seguridade.

Artigo 188. *Competencias en transporte fluvial e encoros. Disposicións xerais.*

1. Os organismos de bacía competentes controlarán a navegación fluvial e en encoros das materias reguladas.

Correspóndelles aos organismos de bacía, logo de informe da Intervención Central de Armas e Explosivos da Garda Civil, o outorgamento das autorizacións de navegación e para o establecemento de embarcadiros necesarios para o exercicio da dita actividade.

2. O disposto no punto anterior deste artigo entenderase con suxeición á competencia do Ministerio de Fomento no referente ás condicións de embarque, carga e descarga así como dos requisitos dos buques e do transporte propiamente dito, conforme o disposto na lexislación vixente.

3. A autorización de navegación esténdese ás operacións de carga e descarga, operacións que se deberán axustar ás normas xerais vixentes ao respecto e ás condicións específicas que se establezan na dita autorización.

4. A carga e descarga das citadas materias soamente se poderá realizar desde os correspondentes embarcadiros ata a embarcación e viceversa.

5. Soamente poderán manexar ou gobernar as embarcacións destinadas a este tipo de transporte as persoas que estean provistas do correspondente título, outorgado polo Ministerio de Fomento.

## CAPÍTULO VI

### Transporte aéreo

Artigo 189. *Regulación.*

O transporte aéreo das materias reguladas aterase, con carácter xeral, ao establecido nas instrucións técnicas para o transporte sen riscos de mercadorías perigosas por vía aérea da OACI que estea en vigor.

Artigo 190. *Competencias.*

A competencia das materias reguladas polo presente capítulo corresponderá aos seguintes departamentos:

1. Ao Ministerio do Interior, en canto ao réxime de vixilancia no transporte nacional e nas operacións de carga e descarga en aeroportos así como as medidas de seguridade no almacenamento.

2. Ao Ministerio de Fomento, naqueles aspectos que non estean expresamente atribuídos a outros departamentos, e especificamente nas operacións de carga e descarga na zona de servizo dos aeroportos.

3. Ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, respecto aos envases e embalaxes autorizados e á clasificación e compatibilidade de estiba das materias transportadas.

#### Artigo 191. *Disposicións xerais.*

1. Os directores de aeroporto controlarán o transporte das materias reguladas dentro da zona da súa xurisdición.

2. Os directores de aeroporto serán responsables das actividades relacionadas coas materias reguladas, mentres se encontren dentro dos límites do aeroporto, podendo realizar, en calquera momento, cantas inspeccións consideren convenientes.

3. O comandante da aeronave quedará responsabilizado das ditas materias, sempre que se fixese cargo da aeronave para emprender o voo, e ata que, finalizado este, fixese entrega da carga.

4. Ao efectuar a entrada no aeroporto, o responsable do transporte presentará a guía de circulación e a autorización de embarque das mercadorías ao director do aeroporto, o cal, logo das comprobacións que ordene levar a efecto, confirmará, se é o caso, a autorización, establecendo, se houber lugar a iso, as prescricións adicionais que sexan necesarias.

5. Cando unha aeronave transportase as materias reguladas, en situación de tránsito, e aterrase para reparar avarías ou abastecerse de combustible, deberase estacionar na zona especificamente prevista ao respecto.

6. Tanto se as materias citadas foran descargadas, e almacenadas conforme o previsto neste regulamento, como se permanecesen na aeronave, quedarán debidamente custodiadas.

#### Artigo 192. *Zona de carga e descarga.*

1. Nos aeroportos en que habitualmente se carguen ou descarguen materias reguladas existirá unha zona reservada para o efecto, convenientemente delimitada, sinalizada e illada do resto das instalacións, das cales quedará separada por unha distancia de seguridade que será determinada pola autoridade competente, segundo as características de cada aeroporto.

2. Na dita zona efectuarase o aparcamento das aeronaves que transporten as ditas materias, así como as operacións de carga e descarga ou calquera outra manipulación daquelas.

3. Esta zona estará provista dos equipamentos de detección e de extinción de incendios que determine a autoridade, co fin de previr e, se é o caso, poder facer fronte a calquera incendio que se produza.

4. Nas edificacións afectas ao servizo da zona reservada observarase, no que lles sexa aplicable, o disposto neste regulamento.

5. Nos aeroportos que non estean dotados da zona reservada sinalada nos puntos anteriores, habilitarase un lugar idóneo, que reúna as indispensables condicións de seguridade, especialmente no que concirne á distancia de separación respecto das demais instalacións do aeroporto.

#### Artigo 193. *Vehículos.*

1. Os vehículos que transporten materias reguladas que vaian ser embarcadas aproximaranse, sempre que sexa posible, ata un punto desde o cal se poida efectuar o transbordo directo daquelas ao avión.

2. Análogo sistema seguirase respecto dos vehículos en que se deban retirar as mercadorías desembarcadas.



Artigo 194. *Helicópteros.*

1. Tamén se poderá efectuar o transporte aéreo de materias reguladas a través de helicópteros, que se regularán, mentres lle sexa aplicable, polo disposto neste capítulo.
2. O Ministerio de Fomento determinará as clases e cantidades de substancias regulamentadas que poden ser transportadas nos distintos tipos de helicópteros.
3. Os helicópteros que transporten estas substancias deberán ir provistos dos equipamentos necesarios para a detección e extinción de incendios.

## TÍTULO X

### Réxime sancionador

#### CAPÍTULO I

#### Infraccións e sancións

Artigo 195. *Infraccións leves.*

As seguintes condutas serán consideradas infraccións leves:

1. A omisión ou insuficiencia nas medidas de seguridade para a custodia da documentación relativa ás materias reguladas, cando dea lugar á súa perda ou subtracción.
2. A omisión do deber de denunciar ante a Intervención de Armas a perda ou sustancia de documentación relativa ás materias reguladas.
3. A omisión da obriga de remitir á Administración os partes e demais documentos relativos ás materias reguladas nos ámbitos da seguridade industrial ou cidadá.
4. A omisión de datos nas comunicacións que é obrigatorio remitir á Administración, relativas ás materias reguladas nos ámbitos da seguridade industrial ou cidadá.
5. As irregularidades na consignación dos libros e rexistros obrigatorios relativos ás materias reguladas, que impliquen omisión ou insuficiencia das medidas necesarias para garantir a conservación da documentación requirida.
6. A desobediencia dos mandatos da autoridade competente ou dos seus axentes sempre que se axusten á normativa vixente, no exercicio da misión que teñen legalmente encomendada respecto das materias reguladas.
7. Todas aquelas condutas que non estando cualificadas como moi graves ou graves, constitúan incumprimentos das obrigas ou vulneración das prohibicións establecidas na Lei orgánica 1/1992, sobre protección da seguridade cidadá ou leis especiais.
8. O incumprimento dos requisitos establecidos para as entidades colaboradoras da Administración no ámbito da seguridade industrial.
9. O incumprimento dos requisitos, obrigas ou prohibicións establecidos neste regulamento que non se tipifiquen como faltas graves ou moi graves.

Artigo 196. *Infraccións graves.*

As seguintes condutas serán consideradas infraccións graves:

1. A fabricación, almacenamento, venda, adquisición ou alleamento, tenza ou uso das materias reguladas, se se carece da documentación ou das autorizacións necesarias.
2. A fabricación, almacenamento, venda, distribución e uso das materias reguladas catalogadas, en cantidade maior que a autorizada.
3. A omisión ou insuficiencia na adopción ou na eficacia das medidas de seguridade ou precaucións obrigatorias para a custodia das materias regulamentadas.
4. A omisión ou insuficiencia na adopción ou na eficacia das medidas de seguridade industrial na fabricación, almacenamento, tenza ou utilización das materias reguladas.
5. A circulación ou transporte das materias reguladas, sen cumprir os requisitos establecidos canto a medidas de seguridade cidadá ou seguridade industrial.

6. A alegación de datos ou circunstancias falsos, para a obtención de autorizacións ou documentacións relativas ás materias reguladas.

7. A negativa ás autoridades competentes ou os seus axentes de acceso a talleres, medios de transportes, depósitos e demais establecementos relativos ás materias reguladas, no exercicio das misións encomendadas.

8. A obstaculización das inspeccións que pretendan levar a cabo as autoridades competentes ou os seus axentes en talleres, medios de transporte, depósitos e demais establecementos relativos ás materias reguladas no exercicio das misións encomendadas.

9. O inicio ou realización de calquera actividade relacionada coas materias reguladas sen a autorización pertinente.

10. A apertura ou funcionamento de calquera establecemento, ou o inicio ou realización de calquera actividade relacionada coas materias reguladas, sen adoptar as medidas de seguridade obrigatorias, ou cando estas sexan insuficientes.

11. A carencia dos libros ou rexistros que sexan obrigatorios, respecto das materias reguladas.

12. O uso de calquera outra marcación que poida inducir a confusión coa marcación CE nos artigos pirotécnicos.

13. O incumprimento reiterado dos requisitos establecidos para as entidades colaboradoras da Administración no ámbito da seguridade industrial.

14. A comisión dunha terceira infracción leve no prazo dun ano.

#### Artigo 197. *Infraccións moi graves.*

As seguintes condutas serán consideradas infraccións moi graves:

1. As condutas tipificadas nos puntos 1 e 4 do artigo anterior se, como consecuencia delas, se causan graves prexuízos ás persoas ou aos seus bens.

2. As condutas tipificadas nos puntos 3 e 5 do artigo anterior se, como consecuencia delas, produce a perda ou subtracción de materias reguladas.

3. O uso ilícito da marcación CE, cando desta resulte un dano moi grave ou derive un perigo moi grave e inminente para as persoas, a flora, a fauna, as cousas ou o ambiente.

4. A incorrecta execución polo organismo notificado das actuacións que se lle encomendan, así como continuar certificando unha vez retirada a correspondente notificación, cando de tal conduta resulte un dano moi grave ou derive un perigo moi grave e inminente para as persoas, a flora, a fauna, as cousas ou o ambiente.

5. A comercialización ou posta no mercado de produtos que comprometan a seguridade e protección dos consumidores así como dos usuarios profesionais finais.

6. O incumprimento dos requisitos establecidos para os organismos notificados, cando deste resulte un dano moi grave ou derive un perigo moi grave e inminente para as persoas, a flora, a fauna, as cousas ou o ambiente.

#### Artigo 198. *Sancións.*

1. As condutas tipificadas como infraccións leves nos puntos 1, 2, 5, 6 e 7 do artigo 195 serán sancionadas con multa de ata 300 euros. A conduta tipificada como infracción leve no punto 8 do artigo 195 será sancionada con multa de ata 3.000 euros. As condutas tipificadas como infraccións leves nos puntos 3, 4 e 9 do artigo 195 serán sancionadas con multa de ata 300 euros ou de ata 3.000 euros segundo se se refiran a aspectos de seguridade cidadá ou de seguridade industrial, respectivamente.

2. As condutas tipificadas como infraccións graves nos puntos 1, 2, 3, 6, 11, e 14 do artigo 196 serán sancionadas con multa desde 301 euros ata 30.000 euros. As condutas tipificadas como infraccións graves nos puntos 4, 12 e 13 do artigo 196 serán sancionadas con multa desde 3.001 euros ata 90.000 euros. As condutas tipificadas como infraccións graves nos puntos 5, 7, 8, 9 e 10 do artigo 196 serán sancionadas con multa desde 301 euros ata 30.000 euros ou con multa desde 3.001 euros ata 90.000 euros segundo se se refiran a aspectos de seguridade cidadá ou de seguridade industrial, respectivamente.

Ademais, as condutas tipificadas nos puntos 1, 2 e 12 do artigo 196 serán sancionadas co comiso de todo o material apreendido ou de toda aquela cantidade de material que exceda, se é o caso, da cantidade autorizada.

Pola súa vez, a conduta tipificada no punto 13 do artigo 196 será tamén sancionada coa retirada temporal da autorización de ata 1 ano.

3. As condutas tipificadas como infraccións moi graves no artigo 197 serán sancionadas con multa desde 30.001 ata 600.000 euros ou con multa desde 90.001 euros ata 600.000 euros segundo se refiran a aspectos de seguridade cidadá ou de seguridade industrial, respectivamente.

Ademais, a conduta tipificada no punto 1 do artigo 197 será sancionada, se é o caso, co peche do establecemento onde se produza a infracción por un período de seis meses e un día a dous anos.

De igual forma, a conduta tipificada no punto 2 do artigo 197 será sancionada, se é o caso, co peche do establecemento onde se produza a infracción, ou empresa de transporte, por un período de seis meses e un día a dous anos, sempre que a cantidade subtraída ou perda, o modo ou autores da subtracción provoquen alarma social.

Pola súa vez, a conduta tipificada no punto 3 do artigo 197 será sancionada, se é o caso, co comiso do material correspondente.

A conduta tipificada no punto 6 do artigo 197 será tamén sancionada, se é o caso, coa suspensión da actividade ou o peche do establecemento por un prazo máximo de cinco anos.

#### Artigo 199. *Prescripción das infraccións.*

1. As infraccións administrativas recollidas nos artigos anteriores que se refiran a aspectos de seguridade cidadá prescribirán aos tres meses, ao ano ou aos dous anos de terse cometido, segundo sexan leves, graves ou moi graves, respectivamente.

2. As infraccións administrativas recollidas nos artigos anteriores que se refiran a aspectos de seguridade industrial prescribirán ao ano, aos tres anos ou aos cinco anos de terse cometido, segundo sexan leves, graves ou moi graves, respectivamente.

#### Artigo 200. *Prescripción das sancións.*

1. As sancións prescribirán ao ano, dous anos ou catro anos, segundo que as correspondentes infraccións que se refiran a aspectos de seguridade cidadá fosen cualificadas de leves, graves ou moi graves, respectivamente.

2. As sancións prescribirán ao ano, aos tres anos ou aos cinco anos, segundo que as correspondentes infraccións que se refiran a aspectos de seguridade industrial fosen cualificadas de leves, graves ou moi graves, respectivamente.

## CAPÍTULO II

### Procedemento sancionador

#### Artigo 201. *Procedemento sancionador.*

1. Non se poderá impoñer ningunha sanción polas infraccións previstas, senón en virtude de procedemento instruído para o efecto e de acordo cos principios de audiencia ao interesado, economía, celeridade e sumariedade. Este procedemento rexerese polo disposto nos artigos 31 ao 39 da Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, sobre protección da seguridade cidadá e no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

2. Non se imporán sancións de suspensión temporal das autorizacións dos talleres, locais ou establecementos, sen previo informe favorable do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

3. A conduta tipificada no punto 1 do artigo 196 suporá, se é o caso, o peche do establecemento onde se produza a infracción por un período non superior a seis meses,

mentres que as condutas tipificadas nos puntos 3, 4 e 10 do artigo 196 suporán igualmente, se é o caso, o peche do establecemento onde se produza a infracción mentres non se establezan as medidas de seguridade ou se emenden as anomalías existentes. En todo caso, o peche temporal dos establecementos será acordado polo delegado do Goberno logo de informe preceptivo tanto a Intervención Central de Armas e Explosivos da Garda Civil como a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

4. En materia de seguridade laboral aplicarase o establecido na lexislación vixente aplicable e, en particular, no Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

#### Artigo 202. *Competencias.*

1. Corresponderá a competencia para a instrución dos procedementos sancionadores:

a) Ao órgano dos servizos centrais da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, que sexa competente, de acordo coas disposicións reguladoras da organización da dita Dirección Xeral, para a instrución dos procedementos por infracción moi grave.

b) Aos xefes de zona da Garda Civil, respecto dos procedementos sancionadores cuxa resolución corresponda ao director xeral da Policía e da Garda Civil.

c) Á Subdirección Xeral de Minas, respecto dos procedementos sancionadores de infraccións moi graves cuxa resolución corresponda ao director xeral de Política Enerxética e Minas.

d) Aos directores de área e xefes de dependencia de Industria e Enerxía nos procedementos sancionadores de infraccións graves ou leves en materia de seguridade industrial ou de control de produtos de mercado, cuxa resolución corresponda ao director xeral de Política Enerxética e Minas ou ao delegado do Goberno.

2. A competencia para ditar a correspondente resolución e impoñer as sancións determinadas nos artigos anteriores exerceráa:

a) O Consello de Ministros, para a imposición de calquera das sancións moi graves con multa superior a 300.001 euros.

b) O ministro do Interior, para impoñer multas de 150.001 euros ata 300.000 euros por infraccións moi graves en materia de seguridade cidadá.

c) O ministro de Industria, Turismo e Comercio, para impoñer multas de 150.001 euros ata 300.000 euros por infraccións moi graves en materia de seguridade industrial.

d) O director xeral da Policía e da Garda Civil, para impoñer calquera das sancións por infraccións graves e moi graves con multa de ata 150.000 euros, en materia de seguridade cidadá.

e) O director xeral de Política Enerxética e Minas, para impoñer calquera das sancións por infraccións graves e moi graves con multa de ata 150.000 euros, en materia de seguridade industrial e control de produtos de mercado.

f) Os delegados do Goberno, para impoñer calquera das sancións por infraccións leves.

g) Os alcaldes, para impoñer calquera das sancións por infraccións leves en materia de tenza e uso na vía pública de artificios pirotécnicos por particulares.

#### Artigo 203. *Cartucharía comisada.*

1. A cartucharía comisada de acordo co disposto no artigo 198, como consecuencia dunha infracción administrativa, pasará a poder do Estado, que, a través do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a entregará ás forzas armadas ou corpos da Garda Civil ou Nacional de Policía, cando poidan ser de utilidade para o desempeño das súas funcións.

2. Durante a instrución do expediente sancionador e, se é o caso, durante a execución da sanción imposta, a cartucharía intervida depositarase nun establecemento debidamente habilitado, á disposición da autoridade competente para sancionar.

Artigo 204. *Artigos pirotécnicos comisados.*

1. Os artigos pirotécnicos comisados de acordo co disposto no artigo 198, como consecuencia dunha infracción administrativa, pasarán a poder do Estado, que, a través do delegado do Goberno correspondente, os destruírá de acordo co disposto na Instrución técnica complementaria número 12.

2. Durante a instrución do expediente sancionador e, se é o caso, durante a execución da sanción imposta, os artigos pirotécnicos intervidos depositaranse nun establecemento debidamente habilitado, á disposición da autoridade competente para sancionar.

### INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 1

#### **Artigos considerados pirotécnicos e munición nas recomendacións pertinentes das Nacións Unidas ou que requiren especificación canto a se se trata de artigos pirotécnicos ou de explosivos**

1. Artigos considerados pirotécnicos e cartucharía nas recomendacións pertinentes da Nacións Unidas.

#### *Grupo G*

N.º ONU	Nome e descrición	Clase/división	Glosario (a título informativo)
0009	Municións incendiarias con ou sen carga de dispersión, carga de expulsión ou carga propulsora.	1.2 G	Munición.—Termo xenérico referido principalmente a obxectos de uso militar: bombas, granadas, foguetes, minas, proxectís e similares. Municións incendiarias.—Munición que contén unha materia incendiaria. Con excepción das composicións que son en si explosivas, conteñen un ou varios dos seguintes compoñentes: carga propulsora con iniciador e carga iniciadora, espoleta con carga de dispersión ou de expulsión.
0010	Municións incendiarias con ou sen carga de dispersión, carga de expulsión ou carga propulsora.	1.3 G	Véxase o n.º ONU 0009
0015	Municións fumíxenas, con ou sen carga de dispersión, carga de expulsión ou carga propulsora.	1.2 G	Municións fumíxenas.—Munición que contén unha materia fumíxena, e tamén, excepto cando a materia en si é explosiva, un ou varios dos elementos seguintes: carga propulsora con cebo e carga de acendido, espoleta con carga de dispersión ou de expulsión.
0016	Municións fumíxenas, con ou sen carga de dispersión, carga de expulsión ou carga propulsora.	1.3 G	Véxase o n.º ONU 0015.
0018	Municións lacrimóxenas, con carga de dispersión, expulsión ou propulsora.	1.2 G	Municións lacrimóxenas, con carga de dispersión, expulsión ou propulsora.—Municións que conteñen unha substancia lacrimóxena. Conteñen tamén un ou varios dos seguintes compoñentes: materias pirotécnicas, carga propulsora con iniciador e carga iniciadora e espoleta con carga de dispersión ou de expulsión.
0019	Municións lacrimóxenas, con carga de dispersión, expulsión ou propulsora.	1.3 G	Véxase o n.º ONU 0018.
0039	Bombas de iluminación para fotografía.	1.2 G	Bombas.—Obxectos explosivos que se lanzan desde un avión. Poden conter líquido inflamable con carga rompedora, composición iluminante e carga de dispersión. Este termo inclúe as bombas de iluminación para fotografía.
0049	Cartuchos fulgurantes.	1.1 G	Cartuchos fulgurantes.—Obxectos consistentes nunha envoltura, un pistón e mestura iluminante, dispostos para ser disparados.

N.º ONU	Nome e descrición	Clase/división	Glosario (a título informativo)
0050	Cartuchos fulgurantes.	1.3 G	Véxase o n.º ONU 0049.
0054	Cartuchos de sinais.	1.3 G	Cartuchos de sinais.—Obxectos concibidos para o lanzamento de sinais luminosos de cores, ou outros sinais, coa axuda de pistolas de sinais, etc.
0066	Mecha de combustión rápida.	1.4 G	Mecha de combustión rápida.—Obxecto formado por un cordón recuberto de pólvora negra (ou outra composición pirotécnica de combustión rápida) cun revestimento flexible de protección, ou dunha alma de pólvora negra, rodeada dun recubrimento téxtil flexible. Arden con chama externa e serven para transmitir o acendido a unha carga ou a un cebo.
0092	Bengalas de superficie.	1.3 G	Bengalas.—Obxectos que conteñen materias pirotécnicas, de utilización superficial, para iluminar, identificar, sinalizar ou avisar.
0093	Bengalas aéreas.	1.3 G	Véxase o n.º ONU 0092.
0101	Mecha non detonante.	1.3 G	En inglés, dúas palabras moi parecidas designan respectivamente a mecha (fuse) e a espoleta (fuze). Aínda que ambas as palabras teñen unha orixe común (o francés fusée) e considéranse ás veces variantes ortográficas dun mesmo termo, é útil manter a convención de utilizar fuse para se referir a un dispositivo de acendido (mecha) e fuze para designar dispositivos con compoñentes mecánicos, eléctricos, químicos ou hidrostáticos usados para iniciar a cadea por detonación ou deflagración da munición. Mecha instantánea, non detonante.—Obxectos consistentes en fíos de algodón impregnados de pólvora miúda. Arden con chama exterior e utilízanse nas cadeas de incendio dos artificios pirotécnicos.
0103	Mecha de ignición tubular con envoltura metálica.	1.4 G	Mecha de ignición tubular con envoltura metálica.—Obxecto formado por un tubo de metal con alma de explosivo deflagrante.
0171	Municións iluminantes con ou sen carga de dispersión, carga de expulsión ou carga propulsora.	1.2 G	Municións iluminantes con ou sen carga de dispersión, carga de expulsión ou carga propulsora.—Munición deseñada para producir unha fonte única de luz intensa para iluminar unha zona. Este termo inclúe os cartuchos, granadas, proxectís e bombas iluminantes e as bombas de localización.
0191	Artificios manuais de pirotecnia para sinais.	1.4 G	Obxectos deseñados para produciren sinais.
0192	Petardos de sinais para ferrocarrís.	1.1 G	Véxase o n.º ONU 0191.
0194	Sinais de socorro para barcos.	1.1 G	Véxase o n.º ONU 0191.
0195	Sinais de socorro para barcos.	1.3 G	Véxase o n.º ONU 0191.
0196	Sinais fumíxenas.	1.1 G	Véxase o n.º ONU 0191.
0197	Sinais fumíxenas.	1.4 G	Véxase o n.º ONU 0191.
0212	Trazadores para municións.	1.3 G	Trazadores para municións.—Obxectos cerrados, con materias pirotécnicas, concibidos para seguir a traxectoria dun proxectil.
0254	Munición iluminante con ou sen carga de dispersión, carga de expulsión ou carga propulsora.	1.3 G	Véxase o n.º ONU 0171.
0297	Municións iluminantes con ou sen carga de dispersión, carga de expulsión ou carga propulsora.	1.4 G	Véxase o n.º ONU 0254.
0299	Bombas de iluminación para fotografía.	1.3 G	Véxase o n.º ONU 0039.
0300	Municións incendiarias con ou sen carga de dispersión, carga de expulsión ou carga propulsora.	1.4 G	Véxase o n.º ONU 0009.
0301	Municións lacrimóxenas, con carga de dispersión, carga de expulsión ou carga propulsora.	1.4 G	Véxase o n.º ONU 0018.
0303	Municións fumíxenas, con ou sen carga de dispersión, carga de expulsión ou carga propulsora.	1.4 G	Véxase o n.º ONU 0015.



N.º ONU	Nome e descrición	Clase/división	Glosario (a título informativo)
0306	Trazadores para municións.	1.4 G	Véxase o n.º ONU 0212.
0312	Cartuchos de sinais.	1.4 G	Cartuchos de sinais.—Obxectos concibidos para o lanzamento de sinais luminosos de cores, ou outros sinais, coa axuda de pistolas de sinais, etc.
0313	Sinai fumixenos.	1.2 G	Véxase o n.º ONU 0195.
0318	Granadas de exercicios, de man ou de fusil.	1.3 G	Granadas de man ou de fusil.—Obxectos deseñados para ser lanzados a man ou con axuda dun fusil. Con sistema de iniciación. Poden conter unha carga de sinalización. Este termo inclúe as granadas de exercicios, de man ou de fusil.
0319	Cebos tubulares.	1.3 G	Cebos tubulares.—Obxectos constituídos por un cebo de ignición e unha carga auxiliar deflagrante -como, por exemplo, a pólvora negra- utilizados para o acendido da carga de proxección contida nunha vaíña, etc.
0320	Cebos tubulares.	1.4 G	Véxase o n.º ONU 0319.
0333	Artificios de pirotecnia.	1.1 G	Artificios de pirotecnia.—Obxectos pirotécnicos destinados a usos recreativos.
0334	Artificios de pirotecnia.	1.2 G	Véxase o n.º ONU 0333.
0335	Artificios de pirotecnia.	1.3 G	Véxase o n.º ONU 0333.
0336	Artificios de pirotecnia.	1.4 G	Véxase o n.º ONU 0333.
0362	Municións de exercicios.	1.4 G	Municións de exercicios.—Municións desprovistas de carga explosiva principal, pero con carga de dispersión ou de expulsión. Xeralmente conteñen unha espoleta e unha carga propulsora.
0363	Municións de probas.	1.4 G	Municións de probas.—Municións que conteñen unha materia pirotécnica e se utilizan para ensaiar a eficacia ou a potencia de novos compoñentes ou conxuntos de municións ou de armas.
0372	Granadas de exercicios, de man ou de fusil.	1.2 G	Véxase o n.º ONU 0318.
0403	Bengalas aéreas.	1.4 G	Véxase o n.º ONU 0092.
0418	Bengalas de superficie.	1.2 G	Véxase o n.º ONU 0092.
0419	Bengalas de superficie.	1.1 G	Véxase o n.º ONU 0092.
0420	Bengalas aéreas.	1.1 G	Véxase o n.º ONU 0092.
0421	Bengalas aéreas.	1.2 G	Véxase o n.º ONU 0092.
0424	Proxectís inertes con trazador.	1.3 G	Proxectís.—Obús, bala de canón ou doutras pezas de artillaría, de fusil ou de calquera outra arma de pequeno calibre. Poden ser inertes, con ou sen trazador, ou conter carga de dispersión ou de expulsión ou carga rompedora. Este termo inclúe: proxectís inertes con trazador, proxectís con carga de dispersión ou de expulsión, proxectís con carga rompedora.
0425	Proxectís inertes con trazador.	1.4 G	Véxase o n.º ONU 0424.
0428	Obxectos pirotécnicos para usos técnicos.	1.1 G	Obxectos pirotécnicos para usos técnicos.—Obxectos que conteñen substancias pirotécnicas e se destinan a usos técnicos, como produción de calor ou gas, efectos escénicos, etc. Este termo non inclúe os seguintes obxectos, que figuran noutras rúbricas: todo tipo de munición, cartuchos de sinais, artificios de pirotecnia, cizallas cortacables con carga explosiva, cargas explosivas de separación, bengalas aéreas, bengalas de superficie, remaches explosivos, artificios manuais de pirotecnia para sinais, sinais de socorro, petardos de sinais para ferrocarrís e sinais fumixenos.
0429	Obxectos pirotécnicos para usos técnicos.	1.2 G	Véxase o n.º ONU 0428.
0430	Obxectos pirotécnicos para usos técnicos.	1.3 G	Véxase o n.º ONU 0428.
0431	Obxectos pirotécnicos para usos técnicos.	1.4 G	Véxase o n.º ONU 0428.

N.º ONU	Nome e descrición	Clase/división	Glosario (a título informativo)
0434	Proxectís con carga de dispersión ou carga de expulsión.	1.2 G	Proxectís.—Obús, bala de canón ou doutra peza de artillaría, de fusil ou de calquera outra arma de pequeno calibre. Poden ser inertes, con ou sen trazador, ou conter carga de dispersión ou de expulsión ou carga rompedora. Este termo inclúe: proxectís inertes con trazador, proxectís con carga de dispersión ou de expulsión, proxectís con carga rompedora.
0435	Proxectís con carga de dispersión ou carga de expulsión.	1.4 G	Véxase o n.º ONU 0434.
0452	Granadas de exercicio, de man ou de fusil.	1.4 G	Véxase o n.º ONU 0372.
0487	Sinais fumíxenos.	1.3 G	Véxase o n.º ONU 0194.
0488	Municións de exercicios.	1.3 G	Municións de exercicios.—Municións desprovistas de carga explosiva principal, pero con carga de dispersión ou de expulsión. Xeralmente conteñen unha espoleta e unha carga propulsora. Este termo non inclúe as granadas de exercicio, que figuran noutras rúbricas.
0492	Petardos de sinais para ferrocarrís.	1.3 G	Véxase o n.º ONU 0194.
0493	Petardos de sinais para ferrocarrís.	1.4 G	Véxase o n.º ONU 0194.
0503	Xeradores de gas para bolsas inchables ou módulos de bolsas inchables ou pretensores de cintos de seguridade.	1.4 G	

*Grupo S*

N.º ONU	Nome e descrición	Clase/división	Glosario (a título informativo)
0110	Granadas de exercicio, de man ou de fusil.	1.4 S	Véxase o n.º ONU 0318.
0193	Petardos de sinais para ferrocarrís.	1.4 S	Véxase o n.º ONU 0194.
0337	Artificios de pirotecnia.	1.4 S	Véxase o n.º ONU 0334.
0345	Proxectís inertes con trazador.	1.4 S	Proxectís.—Obús, bala de canón ou de outras pezas de artillaría, de fusil ou de calquera outra arma de pequeno calibre. Poden ser inertes, con ou sen trazador, ou conter carga de dispersión ou de expulsión ou unha carga rompedora.
0373	Artificios manuais de pirotecnia para sinais.	1.4 S	Véxase o n.º ONU 0191.
0376	Cebos tubulares.	1.4 S	Véxase o n.º ONU 0319.
0404	Bengalas aéreas.	1.4 S	Véxase o n.º ONU 0092.
0405	Cartuchos de sinais.	1.4 S	Cartuchos de sinais.—Obxectos concibidos para o lanzamento de sinais luminosos de cores, ou outros sinais, coa axuda de pistolas de sinais, etc.
0432	Obxectos pirotécnicos para usos técnicos.	1.4 S	

2. Artigos dos que se require unha especificación canto a se se trata de artigos pirotécnicos ou de explosivos:

*Grupo G*

N.º ONU	Nome e descrición	Clase/división	Glosario (a título informativo)
0121	Acendedores.	1.1 G	Inflamadores.—Obxectos que conteñen unha ou varias materias explosivas e se utilizan para iniciar unha deflagración nunha cadea pirotécnica. Poden activarse química, eléctrica ou mecanicamente.
0314	Acendedores.	1.2 G	Véxase o n.º ONU 0121.

N.º ONU	Nome e descrición	Clase/división	Glosario (a título informativo)
0315	Acendedores.	1.3 G	Véxase o n.º ONU 0121.
0316	Espoletas de ignición.	1.3 G	
0317	Espoletas de ignición.	1.4 G	
0325	Acendedores.	1.4 G	Véxase o n.º ONU 0121.
0353	Obxectos. explosivos N.E.P.	1.4 G	
0454	Acendedores.	1.4 S	Véxase o n.º ONU 0121.

*Grupo S*

N.º ONU	Nome e descrición	Clase/división	Glosario (a título informativo)
0131	Acendedores, para mechas de minas.	1.4 S	Acendedores, para mechas de minas.—Obxectos, de deseño diverso, utilizados para acender, por fricción, choque ou electricidade, as mechas de minas.
0349	Obxectos explosivos N.E.P.	1.4 S	
0368	Espoletas de ignición.	1.4S	

## INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 2

**Requisitos esenciais de seguridade de artificios pirotécnicos, outros artigos pirotécnicos e dispositivos de ignición**1. *Obxecto*

Esta instrución técnica complementaria ten por obxecto establecer os requisitos esenciais de seguridade que deben cumprir tanto os artificios de pirotecnia, outros artigos pirotécnicos e os dispositivos de ignición.

2. *Requisitos esenciais de seguridade*

1. Todo artigo pirotécnico deberá cumprir as características de funcionamento especificadas polo fabricante ao organismo notificado co fin de garantir a máxima seguridade e fiabilidade.

2. Todo artigo pirotécnico deberá deseñarse e fabricarse de tal maneira que poida ser eliminado en condicións seguras mediante procedemento adecuado cun impacto mínimo para o ambiente.

3. Todo artigo pirotécnico deberá funcionar correctamente cando sexa utilizado para os fins previstos.

Todo artigo pirotécnico se deberá probar en condicións reais. Se isto non for posible nun laboratorio, os ensaios deberanse efectuar nas condicións correspondentes á utilización prevista do artigo pirotécnico.

Deberanse considerar ou someter a ensaios, cando proceda, as seguintes propiedades e información:

- a) Deseño, fabricación e propiedades características, incluída a composición química (masa, porcentaxe de materias utilizadas) e dimensións.
- b) Estabilidade física e química do artigo pirotécnico en todas as condicións ambientais normais ou previsibles.
- c) Sensibilidade ao transporte e á manipulación en condicións normais ou previsibles.
- d) Compatibilidade de todos os compoñentes no que se refire á súa estabilidade química.

e) Resistencia do artigo pirotécnico á humidade cando se teña a intención de utilizalo en condicións de humidade ou mollado, e cando a súa seguridade ou fiabilidade se poidan ver adversamente afectadas pola humidade.

f) Resistencia a altas e baixas temperaturas cando se teña intención de manter ou utilizar o artigo pirotécnico ás ditas temperaturas e a súa seguridade e fiabilidade se poidan ver adversamente afectadas ao arrefecer ou quentar un compoñente ou artigo pirotécnico no seu conxunto.

g) Dispositivo de seguridade para prever unha iniciación ou ignición fortuíta ou extemporánea.

h) Instrucións convenientes e, se é o caso, observacións relativas á seguridade de manipulación, almacenamento, utilización (incluídas as distancias de seguridade) e eliminación redactadas ao menos en castelán.

i) Capacidade do artigo pirotécnico, da súa envoltura ou doutros compoñentes para resistir a deterioración en condicións normais ou previsibles de almacenamento.

j) Indicación de todos os dispositivos e accesorios necesarios e instrucións de manexo para un funcionamento fiable e seguro do artificio pirotécnico.

Durante o transporte e as manipulacións normais, salvo que fosen especificadas nas instrucións do fabricante, os artigos pirotécnicos deberán conter a composición pirotécnica.

4. Os artigos pirotécnicos non conterán:

a) Substancias explosivas comerciais, a excepción da pólvora negra ou composición detonante.

b) Explosivos militares.

5. Os diversos grupos de artigos pirotécnicos deberán, así mesmo, cumprir como mínimo os requisitos seguintes:

A. Artificios de pirotecnia:

1) O fabricante clasificará os artificios de pirotecnia en diferentes categorías de conformidade co artigo 8 do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía, segundo o seu contido neto en explosivos, distancia de seguridade, niveis sonoros e similares. A categoría indícarase claramente na etiqueta:

a) Para os artificios de categoría 1, deberánse cumprir as seguintes condicións:

i. A distancia de seguridade deberá ser igual ou superior a 1 metro. Non obstante, se procede, a distancia de seguridade poderá ser inferior.

ii. O nivel sonoro máximo non poderá exceder os 120 dB (A, imp) ou valor equivalente de nivel sonoro medido por outro medio apropiado, á distancia de seguridade.

iii. A categoría 1 non incluírá troncos de pólvora negra, baterías de troncos de pólvora negra, troncos detonantes nin baterías de troncos detonantes.

iv. Os troncos de impacto de categoría 1 non conterán máis de 2,5 mg de fulminato de prata.

b) Para os artificios de pirotecnia de categoría 2, deberánse cumprir as seguintes condicións:

i. A distancia de seguridade deberá ser igual ou superior a 8 metros. Non obstante, se procede, a distancia de seguridade podería ser inferior.

ii. O nivel sonoro máximo non poderá exceder os 120 dB (A, imp) ou un valor equivalente de nivel sonoro medido por outro método apropiado, á distancia de seguridade.

c) Para os artificios de pirotecnia de categoría 3, deberánse cumprir as seguintes condicións:

i. A distancia de seguridade deberá ser igual ou superior a 15 metros. Non obstante, se procede, a distancia de seguridade poderá ser inferior.

ii. O nivel sonoro máximo non poderá exceder os 120 dB (A, imp) ou valor equivalente de nivel sonoro medido por outro medio apropiado, á distancia de seguridade.

2) Os artificios de pirotécnica soamente poderán estar fabricados con materiais que supoñan un risco mínimo para a saúde, a propiedade e o ambiente en materia de residuos.

3) O dispositivo de ignición debe ser claramente visible ou deberá estar indicado mediante unha etiqueta ou instrucións.

4) Os artificios de pirotecnia non se moverán de maneira errática nin imprevisible.

5) Os artificios de pirotecnia e as categorías 1, 2 e 3 deberán estar protexidos contra a ignición fortuíta, ben mediante unha cobertura protectora, mediante o envase ou embalaxe, ou ben como parte do deseño do propio produto. Os artificios de pirotecnia de categoría 4 deberán estar protexidos contra a ignición fortuíta por métodos especificados polo fabricante.

B. Outros artigos pirotécnicos:

1) Os artigos pirotécnicos deberán estar deseñados de tal maneira que representen un risco mínimo para a saúde, a propiedade e o ambiente en condicións normais de uso.

2) O dispositivo de ignición deberá ser claramente visible ou deberá estar indicado mediante etiquetaxe ou instrucións.

3) Os artigos pirotécnicos deberán estar deseñados de tal maneira que os residuos do produto representen un risco mínimo para a saúde, a propiedade e o ambiente cando se produza unha iniciación involuntaria.

4) Se procede, o artigo pirotécnico deberá funcionar de maneira adecuada ata a data de caducidade do produto especificada polo fabricante.

C. Dispositivos de ignición:

1) Os dispositivos de ignición deberán ser capaces de se iniciar de maneira fiable e ter unha capacidade de iniciación suficiente en condicións de uso normais ou previsibles.

2) Os dispositivos de ignición deberán estar protexidos contra as descargas electrostáticas en condicións de almacenamento e uso normais e previsibles.

3) Os sistemas de iniciación electrónica deberán estar protexidos contra os campos electromagnéticos en condicións de almacenamento e uso normais e previsibles.

4) A cuberta das mechas deberá posuír a suficiente resistencia mecánica e protexer adecuadamente o contido de explosivo cando se expoñan a unha tensión mecánica normal ou previsible.

5) Os parámetros dos tempos de combustión das mechas deberán subministrarse co produto.

6) A información relativa ás características eléctricas (por exemplo, corrente de seguridade, resistencia, etc.) dos sistemas de ignición eléctrica deberánse subministrar co produto.

7) Os cables dos sistemas de ignición eléctrica deberán estar suficientemente illados e posuír a suficiente resistencia mecánica, incluída a solidez da unión ao iniciador, tendo en conta do uso previsto.

### INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 3

#### Procedementos de avaliación da conformidade

##### 1. *Obxecto*

O obxecto desta instrución técnica complementaria é a descrición dos procedementos de conformidade que pode seguir un fabricante para avaliar a conformidade dos artigos pirotécnicos.

## 2. Procedementos de avaliación da conformidade

Módulo B: exame CE de tipo:

1. Este módulo describe a parte do procedemento mediante a cal un organismo notificado comproba e certifica que unha mostra representativa da produción considerada cumpre os requisitos esenciais de seguridade reflectidos na Instrución técnica complementaria número 2 que lle son aplicables.

2. O fabricante presentará a solicitude do exame CE de tipo ante o organismo notificado da súa elección.

A dita solicitude comprenderá:

- a) O nome e o enderezo do fabricante.
- b) Unha declaración por escrito en que se precise que a mesma solicitude non foi presentada ante outro organismo notificado.
- c) A documentación técnica descrita no punto 3.

O solicitante poñerá á disposición do organismo notificado unha mostra do produto representativa da produción considerada, denominado no sucesivo «o tipo». O organismo notificado poderá pedir outras mostras se así o exige o programa de ensaios.

3. A documentación técnica deberá permitir a avaliación da conformidade do artigo cos requisitos esenciais de seguridade. Cando sexa necesario para a dita avaliación, a documentación técnica deberá cubrir o deseño, a fabricación e o funcionamento do artigo e incluír:

- a) Unha descrición xeral do tipo.
- b) Os planos de deseño e de fabricación, e os esquemas dos compoñentes, subconxuntos, circuitos, etc.
- c) As descrições e explicacións necesarias para a comprensión dos ditos planos e esquemas, e do funcionamento do artigo.
- d) Unha lista das normas nacionais que traspoñan as normas harmonizadas, aplicadas total ou parcialmente, e a descrición das solucións adoptadas para cumpriren os requisitos esenciais de seguridade cando non se aplicasen as normas harmonizadas.
- e) Os resultados dos cálculos de deseño realizados, dos controis efectuados, etc.
- f) Os informes sobre os ensaios.

4. O organismo notificado deberá:

a) Examinar a documentación técnica, comprobar que o tipo foi fabricado de acordo coa documentación técnica e establecer os elementos que foron deseñados de acordo coas disposicións aplicables das normas nacionais que traspoñan as normas harmonizadas e os elementos que foron deseñados sen aplicar as disposicións correspondentes das ditas normas harmonizadas.

b) Realizar ou facer realizar os controis apropiados e os ensaios necesarios para comprobar se as solucións adoptadas polo fabricante cumpren os requisitos esenciais de seguridade descritos na instrución técnica complementaria número 2 cando as normas nacionais que traspoñan as normas harmonizadas non se aplicasen.

c) Realizar ou facer realizar os controis apropiados e os ensaios necesarios para comprobar se as normas harmonizadas correspondentes se aplicaron cando o fabricante elixise utilizar estas.

d) Poñerse de acordo co solicitante sobre o lugar onde se efectuarán os controis e os ensaios necesarios.

5. Se o tipo cumpre as disposicións pertinentes do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía, o organismo notificado expedirá ao solicitante un certificado de exame CE de tipo. O certificado incluírá o nome e o enderezo do fabricante, as conclusións do control e os datos necesarios para identificar o tipo aprobado.



Achegarase ao certificado unha lista das partes significativas da documentación técnica, da cal o organismo notificado conservará unha copia.

Cando se denegue a expedición do certificado de tipo ao fabricante, o organismo notificado deberá motivar a súa negativa de forma detallada.

Deberase establecer un procedemento de reclamación.

6. O solicitante informará o organismo notificado que teña no seu poder a documentación técnica relativa ao certificado CE de tipo de calquera modificación do artigo aprobado que deba recibir unha nova aprobación se as ditas modificacións afectan a conformidade cos requisitos esenciais ou as condicións previstas de utilización do artigo. Esta nova aprobación expedirase en forma de complemento ao certificado orixinal de exame CE de tipo.

7. Cada organismo notificado comunicará aos outros organismos notificados a información pertinente sobre os certificados de exame CE de tipo e os seus complementos, expedidos ou retirados.

8. Os demais organismos notificados poden recibir copias dos certificados de exame CE de tipo e dos seus complementos. Os anexos dos certificados quedarán á disposición dos demais organismos notificados.

9. O fabricante deberá conservar unha copia dos certificados de exame CE de tipo e dos seus complementos xunto coa documentación técnica durante un prazo de polo menos dez anos a partir da última data de fabricación do artigo.

Cando o fabricante non estea establecido na comunidade, esta obriga de conservar dispoñible a documentación técnica corresponderá á persoa responsable da posta no mercado do produto.

Módulo C: conformidade co tipo:

1. Este módulo describe a parte do procedemento mediante a cal o fabricante asegura e declara que os artigos pirotécnicos en cuestión son conformes co tipo descrito no certificado de exame CE de tipo e cumpren os requisitos do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería que lles son aplicables. O fabricante colocará a marcación CE en cada artigo pirotécnico e fará unha declaración escrita de conformidade.

2. O fabricante tomará todas as medidas necesarias para que o proceso de fabricación garanta a conformidade dos produtos fabricados co tipo descrito no certificado de exame CE de tipo e cos requisitos esenciais de seguridade deste regulamento.

3. O fabricante deberá conservar unha copia da declaración de conformidade durante un prazo de polo menos dez anos a partir da última data de fabricación do artigo.

Cando o fabricante non estea establecido na comunidade, esta obriga de conservar dispoñible a documentación técnica corresponderá á persoa responsable da posta no mercado do produto.

4. Un organismo notificado de elección do fabricante realizará ou fará realizar controis do artigo a intervalos aleatorios. Someterase a control unha mostra adecuada dos artigos acabados, tomada in situ polo organismo notificado e, para comprobar que o artigo se axusta aos requisitos do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería, efectuaranse ensaios adecuados, definidos na norma harmonizada. En caso de que un ou varios exemplares dos artigos controlados non cumpra os ditos requisitos, o organismo notificado adoptará as medidas necesarias.

O fabricante colocará, baixo a responsabilidade do organismo notificado, o número de identificación deste durante o proceso de fabricación.

Módulo D: aseguramento de calidade da produción:

1. Este módulo describe o procedemento mediante o cal o fabricante que cumpra as obrigas establecidas no punto 2 asegura e declara que os artigos pirotécnicos en cuestión son conformes co tipo descrito no certificado de exame CE de tipo e cumpren os requisitos do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería. O fabricante colocará a marcación CE en cada artigo e fará unha declaración escrita de conformidade. A marcación CE deberá

ir acompañada do número de identificación do organismo notificado responsable da vixilancia a que se refire o punto 4.

2. O fabricante deberá aplicar un sistema aprobado de calidade para a produción, así como para a inspección final e os ensaios dos artigos pirotécnicos segundo o especificado no punto 3 e estará suxeito á vixilancia a que se refire o punto 4.

3. Sistema de calidade:

3.1 O fabricante presentará, ante un organismo notificado da súa elección, unha solicitude de avaliación do sistema de calidade relativo aos artigos pirotécnicos de que se trate.

A dita solicitude comprenderá:

- a) Toda a información pertinente segundo a categoría de artigo pirotécnico de que se trate.
- b) A documentación relativa ao sistema de calidade.
- c) A documentación técnica do tipo aprobado e unha copia do certificado de exame CE de tipo.

3.2 O sistema de calidade deberá asegurar a conformidade dos artigos pirotécnicos co tipo descrito no certificado de exame CE de tipo e cos requisitos do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería que lles son aplicables.

Todos os elementos, requisitos e disposicións adoptados polo fabricante deberán figurar nunha documentación levada de maneira sistemática e ordenada en forma de medidas, procedementos e instrucións, todos eles por escrito. A dita documentación do sistema de calidade deberá permitir unha interpretación uniforme dos programas, planos, manuais e expedientes de calidade.

En especial, incluirá unha descrición adecuada:

- a) Dos obxectivos de calidade, o organigrama e as responsabilidades e poderes do persoal de xestión no que se refire á calidade dos artigos pirotécnicos.
- b) Das técnicas de fabricación, de control de calidade e de aseguramento da calidade e os procedementos e medidas sistemáticas aplicadas.
- c) Dos controis e ensaios que se efectuarán antes, durante e despois da fabricación, e a súa frecuencia.
- d) Dos expedientes de calidade, tales como os informes de inspección, os datos sobre ensaios e calibración, e os informes sobre a cualificación do persoal afectado.
- e) Dos medios cos que se supervisa a consecución da calidade dos artigos pirotécnicos exixida e o funcionamento eficaz do sistema de calidade.

3.3 O organismo notificado avaliará o sistema de calidade para determinar se cumpre os requisitos a que se refire o punto 3.2. Cando este aplique a norma harmonizada correspondente, darase por suposta a conformidade cos ditos requisitos. O equipo de auditores contará polo menos cun membro que posúa experiencia na avaliación da tecnoloxía do produto de que se trate. O procedemento de avaliación debe incluír unha visita de inspección ás instalacións do fabricante.

A decisión de avaliación debidamente motivada deberá ser notificada ao fabricante e incluirá as conclusións do control.

3.4 O fabricante comprometerase a cumprir as obrigas que deriven do sistema de calidade tal como estea aprobado e a mantelo de forma que siga resultando adecuado e eficaz.

O fabricante manterá informado o organismo notificado que aprobou o sistema de calidade de calquera adaptación que se prevexa no dito sistema.

O organismo notificado deberá avaliar as modificacións propostas e decidir se o sistema de calidade modificado responde aínda aos requisitos mencionados no punto 3.2 ou se é necesaria unha nova avaliación.

A decisión de avaliación debidamente motivada deberá ser notificada ao fabricante e incluirá as conclusións do control.

4. Vixilancia baixo a responsabilidade do organismo notificado:

4.1 O obxectivo da vixilancia consiste en comprobar que o fabricante cumpre debidamente as obrigas que lle impón o sistema de calidade aprobado.

4.2 O fabricante permitirá a entrada do organismo notificado nas fábricas, almacéns e instalacións de inspección e ensaios, para efectos de inspección, e proporcionarlle toda a información necesaria, en especial:

- a) A documentación relativa ao sistema de calidade.
- b) Os expedientes de calidade, tales como os informes de inspección, os datos sobre ensaios e calibración e os informes sobre a cualificación do persoal afectado.

4.3 O organismo notificado efectuará periodicamente auditorías co fin de se asegurar que o fabricante mantén e aplica o sistema de calidade, e facilitará un informe da auditoría ao fabricante.

4.4 Por outra parte, o organismo notificado poderá efectuar visitas sen aviso previo ao fabricante. No transcurso das ditas visitas, o organismo notificado poderá efectuar ou facer efectuar, se se considera necesario, ensaios con obxecto de comprobar o bo funcionamento do sistema de calidade. O dito organismo presentará ao fabricante un informe da visita e, se se realizase algún ensaio, o informe correspondente.

5. Durante ao menos dez anos a partir da última data de fabricación do produto, o fabricante terá á disposición das autoridades nacionais:

- a) A documentación a que se refire o punto 3.1, letra b).
- b) A documentación relativa ás actualizacións citadas no punto 3.4, parágrafo segundo.
- c) As decisións e informes do organismo notificado a que se fai referencia no punto 3.4, parágrafo cuarto, e nos puntos 4.3 e 4.4.

6. Cada organismo notificado deberá comunicar aos demais organismos notificados a información pertinente relativa ás aprobacións dos sistemas de calidade expedidas e retiradas.

Módulo E: aseguramento de calidade do produto:

1. Este módulo describe o procedemento mediante o cal o fabricante que cumpra as obrigas establecidas no punto 2 asegura e declara que os artigos pirotécnicos son conformes co tipo descrito no certificado de exame CE de tipo. O fabricante colocará a marcación CE en cada artigo e fará unha declaración escrita de conformidade. A marcación CE irá acompañada do número de identificación do organismo notificado responsable da vixilancia a que se refire o punto 4.

2. O fabricante deberá aplicar un sistema aprobado de calidade para a inspección final e os ensaios dos artigos pirotécnicos segundo o especificado no punto 3 e estará suxeito á vixilancia a que se refire o punto 4.

3. Sistema de calidade:

3.1 O fabricante presentará ante un organismo notificado da súa elección unha solicitude de avaliación do sistema de calidade relativo aos seus artigos pirotécnicos.

A dita solicitude comprenderá:

- a) Toda a información pertinente segundo a categoría pirotécnica de que se trate.
- b) A documentación relativa ao sistema de calidade.
- c) A documentación técnica do tipo aprobado e unha copia do certificado de exame CE de tipo.

3.2 De acordo co sistema de calidade, examínase cada artigo pirotécnico e realízanse os ensaios adecuados segundo a norma ou normas nacionais que traspoñan as normas harmonizadas pertinentes ou ben ensaios equivalentes, co fin de garantir a

conformidade do artigo cos requisitos correspondentes do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería.

Todos os elementos, requisitos e disposicións adoptados polo fabricante deberán figurar nunha documentación levada de maneira sistemática e ordenada en forma de medidas, procedementos e instrucións, todos eles por escrito. A documentación do sistema de calidade deberá permitir unha interpretación uniforme dos programas de calidade, planos, manuais e expedientes de calidade.

En especial, incluírá unha descrición adecuada dos:

- a) Obxectivos de calidade, o organigrama e as responsabilidades e poderes do persoal de xestión no que se refire á calidade dos produtos.
- b) Controis e ensaios que se efectuarán despois da fabricación.
- c) Medios con que se supervisa o funcionamento eficaz do sistema de calidade.
- d) Expedientes de calidade, tales como os informes de inspección e os datos sobre ensaios e calibración e os informes sobre a cualificación do persoal afectado.

3.3 O organismo notificado avaliará o sistema de calidade para determinar se cumpre os requisitos a que se refire o punto 3.2. Cando este aplique a norma harmonizada correspondente, darase por suposta a conformidade cos ditos requisitos.

O equipo de auditores contará polo menos cun membro que posúa experiencia na avaliación da tecnoloxía do produto de que se trate. O procedemento de avaliación incluírá unha visita de inspección ás instalacións do fabricante.

A decisión de avaliación debidamente motivada deberá ser notificada ao fabricante e incluírá as conclusións do control.

3.4 O fabricante comprometerase a cumprir as obrigas que deriven do sistema de calidade tal como estea aprobado e a mantelo de forma que siga resultando adecuado e eficaz.

O fabricante manterá informado o organismo notificado que aprobou o sistema de calidade de calquera adaptación que se prevexa no dito sistema.

O organismo notificado deberá avaliar as modificacións propostas e decidir se o sistema de calidade modificado responde aínda aos requisitos recollidos no punto 3.2 ou se é necesaria unha nova avaliación.

A decisión de avaliación debidamente motivada deberá ser notificada ao fabricante e incluírá as conclusións do control.

4. Vixilancia baixo a responsabilidade do organismo notificado:

4.1 O obxecto da vixilancia consiste en verificar que o fabricante cumpre debidamente as obrigas que lle impón o sistema de calidade aprobado.

4.2 O fabricante permitirá a entrada do organismo notificado nas fábricas, almacéns e instalacións de inspección e ensaios, para efectos de inspección, e proporcionarlle toda a información necesaria, en especial:

- a) A documentación relativa ao sistema de calidade.
- b) A documentación técnica.
- c) Os expedientes de calidade, tales como os informes de inspección, os datos sobre ensaios e calibración, e os informes sobre a cualificación do persoal afectado.

4.3 O organismo notificado efectuará periodicamente auditorías co fin de asegurarse de que o fabricante mantén e aplica o sistema de calidade, e facilitará un informe da auditoría ao fabricante.

4.4 Por outra parte, o organismo notificado poderá efectuar visitas sen aviso previo ao fabricante. No transcurso das ditas visitas, o organismo notificado poderá efectuar ou facer efectuar, se se considera necesario, ensaios con obxecto de comprobar o bo funcionamento do sistema de calidade. O dito organismo presentará ao fabricante un informe da visita e, se se realizase algún ensaio, o informe correspondente.

5. Durante ao menos dez anos a partir da última data de fabricación do artigo, o fabricante terá á disposición das autoridades nacionais:

- a) A documentación a que se refire o punto 3.1, letra b).
- b) A documentación relativa ás actualizacións citadas no punto 3.4, parágrafo segundo.
- c) As decisións e informes do organismo notificado a que se fai referencia no punto 3.4, parágrafo cuarto, e nos puntos 4.3 e 4.4.

6. Cada organismo notificado deberá comunicar aos demais organismos notificados a información pertinente relativa ás aprobacións dos sistemas de calidade expedidas ou retiradas.

Módulo G: verificación da unidade:

1. Este módulo describe o procedemento mediante o cal o fabricante asegura e declara que os artigos pirotécnicos que obtiveron o certificado mencionado no punto 2 cumpren os requisitos correspondentes do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería. O fabricante colocará a marcación CE en cada artigo pirotécnico e fará unha declaración de conformidade.

2. O organismo notificado examinará o artigo pirotécnico e realizará os ensaios adecuados definidos na norma ou normas harmonizadas pertinentes, ou ben ensaios equivalentes co fin de garantir a conformidade do artigo cos requisitos correspondentes do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería.

O organismo notificado colocará ou mandará colocar o seu número de identificación no artigo pirotécnico aprobado e expedirá un certificado de conformidade relativo aos ensaios efectuados.

3. A documentación técnica deberá permitir a avaliación da conformidade do artigo pirotécnico cos requisitos do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería e a comprensión do seu deseño, fabricación e funcionamento.

Cando resulte necesario para a avaliación, a documentación incluirá:

- a) Unha descrición xeral do tipo.
- b) Os planos de deseño e de fabricación, os esquemas dos compoñentes, subconxuntos e circuitos.
- c) As descricións e explicacións necesarias para a comprensión dos planos de deseño e de fabricación, dos esquemas dos compoñentes, subconxuntos e circuitos e do funcionamento do artigo pirotécnico.
- d) Unha lista das normas harmonizadas, aplicadas total ou parcialmente, e a descrición das solucións adoptadas para cumprir os requisitos esenciais de seguridade do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería cando non se aplicasen as normas nacionais que traspoñan as normas harmonizadas.
- e) Os resultados dos cálculos de deseño realizados e dos controis efectuados.
- f) Os informes sobre os ensaios.

Módulo H: aseguramento global de calidade do produto:

1. Este módulo describe o procedemento mediante o cal o fabricante que cumpra as obrigas establecidas no punto 2 asegura e declara que os produtos en cuestión cumpren os requisitos correspondentes do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería. O fabricante ou o seu importador colocarán a marcación CE en cada artigo e farán unha declaración escrita de conformidade. A marcación CE irá acompañada do número de identificación do organismo notificado responsable da vixilancia a que se refire o punto 4.

2. O fabricante deberá aplicar un sistema aprobado de calidade para o deseño e a produción, así como para a inspección final e os ensaios dos artigos pirotécnicos, segundo o especificado no punto 3, e estará suxeito á vixilancia a que se refire o punto 4.

### 3. Sistema de calidade:

3.1 O fabricante presentará unha solicitude de avaliación do seu sistema de calidade ante un organismo notificado.

A dita solicitude comprenderá:

- a) Toda a información pertinente segundo a categoría de artigo pirotécnico de que se trate.
- b) A documentación relativa ao sistema de calidade.

3.2 O sistema de calidade deberá asegurar a conformidade do artigo cos requisitos do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería.

Todos os elementos, requisitos e disposicións adoptados polo fabricante deberán figurar nunha documentación levada de maneira sistemática e ordenada en forma de medidas, procedementos e instrucións, todos eles por escrito. A dita documentación do sistema de calidade deberá permitir unha interpretación uniforme dos programas de calidade, planos, manuais e expedientes de calidade.

En especial, incluirá unha descrición adecuada:

- a) Dos obxectivos de calidade, o organigrama e as responsabilidades e poderes do persoal de xestión no que se refire ao deseño e a calidade dos produtos.
- b) Das especificacións técnicas de construción incluídas as normas aplicadas así como, cando non se apliquen plenamente as normas harmonizadas, os medios cos que debe garantirse o cumprimento dos requisitos básicos pertinentes do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería.
- c) Das técnicas para o control e a inspección dos resultados do desenvolvemento, os procedementos e as medidas sistemáticas aplicadas para o desenvolvemento dos produtos pertencentes á categoría de produtos correspondente.
- d) Das técnicas de fabricación, de control de calidade e de aseguramento da calidade e os procedementos e as medidas sistemáticas aplicados.
- e) Dos controis e ensaios que se efectuarán antes, durante e despois da fabricación e a súa frecuencia.
- f) Dos expedientes de calidade, tales como os informes de inspección, os datos sobre ensaios e calibración, e os informes sobre a cualificación do persoal afectado.
- g) Dos medios cos cales se supervisa a consecución do deseño e da calidade do produto exixidos, así como o funcionamento eficaz do sistema de calidade.

3.3 O organismo notificado avaliará o sistema de calidade para determinar se cumpre os requisitos a que se refire o punto 3.2. Cando este aplique a norma harmonizada correspondente, darase por suposta a conformidade cos ditos requisitos.

O equipo de auditores contará polo menos cun membro que posúa experiencia na avaliación da tecnoloxía do produto de que se trate. O procedemento de avaliación incluirá unha visita de inspección ás instalacións do fabricante.

A decisión de avaliación debidamente motivada deberá ser notificada ao fabricante e incluirá as conclusións do control.

3.4 O fabricante comprometerase a cumprir as obrigas que deriven do sistema de calidade tal como estea aprobado e a mantelo de forma que siga resultando adecuado e eficaz.

O fabricante manterá continuamente informado o organismo notificado que aprobou o sistema de calidade de todas as actualizacións propostas do sistema de calidade.

O organismo notificado deberá avaliar as modificacións propostas e decidir se o sistema de calidade modificado responde aínda aos requisitos mencionados no punto 3.2 ou se é necesaria unha nova avaliación.

A decisión de avaliación debidamente motivada deberá ser notificada ao fabricante e incluirá as conclusións do control.



4. Vixilancia CE baixo a responsabilidade do organismo notificado:

4.1 O obxectivo da vixilancia CE consiste en comprobar que o fabricante cumpre debidamente as obrigas que lle impón o sistema de calidade aprobado.

4.2 O fabricante permitirá a entrada do organismo notificado nas fábricas, almacéns e instalacións de inspección e ensaios, para efectos de inspección, e proporcionarlle toda a información necesaria, en especial:

- a) A documentación relativa ao sistema de calidade.
- b) Os expedientes de calidade previstos polo sistema de calidade para o ámbito do desenvolvemento, como resultados de análise, cálculos e ensaios.
- c) Os expedientes de calidade previstos polo sistema de calidade para o ámbito da fabricación, tales como os informes de inspección, os datos sobre ensaios e calibración, e os informes sobre a cualificación do persoal afectado.

4.3 O organismo notificado efectuará periodicamente auditorías co fin de se asegurar de que o fabricante mantén e aplica o sistema de calidade, e facilitará un informe da auditoría ao fabricante.

4.4 Por outra parte, o organismo notificado poderá efectuar visitas sen aviso previo ao fabricante. No transcurso das ditas visitas, o organismo notificado poderá efectuar ou facer efectuar ensaios con obxecto de comprobar, se se considera necesario, o bo funcionamento do sistema de calidade. O organismo notificado presentará ao fabricante un informe da visita e, se se realizase algún ensaio, o informe correspondente.

5. Durante ao menos dez anos a partir da última data de fabricación do artigo, o fabricante terá á disposición das autoridades nacionais:

- a) A documentación a que se refire o punto 3.1, letra b).
- b) A documentación relativa ás actualizacións citadas no punto 3.4, parágrafo segundo.
- c) As decisións e informes do organismo notificado a que se fai referencia no punto 3.4, parágrafo cuarto, e nos puntos 4.3 e 4.4.

6. Cada organismo notificado deberá comunicar aos demais organismos notificados a información pertinente relativa ás aprobacións dos sistemas de calidade expedidas ou retiradas.

## INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 4

### Catalogación de artigos pirotécnicos

#### 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

Esta instrución técnica complementaria ten por obxecto establecer o procedemento para a catalogación dos artificios e artigos pirotécnicos provistos de marcación CE das categorías 1, 2, 3, 4, T1, T2, P1, P2, así como dos produtos regulados polo Real decreto 809/1999, do 14 de maio, polo que se regulan os requisitos que deben cumprir os equipos mariños destinados a ser embarcados nos buques, en aplicación da Directiva 96/98/CE, modificada pola Directiva 98/85/CE.

Do mesmo modo, esta instrución técnica será de aplicación para as materias regulamentadas destinadas a ser postas no mercado entre fabricantes, de acordo co establecido no artigo 18 do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería.

Quedan fóra do ámbito de aplicación desta instrución técnica, os artificios pirotécnicos de categoría 2, 3, 4, T1, T2, P1 e P2 que non necesitan marcación CE e vaian ser utilizados exclusivamente polo propio fabricante.

#### 2. *Xeneralidades*

O número de catalogación atribuído a un artigo pirotécnico suxeito á Directiva 2007/23/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de maio de 2007, sobre a posta no

mercado de artigos pirotécnicos, corresponderá co número de rexistro do Catálogo oficial europeo.

Para os artificios regulados polo Real decreto 809/1999, do 14 de maio, o número de catalogación asignaráselle de acordo coa súa marcación de conformidade e deberá figurar no artigo e na unidade mínima de venda.

A catalogación de artigos pirotécnicos para as categorías 1, 4 e de utilización na mariña levará consigo a autorización de almacenamento, distribución, posta á disposición e venda dos ditos artigos. Para a posta á disposición e venda dos artigos pirotécnicos das categorías 2, 3, T1, T2, P1 e P2 será necesario, ademais, o cumprimento dos requisitos adicionais establecidos na Instrución técnica complementaria número 5.

Para efectos desta instrución técnica complementaria, as materias regulamentadas a que se refire o artigo 18 do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía consideraranse como artigos pirotécnicos da categoría P2.

### 3. *Procedemento para a catalogación*

Solicitude de inclusión no catálogo: a catalogación dun artigo pirotécnico solicitaráa por escrito, segundo modelo reflectido no anexo desta instrución técnica complementaria, o fabricante, importador ou distribuidor que primeiro pretenda introducir o artigo pirotécnico no territorio español, á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, indicando o seguinte:

Identificación do solicitante.

Identificación do fabricante ou importador, indicando a fábrica ou taller onde se fabrica o artigo pirotécnico ao cal se aplicarán os módulos de conformidade D, G ou H, segundo proceda.

Identificación, se é o caso, da entidade que sustenta o módulo de control do produto (módulos C e E).

Categorización do artigo ou artificio.

Tipo ou familia de artigo ou artificio.

Nome comercial.

Acompañando a solicitude achegarase a seguinte documentación redactada ao menos en castelán:

Modelo de declaración de conformidade cos requisitos esenciais de seguridade definidos na directiva que lle sexa de aplicación, emitida polo fabricante ou o seu mandatario na Unión Europea.

Memoria técnica do produto cuxa catalogación se solicita, que comprenda a descrición, características e propiedades, con información suficiente.

Copia dos documentos emitidos polos organismos notificados para a avaliación de conformidade, se é o caso:

Certificado CE de tipo (módulo B) en que se basea a declaración de conformidade e notificación da aplicación dos módulos: C conformidade co tipo, D aseguramento de calidade da produción, E aseguramento de calidade do produto ou F verificación do produto (soamente no caso de produtos regulados polo Real decreto 809/1999, do 14 de maio), que o fabricante elixise para a fase de fabricación, ou

Certificado de calidade de módulo G: verificación da unidade, ou

Certificado de calidade módulo H: aseguramento global de calidade do produto.

Copia da documentación relativa ás embalaxes e aos envases exteriores, en caso de que proceda, de acordo co disposto na regulamentación vixente en materia de transporte de mercadorías perigosas.

Número ONU, división de risco e grupo de compatibilidade.

Instrucións de seguridade.

Esquema da etiquetaxe conforme a normativa europea harmonizada de aplicación.

Notificación ao interesado: no caso de artigos pirotécnicos das categorías 1, 4 e dos produtos regulados polo Real decreto 809/1999, do 14 de maio, á vista da documentación presentada, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas procederá a incluír o artificio pirotécnico solicitado no rexistro, e asignaralle a división de risco e grupo de compatibilidade no caso de primeira posta no mercado, comunicándoo ao interesado.

No caso de artigos pirotécnicos das categorías 2, 3, T1, T2, P1 e P2, á vista da documentación presentada, a Dirección Xeral Política Enerxética e Minas procederá a incluír o artigo pirotécnico solicitado no rexistro, notificándoo así ao interesado mediante resolución. O contido da resolución especificará como mínimo a seguinte información:

- Número de orde, que coincidirá co número do Catálogo oficial europeo.
- Categoría de artigo.
- Número ONU, división de risco e grupo de compatibilidade.
- Fabricante ou importador.
- Referencia á certificación da marcación CE e ao módulo de calidade aplicado á fase de fabricación.
- Restricións para a venda, se procede.

No caso de utilizarse o módulo C, a catalogación limitase ao lote ao cal lle corresponde que fose obxecto do certificado de conformidade co tipo.

No caso de que a documentación achegada non se axuste ao establecido no punto 3 desta instrución técnica complementaria, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas notificaralle ao solicitante este feito para a súa emenda.

Modificacións no produto ou artigo catalogado: calquera modificación relativa ás características do artigo pirotécnico que puidese afectar a súa marcación CE será comunicada ao organismo notificado, que avaliará as novas condicións e emitirá un suplemento de certificado ou un novo, se é o caso. Cos novos documentos o interesado informará a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

#### 4. *Artigos fabricados polo fabricante para o seu propio uso*

No caso de talleres de pirotecnia que unicamente fabriquen produtos destinados ao seu propio uso e, por tanto, exentos das disposicións da marcación CE, o titular do taller deberá dispoñer dun certificado de auditoría de fábrica aplicando o procedemento que se establece na especificación técnica 4.01.

## ANEXO

### Modelo de solicitude

D./D.<sup>a</sup>.....  
en nome propio ou en representación de.....  
.....  
con domicilio para efectos de notificacións en:

.....  
con CIF ou NIF/NIE n.º.....  
n.º de teléfono ..... n.º de fax.....  
na súa calidade de [fabricante, importador, distribuidor, outro (identificar)]

#### SOLICITA

A inclusión no Catálogo do artigo pirotécnico do tipo.....  
de categoría..... (ou produto regulado polo Real decreto 809/1999, do 14  
de maio, polo que se regulan os requisitos que deben cumprir os equipos mariños  
destinados a ser embarcados nos buques, en aplicación da Directiva 96/98/CE, modificada  
pola Directiva 98/85/CE), que se comercializará co nome .....

Para módulos de conformidade D, G e H:

O produto foi (fabricado ou importado) pola empresa.....  
na fábrica.....

Para módulos de conformidade C e E:

A entidade que sustenta o módulo de control do produto é.....  
.....

(Xúntanse os documentos correspondentes do punto 3 da Instrución técnica  
complementaria número 4 do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería):

En..... o..... de..... de.....

(sinatura autorizada)

## ESPECIFICACIÓN TÉCNICA 4.01

### **Cristerios mínimos para a xestión e o aseguramento da calidade**

#### 1. *Obxecto*

Esta especificación técnica ten por obxecto establecer os requisitos mínimos de control na fabricación de artificios pirotécnicos en talleres pirotécnicos que unicamente fabriquen artigos para o seu propio uso.

#### 2. *Cristerios de avaliación*

2.1 Os fabricantes deberán dispoñer e demostrar a evidencia da aplicación dun sistema de calidade baseado nos seguintes principios xerais contidos na Norma europea para a xestión da calidade.

a) Dispoñibilidade dun manual de calidade e/ou de procedementos escritos, ou documentos similares, onde se recollan de forma clara os medios arbitrados para o cumprimento con todos os aspectos desenvolvidos nos puntos seguintes.

b) Definición clara de responsabilidades, autoridade e vías de comunicación de todo o persoal que dirixa, efectúe ou verifique tarefas que teñan incidencia sobre o control de calidade.

c) Establecemento dun sistema claro de control, aprobación e revisión, ou modificación, de todos os documentos que teñan incidencia sobre o control de calidade (en particular, manual de calidade e/ou procedementos, ou documentos similares; rexistros e arquivos de resultados de ensaios, verificacións e medidas, e calibración de equipamentos) que incluírá o período mínimo de arquivos dos citados documentos.

d) Establecemento dos procedementos necesarios para a identificación e rastrexabilidade dos produtos fabricados, mesmo nas fases intermedias de fabricación.

e) Definición concisa dos controis e ensaios que se vaian realizar a materias primas, produtos semielaborados e produtos finais e os criterios que se vaian aplicar, que deberán estar baseados en xeral, nas normas nacionais ou internacionais existentes. Calquera variación sobre o modelo de ensaio ou verificación, proposto nunha norma, deberá ser recollida de forma concisa.

f) Manterase ao día unha listaxe inventario de todos os equipamentos de medida e ensaio dispoñibles, indicándose nel, cando aplique, as datas da última e seguinte calibración e se esta é interna ou externa. Caso de ser interna indicárase o procedemento seguido.

g) Deberanse arbitrar os medios documentais oportunos para asegurar que as inspeccións e ensaios son realizados con instrumentos calibrados e coa incerteza necesaria.

h) Establecerase claramente un procedemento que asegure o coñecemento do estado de inspección e/ou ensaio dos produtos, materias primas ou produtos intermedios.

i) Deberán establecer fórmulas claras sobre o tratamento dos produtos non conformes en calquera estado de fabricación, que se detecten normalmente na inspección e/ou ensaios. Igualmente, definiranse os exames, estudos e valoracións que se vaian realizar sobre as causas das non conformidades e as súas posibles correccións.

j) Cando sexan necesarios medios especiais de almacenamento de materias primas ou produtos terminados, definiranse claramente as áreas e/ou medios destinados para o efecto.

k) Establecerase un sistema periódico de controis internos para a observancia de todos os aspectos incluídos no manual de calidade e/ou procedementos. Os resultados do control serán documentados e arquivados xunto coas accións correctoras tomadas e a súa posterior solución.

l) En caso de subcontratación de ensaios, o fabricante deberase asegurar de que o subcontratado cumpre cos aspectos aplicables deste criterio, mantendo como propio o rexistro documental correspondente.

m) Todos os rexistros relativos á calidade serán facilmente identificables co produto obxecto de control, debendo poder ser localizados con rapidez nas instalacións do propio fabricante.

n) Cando proceda, deberá estar documentada a necesidade de formación e adestramento do persoal que realice tarefas específicas, conservando constancia dos rexistros que acrediten a necesaria formación.

2.2 O control de procesos de fabricación deberá ser definido tendo en conta, tanto a natureza do artificio, obxecto ou materia, como o tipo de fabricación utilizada, e aplicarse como mínimo na recepción de materias primas ou semielaboradas, e no produto final.

2.3 Se o fabricante dispón dun sistema de xestión da calidade certificado de acordo a normas harmonizadas por unha entidade acreditada pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC), o organismo de control pode limitar a auditoría a comprobar a adecuación dos procedementos de fabricación e controis establecidos, para garantir a conformidade dos produtos fabricados co prototipo aprobado, examinando ao menos:

Procedementos de fabricación e técnicas de control.

Controis e ensaios que se realicen antes de, durante e despois da fabricación, e frecuencia con que se realizan.

Medios de vixilancia que permitan obter a calidade necesaria dos produtos.

2.4 O organismo de control comunicará ao fabricante mediante un informe de inspección os resultados das verificacións realizadas sobre o control de produción e, se é o caso, emitirá un certificado de control de adecuación cos requisitos desta especificación técnica.

## INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 5

### **Requisitos para a posta á disposición e venda de artigos pirotécnicos de categorías 2, 3, P1, P2, T1 e T2**

#### *1. Obxecto e ámbito de aplicación*

Esta instrución técnica complementaria ten por obxecto establecer os requisitos específicos para a posta á disposición e venda dos artigos pirotécnicos de categorías 2, 3, P1, P2, T1 e T2 no territorio nacional, de acordo co establecido no artigo 11 do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería e no artigo 6.2 da Directiva 2007/23/CE, do 23 de maio de 2007, sobre a posta no mercado de artigos pirotécnicos.

#### *2. Definicións*

Dobre ou triplo trono: tubo que contén dúas ou tres porcións de pólvora negra conectadas por unha mecha de retardo e que produce unha detonación que provoca a ascensión seguida dunha segunda e terceira detonación.

Trono de fricción: trono de mecha ou de pólvora negra cuxo dispositivo de ignición é unha cabeza de fricción.

#### *3. Requisitos para a posta á disposición e venda*

1. Queda prohibida a posta á disposición e venda dos artigos pirotécnicos de dobre trono, triplo trono e tronos de fricción.

2. Queda prohibida a posta á disposición e venda ao público daqueles artificios das categorías 1, 2 e 3 que, necesitando acendido manual, este non se realice mediante chama ou brasa directa.



3. Queda prohibida a posta á disposición e venda ao público de diferentes artificios de pirotecnia das categorías 1, 2 e 3, cada un deles provisto de marcación CE, conectados ou mecanizados entre si, excepto aqueles que estean deseñados para tal fin dispoñendo da súa propia marcación CE.

#### INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 6

##### Identificación nos envases de venda de cartucharía

###### 1. *Obxecto*

Esta instrución técnica complementaria ten por obxecto establecer as normas para a identificación de cartucharía que se comercialice no mercado nacional.

###### 2. *Identificación*

Contido:


O contido mínimo que deberá figurar no envase de cartucharía será: nome comercial do produto, número de catalogación e NIF/CIF ou o número de rexistro como fabricante ou importador, do responsable da comercialización.

O contido mínimo que deberá figurar na embalaxe de cartucharía será: nome comercial do produto, número de catalogación e NIF/CIF ou o número de rexistro como fabricante ou importador, do responsable da comercialización e fabricante.

#### INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 7

##### Marcación de conformidade

A marcación CE de conformidade está composta das iniciais «CE» tal como figura no grafismo seguinte:



En caso de que se reduza ou aumente a marcación deberanse respectar as mesmas proporcións que indica a escala do grafismo anterior.

## INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 8

### Espectáculos con artificios pirotécnicos realizados por expertos

#### 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

É obxecto desta instrución técnica complementaria a regulación dos espectáculos pirotécnicos realizados por expertos con artificios de categoría 3, 4, P2, T2 e artificios de fabricación propia sen marcación CE.

Esta instrución técnica será de aplicación no caso de espectáculos realizados con artificios pirotécnicos de categorías 1, 2 e 3 que no seu conxunto superen os 10 quilogramos de materia regulamentada.

Queda prohibida a mecanización por parte de non expertos de artificios das categorías 1, 2 e 3 entre si, así como a súa iniciación por sistema non eléctrico.

A utilización colectiva de artificios das categorías 1, 2 e 3 provistos de marcación CE non terá a consideración de espectáculo pirotécnico.

Adicionalmente, esta instrución técnica regula a utilización ou disparo de artigos pirotécnicos das categorías P2 e T2 que non se consideren espectáculos ou cando formen parte doutro espectáculo non pirotécnico.

#### 2. *Definicións*

Para os efectos desta instrución técnica, enténdese por:

a) Zona de lanzamento: espazo especialmente acoutado e protexido polo persoal da empresa de expertos destinado exclusivamente á montaxe do espectáculo e lanzamento dos artificios pirotécnicos.

b) Zona de seguridade: espazo que rodea a zona de lanzamento, vixiada pola entidade organizadora, que delimita a presenza do público espectador, e cuxa finalidade é a de proporcionar a este un desenvolvemento razoablemente seguro do espectáculo.

c) Distancia de seguridade: distancia existente entre os morteiros da zona de lanzamento ou o morteiro do artificio de maior calibre e a liña perimetral da zona de seguridade.

d) Entidade organizadora: persoa física ou xurídica, pública ou privada, que organiza o espectáculo, en solo público ou privado, e que asume ante a Administración e o público a responsabilidade da celebración do espectáculo.

e) Empresa de expertos: persoa física ou xurídica titular dun taller de preparación e montaxe que cumpre cos requisitos establecidos nesta instrución técnica complementaria, e á que a entidade organizadora encarga a prestación do servizo, incluíndo as operacións de montaxe do espectáculo e a realización do disparo por persoal pertencente á dita empresa.

f) Experto: persoa vinculada á empresa de expertos que, dispoñendo do carné de experto, realiza as operacións de desembalaxe, montaxe, manipulación e disparo dos artificios pirotécnicos.

g) Aprendiz: persoa vinculada á empresa de expertos que, dispoñendo do carné de aprendiz, realiza, baixo a supervisión dos expertos, operacións de desembalaxe, montaxe e manipulación e conexión dos artificios e non pode realizar o disparo.

h) Ángulo de lanzamento: aquel formado pola vertical e o eixe lonxitudinal do morteiro ou dispositivo de lanzamento.

i) Liña de tiro: conxunto de condutores eléctricos que forman parte do circuíto eléctrico necesario para o disparo mediante dispositivos de acendido eléctrico.

j) Persoal auxiliar: persoal de apoio, non necesariamente vinculado á empresa de expertos, que colabora nos labores de montaxe, desmontaxe e sempre sen a existencia de material pirotécnico.

k) Encargado: persoa designada pola empresa de expertos que asume a dirección de montaxe e disparo, sendo a interlocutora da empresa de expertos coa entidade organizadora e as autoridades competentes.

### 3. Autorización de espectáculos

Os espectáculos con artificios pirotécnicos realizados por expertos cuxo contido en materia regulamentada sexa superior a 10 quilogramos e inferior ou igual a 100 quilogramos soamente se poderán efectuar logo da notificación á Delegación do Goberno por parte da entidade organizadora do espectáculo, cunha antelación mínima de 10 días. O espectáculo entenderase autorizado salvo denegación expresa emitida no prazo de 3 días.

Os espectáculos con artificios pirotécnicos realizados por expertos cuxo contido en materia regulamentada sexa superior a 100 quilogramos soamente se poderán efectuar con autorización expresa da Delegación do Goberno, logo de informe da Área de Industria e Enerxía e da Intervención de Armas e Explosivos da comandancia correspondente da Garda Civil, para cuxo efecto a entidade organizadora do espectáculo deberá presentar a solicitude correspondente cunha antelación mínima de 15 días hábiles respecto da súa celebración.

A notificación ou autorización do espectáculo non exime da necesidade doutras autorizacións se ben servirá de base substancial para elas.

A Delegación do Goberno remitirá copia da notificación ou autorización do espectáculo á Intervención de Armas e Explosivos da Comandancia correspondente da Garda Civil.

Os documentos exhibibles para a tramitación da autorización para a celebración de espectáculos pirotécnicos serán os seguintes:

a) Solicitude de autorización, segundo modelo establecido no anexo I desta instrución técnica complementaria.

b) Se o espectáculo afecta vías ou espazos públicos ou privados, documento acreditativo da conformidade da autoridade competente ou propietaria do solo na localidade para o disparo dos artificios. Non será necesario este requisito cando a autoridade competente ou o propietario do solo sexa a entidade organizadora do espectáculo.

c) Plan de seguridade e de emerxencia do espectáculo que comprenderá o previsto no punto 5 desta instrución técnica.

d) Certificación de compañía aseguradora ou corredoría de seguros da contratación da póliza do seguro de accidentes e de responsabilidade civil subscrita pola entidade organizadora do espectáculo, que considere a organización do espectáculo obxecto da solicitude. Como mínimo, deberá cubrir un capital de 500 € por quilogramo de materia regulamentada.

e) Certificación de compañía aseguradora ou corredoría de seguros da contratación da póliza de seguros de responsabilidade civil subscrita pola empresa de expertos, que cubra a actividade de realización do espectáculo solicitado, e que como mínimo, deberá cubrir un capital de 600.000 € de responsabilidade civil.

Admitirase unha única póliza que cubra conxuntamente os casos descritos nos puntos d) e e).

f) Identificación da empresa de expertos que realice o espectáculo, que inclúa os seguintes datos:

1. Copia da autorización do taller de preparación e montaxe.
2. Xustificación da capacidade de almacenamento no taller de preparación e montaxe, cantidade que deberá ser superior á que se vaia disparar no espectáculo.
3. Relación de artificios pirotécnicos que se vaian disparar, detallando tipo, número e cantidade de materia regulamentada por artificio, tanto para os artificios con marcación CE, como os de fabricación propia sen marcación CE, e o total do conxunto.
4. Tempo previsto para o disparo de cada sección ou conxunto homoxéneo.
5. Secuencia de comezo de disparo entre seccións e orde que se vaia seguir nos disparos de cada sección, incluíndo o esquema de disparo en representación gráfica e simbólica.

6. Identificación dos expertos e aprendices que intervirán no espectáculo, así como os seus posibles suplentes, con copia dos carnés ou certificados de aptitude correspondentes, así como a identificación da persoa designada como encargado durante o desenvolvemento do espectáculo, ou o seu posible suplente.

7. Documento laboral que xustifique a súa contratación ou situación de alta na empresa.

8. Se procede, documento contractual entre empresas de expertos de cesión de persoal cualificado para a realización do espectáculo.

9. Declaración por parte do empresario titular da empresa de expertos de cumprir os requisitos establecidos na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e a súa normativa de desenvolvemento, para a actividade propia do disparo e, en particular, para o espectáculo previsto.

10. Ángulo de lanzamento previsto no caso de lanzamento non vertical.

En caso de que a empresa de expertos sexa estranxeira, deberá presentar estes documentos ou equivalentes debidamente traducidos ao menos para o castelán.

g) Proposta de distancias mínimas de seguridade e, se é o caso, medidas de seguridade adicionais previstas.

Na realización de espectáculos con artificios pirotécnicos realizados por expertos cuxo contido en materia regulamentada sexa superior a 10 quilogramos e inferior ou igual a 50 quilogramos nos que soamente se deba efectuar notificación previa á delegación do Goberno por parte da entidade organizadora do espectáculo, a dita notificación deberase acompañar dos documentos relacionados nos puntos b), e), f1), f2), f3), f5) e f8).

Na realización de espectáculos con artificios pirotécnicos realizados por expertos cuxo contido en materia regulamentada sexa superior a 50 quilogramos e inferior ou igual a 100 quilogramos nos que soamente se deba efectuar notificación previa á delegación do Goberno por parte da entidade organizadora do espectáculo, a dita notificación deberase acompañar dos documentos relacionados nos puntos b), c), e), f1), f2), f3), f5), f6), f7) e f8).

#### 4. *Requisitos para a realización do espectáculo*

Requisitos xerais:

4.1 Será responsabilidade exclusiva da empresa de expertos encargada de efectuar o lanzamento a adecuación legal dos artificios pirotécnicos que se utilizarán no espectáculo, así como das súas condicións de envasado e embalaxe, aos requisitos que ao respecto establece a normativa que sexa de aplicación sobre estas materias.

4.2 A empresa de expertos será responsable de garantir a seguridade no transporte, utilización e funcionamento dos produtos pirotécnicos de fabricación propia que non dispoñan de marcación CE, para o cal se deberán cumprir, a criterio do seu fabricante, polo menos uns requisitos esenciais de seguridade equivalentes aos indicados para os produtos con marcación CE na instrución técnica complementaria número 2.

4.3 Será igualmente responsabilidade exclusiva da empresa de expertos encargada de efectuar o lanzamento a adecuación legal dos accesorios e comprobadores de liña de tiro aos requisitos legais que lle sexan de aplicación.

4.4 Tan axiña como os artificios pirotécnicos se encontren no lugar onde se vaia celebrar o espectáculo e non constitúan almacenamento especial, o persoal da empresa de expertos velará por que se preveñan os efectos que os axentes meteorolóxicos ou circunstancias análogas poidan ocasionar ao material.

4.5 Así mesmo, os artificios pirotécnicos deberán estar protexidos pola entidade organizadora, co fin de previr as accións de persoas que poidan afectar a seguridade do espectáculo. Esta protección deberase realizar de acordo coa normativa vixente en materia de vixilancia e seguridade e tendo debidamente en conta o informe previo emitido ao respecto pola Intervención de Armas e Explosivos da comandancia correspondente. Este requisito non será necesario en caso de espectáculos realizados por expertos nos cales se utilicen máis de 10 quilogramos e menos de 50 quilogramos de materia regulada.

4.6 Os vehículos que transporten os artificios pirotécnicos serán considerados como almacenamento especial de acordo co establecido no artigo 102 do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería, para o cal deberán cumprir, ademais dos dispostos na normativa ADR vixente respecto á vixilancia de vehículos que transporten mercadorías perigosas, polo menos, os seguintes requisitos:

A carga e caixa do vehículo deberán permanecer cerradas.

Deberase evitar a proximidade de fontes de calor como xeradores eléctricos, compresores, outros vehículos, etc.

Deberase cumprir a distancia mínima de 250 metros a instalacións ou lugares con especial perigosidade tales como gasoleiras ou depósitos de produtos perigosos.

4.7 A eliminación dos restos pirotécnicos orixinados tras o disparo de fogos artificiais rexeráse segundo o establecido na instrución técnica complementaria número 12.

4.8 A empresa de expertos gardará durante tres anos rexistro de todas as súas actuacións xunto cos documentos que se enumeran nesta instrución técnica e que son da súa competencia, así como dos artificios utilizados en cada espectáculo.

Zona de seguridade:

4.9 Para cada espectáculo establecerase unha zona de seguridade, que deberá estar cerrada ou acoutada mediante cerrumes, cordas, cintas ou sistema similar, suficientemente vixiado pola entidade organizadora.

4.10 O perímetro da zona de seguridade estará determinado pola distancia de seguridade, a cal se calculará de acordo coas seguintes táboas. Porén, logo de xustificación suficientemente razoada con medidas de seguridade apropiadas, a delegación do Goberno poderá autorizar a redución destas distancias mínimas, logo de solicitude da entidade organizadora.

Distancias de seguridade en espectáculos con fogo terrestre, desde o artificio de maior calibre

Calibre exterior do artificio (mm)	Distancias (m)	
	A edificacións	Ao público
20	2	10
30	3	12
40	4	14
50	10	20
60	20	30
70	30	40

Distancias de seguridade en espectáculos con fogo aéreo (carcasas, volcáns de trono ou de carcasas) desde o artificio de maior calibre

Calibre interior do canón ou morteiro (mm)	Coefficiente que se aplicará para o cálculo da distancia ao público	Distancia de seguridade ao público (m)	Distancia de seguridade a edificacións (m)	Carcasas de cambios de repetición	Altura para lanzamento non vertical (ángulo inferior a 30°) Coefficiente b (m)
50	0,5	25	10		60

Calibre interior do canón ou morteiro (mm)	Coefficiente que se aplicará para o cálculo da distancia ao público	Distancia de seguridade ao público (m)	Distancia de seguridade a edificacións (m)	Carcasas de cambios de repetición	Altura para lanzamento non vertical (ángulo inferior a 30°) Coefficiente b (m)
60	0,6	36	15	Aumentar as distancias de seguridade nun 30%.	70
75		45	25		90
100		60	35		110
120		72	50		130
125		75	60		140
150	0,8	120	65		160
175		140	70		180
180		145	80		190
200	1	200	90		210
250		250	100		260
300		300	120	320	
350		350	140	380	

Distancias de seguridade en espectáculos con candeas romanas, desde o artificio de maior calibre

Calibre interior do artificio (mm)	Distancias (m)		Altura en lanzamento non vertical (ángulo inferior a 30°) Coefficiente b (m)
	A edificacións	Ao público	
Ata 50	10	25	60
Ata 60	15	48	70
Ata 70	25	56	90

Distancias de seguridade en espectáculos con volcáns só de cor, desde o artificio de maior calibre

Calibre interior do artificio (mm)	Distancias (m)	
	A edificacións	Ao público
Ata 50	10	25
Ata 75	25	35
Ata 100	40	50
Ata 120	50	60
Ata 150	60	75

No caso de voadores as distancias mínimas serán as seguintes: sen vento, 50 metros ao público e 25 metros a edificacións. Con vento, 100 metros ao público e 50 metros a edificacións.

4.11 No caso de lanzamento non vertical de carcasas e candeas romanas, a distancia de seguridade respecto ao público prolongarase na dirección e sentido da proxección da traxectoria prevista, na distancia que se obtén mediante a expresión:

$$\Delta d = b \cdot \tan \alpha$$

sendo:

$\Delta d$ : o incremento de distancia de seguridade en metros.

$\alpha$ : o ángulo de disparo respecto da vertical.



b: coeficiente definido nas táboas equivalente á altura que alcanza o artificio.

O ángulo de lanzamento en ningún caso poderá superar os 30 graos respecto á vertical, con excepción de disparos en espectáculos acuáticos.

4.12 Cando a zona de seguridade se encontre nunha cota máis alta que a zona de lanzamento, a entidade organizadora adecuará, dentro dos mínimos establecidos, a zona de seguridade co fin de conseguir a mellor protección dos espectadores.

4.13 Na zona de seguridade non deberán existir hospitais, clínicas, residencias de terceira idade, centros policiais, centro de emerxencia, nin aquelas outras edificacións, estruturas ou vías de comunicación que pola súa especial sensibilidade ao risco sexan susceptibles de accidentes que afecten a seguridade da poboación. Así mesmo, se o espectáculo se desenvolve durante horas de actividade escolar, non poderán existir centros educativos.

4.14 Cando dentro da zona de seguridade existan edificios habitados distintos aos sinalados na alínea anterior, a entidade organizadora anunciará esta circunstancia e previrá a poboación afectada cos medios de difusión adecuados e coa antelación suficiente. Cando a entidade organizadora for de natureza privada, esa difusión deberase realizar a través da autoridade municipal correspondente. Este requisito non será necesario en caso de espectáculos realizados por expertos en que se utilicen máis de 10 quilogramos e menos de 50 quilogramos de materia regulada.

4.15 A empresa de expertos será responsable de dispor de artigos pirotécnicos acordos coas distancias de seguridade.

4.16 A empresa de expertos propondrá o incremento correspondente do raio de seguridade, en función da orografía do lugar e da densidade de edificación e de poboación.

4.17 Corresponderá á entidade organizadora a determinación da localización e a delimitación das zonas de seguridade, de acordo co establecido nesta alínea. Este requisito non será necesario en caso de espectáculos realizados por expertos en que se utilicen máis de 10 quilogramos e menos de 50 quilogramos de materia regulada.

Zona de lanzamento:

4.18 A zona de lanzamento deberá estar permanentemente protexida mediante acordoamento, valado ou sistema similar.

4.19 Unha vez que exista materia regulamentada na zona só poderán acceder á zona de lanzamento os expertos e aprendices e, de ser o caso, aquelas persoas adscritas á entidade organizadora ou á autoridade competente na autorización do espectáculo con funcións de inspección deste.

4.20 Mentres o espectáculo se encontre en curso, só se lles permitirá permanecer na zona de lanzamento aos expertos e aprendices autorizados necesarios.

4.21 Non se permitirá a presenza de ningunha persoa dentro da zona de lanzamento que se encontre baixo os efectos do alcohol ou drogas que poidan afectar o seu xuízo, movementos ou estabilidade de forma negativa para a seguridade exigible nesta zona.

4.22 A zona de colocación de artificios pirotécnicos deberá reunir as seguintes características:

a) O chan deberá ter suficiente consistencia e non presentar elementos facilmente combustibles ou susceptibles de proxectarse. Así mesmo, deberá ser plano e horizontal ou permitir unha base de soporte con estas características para os dispositivos de lanzamento.

b) A súa situación impedirá que a traxectoria dos artificios coincida con calquera obxecto elevado, obstrución ou obstáculo que poida afectar a seguridade de lanzamento.

4.23 A fixación dos dispositivos de lanzamento deberá imposibilitar calquera desviación do ángulo de lanzamento previsto.

4.24 Deberán inspeccionarse todos os morteiros antes da súa instalación, en busca de defectos como crocaduras, bordos dobrados e interiores danados, e desbotaranse os defectuosos.

4.25 Os morteiros enterraranse en polo menos un 30 % da súa lonxitude, ben no chan ou ben en sacos. Os morteiros que se poidan danar coa humidade do terreo colocaranse dentro dunha bolsa de plástico hermética antes de os enterrar.

Os morteiros colocados en batería deberán cumprir este mesmo requisito en toda a extensión lonxitudinal da batería.

4.26 As unidades de disparo eléctrico deberán dispor dun sistema que obrigue a dúas accións positivas para a iniciación do disparo. As unidades de disparo de actuación automática despois da súa iniciación deberán contar, ademais, cun interruptor de emerxencia con bloqueo, que permita interromper a secuencia de disparo ante a aparición dun suceso fortuíto que proporcione unha situación de risco non prevista.

4.27 No caso de disparo eléctrico, a comprobación da liña de tiro realizarase empregando un comprobador de liña con certificación de conformidade en virtude das disposicións vixentes ao respecto.

4.28 A empresa de expertos deberá dispor do número suficiente de expertos e aprendices para levar a cabo o lanzamento dos artificios en cada espectáculo. De conformidade coa normativa en materia de prevención de riscos laborais, este persoal deberá cofecer en cada caso os riscos e a seguridade exigible durante cada lanzamento en particular, así como as medidas que se deben tomar, de ser o caso.

4.29 A entidade organizadora velará polo cumprimento dos requisitos establecidos nos puntos 1 a 5 deste número 4. Do mesmo modo, a empresa de expertos será responsable do cumprimento do disposto nos puntos 6 a 11 deste número 4.

#### 5. *Plan de seguridade e de emerxencia*

A entidade organizadora do espectáculo presentará un plan de seguridade realizado por persoal técnico competente, propio ou alleo, nesa materia á delegación do Goberno correspondente, que comprenderá as medidas tendentes a prever a posibilidade de accidentes e que incluírá, como mínimo, a seguinte información:

a) Protección prevista para a zona de lanzamento ata a hora de comezo do espectáculo, de acordo co establecido para iso na presente instrución técnica complementaria.

b) Protección prevista para a zona de seguridade durante o desenvolvemento do espectáculo, de acordo co establecido para iso na presente instrución técnica complementaria.

c) Declaración, de ser o caso, da non existencia de construcións a que fai referencia o número 4.13 da presente instrución técnica complementaria.

d) Equipo humano e material necesario e previsto para os efectos de protección e cumprimento das medidas de seguridade establecidas.

e) Situación exacta da zona de lanzamento e da súa área circundante nun raio de 500 metros.

f) Delimitación da zona de seguridade e dos espazos onde se prevexa a presenza do público, así como representación do raio de seguridade e a súa medida en metros.

Igualmente, a entidade organizadora presentará á delegación do Goberno correspondente un plan de emerxencia elaborado por técnicos competentes, conforme os seguintes contidos mínimos:

a) Análise dos posibles casos de emerxencia e medidas de prevención e protección previstas para iso, incluíndo os medios humanos e materiais en materia de primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación de persoas. Neste sentido, será obrigatorio dispor, polo menos:

Dunha ambulancia dotada do persoal e equipamento adecuado en relación coa distancia ao centro sanitario máis próximo.

Dun servizo contra incendios cuxa dotación e equipamento sexan os adecuados ao espectáculo que se vai celebrar.

b) Directorio dos servizos de atención de emerxencias e protección civil que deban ser alertados en caso de producirse unha emerxencia.

c) Recomendacións que deban ser expostas ao público e a súa localización, así como formas de transmisión da alarma unha vez producida.

d) Plano descritivo dos terreos onde se prevexa a celebración do espectáculo, indicando o seguinte:

Localización e accesos dos medios de socorro e asistencia en caso de accidentes.

Situación dos edificios, estradas e outras liñas de comunicación, así como a doutros elementos relevantes para os efectos de seguridade e evacuación.

Dirección do lanzamento respecto á zona destinada aos espectadores en caso de lanzamento non vertical.

## 6. Organización

6.1 A responsabilidade derivada da celebración do espectáculo corresponderá á entidade organizadora en todo aquilo que esta instrución técnica complementaria non estableza como responsabilidade exclusiva da empresa de expertos. Así mesmo, a entidade organizadora será responsable do cumprimento de toda lexislación autonómica ou local que sexa de aplicación en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas, en caso de a haber.

6.2 Sen prexuízo das responsabilidades que en materia de seguridade laboral a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, lle asigna ao empresario, as persoas facultadas para velar pola seguridade do espectáculo, segundo as atribucións establecidas nesta instrución técnica complementaria, serán as seguintes:

- a) Un encargado designado pola empresa de expertos.
- b) Un encargado designado pola entidade organizadora.

6.3 Corresponderalle á persoa designada pola entidade organizadora como encargada do espectáculo velar polo cumprimento, vixilancia e control dos contidos do plan de seguridade e do plan de emerxencia, así como das medidas de seguridade establecidas nesta instrución técnica complementaria e na autorización do espectáculo que correspondan a esa entidade.

6.4 Inmediatamente antes de iniciarse o espectáculo, o persoal da entidade organizadora comprobará visualmente a adecuación do plan de seguridade e de emerxencia previstos, así como a correcta situación dos espectadores. Este persoal deberá levar algún distintivo de identificación visible.

## 7. Montaxe do espectáculo

Previamente á montaxe do espectáculo, os expertos deberán inspeccionar os artificios pirotécnicos e desbotar, de ser o caso, aqueles que presenten defectos que puidesen afectar a seguridade do espectáculo.

Ao comezo da operación de montaxe, a entidade organizadora situará na zona de lanzamento un equipamento básico de extinción de incendios, que permanecerá na zona de lanzamento ata a retirada do espectáculo.

A iluminación para a desembalaxe e montaxe dos artigos será, preferentemente, a solar. Se for necesaria a iluminación artificial, quedan prohibidos os sistemas de iluminación con lapa núa.

Para realizar a montaxe do espectáculo deberanse seguir todas as indicacións de seguridade establecidas polos fabricantes dos produtos utilizados no espectáculo.

Os iniciadores que non veñan previamente incorporados aos artificios pirotécnicos deberán permanecer almacenados e afastados do resto de produtos durante a manipulación e montaxe do espectáculo. Igualmente, protexeranse de rozamentos e choques entre eles e contra outros elementos.

Durante as manipulacións e montaxes do espectáculo deberase evitar a proximidade de fontes de calor como xeradores eléctricos, compresores, vehículos, etc.

Durante as operacións de montaxe non está permitido fumar nin levar mistos ouisqueiros. Igualmente está prohibido o uso de calquera dispositivo que poida producir arcos ou chispas.

En caso de disparos eléctricos, durante as operacións de montaxe os montadores do espectáculo non poderán levar aparellos de comunicación mediante radiación electromagnética.

En todo caso, a montaxe dun espectáculo pirotécnico executarana os expertos e aprendices baixo a exclusiva responsabilidade dos primeiros.

Os morteiros e canóns colocaranse en todo caso na zona de lanzamento prevista e de tal forma que os artificios pirotécnicos resulten propulsados ben en dirección vertical, ben nunha dirección oposta á da situación dos espectadores. Se por razóns de situación en baías, portos, lugares ou zonas a distinta cota, etc. se situasen os morteiros e canóns en ángulo cara aos espectadores, a zona de seguridade establecida deberá deixalos fóra de toda posibilidade de risco.

A boca dos morteiros e aqueles morteiros dispostos en batería cargados quedarán sinalizados por unha cuberta de película de plástico, de aluminio ou por unha cinta adhesiva cruzada. Isto permitirá coñecer o estado dos morteiros e evidenciará un fallo no disparo se, unha vez iniciado o disparo, a sinalización está intacta.

#### 8. *Disparo do espectáculo*

Requisitos xerais:

A velocidade máxima de vento, a nivel do chan, non debe superar 15 m/s no momento e lugar do disparo.

A última manipulación que se realice antes do disparo deberá ser a da montaxe dos dispositivos para a ignición, con ou sen iniciador ou inflamador, con mecha lenta ou circuito eléctrico.

Disparo manual:

Só está permitido o disparo manual de artificios pirotécnicos cando non sexa posible ou sexa excesivamente complicado o seu acendido mediante iniciadores.

Por medio dun botafogo ou dunha mecha de estopa firmemente unida ao extremo dunha barra procederase a dar lume ás mechas, unha vez retirada a protección correspondente.

No caso de que os morteiros vaian ser recargados durante o desenvolvemento do espectáculo, débense limpar antes de cada recarga. Previamente a cada recarga dos morteiros débese ter en conta a temperatura que acadasen co fin de evitar iniciacións accidentais. En cada recarga verificarase o estado das proteccións exixidas aos morteiros.

No caso de fallo no disparo dun morteiro débese esperar 30 minutos antes de retirar a carga e retirar o artificio.

Disparo eléctrico

Se se utiliza unha batería para o disparo, esta estará situada no interior dunha caixa illada e non se abrirá a súa tapa ata que non se vaia proceder ao disparo. Se se utiliza unha liña eléctrica de corrente alterna utilizarase un transformador de dobre illamento.

O experto encargado do disparo gardará baixo a súa responsabilidade a chave de bloqueo do dispositivo de acendido, en caso de existir.

Cando os iniciadores non veñan previamente incorporados aos artificios pirotécnicos, o cebado dos artificios realizarse, se é posible, preferentemente cando estean montados na súa posición de disparo. Os extremos dos pares de condutores de cada misto permanecerán en cortocircuíto ata o momento da súa unión á consola de disparo.

Antes de iniciar o disparo, o experto encargado debe comprobar que todo o persoal saíu da zona de colocación de artificios.

Non está permitida a recarga de morteiros con disparo eléctrico.

En caso de tormenta eléctrica, todo o persoal abandonará a zona de lanzamento.

No caso de fallo no disparo dun morteiro, débese esperar 30 minutos antes de retirar a carga e retirar o artificio.

#### 9. *Prohibición, suspensión e interrupción dos espectáculos*

Esta epígrafe non será de aplicación en caso de espectáculos realizados por expertos en que se utilicen máis de 10 quilogramos e menos de 50 quilogramos de materia regulamentada.

O delegado do Goberno na comunidade autónoma, ou en quen el delegue, poderá prohibir a celebración de espectáculos con artificios pirotécnicos cando se incumpran os requisitos establecidos nesta instrución técnica complementaria.

As forzas e corpos de seguridade que estivesen presentes no espectáculo poderán interromper temporal ou definitivamente a súa celebración, ou parte dela, cando se produza algún dos feitos seguintes:

- a) Cando non se conte coa autorización preceptiva.
- b) Cando as condicións de seguridade e emerxencia establecidas na autorización do espectáculo non se cumpran, de forma que afecten gravemente a seguridade das persoas.
- c) Cando se produza acceso do público á zona de seguridade ou á zona de lanzamento.
- d) Cando os expertos e aprendices designados pola empresa pirotécnica para efectuar o lanzamento non dispoñan do carné correspondente.
- e) Cando se dean outras circunstancias non previstas, debidamente xustificadas, que impliquen certo perigo para as persoas ou bens.

O encargado poderá interromper temporalmente ou definitivamente o inicio ou o desenvolvemento do espectáculo por razóns meteorolóxicas ou técnicas que impliquen risco para as persoas ou bens. Así mesmo, poderá interrompelo en caso de advertir o incumprimento do especificado nas sublíneas b), c) e e) deste número 9.

Os motivos da interrupción deberán ser comunicados de forma inmediata á delegación do Goberno.

#### 10. *Actuacións posteriores ao espectáculo*

A recolla do material propio pirotécnico e dos restos que poidan supor un risco realizaraa a empresa de expertos, nunca antes de 15 minutos despois de concluír o espectáculo.

Ata que a zona de seguridade e lanzamento non se encontre completamente limpa de restos que poidan supor un risco, manterase a vixilancia suficiente para efectos de evitar danos ou lesións.

Así mesmo, a entidade organizadora deberá comprobar o resto da área exterior para os efectos de evitar lumes posteriores ou calquera outra circunstancia que derive en danos ou lesións.

En caso de accidente ou incidente que implique a intervención dos servizos de urxencia, xa sexa por lesións ás persoas como por danos a bens por incendio ou efectos mecánicos, comunicarase, nun prazo máximo de 24 horas, á delegación do Goberno correspondente e de maneira inmediata ao teléfono de emerxencias 112.

No caso de anomalías graves no funcionamento dos artificios pirotécnicos comunicarase á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, nun prazo de 5 días hábiles, o número de artificios afectados, o tipo, o nome do fabricante e o nome do comercializador.

#### 11. *Disparo de artigos pirotécnicos categoría P2*

A utilización de artigos pirotécnicos de categoría P2 só se poderá efectuar con autorización previa da delegación do Goberno, logo de informe da Área de Industria e Enerxía e da Intervención de Armas e Explosivos da Comandancia correspondente da Garda Civil, e para este efecto a empresa de expertos que pretenda facer uso do artigo

pirotécnico deberá presentar a solicitude correspondente cunha antelación mínima de 15 días hábiles respecto á data da súa utilización.

Unicamente poderán utilizar artigos pirotécnicos de categoría P2 as persoas que contén co correspondente carné de experto para eses artigos expedido pola Área de Industria e Enerxía da delegación do Goberno correspondente.

A delegación do Goberno poderá establecer prescricións relativas ao almacenamento, transporte e utilización en función dos artigos pirotécnicos en particular.

## 12. *Disparo de artigos pirotécnicos categoría T2*

A utilización de artigos pirotécnicos de categoría T2, cando non formen parte dun espectáculo pirotécnico, só se poderá efectuar con autorización previa da delegación do Goberno, logo do informe da Área de Industria e Enerxía e da Intervención de Armas e Explosivos da comandancia correspondente da Garda Civil, e para este efecto a empresa que pretenda facer uso do artigo pirotécnico deberá presentar a solicitude correspondente cunha antelación mínima de 15 días hábiles respecto á utilización da data da súa utilización.

Unicamente poderán utilizar artigos pirotécnicos de categoría T2 as persoas que contén co correspondente carné de experto para eses artigos expedido pola Área de Industria e Enerxía da delegación do Goberno correspondente. O carné de experto sempre estará ligado a unha empresa de efectos especiais debidamente autorizada cun almacenamento especial autorizado, de acordo co disposto no artigo 105 do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía.

A delegación do Goberno poderá establecer prescricións relativas ao almacenamento, transporte e utilización en función dos artigos pirotécnicos en particular.

## 13. *Táboa resumo*

No anexo II desta instrución técnica número 8 inclúese unha táboa resumo dos requisitos que nela se establecen.



## ANEXO I

### Modelo de solicitude de autorización de espectáculo

D/D.<sup>a</sup> .....,  
en nome propio ou en representación da entidade organizadora .....,  
con domicilio para efectos de notificacións en:

.....

.....  
con CIF ou NIF/NIE n.º ....., n.º de teléfono .....,  
n.º de fax ....., na súa calidade de (representante da entidade organizadora)

### SOLICITA

A autorización para un espectáculo pirotécnico público que será realizado pola empresa de expertos .....,  
autorizada no termo municipal de .....,  
na localidade de .....,  
o día ..... ás ..... horas e cunha duración prevista de .....

(Xúntanse os documentos correspondentes do número 3 da Instrución técnica complementaria número 8 do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía):

....., de ..... de .....

(Sinatura autorizada)

## ANEXO II

## Táboa resumo de requisitos da Instrución técnica complementaria número 8

	A	B	C
Punto 3: Autorización de espectáculos.			
Notificación á delegación do Goberno cunha antelación mínima de 10 días.	X	X	
Autorización da delegación do Goberno logo de informe da Área de Industria e Enerxía e da Intervención de Armas e Explosivos correspondente.			X
Documentación que debe presentar sexa notificación ou autorización:			
a) Solicitud de autorización.			X
b) Conformidade da propiedade do solo.		X	X
c) Plan de seguridade.		X	X
c) Plan de emerxencia.			X
d) Seguro de accidentes e de responsabilidade civil do organizador.			X
e) Seguro de responsabilidade civil da empresa de expertos.	X	X	X
f) Identificación da empresa de expertos cos seguintes datos:			
f1) Copia da autorización do taller ou depósito.	X	X	X
f2) Relación de artificios pirotécnicos para disparar, detallando tipo, número e cantidade de materia regulada por artificio, tanto para os artificios con marcación CE coma os de fabricación propia sen marcación CE, e o total do conxunto.	X	X	X
f3) Tempo previsto para o disparo de cada sección ou conxunto homoxéneo.	X	X	X
f4) Secuencia de comezo de disparo entre seccións e orde que se seguirá nos disparos de cada sección, incluíndo o esquema de disparo en representación gráfica e simbólica.			X
f5) Identificación dos expertos e aprendices que intervirán no espectáculo, así como dos seus posibles suplentes, con copia dos carnés ou certificados de aptitude correspondentes, así como a identificación da persoa designada como encargado durante o desenvolvemento daquel, ou do seu posible suplente.	X	X	X
f6) Copia dos boletíns TC-2 de cotización á Seguridade Social dos traballadores que van participar no espectáculo, ou documento laboral que xustifique a súa contratación ou situación de alta na empresa.		X	X
f7) Declaración por parte do empresario titular da empresa de expertos de cumprir os requisitos establecidos na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, para a actividade propia do disparo e, en particular, para o espectáculo previsto.		X	X
f8) Ángulo de lanzamento previsto no caso de lanzamento non vertical.	X	X	X
Punto 4: Requisitos para a realización do espectáculo.			
Requisitos xerais:			
4.1	X	X	X
4.2	X	X	X
4.3	X	X	X
4.4	X	X	X
4.5		X	X
4.6	X	X	X
4.7	X	X	X
4.8	x	X	x
Zona de seguridade:			
4.9	X	X	X
4.10	X	X	X
4.11	X	X	X
4.12	X	X	X
4.13	X	X	X
4.14		X	X
4.15	X	X	X
4.16	X	X	X

	A	B	C
4.17		X	X
Zona de lanzamento:			
Do 4.18 ao 4.29 (ambos incluídos).	X	X	X
Punto 5: Plan de seguridade e emerxencia.			
Plan de seguridade.		X	X
Plan de emerxencia.			X
Punto 6: Organización.			
6.1		X	X
6.2		X	X
6.3		X	X
6.4		X	X
6.5		X	X
Punto 7: Montaxe do espectáculo.	X	X	X
Punto 8: Disparo do espectáculo.	X	X	X
Punto 9: Prohibición, suspensión e interrupción dos espectáculos.		X	X
Punto 10: Actuacións posteriores ao espectáculo.	X	X	X

A: Espectáculos con artificios pirotécnicos realizados por expertos cuxo contido en materia regulamentada sexa superior a 10 quilogramos e inferior ou igual a 50 quilogramos.

B: Espectáculos con artificios pirotécnicos realizados por expertos cuxo contido en materia regulamentada sexa superior a 50 quilogramos e inferior ou igual a 100 quilogramos.

C: Espectáculos con artificios pirotécnicos realizados por expertos cuxo contido en materia regulamentada sexa superior a 100 quilogramos.

#### ESPECIFICACIÓN TÉCNICA NÚMERO 8.01

### Carné de experto e carné de aprendiz para a realización de espectáculos pirotécnicos

#### 1. Obxecto e ámbito de aplicación

A presente especificación técnica ten por obxecto a regulación das condicións e requisitos preceptivos para a obtención dos carnés de experto e aprendiz para espectáculos, que acrediten a capacidade técnica e laboral dos traballadores para que poidan desempeñar as tarefas correspondentes especificadas na Instrución técnica complementaria número 8.

#### 2. Requisitos para a obtención do carné de experto e aprendiz

2.1 Requisitos xerais: Os carnés, tanto de aprendiz como de experto, serán expedidos pola Área ou Dependencia de Industria e Enerxía da delegación do Goberno correspondente. O carné sempre estará ligado a un taller de preparación e montaxe autorizado que realice ou pretenda realizar espectáculos.

Os carnés de expertos incluírán habilitación para o uso da categoría T2.

As solicitudes para a obtención dos correspondentes carnés de aprendiz e experto serán realizadas polos empresarios titulares do taller de preparación e montaxe autorizado, e axustaranse aos modelos reflectidos nos anexos I e II desta especificación técnica.

2.2 Requisitos para a obtención do carné de aprendiz: Para a obtención do carné de aprendiz os interesados deben cumprir os seguintes requisitos:

- Ter cumpridos 18 anos no momento de realizar a solicitude á Área ou Dependencia de Industria e Enerxía da delegación do Goberno correspondente.
- Estar polo menos en posesión do certificado de estudos primarios no momento de realizar a solicitude.

c) Ter recibido e superado unha formación teórica organizada pola empresa de expertos á cal pertence e cuxo contido mínimo se axuste ao establecido nesta especificación técnica.

d) Estar en condicións psicofísicas para a actividade de disparo pirotécnico, acreditadas por certificado médico.

2.3 Requisitos para a obtención do carné de experto: Para a obtención do carné de experto os interesados deben cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión do carné de aprendiz.
- b) Ter cumpridos 18 anos no momento de realizar a solicitude á Área de Industria e Enerxía da delegación do Goberno correspondente.
- c) Acreditar, mediante certificación da empresa de expertos, prácticas en polo menos 10 espectáculos durante o mesmo período continuado de alta na empresa, baixo a tutela dun disparador acreditado con carné de experto.

Os traballadores pertencentes a un taller de preparación e montaxe autorizado que no momento da entrada en vigor desta especificación técnica acrediten, mediante certificación da empresa de expertos, unha experiencia de máis dun ano como expertos, con permanencia continuada na empresa, poderán solicitar directamente á Área ou Dependencia de Industria e Enerxía da delegación do Goberno correspondente a obtención do carné de experto. Así mesmo, deberán acreditar estar en condicións psicofísicas para a actividade de disparo pirotécnico.

O prazo para a regularización da súa solicitude, por parte da empresa, será dun ano desde a publicación no «Boletín Oficial del Estado» da presente norma.

### 3. *Contido mínimo da formación teórica do aprendiz*

De acordo co previsto no número anterior, o empresario titular do taller de preparación e montaxe organizará a impartición da formación correspondente aos traballadores que precisen obter o carné de aprendiz para a realización de espectáculos pirotécnicos. Para iso deberá dispor dos medios adecuados, tanto materiais como humanos, que poderán ser propios ou alleos, asegurándose oportunamente da eficacia duns ou doutros para a consecución dos obxectivos marcados.

O programa formativo mínimo necesario para a obtención do carné de aprendiz, que terá unha duración mínima de 25 horas, será o seguinte:

- a) Composición e propiedades básicas dos distintos tipos de artificios pirotécnicos.

Cofecementos xerais sobre o funcionamento dos artificios pirotécnicos.  
Aspectos teóricos básicos dos artificios e dos seus sistemas de iniciación.

- b) Formación básica en técnicas de preparación dos artificios e do seu disparo.

Elementos auxiliares para a colocación, protección, suxeición, etc.  
Protección contra a humidade e a chuvia.

- c) Formación básica sobre seguridade no disparo de espectáculos pirotécnicos.

Seguridade no manexo, almacenamento, transporte e uso de artificios pirotécnicos.  
Tratamento de artificios falidos.

- d) Cofecemento da lexislación sobre espectáculos

Aprobación administrativa.  
Zona de seguridade para a protección de espectadores e zona de lanzamento.  
Prohibicións na zona de lanzamento.  
Inspeccións tras o espectáculo.

e) Formación en materia de prevención na actividade propia do disparo de artificios pirotécnicos, de acordo coa planificación da actividade preventiva específica da empresa pirotécnica disparadora.

f) Exemplos de incidentes e accidentes ilustrativos, fallos máis representativos e medidas para evitalos.

Esta formación é independente da formación teórica e práctica en materia de seguridade e saúde que o empresario debe proporcionar a cada traballador, de acordo co establecido no artigo 19 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

Unha vez superado o nivel de coñecemento establecido, os aspirantes a aprendiz recibirán unha acreditación documental disto expedida polo titular do taller de preparación e montaxe autorizado, en que se detallará a duración e o contido do curso impartido, de acordo co programa formativo establecido nesta epígrafe.

A empresa xuntará copia desta acreditación ao realizar a solicitude á Área ou Dependencia de Industria e Enerxía da delegación do Goberno correspondente, que expedirá o correspondente carné de aprendiz cuxa validez será indefinida ou ata que a empresa solicite o carné de experto.

#### 4. *Expedición e validez*

Cumpridos os requisitos para a obtención do carné, a Área ou Dependencia de Industria e Enerxía da delegación do Goberno correspondente expedirá o carné profesional, que terá validez en todo o territorio español.

A empresa e os seus expertos teñen a obriga de adecuar e actualizar os seus coñecementos na materia e adaptalos á situación técnica e regulamentaria do momento.

Os carnés profesionais terán un período de validez indefinido. Porén, cada 5 anos deberase presentar á Área ou Dependencia de Industria e Enerxía xustificación do cumprimento do requisito establecido na alínea 2.2.d) desta especificación técnica.

## ANEXO I

**Modelo de solicitude para carné de aprendiz**

D/D.<sup>a</sup> .....,  
como titular do taller de preparación e montaxe autorizado .....,  
con domicilio social para efectos de notificacións en:

.....  
.....  
con CIF ou NIF/NIE n.º ....., n.º de teléfono .....,  
n.º de fax .....

autoriza que os seus datos de identidade persoal poidan ser consultados mediante o sistema de verificación de datos, nos termos establecidos polo Real decreto 522/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a achega de fotocopias do documento de identidade nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos.

De non deixar constancia do consentimento para a consulta dos datos mediante a marca cun «X» do recadro inicial do parágrafo anterior, deberase xuntar fotocopia do documento nacional de identidade ou, no caso de estranxeiros, fotocopia da tarxeta de estudante, da tarxeta de identidade de estranxeiro ou da tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión. No caso de cidadáns da Unión Europea ou de Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou de calquera outro Estado a que se estenda por convenio internacional o réxime previsto para os anteriores, presentarán copia do seu certificado de rexistro, ao cal deberán xuntar, así mesmo, copia do seu documento nacional de identidade ou pasaporte, documentos que deberán estar en vigor.

## SOLICITA

O carné de aprendiz a nome de D/D.<sup>a</sup> .....,  
con NIF/ NIE ....., de ..... anos de idade e traballador do taller  
anteriormente citado.

Xúntanse os seguintes documentos:

Fotocopia do certificado de estudos primarios do aspirante a aprendiz.

Xustificación de alta na empresa.

Certificado de aptitude psicofísica do aspirante a aprendiz, para a actividade de disparo pirotécnico.

Acreditación documental da formación impartida ao aspirante de aprendiz, con detalle da duración e o contido do curso impartido.

..... de ..... de .....

Sinatura do titular do taller

Sinatura do aspirante a aprendiz



## ANEXO II

**Modelo de solicitude para carné de experto**

D/D.<sup>a</sup> .....,  
como titular do taller de preparación e montaxe autorizado .....,  
con domicilio social para efectos de notificacións en:

.....  
.....  
con CIF ou NIF/NIE n.º ....., n.º de teléfono .....,  
n.º de fax .....

autoriza que os seus datos de identidade persoal poidan ser consultados mediante o sistema de verificación de datos, nos termos establecidos polo Real decreto 522/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a achega de fotocopias do documento de identidade nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos.

De non deixar constancia do consentimento para a consulta dos datos mediante a marca cun «X» do recadro inicial do parágrafo anterior, deberase xuntar fotocopia do documento nacional de identidade ou, no caso de estranxeiros, fotocopia da tarxeta de estudante, da tarxeta de identidade de estranxeiro ou da tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión. No caso de cidadáns da Unión Europea ou de Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou de calquera outro Estado a que se estenda por convenio internacional o réxime previsto para os anteriores, presentarán copia do seu certificado de rexistro, ao cal deberán xuntar, así mesmo, copia do seu documento nacional de identidade ou pasaporte, documentos que deberán estar en vigor.

## SOLICITA

O carné de experto a nome de D/D.<sup>a</sup> .....,  
con NIF/ NIE ....., de ..... anos de idade e traballador do taller  
anteriormente citado.

Xúntanse os seguintes documentos:

Carné de aprendiz.

Xustificación de alta na empresa.

Certificado de aptitude psicofísica do aspirante a experto, para a actividade de disparo pirotécnico.

Acreditación do período de prácticas como aprendiz de polo menos 10 espectáculos.

De ser o caso, acreditación documental da nova formación teórico-práctica impartida recibida, con detalle da súa duración e contido.

..... de ..... de .....

Sinatura do titular do taller

Sinatura do aspirante a aprendiz

## ESPECIFICACIÓN TÉCNICA NÚMERO 8.02

**Carné de experto para a utilización de artigos pirotécnicos de categoría T2***1. Obxecto e ámbito de aplicación*

A presente especificación técnica ten por obxecto a regulación das condicións e requisitos preceptivos para a obtención do carné de experto para a utilización de artigos pirotécnicos de categoría T2 en espectáculos non pirotécnicos, de acordo co establecido na instrución técnica complementaria número 8.

*2. Requisitos para a obtención do carné de experto*

O carné de experto para a utilización de artigos de categoría T2 será expedido pola Área ou Dependencia de Industria e Enerxía da delegación do Goberno correspondente.

Este carné estará ligado a unha empresa de efectos especiais debidamente autorizada que dispoña dun almacenamento especial autorizado segundo o previsto no artigo 105 do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía.

A solicitude para a obtención do carné de experto será realizada polo titular da empresa do sector dos efectos especiais e axustarase ao modelo reflectido no anexo desta especificación técnica.

Para a obtención do carné de experto para a utilización exclusiva de artigos de categoría T2, os interesados deben cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ter cumpridos 18 anos no momento de realizar a solicitude á Área de Industria e Enerxía da delegación do Goberno correspondente.
- b) Estar polo menos en posesión do certificado de estudos primarios no momento de realizar a solicitude.
- c) Ter recibido e superado unha formación teórica e práctica organizada pola empresa á cal pertence e cuxo contido mínimo se axuste ao establecido nesta especificación técnica.
- d) Estar en condicións psicofísicas para a actividade de utilización de artigos pirotécnicos, acreditadas por certificado médico.

Os traballadores pertencentes a unha empresa de efectos especiais que, no momento da entrada en vigor desta especificación técnica, acrediten unha experiencia de máis dun ano na utilización de artigos pirotécnicos de categoría T2, poderán solicitar á Área ou Dependencia de Industria e Enerxía da delegación do Goberno correspondente a obtención do carné de experto. Así mesmo, deberán acreditar estar en condicións psicofísicas para esa actividade.

O prazo para a regularización da súa solicitude será dun ano desde a publicación no «Boletín Oficial del Estado» da presente norma.

*3. Contido mínimo da formación teórico-práctica*

De acordo co previsto no número anterior, o titular da empresa de efectos especiais que pretenda utilizar os artigos de categoría T2 organizará a impartición da formación correspondente aos traballadores que precisen o carné de experto en T2. Para iso deberá dispor dos medios adecuados, tanto materiais como humanos, que poderán ser propios ou alleos, asegurándose oportunamente da eficacia duns ou doutros para a consecución dos obxectivos marcados.

O programa formativo mínimo necesario para a obtención do carné de experto, que terá unha duración mínima de 25 horas, será o seguinte:

- a) Composición e propiedades dos distintos tipos de artigos pirotécnicos de categoría T2.

Coñecementos xerais sobre o funcionamento dos artigos pirotécnicos.

Aspectos teóricos básicos dos artigos pirotécnicos e dos seus sistemas de iniciación.

b) Formación básica en técnicas de preparación dos artigos de categoría T2 e da súa utilización.

Elementos para a colocación e utilización.  
Protección contra a humidade e a chuva.  
Utilización en interiores.  
Utilización en efectos especiais.

c) Formación básica sobre seguridade na utilización dos artigos pirotécnicos de categoría T2.

Seguridade no manexo, almacenamento, transporte e uso dos artigos pirotécnicos de categoría T2.

Tratamento dos artigos pirotécnicos falidos.

d) Formación en materia de prevención na actividade propia da utilización dos artigos pirotécnicos en particular, de acordo coa planificación da actividade preventiva específica da empresa usuaria.

e) Exemplos de incidentes e accidentes ilustrativos, fallos máis representativos e medidas para evitalos.

Esta formación é independente da formación teórica e práctica en materia de seguridade e saúde que o empresario debe proporcionar a cada traballador, de acordo co establecido no artigo 19 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

Unha vez superado o nivel de coñecemento establecido, os aspirantes a experto recibirán unha acreditación documental disto expedida polo titular da empresa á cal pertencen, de acordo co programa formativo establecido nesta epígrafe. A empresa xuntará copia desta acreditación á solicitude á Área ou Dependencia de Industria e Enerxía da delegación do Goberno correspondente.

#### 4. Expedición e validez

Cumpridos os requisitos descritos, a Área ou Dependencia de Industria e Enerxía da delegación do Goberno correspondente expedirá o correspondente carné de experto, que terá validez en todo o territorio español.

A empresa e os seus expertos teñen a obriga de adecuar e actualizar os seus coñecementos na materia e adaptalos á situación técnica e regulamentaria do momento.

Os carnés profesionais terán un período de validez indefinido. Porén, cada 5 anos deberase presentar á Área ou Dependencia de Industria e Enerxía xustificación do cumprimento do requisito establecido na alínea 2.d) desta especificación técnica.

## ANEXO

### Modelo de solicitude para carné de experto de artigos T2

D/D.<sup>a</sup> .....,  
como titular da empresa do sector dos efectos especiais:

.....  
con domicilio social para efectos de notificacións en:

.....  
con CIF ou NIF/NIE n.º ....., n.º de teléfono .....,  
n.º de fax .....

autoriza que os seus datos de identidade persoal poidan ser consultados mediante o sistema de verificación de datos, nos termos establecidos polo Real decreto 522/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a achega de fotocopias do documento de identidade nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos.

De non deixar constancia do consentimento para a consulta dos datos mediante a marca cun «X» do recadro inicial do parágrafo anterior, deberase xuntar fotocopia do documento nacional de identidade ou, no caso de estranxeiros, fotocopia da tarxeta de estudante, da tarxeta de identidade de estranxeiro ou da tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión. No caso de cidadáns da Unión Europea ou de Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou de calquera outro Estado a que se estenda por convenio internacional o réxime previsto para os anteriores, presentarán copia do seu certificado de rexistro, ao cal deberán xuntar, así mesmo, copia do seu documento nacional de identidade ou pasaporte, documentos que deberán estar en vigor.

### SOLICITA

O carné de experto para a utilización de artigos pirotécnicos de categoría T2 a nome de D/D.<sup>a</sup> .....,  
con NIF/NIE ....., de ..... anos de idade e traballador da empresa anteriormente citada.

Xúntanse os seguintes documentos:

Fotocopia do certificado de estudos primarios do aspirante a experto.

Xustificación de alta na empresa.

Certificado de aptitude psicofísica do aspirante a experto para esta actividade.

Acreditación documental da formación impartida ao aspirante de experto, con detalle da duración e do contido do curso impartido.

..... de ..... de .....

## ESPECIFICACIÓN TÉCNICA NÚMERO 8.03

### **Certificación de experto para a utilización de artigos pirotécnicos de categoría P2**

#### *1. Obxecto e ámbito de aplicación*

Esta especificación técnica ten por obxecto a regulación das condicións e requisitos preceptivos para a obtención da certificación de experto para a utilización de artigos pirotécnicos de categoría P2, de acordo co establecido na instrución técnica complementaria número 8.

A certificación será específica para cada tipo de artigo pirotécnico de categoría P2.

#### *2. Requisitos para a obtención da certificación de experto*

A certificación de experto para a utilización dun determinado artigo de categoría P2 será expedida pola Área ou Dependencia de Industria e Enerxía da delegación do Goberno correspondente. Esta certificación estará ligada á empresa á cal pertence o traballador que a pretenda obter.

A solicitude para a obtención da certificación de experto será realizada polo titular da empresa á cal pertence o aspirante a experto e axustarase ao modelo reflectido no anexo desta especificación técnica.

Para a obtención da certificación de experto para a utilización dun determinado artigo de categoría P2, os interesados deben cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ter cumpridos 18 anos no momento de realizar a solicitude á Área ou Dependencia de Industria e Enerxía da delegación do Goberno correspondente.
- b) Estar polo menos en posesión do certificado de estudos primarios no momento de realizar a solicitude.
- c) Ter recibido e superado unha formación teórica e práctica organizada pola empresa á cal pertence, cuxo contido mínimo se axuste ao establecido nesta especificación técnica.
- d) Estar en condicións psicofísicas para a actividade de utilización de artigos pirotécnicos, acreditadas por certificado médico.

#### *3. Contido mínimo da formación teórico-práctica*

De acordo co previsto no número anterior, o titular da empresa á cal pertenza o traballador que pretenda obter a certificación de experto para a utilización dun determinado artigo pirotécnico de categoría P2 organizará a impartición da formación correspondente. Para iso deberá dispor dos medios adecuados, tanto materiais como humanos, que poderán ser propios ou alleos, asegurándose oportunamente da eficacia duns ou doutros para a consecución dos obxectivos marcados.

O programa formativo mínimo necesario para a obtención da certificación de experto será o seguinte:

- a) Composición e propiedades do artigo pirotécnico de categoría P2.
- b) Formación básica en técnicas de preparación do artigo pirotécnico de categoría P2 e da súa utilización.

Elementos para a colocación e utilización.  
Protección contra a humidade e a chuvia.

- c) Formación básica sobre seguridade na utilización do artigo pirotécnico de categoría P2.

Seguridade no manexo, almacenamento, transporte e uso do artigo pirotécnico de categoría P2.

Tratamento dos artigos pirotécnicos falidos.

d) Formación en materia de prevención na actividade propia da utilización dos artigos pirotécnicos en particular, de acordo coa planificación da actividade preventiva específica da empresa usuaria.

e) Exemplos, de ser o caso, de incidentes e accidentes ilustrativos, fallos máis representativos e medidas para evitalos.

Esta formación é independente da formación teórica e práctica en materia de seguridade e saúde que o empresario debe proporcionar a cada traballador, de acordo co establecido no artigo 19 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

Unha vez superado o nivel de coñecemento establecido, os aspirantes a experto recibirán unha acreditación documental disto expedida polo titular da empresa á cal pertencen, con base no programa formativo establecido nesta epígrafe. A empresa remitirá copia desta acreditación á Área ou Dependencia de Industria e Enerxía da delegación do Goberno correspondente.

#### 4. *Expedición e validez*

Cumpridos os requisitos descritos nos números anteriores desta especificación técnica, a Área ou Dependencia de Industria e Enerxía da delegación do Goberno correspondente expedirá a correspondente certificación de experto para a utilización do artigo pirotécnico P2 en particular, que terá validez en todo o territorio español.

A empresa e os seus expertos teñen a obriga de adecuar e actualizar os seus coñecementos na materia e adaptalos á situación técnica e regulamentaria do momento.

As certificacións de expertos terán un período de validez indefinido. Porén, cada 5 anos deberase presentar á Área ou Dependencia de Industria e Enerxía xustificación do cumprimento do requisito establecido na alínea 2.d) da presente especificación técnica.



## ANEXO

**Modelo de solicitude para certificación de experto de artigos P2**

D/D.<sup>a</sup> .....,  
como titular da empresa: .....,  
con domicilio social para efectos de notificacións en:

.....  
.....  
con CIF ou NIF/NIE n.º ....., n.º de teléfono .....,  
n.º de fax .....

autoriza que os seus datos de identidade persoal poidan ser consultados mediante o sistema de verificación de datos, nos termos establecidos polo Real decreto 522/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a achega de fotocopias do documento de identidade nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos.

De non deixar constancia do consentimento para a consulta dos datos mediante a marca cun «X» do recadro inicial do parágrafo anterior, deberase xuntar fotocopia do documento nacional de identidade ou, no caso de estranxeiros, fotocopia da tarxeta de estudante, da tarxeta de identidade de estranxeiro ou da tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión. No caso de cidadáns da Unión Europea ou de Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou de calquera outro Estado a que se estenda por convenio internacional o réxime previsto para os anteriores, presentarán copia do seu certificado de rexistro, ao cal deberán xuntar, así mesmo, copia do seu documento nacional de identidade ou pasaporte, documentos que deberán estar en vigor.

## SOLICITA

A certificación de experto para a utilización do artigo pirotécnico de categoría P2:  
....., a nome de D/D.<sup>a</sup> .....,  
con NIF/NIE ....., de ..... anos de idade e traballador da  
empresa anteriormente citada.

Xúntanse os seguintes documentos:

Fotocopia do certificado de estudos primarios do aspirante a experto.

Xustificación de alta na empresa.

Certificado de aptitude psicofísica do aspirante a experto para esa actividade.

Acreditación documental da formación impartida ao aspirante de experto, con detalle da duración e do contido do curso impartido.

....., ..... de ..... de .....

## ESPECIFICACIÓN TÉCNICA NÚMERO 8.04

**Requisitos das entidades externas para desenvolver actividades formativas para a obtención do carné de experto e aprendiz para a realización de espectáculos pirotécnicos***1. Obxecto e ámbito de aplicación*

Esta especificación técnica ten por obxecto a regulación dos requisitos mínimos que deben reunir as entidades externas de formación para poder impartir a formación establecida para a obtención dos carnés de experto e aprendiz para espectáculos pirotécnicos, que acrediten a capacidade laboral dos traballadores para que poidan desempeñar as tarefas correspondentes especificadas na instrución técnica complementaria número 8 do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía.

As entidades externas que pretendan impartir a formación establecida para a obtención dos carnés de experto e aprendiz para espectáculos pirotécnicos poderán ser autorizadas para a impartición dos cursos seguintes:

Curso teórico de aprendiz para a realización de espectáculos pirotécnicos segundo o programa establecido no número 3 da especificación técnica 8.01.

Curso teórico-práctico de experto para a utilización de artigos pirotécnicos de categoría T2 segundo o programa establecido no número 3 da especificación técnica 8.02.

Curso teórico-práctico de experto para a utilización dun determinado artigo pirotécnico de categoría P2 segundo o programa establecido no número 3 da especificación técnica 8.03.

*2. Requisitos das entidades de formación*

As entidades externas que pretendan impartir a formación establecida para a obtención dos carnés de experto e aprendiz para espectáculos pirotécnicos deberán previamente ser autorizadas pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, de acordo cos requisitos establecidos nesta especificación técnica.

Os requisitos mínimos necesarios que deben reunir as entidades externas de formación para a súa correspondente autorización son os seguintes:

*a) Medios humanos:*

Polo menos un dos membros do cadro de formadores encargado da docencia dos contidos dos programas regulados no número 3 das especificacións técnicas 8.01, 8.02 e 8.03 terá as seguintes características:

Titulación en enxeñaría de minas ou enxeñaría técnica de minas, enxeñaría química ou licenciatura en ciencias químicas

Experiencia laboral acreditada no sector pirotécnico.

Experiencia docente acreditada.

Complementariamente ao equipo de formadores anterior, poderá participar o persoal técnico que, reunindo os requisitos académicos, non dispoña da experiencia mínima necesaria establecida nesta alínea.

*b) Medios materiais:*

Dispoñibilidade de infraestrutura e instalacións adecuadas para impartir as clases teóricas.

Medios materiais docentes, incluíndo medios audiovisuais.

Material didáctico adecuado.

No caso de que entidades externas de formación pretendan impartir a formación teórico-práctica establecida na especificación técnica 8.02 para a obtención do carné de experto para a utilización de artigos pirotécnicos de categoría T2 ou na especificación técnica 8.03 para a obtención do certificado de experto para a utilización dun determinado

artigo de categoría P2, adicionalmente deberán dispor dos equipamentos de traballo e instalacións adecuadas para a impartición da formación práctica.

### 3. *Autorización das entidades de formación*

Solicitud de autorización:

As entidades que pretendan ser autorizadas como entidade autorizada de formación deberán dirixir a súa solicitude á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, que examinará a solicitude e comprobará a validez e suficiencia da documentación achegada. Para iso, a solicitude formularase de acordo co modelo que recolle o anexo I desta especificación técnica e esa solicitude remitirase xunto cos seguintes documentos estruturados segundo o indicado no anexo II desta especificación técnica:

- a) Memoria da entidade, que inclúa acreditación da personalidade, así como experiencia en actividades de formación.
- b) Memoria do curso ou cursos obxecto de autorización, que inclúa unha programación detallada.
- c) Xustificación do cumprimento dos requisitos establecidos no número 2 desta especificación técnica.

Cando así for necesario, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderalle requirir á entidade solicitante, durante o proceso de autorización, calquera outra información complementaria que considere necesaria, ou a emenda das deficiencias advertidas. O prazo outorgado para iso será de dez días. Transcorrido este, se non se atendese o seu requirimento, entenderase que o solicitante renuncia a continuar co proceso de autorización e resolverase a solicitude presentada como denegada.

Resolución de autorización:

A partir da documentación achegada, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas ditará e notificará resolución nun prazo máximo de tres meses desde a presentación, aprobando ou denegando a solicitude de autorización.

A autorización terá validez en todo o territorio español e será específica para os cursos solicitados, e a súa vixencia será indefinida.

As entidades autorizadas deberán informar a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, de calquera cambio nos datos e circunstancias da súa actividade incluídos na solicitude de autorización.

### 4. *Rexistro de entidades autorizadas de formación*

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a través da súa Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, creará e xestionará un rexistro de oficio en que serán inscritas as entidades formativas que obtivesen a correspondente autorización para o desenvolvemento das actividades acollidas ao obxecto e ámbito de aplicación desta especificación técnica.

### 5. *Funcionamento das entidades de formación*

As entidades autorizadas deberán desenvolver as actividades de formación baixo as condicións establecidas nesta especificación técnica e nas especificacións técnicas 8.01, 8.02 e 8.03.

A única modalidade formativa válida será a presencial.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio poderá comprobar que o ensino impartido se axusta aos programas e duración autorizados e que, ademais, se empregan os medios necesarios para a súa impartición. Se se comprobase que o curso non se realiza conforme o programa autorizado e empregando os medios necesarios, procederase á súa anulación.

Adicionalmente, as entidades de formación autorizadas terán as seguintes obrigas:

- a) Permitir as actuacións de control e seguimento que puidese emprender a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.
- b) Proceder á execución das actividades formativas cos medios indicados na solicitude e baixo as condicións reflectidas na autorización, de ser o caso, que non se poderán encomendar a terceiras entidades que non se encontren especificamente autorizadas para iso, de acordo co establecido nesta especificación técnica.
- c) Comunicar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas calquera cambio que se producise e puidese afectar as condicións baixo as que se autorizou a entidade.
- d) Pór anualmente en coñecemento da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas as accións formativas que fosen executadas ao longo do correspondente período, indicando para cada unha delas polo menos o seguinte:

Nome da acción formativa.

Período de celebración.

Modalidade de impartición.

Identificación de alumnos, empresa e centro de traballo.

Lugar de impartición.

## 6. *Incumprimentos*

Os incumprimentos de canto establece esta especificación técnica terán a consideración de infraccións de acordo co tipificado no título X do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía.

## ANEXO I

### Modelo de solicitude de autorización para o desenvolvemento das actividades formativas

D/D.<sup>a</sup> .....  
 como representante da entidade .....  
 con domicilio social para efectos de notificacións en:  
 .....  
 .....  
 con CIF/NIF/NIE n.º ....., n.º de teléfono .....  
 n.º de fax .....

autoriza que os seus datos de identidade persoal poidan ser consultados mediante o sistema de verificación de datos, nos termos establecidos polo Real decreto 522/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a achega de fotocopias do documento de identidade nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos.

De non deixar constancia do consentimento para a consulta dos datos mediante a marca cun «X» do recadro inicial do parágrafo anterior, deberase xuntar fotocopia do documento nacional de identidade ou, no caso de estranxeiros, fotocopia da tarxeta de estudante, da tarxeta de identidade de estranxeiro ou da tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión. No caso de cidadáns da Unión Europea ou de Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou de calquera outro Estado a que se estenda por convenio internacional o réxime previsto para os anteriores, presentarán copia do seu certificado de rexistro, ao cal deberán xuntar, así mesmo, copia do seu documento nacional de identidade ou pasaporte, documentos que deberán estar en vigor.

### SOLICITA

A autorización para o desenvolvemento das actividades formativas, de acordo co establecido na especificación técnica 8.04 «Requisitos das entidades externas para desenvolver actividades formativas para a obtención do carné de experto e aprendiz para a realización de espectáculos pirotécnicos» do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería, para os cursos cuxos programas se regulan nas especificacións técnicas seguintes:

.....  
 .....  
 .....

Xúntanse os seguintes documentos:

- a) Memoria da entidade, que inclúa acreditación da personalidade, así como experiencia en actividades de formación.
- b) Memoria do curso ou cursos obxecto de autorización, que inclúa unha programación detallada.
- c) Xustificación do cumprimento dos requisitos establecidos no número 2 da especificación técnica 8.04 do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería.

..... de ..... de .....

Asdo.

Os datos consignados neste documento serán tratados de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

## ANEXO II

### **Estrutura e contido da documentación que se debe xuntar á solicitude de autorización para o desenvolvemento das actividades formativas**

Memoria da entidade:

1. Identificación da entidade
2. Descrición dos medios humanos para o desenvolvemento das actividades formativas.

- 2.1 Estrutura organizativa da entidade.
- 2.2 Identificación do equipo de formadores segundo os cursos polos cales se solicita a autorización.

3. Descrición dos medios e recursos materiais e didácticos con que conta para o desempeño das actividades formativas.

- 3.1 Descrición das aulas, xa sexan propias ou arrendadas, con que conta a entidade.

- 3.2 Dispoñibilidade de instalacións e equipamentos para a impartición de formación práctica, xa sexan propios ou arrendados, e descrición destes.

- 3.3 Descrición dos recursos didácticos (material e equipamento didáctico, medios audiovisuais) con que conta a entidade.

4. Experiencia acreditada como entidade no desenvolvemento de actividades formativas.

Memoria dos cursos polos cales se solicita autorización:

1. Módulos formativos de que consta cada curso.
2. Programación detallada de cada módulo con repartición horaria e asignación de docentes.

3. Descrición da metodoloxía que se utilizará para o desenvolvemento dos contidos prácticos (categorías T2 e P2).

Xustificación de requisitos:

1. Currículos de todos os membros do cadro docente.
2. Xustificación das titulacións académicas de todos os membros do cadro docente.
3. Acreditación da experiencia profesional no sector pirotécnico de todos os membros do cadro docente.

4. Acreditación da experiencia docente de todos os membros do cadro docente.

### INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 9

#### **Normas de deseño e localización para talleres e depósitos de pirotecnia e cartucharía**

##### *1. Obxecto e ámbito de aplicación*

Esta instrución técnica desenvolve as normas aplicables á instalación, modificación ou traslado dos talleres e depósitos de produtos terminados de pirotecnia.

##### *2. Requisitos construtivos*

A construción dos almacéns realizarase seguindo as seguintes características construtivas:



Edificio dador ou doador, entendéndose por tal aquel en cuxo interior pode acontecer unha explosión, deflagración ou incendio. A súa construción realizarase en función das distancias a outros edificios, da cantidade de materia regulamentada e das posibles defensas, ben en materiais lixeiros que minimicen as proxeccións ou ben con estruturas resistentes que poidan ser parcialmente abatibles, cuxo deseño se fará de forma que, en caso de accidente no seu interior, a onda de choque ou lingua de fogo, de ser o caso, resulten orientadas na dirección máis favorable. Así mesmo, neste caso, deseñaranse de forma que se reduzan o mínimo posible os lanzamentos de fragmentos primarios dunha explosión.

Edificio receptor, entendéndose por tal aquel que se pode ver afectado polos efectos dunha explosión ou deflagración acontecida no seu exterior. A súa construción realizarase en función das distancias aos posibles edificios doadores, das cantidades de materia regulamentada e das posibles defensas, ben con materiais lixeiros ou ben con estruturas resistentes de rixidez adecuada, cuxo deseño se fará de forma tal que, en caso dunha explosión no exterior, a súa estrutura ofrezca a resistencia necesaria para que sexa dificilmente abatible e capaz de soportar a posible caída de fragmentos.

Edificio perigoso, entendéndose por tal aquel que alberga un ou varios locais perigosos.

Local perigoso, entendéndose por tal aquel compartimento integrado ou non nun edificio en que se levan a cabo a manipulación ou o almacenamento de materias regulamentadas.

Edificio non perigoso: entendéndose por tal aquel edificio ou local instalado dentro do perímetro da instalación destinado a tarefas auxiliares ou accesorias en que non está permitida ningunha manipulación ou almacenamento de materias regulamentadas.

Para os efectos da aplicación desta instrución técnica complementaria e da separación dos locais de traballo onde se manipule materia regulamentada, na falta de procedementos específicos de ensaio na manipulación asignarase a estes locais a división de risco 1.1.

## 3. Distancias

## 3.1 Distancias ao contorno:

As distancias mínimas que se deben observar na localización dos talleres de pirotecnia e depósitos de produtos terminados respecto ao seu contorno calcularanse, en cada caso, de acordo coas seguintes fórmulas:

División de risco	Respecto a núcleos de poboación ou aglomeración de persoas	Respecto a vías de comunicación ou lugares turísticos	Respecto a vivendas illadas e outras estradas e liñas de ferrocarril
<b>1.1 y 1.5</b>	$D = 34 \cdot \sqrt[3]{Q}$	$D = 27 \cdot \sqrt[3]{Q}$	$D = 20 \cdot \sqrt[3]{Q}$
<b>1.2</b>	(1) $D = 58 \cdot \sqrt[6]{Q}$ (3)	$D = 58 \cdot \sqrt[6]{Q}$ (3)	$D = 39 \cdot \sqrt[6]{Q}$ (5)
	(2) $D = 76 \cdot \sqrt[6]{Q}$ (4)	$D = 76 \cdot \sqrt[6]{Q}$ (4)	$D = 51 \cdot \sqrt[6]{Q}$ (5)
<b>1.3</b>	$D = 6 \cdot \sqrt[3]{Q}$ (5)	$D = 6 \cdot \sqrt[3]{Q}$ (5)	$D = 4 \cdot \sqrt[3]{Q}$ (6)
<b>1.4 y 1.6</b>	(7)	(7)	(7)

- (1) Materias e obxectos que en caso de explosión non orixinan metralla pesada.
- (2) Metralla pesada, debida á posible presenza de proxectís de calibre maior de 60 mm.
- (3) Distancia mínima 90 m.
- (4) Distancia mínima 135 m.
- (5) Distancia mínima 60 m.
- (6) Distancia mínima 40 m.
- (7) Distancia mínima 25 m.

En que:

Q: é a cantidade máxima de materia regulamentada que pode haber nun edificio ou local perigoso ou a capacidade máxima do almacén, en quilogramos.

D: é a distancia que hai que observar, en metros.

Entenderase por vías de comunicación as liñas de ferrocarril públicas e as autoestradas, autovías e estradas cunha circulación superior a 2.000 vehículos/día, segundo aforo medido.

Entenderase por outras estradas e liñas de ferrocarril as non incluídas no parágrafo anterior, excepto os camiños cunha circulación inferior a 100 vehículos/día, segundo aforo medido.

Entenderase por vivendas illadas as que, estando permanentemente habitadas, non constitúan un núcleo de poboación.

As medicións efectuaranse a partir dos paramentos interiores dos edificios en que se manipulen ou almacenen substancias regulamentadas.

As distancias poderanse reducir á metade cando existan defensas naturais ou artificiais. Á hora de contabilizar as defensas non se considerarán as superposicións de defensas.

Cando existisen varios edificios ou almacéns comprendidos nun mesmo recinto, as distancias aplicables serán as correspondentes ao edificio ou almacén que exixa as maiores distancias, sempre que a separación entre os edificios ou almacéns cumpra o disposto nos números 3.2 e 3.3 desta instrución técnica complementaria e que nesas distancias queden comprendidas as correspondentes ás outras edificacións.

Cando coexistan diferentes divisións de risco no mesmo edificio, a distancia mínima aplicable calcularase considerando a división de risco máis desfavorable e a capacidade total do edificio, é dicir, a suma das cantidades netas máximas de cada división de risco.

## 3.2 Distancias entre os edificios ou locais no taller de pirotecnia:

As distancias mínimas que se deben observar entre os edificios ou locais que integran o taller de pirotecnia, tanto se se trata de edificios perigosos como de non perigosos, calcularanse, en razón das súas características construtivas e da cantidade e división de risco da materia regulamentada existente no edificio ou local doador ou dador, mediante a fórmula:

$$D = K \cdot \sqrt[3]{Q}$$

En que:

D: é a distancia, entre edificios ou locais, en metros.











Q: é a cantidade de materia regulamentada contida habitualmente en cada edificio ou local dador, en quilogramos.

K: é un coeficiente de acordo coas táboas que figuran a continuación.

Cando coexistan diferentes divisións de risco no mesmo edificio, a distancia mínima aplicable corresponderá á maior resultante das distancias calculadas para cada unha das divisións de risco. O valor de Q para cada un destes cálculos corresponderá á capacidade total do edificio, é dicir, á suma das cantidades netas máximas de cada división de risco.

## División de risco 1.1

## Coeficiente K











Dador	Receptor	Receptor			
					
Cuberto de terra (1)		2	2,5	3	3,5
Cuberta e paredes resistentes (2) Cuberta resistente (2) e paredes lixeiras, con defensas (3)		2	3	4	5
					
Paredes resistentes (2) e cuberta lixeira Cuberta e paredes lixeiras, con defensas (3)		2	2,5	3	5
					
Cuberta e paredes lixeiras		2	3,5	4	6

(1) O espesor mínimo do recubrimento será dun metro.

(2) O espesor mínimo da cuberta ou parede será o correspondente a 25 centímetros de formigón armado ou outra estrutura de resistencia equivalente.

(3) Véxase número 4 desta instrución técnica complementaria.

**División de risco 1.3 e 1.2**  
**Coefficiente K**

Dador	Receptor	Receptor			
					
Recuberto de terra		*	*	*	1,25
Parede resistente ao lume (1) sen aberturas		*	*	1,25	1,4
Parede resistente ao lume (2) con defensas		*	1,25	1,4	1,7
Parede resistente ao lume (2) sen defensas					
Parede lixeira ou cara de alivio de presión (3), con defensas		1,4	1,4	1,7	2,0
Parede resistente ou cara de alivio de presión (3), sen defensas		1,4	1,7	2,0	3,2

\* Ningunha regulación de distancias.

- (1) Parede cunha resistencia ao lume EI-60 segundo Real decreto 312/2005.  
 (2) Parede cunha resistencia ao lume EI-30 segundo Real decreto 312/2005.  
 (3) É un panel ou zona debilitada, de baixa resistencia á sobrepresión.

**División de risco 1.4**

Neste caso, a distancia mínima entre edificios ou locais será de 5 metros se as paredes son de formigón armado de 25 centímetros de formigón ou estrutura de resistencia equivalente, ou de 10 metros se se trata de paredes lixeiras.

**3.3. Distancias entre almacéns de produtos terminados e auxiliares:**

As distancias mínimas que se deben observar entre os almacéns que configuran o depósito de produtos terminados ou o depósito auxiliar de pirotecnia calcularanse mediante a seguinte fórmula:









$$D = K \cdot \sqrt[3]{Q}$$

En que:

D: é a distancia entre os paramentos interiores dos almacéns limítrofes, en metros. Q: é a capacidade máxima do almacén de maior capacidade dos dous considerados, en quilogramos. K: é un coeficiente de acordo coas táboas que figuran a continuación.





Cando coexistan diferentes divisións de risco no mesmo edificio, a distancia mínima aplicable corresponderá á maior resultante das distancias calculadas para cada unha das divisións de risco. O valor de Q para cada un destes cálculos corresponderá á capacidade total do edificio, é dicir, á suma das cantidades netas máximas de cada división de risco.

**División de risco 1.1**  
**Coefficiente K**

Dador \ Receptor		Receptor			
					
Polvoreira semienterrada. Parede lateral ou traseira		1	2	1,5	1,5
Polvoreira semienterrada. Parede frontal (2)		2	(1)	1,5	(1)
Polvoreira superficial con defensa		1	2	1,5	1,5
Polvoreira superficial sen defensa		1,5	(1)	1,5	3







- (1) Disposición non admitida.  
 (2) Considerarase disposición frontal respecto a outro almacén, cando o receptor se encuentre dentro do sector ou área determinada por un ángulo de 60°, cuxa bisectriz coincida co eixe do almacén dador e cuxa orixe se sitúe sobre tal parede frontal.

**División de risco 1.2**  
**Coefficiente K**

Dador \ Receptor		Receptor	
			
Polvoreiras semienterradas		(1)	(1)
Polvoreiras superficiais		25 m.	90 m. (2)

- (1) Ningunha regulación de distancias.

**División de risco 1.3**  
**Coefficiente K**

Dador \ Receptor		Receptor		
				
Polvoreira semienterrada		(1)	(1)	1,25 (2)
Polvoreira superficial con defensas		(1)	1,4 (2)	1,4 (3)
Polvoreira superficial sen defensas		(1)	1,4 (3)	1,7 (3)

- (1) Ningunha regulación de distancias.  
 (2) Distancia mínima, 15 metros.  
 (3) Distancia mínima, 20 metros.

#### División de risco 1.4

Neste caso, a distancia mínima entre almacéns será de 10 metros.

Mediante unha parede resistente ao lume El 60 segundo Real decreto 312/2005, do 18 de marzo, polo que se aproba a clasificación dos produtos de construción e dos elementos construtivos en función das súas propiedades de reacción e de resistencia fronte ao lume ou estrutura similar, poderase reducir a distancia á metade.

#### 4. Defensas


Esta instrución técnica complementaria diferencia en diversos casos o feito de que os edificios ou locais perigosos estean dotados ou non de defensas que os protexan dunha explosión externa ou limiten os efectos ao exterior dunha explosión ocorrida no interior de tales locais e edificios. Para estes efectos admitirase unha única defensa para protexer dous edificios ou locais e consideraranse ambos como dotados de defensas para os efectos desta instrución técnica complementaria.

Como norma xeral, as defensas deberían ter como altura mínima a do edificio ou local que protexen. En todo caso, deberán superar nun metro a altura das materias regulamentadas contidas en tales locais ou edificios.

Entre os moi diversos tipos de defensas en uso, ilústranse a continuación algunhas das máis habituais:

##### 1.1 Defensa tipo merlón:


TIPO A



TIPO B



TIPO C




##### 1.2 Defensa tipo muro:

TIPO D



TIPO E




TIPO F



Os muros deben estar calculados para resistiren, sen envorcamento, o efecto da onda de choque.



Os criterios recomendados para o deseño de merlóns e muros deberanse axustar ás bases seguintes:



#### 5. *Sistemas de protección contra raios*

Todos os edificios do taller de pirotecnia e depósito de produtos terminados estarán baixo a cobertura dun sistema de protección contra raios segundo o establecido no Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación (CTE).

Efectuarase unha inspección inicial da instalación completa unha vez executadas as instalacións de protección contra raios, as súas ampliacións ou modificacións de importancia. Igualmente, deberase efectuar unha revisión periódica de toda a instalación cada cinco anos. Pola importancia que ofrece desde o punto de vista da seguridade, para a comprobación da posta á terra do sistema de protección contra o raio establécese unha periodicidade anual.

Os axentes intervinientes nas inspeccións, así como o procedemento que se debe seguir, serán os establecidos na ITC-BT-05 «Verificacións e inspeccións» do Regulamento electrotécnico para baixa tensión, aprobado polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto.

#### 6. *Equipos de traballo*

Para a posta á disposición dos traballadores de equipos de traballo e antes da súa posta en servizo, o empresario deberase asegurar de que adquire e utiliza unicamente equipamentos que satisfagan todos os requisitos e disposicións legais que lles sexan de aplicación.

### INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 10

#### **Prevención de accidentes graves**

##### 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

Esta instrución técnica complementaria ten por obxecto a prevención daqueles accidentes en que interveñan os produtos regulados polo Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería, así como a limitación das súas repercusións nas persoas e no ambiente.

As súas disposicións aplicaranse aos talleres e depósitos de pirotecnia e cartuchería en que se pode orixinar un accidente grave, entendéndose por tal un feito (como unha emisión, incendio ou explosión importante) que resulte dun proceso non controlado durante

o funcionamento de calquera establecemento que supoña un perigo considerable, xa sexa inmediato ou diferido, para as persoas e/ou o ambiente, dentro ou fóra do establecemento, e no cal interveñan unha ou varias substancias explosivas.

En concreto, esta instrución técnica será de aplicación cando a cantidade máxima de materia regulamentada que estea presente, ou poida estalo, no establecemento, nun momento dado supere os limiares seguintes:

Substancia	Limiar (toneladas)	
	I	II
1. Explosiva (1) cando a substancia, preparado ou obxecto corresponda á división 1.4 do acordo ADR .....	50	200
2. Explosiva (1) cando a substancia, preparado ou obxecto corresponda a algunha das divisións 1.1, 1.2, 1.3, 1.5 ou 1.6 do acordo ADR, ou aos enunciados de risco R2 ou R3 .....	10	50

(1) Entenderase por explosivo:

Unha substancia ou preparado que cree riscos de explosión por choque, fricción, lume ou outras fontes de ignición (enunciado de risco R2),

Unha substancia ou preparado que cree grandes riscos de explosión por choque, fricción, fogo ou outras fontes de ignición (enunciado de risco R3), ou

Unha substancia, preparado ou obxecto considerado na clase 1 do Acordo Europeo sobre Transporte Internacional de Mercadorías Perigosas por Estrada (ADR, Nacións Unidas), celebrado o 30 de setembro de 1957, coas súas modificacións, tal como se incorporou á Directiva 94/55/CE do Consello, do 21 de novembro de 1994, sobre a aproximación das lexislacións dos Estados membros con respecto ao transporte de mercadorías perigosas por estrada.

Inclúense nesta definición as materias regulamentadas pirotécnicas ou detonantes que, para os efectos desta instrución técnica complementaria, se definen como substancias (ou mesturas de substancias) destinadas a producir un efecto detonante, calorífico, luminoso, sonoro, gasoso ou fumíxeno ou unha das súas combinacións, mediante reaccións químicas exotérmicas e autosostidas. Cando unha substancia ou un preparado estea clasificado tanto no ADR como nos enunciados de risco R2 ou R3, a clasificación do ADR terá preferencia con respecto á asignación de enunciado de risco.

As substancias e obxectos da clase 1 están clasificados nalgunha das divisións 1.1 a 1.4 consonte o sistema de clasificación do ADR. Estas divisións, en consonancia co ADR, son as seguintes:

División 1.1: substancias e obxectos que presentan un risco de explosión en masa (unha explosión en masa é unha explosión que afecta de maneira practicamente instantánea case toda a carga).

División 1.2: substancias e obxectos que presentan un risco de proxección sen risco de explosión en masa.

División 1.3: substancias e obxectos que presentan un risco de incendio con lixeiro risco de efectos de onda expansiva ou de proxección ou de ambos os efectos, pero sen risco de explosión en masa:

- a) cuxa combustión dá lugar a unha radiación térmica considerable, ou
- b) que arden uns a continuación doutros con efectos mínimos de onda expansiva ou de proxección ou de ambos os efectos.

División 1.4: substancias e obxectos que só presentan un pequeno risco de explosión en caso de ignición ou cebado durante o transporte. Os efectos límitanse esencialmente aos vultos e normalmente non dan lugar á proxección de fragmentos de tamaño apreciable

nin a grandes distancias. Un incendio exterior non debe implicar a explosión practicamente instantánea da case totalidade do contido dos vultos.

División 1.5: substancias moi pouco sensibles que presentan un risco de explosión en masa, cunha sensibilidade tal que en condicións normais de transporte só existe unha probabilidade moi reducida de cebado ou de que a súa combustión se transforme en detonación. Exíxese como mínimo que non exploten cando sexan sometidas á proba de fogo exterior.

División 1.6: obxectos extremadamente pouco sensibles que non supoñan risco de explosión en masa. Estes obxectos non conterán máis que substancias detonantes extremadamente pouco sensibles e que presentan unha probabilidade desprezable de cebado ou de propagación accidental. O risco queda limitado á explosión dun obxecto único.

Nesta definición tamén se inclúen as materias regulamentadas pirotécnicas contidas en obxectos. No caso de obxectos que conteñan materias regulamentadas, detonantes e pirotécnicas, se se coñece a cantidade da substancia ou preparado contida no obxecto, considerarase tal cantidade para os efectos da presente instrución técnica complementaria. Se non se coñece a cantidade, tratarase todo o obxecto como explosivo.

No caso dun establecemento en que non estea presente ningunha substancia ou preparado en cantidade igual ou superior á cantidade limiar correspondente, aplicarase a seguinte regra para determinar se son aplicables a ese establecemento os requisitos pertinentes desta instrución técnica complementaria. Se a suma:

$$q_1/Q_1 + q_2/Q_2 + q_3/Q_3 + q_4/Q_4 + q_5/Q_5 + \dots \text{ é igual ou maior que } 1$$

Sendo,

$q_x$  = a cantidade da substancia perigosa ou categoría de substancias perigosas  $x$  prevista.

$Q_x$  = a cantidade limiar I ou II pertinente para a substancia ou categoría  $x$ .

No se terán en conta as existencias de materias regulamentadas en cantidade igual ou inferior ao 2 por cento da cantidade indicada como limiar, cando a súa situación dentro do establecemento sexa tal que non poida supor risco de propagación da explosión a outras materias regulamentadas.

Para efectos desta instrución técnica complementaria, entenderase por presenza de substancias perigosas a súa presenza real ou prevista no establecemento ou a súa aparición que puidesen, de ser o caso, xerarse como consecuencia da perda de control dun proceso, en cantidades iguais ou superiores aos limiares indicados nesta epígrafe.

## 2. Disposicións xerais

1. O titular dun taller ou depósito de pirotecnia ou cartucharía está obrigado a tomar cantas medidas sexan necesarias para previr accidentes graves e limitar as súas consecuencias para as persoas e o ambiente.

2. Considéranse autoridades competentes para os efectos desta instrución técnica complementaria os delegados do Goberno nas comunidades autónomas ou, de ser o caso, os subdelegados do Goberno, conforme o establecido na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, e demais normas aplicables. Así mesmo, a Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior, para os efectos establecidos no artigo 16.1 do Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas, así como nas súas modificacións posteriores.

3. Os industriais, a cuxos establecementos lles sexa de aplicación esta instrución técnica complementaria, están obrigados a enviar unha notificación á delegación do

Goberno da comunidade autónoma onde radiquen que conteña, como mínimo, a información e os datos:

- a. Número de rexistro industrial.
- b. Nome ou razón social do industrial e enderezo completa do establecemento correspondente, teléfono e fax.
- c. Domicilio social do industrial e enderezo completo, así como teléfono e fax.
- d. Nome ou cargo do responsable do establecemento, se se trata dunha persoa diferente do industrial a que se refire a alínea b, e a información necesaria para a súa localización as vinte e catro horas do día.
- e. Información suficiente para identificar as substancias perigosas:

Nome químico, número de CAS, nomenclatura IUPAC, outros posibles nomes identificativos.

Cantidade máxima da(s) substancia(s) presente(s) ou que poidan estar presente(s).

Se a substancia ou preparado se utiliza en proceso ou almacén.

Características físicas, químicas e toxicolóxicas e indicación dos perigos, tanto indirectos como diferidos para as persoas, bens e ambiente.

- f. Actividade exercida ou actividade prevista na instalación ou zona de almacenamento.
- g. Breve descrición dos procesos tecnolóxicos.
- h. Plano do establecemento e distribución das súas instalacións.
- i. Descrición do contorno inmediato do establecemento e, en particular, de elementos capaces de causar un accidente grave ou de agravar as súas consecuencias, como establecementos ou instalacións, equipamentos, explotacións, infraestruturas, etc.

No caso de establecementos novos, a documentación remitirase xunto coa de solicitude de autorización do establecemento, evitando a súa duplicidade.

### 3. Superación do limiar I

No caso de se superar o limiar I, ademais da notificación, a autoridade competente exixirá aos titulares do taller ou depósito a elaboración dun documento que defina a súa política de prevención de accidentes graves e, en particular, un sistema de xestión de seguridade que inclúa a estrutura organizativa, as responsabilidades, as prácticas, os procedementos e os recursos que permiten definir e aplicar a citada política de prevención de accidentes graves.

Este documento manterase á disposición da autoridade competente co fin de poder demostrar en todo momento e, especialmente con motivo dos controis e inspeccións, que se tomaron todas as medidas previstas.

O documento indicará expresamente os nomes das organizacións pertinentes que participasen, de ser o caso, na súa elaboración e incluirá, ademais, o inventario actualizado das substancias perigosas existentes no establecemento.

O documento deberá tratar, ademais, os seguintes aspectos:

- a. Obxectivos globais, orientación e obxectivos específicos en relación co control dos accidentes graves.
- b. Principios e criterios en que se basean as medidas adoptadas para impedir os accidentes graves e para lles facer fronte.
- c. Identificación dos perigos de accidente grave.
- d. Medidas que se coiden necesarias para impedir accidentes graves.
- e. Medidas que se consideren necesarias para limitar as consecuencias dos accidentes graves sobre as persoas e o ambiente.
- f. Organización e procedementos necesarios para a aplicación e xestión da política de prevención de accidentes graves, así como a designación de persoal coa titulación e a formación adecuadas.

- g. Programa para a aplicación, a avaliación da eficacia e a introdución de melloras.
- h. Revisión periódica da política de prevención de accidentes graves e do sistema de xestión por parte dos responsables principais do establecemento, co fin de comprobar a súa eficacia con respecto ás normas pertinentes.

#### 4. Superación do limiar II

Xeneralidades:

No caso de superarse o limiar II, a autoridade competente, ademais da notificación, requirirá dos titulares dos talleres ou depósitos a presentación dun informe de seguridade, que indicará expresamente os nomes das organizacións pertinentes que participasen na súa elaboración e incluírá, ademais, o inventario actualizado das substancias perigosas existentes no establecemento. Así mesmo, o resultado da avaliación da extensión e da gravidade das consecuencias dos accidentes graves, contido no informe de seguridade, incluírá os límites das zonas que se poden ver afectadas por tales accidentes ocorridos no establecemento, coa reserva do disposto sobre confidencialidade dos datos.

O informe de seguridade terá por obxecto:

- a. Demostrar a aplicación da política de prevención de accidentes graves e os sistemas de xestión e os procedementos correspondentes, tal e como se especifica no caso do limiar I.
- b. Demostrar que o deseño, a construción e, de ser o caso, a evacuación do taller ou depósito de pirotecnia satisfán os requisitos de seguridade e fiabilidade.
- c. Demostrar que as condicións de explotación e mantemento do taller ou almacén de pirotecnia son seguros.
- d. Precisar os requisitos e límites operativos do establecemento con respecto ás medidas técnicas, de organización e de xestión destinadas a previr accidentes graves.
- e. Garantir que a seguridade se mantén a nivel constante por medio de revisións periódicas.
- f. Garantir a preparación en caso de emerxencia e a adopción de medidas adecuadas en caso de accidente grave.
- g. Proporcionar información suficiente ás autoridades competentes para que poidan tomar decisións en materia de localización e ocupación do solo respecto dos novos establecementos e sobre a ampliación dos establecementos xa existentes.

Informe de seguridade:

O informe de seguridade conterá os datos e a información seguinte:

1. Información relativa ao establecemento, a saber:
  - a. Localización xeográfica do establecemento e condicións meteorolóxicas predominantes, así como fontes de perigo derivadas da súa localización.
  - b. Número máximo de persoas que traballan no establecemento e, en especial, as persoas expostas ao risco de accidente grave, así como unha indicación do número máximo de persoas que poidan estar presentes no establecemento nun momento dado.
  - c. Descrición xeral dos procesos tecnolóxicos para cada instalación.
  - d. Descrición das seccións do establecemento que sexan importantes desde o punto de vista da seguridade, fontes de perigo e circunstancias en que se pode producir un accidente grave, xunto cunha descrición das medidas preventivas previstas.
2. Información relativa ás substancias perigosas de cada instalación ou almacén ou presentes en calquera outra parte do establecemento e que poidan chegar a crear un risco de accidente grave:
  - a. Composición das substancias perigosas presentes en cantidades importantes, con inclusión da súa denominación química, o número CAS, o seu nome de acordo coa

nomenclatura IUPAC, outros nomes, a fórmula empírica, o seu grao de pureza e as principais impurezas coas súas porcentaxes relativas.

- b. Cantidadade (orde de magnitude) da substancia ou substancias perigosas presentes.
- c. Métodos e precaucións establecidos polo operador en relación coa manipulación, o almacenamento e os incendios.
- d. Métodos de que dispón o operador para converter en inocua a substancia.
- e. Indicación dos riscos, tanto inmediatos como diferidos, para as persoas e o ambiente.
- f. Comportamento físico ou químico en condicións normais de utilización durante o proceso.
- g. Formas nas cales se poidan presentar ou nas cales se poidan transformar as substancias en caso de circunstancias anormais previsibles.

3. Información relativa á instalación ou almacén:

- a. Métodos de detección e determinación de que dispón o establecemento, incluída unha descrición dos métodos empregados ou as referencias existentes na bibliografía científica.
- b. O estado da instalación en que interveñan ou poidan intervir as substancias.
- c. Se procede, demais substancias perigosas cuxa presenza poida ter efectos no perigo potencial que presente a instalación.
- d. Disposicións adoptadas para garantir que estean en todo momento dispoñibles os medios técnicos necesarios para un funcionamento seguro das instalacións ou almacéns e para resolver calquera avaría que se poida presentar.

4. Información relativa a posibles accidentes graves:

Demostración de que as principais situacións posibles de accidente grave non producen efecto dominó que poida afectar instalacións, almacéns ou establecementos adxacentes.

5. Identificación e análise dos riscos de accidente e medios preventivos:

- a. Descrición detallada das situacións en que se poden presentar os posibles accidentes e en que condicións se poden producir, incluído o resumo dos acontecementos que poidan desempeñar algún papel na activación de cada unha das situacións, xa sexan as causas de orixe interna ou externa á instalación.
- b. Avaliación da extensión e da gravidade das consecuencias dos accidentes graves que se poidan producir.
- c. Descrición dos parámetros técnicos e dos equipamentos instalados para a seguridade das instalacións.

6. Medidas de protección e de intervención para limitar as consecuencias do accidente:

- a. Descrición dos equipamentos con que conta a instalación para limitar as consecuencias dos accidentes graves.
- b. Organización da vixilancia e da intervención.
- c. Descrición dos medios internos ou externos que se poidan mobilizar.
- d. Síntese dos elementos descritos nas alíneas a, b e c necesarios para constituír o plan de emerxencia interno.

7. Información relativa ao sistema de xestión e á organización do establecemento, na medida en que afecta a prevención de accidentes graves, a preparación e a resposta ante eles:

- a. Resumo da política de prevención de accidentes graves aplicada polos titulares.
- b. Resumo da estrutura organizativa para alcanzar os propósitos e obxectivos da política de prevención de accidentes graves, incluída a posición e nomes das persoas a que incumban responsabilidades destacadas e as súas funcións correspondentes.



c. Sistemas de xestión utilizados para controlar, verificar e revisar o contido e a aplicación da política de prevención de accidentes graves, incluída a avaliación do rendemento en canto a seguridade.

d. Análise das necesidades de formación das persoas responsables da aplicación e supervisión da política de prevención de accidentes graves.

e. Resumo dos procedementos críticos de seguridade, incluída unha avaliación dos posibles erros humanos, para o funcionamento, o mantemento e a preparación para emerxencias existentes no establecemento e nas instalacións ou almacéns.

f. Procedementos de seguridade adoptados para planificar as modificacións das instalacións ou almacenamento existentes, ou o deseño dunha nova instalación ou almacén.

g. Participación do persoal, con inclusión de calquera contratista, na política de prevención de accidentes graves, a súa aplicación e avaliación.

h. Sistema interno empregado para informar de accidentes ou sucesos perigosos, en especial aqueles en que fallen as medidas de protección, a súa investigación e seguimento.

O informe de seguridade poderase adaptar aos contidos especificados no artigo 4 da Directriz básica de protección civil para o control e planificación ante o risco de accidentes graves nos cales interveñen substancias perigosas, aprobada polo Real decreto 1196/2003, do 19 de setembro.

Unha vez avaliado o informe de seguridade, e antes da posta en funcionamento dun taller ou almacén de pirotecnia, a autoridade competente pronunciarase, no prazo máximo de seis meses, sobre as condicións de seguridade do establecemento en materia de accidentes graves indicando que considera satisfactorio o informe, ou solicitar máis información, que se deberá presentar dentro dun prazo de tres meses, ou prohibir a entrada en funcionamento.

Plan de emerxencia:

No caso de talleres ou depósitos incluídos no limiar II, o titular debe elaborar, ademais, un plan de emerxencia interno, denominado plan de autoprotección, cuxa aprobación pola autoridade competente debe ser previa á entrada en funcionamento da instalación, co fin de:

Conter e controlar os incidentes de modo que os seus efectos se reduzan ao mínimo, así como limitar os danos para as persoas e o ambiente.

Aplicar as medidas necesarias para protexer as persoas e o ambiente dos efectos de accidentes graves.

Comunicar a información pertinente á poboación e a outros servizos ou autoridades interesados da zona.

Prever a reconstitución do ambiente e a limpeza do lugar tras un accidente grave.

O plan de autoprotección elaborárase logo de consulta ao persoal do establecemento, de conformidade co disposto no capítulo V, relativo a consulta e participación dos traballadores, da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

No marco das obrigas derivadas da coordinación de actividades empresariais a que se refire o artigo 24 da citada Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o empresario titular do establecemento deberá trasladar o contido do plan de emerxencia a aquelas empresas cuxos traballadores desenvolvan de forma estable actividades nese establecemento, co fin de que estas consulten os seus traballadores, nos termos do capítulo V da mencionada lei. Estas empresas deberán remitir as observacións recibidas dos seus traballadores ao empresario titular do establecemento. O deber de cooperación nesta materia será de aplicación a todas as empresas e traballadores autónomos que desenvolvan actividades en tal establecemento.



Este plan de autoprotección debe conter:

- a. Nomes e postos das persoas autorizadas para pór en marcha procedementos de emerxencia e persoa responsable de coordinar as medidas de evacuación do establecemento.
- b. Nome e posto da persoa responsable da coordinación coa autoridade responsable do plan de emerxencia exterior.
- c. En cada circunstancia ou acontecemento que poida chegar a propiciar un accidente grave, descrición das medidas que se deberán adoptar para controlar a circunstancia ou o acontecemento e limitar as súas consecuencias, incluída unha descrición do equipo de seguridade e dos recursos dispoñibles.
- d. Medidas para limitar os riscos para as persoas in situ, incluído o modo de dar as alarmas e as medidas que se espera que adopten as persoas unha vez recibida a advertencia.
- e. Medidas para dar unha alerta rápida do incidente á autoridade responsable de pór en marcha o plan de emerxencia exterior, o tipo de información que deberá recoller unha alerta inicial e medidas para facilitar información máis detallada a medida que se dispoña dela.
- f. Medidas de formación do persoal nas tarefas que se espera que se cumpran e, de ser o caso, de coordinación cos servizos de emerxencia exteriores.
- g. Medidas para prestar asistencia ás operacións paliativas externas.

A autoridade competente organizará un sistema que garanta a revisión periódica, a proba e, de ser o caso, a modificación dos plans de autoprotección, en intervalos apropiados que non deberán superar os tres anos. A revisión terá en conta tanto os cambios que se producen nos establecementos correspondentes como na organización dos equipos actuantes, así como os novos coñecementos técnicos e os coñecementos sobre as medidas que se deban tomar en caso de accidente grave.

## 5. *Revisión e actualización*

No caso de modificación substancial do establecemento, a autoridade competente velará por que o titular:

Revise e, de ser o caso, modifique a política de prevención de accidentes graves, así como os sistemas de xestión e os procedementos recollidos nos números 3 e 4 desta instrución técnica complementaria.

Revise e, de ser o caso, modifique o informe de seguridade e informe de maneira detallada a autoridade competente destas modificacións antes de proceder á súa realización.

En todo caso, o informe de seguridade deberá ser revisado e, de ser o caso, actualizado periodicamente, do seguinte modo:

Polo menos cada cinco anos.

Sempre que o solicite de maneira expresa a autoridade competente.

En calquera momento, para ter en conta, de ser o caso, as innovacións técnicas en materia de seguridade e a evolución dos coñecementos relativos á avaliación dos perigos.

#### 6. Actuación en caso de accidente

A autoridade competente velará por que o industrial estea obrigado a cumprir, tan pronto como sexa posible despois dun accidente grave e facendo uso dos medios máis adecuados, o seguinte:

- a. Informar as autoridades competentes.
- b. Comunicarlles a seguinte información tan pronto como dispoña dela:

as circunstancias do accidente.

as substancias perigosas que interveñan nel.

os datos dispoñibles para avaliar os efectos do accidente nas persoas e no ambiente.

as medidas de emerxencia adoptadas.

- c. Informalos das medidas previstas para:

paliar efectos do accidente a medio e longo prazo.

evitar que o accidente se repita.

actualizar a información facilitada, en caso de que investigacións máis rigorosas poñan de manifesto novos feitos que modifiquen esa información ou as conclusións que dimanen dela.

#### 7. Vixilancia e control

A autoridade competente velará por que todos os titulares demostren, en calquera momento, e especialmente con motivo dos controis e inspección previstos no Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería, que tomaron todas as medidas necesarias previstas nesta instrución técnica complementaria.

A autoridade competente deberá:

- a) Asegurarse de que se adopten as medidas de emerxencia e as medidas a medio e longo prazo que sexan necesarias.
- b) Recoller, mediante inspección, investigación ou outros medios adecuados, a información necesaria para unha análise completa do accidente grave nos aspectos técnicos, de organización e de xestión.
- c) Tomar as disposicións adecuadas para que o industrial tome as medidas paliativas necesarias.
- d) Formular recomendacións sobre futuras medidas de prevención.

#### 8. Criterios para a notificación dun accidente á Comisión Europea

a) A delegación do Goberno porá en coñecemento da Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias, para que esta o poida notificar á Comisión Europea, todo accidente que se axuste á descrición do punto 1 ou que teña polo menos unha das consecuencias descritas nos puntos 2, 3, 4 e 5 sinalados a continuación:

1. Substancias que interveñen: calquera incendio ou explosión ou liberación accidental dunha substancia perigosa en que interveña unha cantidade non inferior ao 5 por cento da cantidade prevista como limiar na columna II do número 1.

2. Danos ás persoas ou aos bens: accidente en que estea directamente implicada unha substancia perigosa e que dea orixe a algún dos feitos seguintes:

unha morte.

seis persoas feridas dentro do establecemento que requiran hospitalización durante 24 horas ou máis.

unha persoa situada fóra do establecemento que requira hospitalización durante 24 horas ou máis.

vivenda(s) situada(s) fóra do establecemento danada(s) e inutilizable(s) a causa do accidente.

evacuación ou confinamento de persoas durante máis de 2 horas [(persoas x horas): o produto é igual ou superior a 500].

interrupción dos servizos de auga potable, electricidade, gas ou teléfono durante máis de 2 horas [(persoas x horas): o produto é igual ou superior a 1000].

### 3. Danos directos ao ambiente:

Danos permanentes ou a longo prazo causados a hábitats terrestres da seguinte superficie:

0,5 hectáreas ou máis dun hábitat importante desde o punto de vista do ambiente ou da conservación e protexido pola lei,

10 hectáreas ou máis dun hábitat máis estendido, incluídas terras de labor.

Danos significativos ou a longo prazo causados a hábitats de augas de superficie ou a hábitats mariños da seguinte extensión ou superficie:

10 quilómetros ou máis dun río, canle ou regato,

1 hectárea ou máis dun lago ou estanque,

2 hectáreas ou máis dun delta,

2 hectáreas ou máis dunha zona costeira ou marítima.

Danos significativos causados a un acuífero ou a augas subterráneas da seguinte superficie:

1 hectárea ou máis.

### 4. Danos materiais:

Danos materiais no establecemento: a partir de 2 millóns de euros.

Danos materiais fóra do establecemento: a partir de 0,5 millóns de euros.

5. Danos transfronteirizos: calquera accidente en que interveña directamente unha substancia perigosa e que dea orixe a efectos fóra do territorio español.

b) Deberánselle notificar á Comisión Europea os accidentes e os accidentes evitados por escasa marxe que, a xuízo da delegación do Goberno, presenten un interese especial desde o punto de vista técnico para a prevención de accidentes graves e para limitar as súas consecuencias e que non cumpran os criterios cuantitativos citados anteriormente na alínea a).

## 9. Prohibicións

A autoridade competente prohibirá a explotación ou a entrada en servizo de calquera establecemento, instalación ou zona de almacenamento, ou calquera parte deles, se as medidas adoptadas polo titular para a prevención e a redución dos accidentes graves son manifestamente insuficientes.

A autoridade competente poderá prohibir a explotación ou a entrada en servizo de todo establecemento, instalación ou zona de almacenamento, ou de calquera parte deles, se o industrial non presentou a notificación, os informes ou outra información exixida pola presente instrución técnica complementaria dentro do prazo establecido.

## 10. Inspeccións

1. As inspeccións serán realizadas con polo menos unha periodicidade anual polas áreas e dependencias de Industria e Enerxía na provincia en que estea o establecemento mediante un sistema que deberá posibilitar un exame planificado e sistemático dos

sistemas técnicos, de organización e de xestión aplicados no establecemento, co fin de que o titular poida demostrar, en particular:

que tomou as medidas adecuadas, tendo en conta as actividades realizadas no establecemento, para previr accidentes graves.

que tomou as medidas adecuadas para limitar as consecuencias de accidentes graves dentro e fóra do establecemento.

que os datos e a información facilitados no informe de seguridade ou noutro dos informes presentados reflectan fielmente o estado de seguridade do establecemento.

que estableceu programas e informou o persoal do establecemento sobre as medidas de protección e actuación en caso de accidente.

2. O sistema de inspección previsto no número 1 anterior deberá reunir, como mínimo, as condicións seguintes:

- a. Deberá existir un programa de inspeccións para todos os establecementos.
- b. Despois de cada inspección elaborárase un informe.
- c. O seguimento de cada inspección realizada efectuarase, de ser o caso, en colaboración coa dirección do establecemento dentro dun período de tempo razoable despois da inspección.

#### 11. *Información á poboación relativa ás medidas de seguridade*

A autoridade competente, en colaboración cos industriais dos establecementos, deberá asegurar que as persoas que se poidan ver afectadas por un accidente grave que se inicie nos citados establecementos reciban a información sobre as medidas de seguridade que se deben tomar e sobre o comportamento que se debe adoptar en caso de accidente.

Esa información revisarase cada tres anos e, en todo caso, cando se autorice unha modificación substancial.

A información recollerá, polo menos, os datos que figuran no anexo V do Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se aproban as medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos cales interveñan substancias perigosas.

A autoridade competente, en cada caso, garantirá que o informe de seguridade estea á disposición do público. O industrial poderalle solicitar que non divulgue ao público determinadas partes do informe, por motivos de confidencialidade de carácter industrial, comercial ou persoal, de seguridade pública ou de defensa nacional. Nestes casos, con acordo da autoridade competente, o industrial proporcionará á autoridade e porá á disposición do público un informe en que se exclúan estas partes.

A información á poboación sobre as medidas de seguridade previstas terá carácter de confidencialidade nas cuestións que afectan a seguridade pública e o carácter confidencial das relacións internacionais e a defensa nacional. Todas as persoas que, no exercicio da súa actividade profesional, poidan ter acceso a esta información, están obrigadas a gardar segredo profesional sobre o seu contido e a asegurar a súa confidencialidade.

A autoridade competente remitiralle á Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior a documentación acreditativa do cumprimento da obriga de información á poboación sobre as medidas de seguridade previstas, para os efectos da súa remisión á Comisión Europea.

No relativo aos plans de emerxencia exterior e á información á poboación relativa ás medidas de seguridade aplicarase a disposición adicional primeira do Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se aproban as medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos cales interveñan substancias perigosas, modificada polo Real decreto 119/2005, do 4 de febreiro.

## INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 11

**Servizos de protección inmediata dos talleres, depósitos e transportes de cartucharía metálica en máis de 5.000 unidades e de 12.000 para o calibre 22, así como de mecha explosiva partida con destino á fabricación de artigos pirotécnicos**

Sen prexuízo do cumprimento das normas específicas que regulan cada caso e en cumprimento de canto determina o Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía, nesta instrución técnica complementaria detállanse as medidas de seguridade cidadá nos distintos establecementos e durante os transportes.

*1. Medidas de seguridade en talleres e en depósitos*

Xunto coa documentación de autorización, modificación substancial dun taller ou dun depósito, os seus titulares presentarán para a súa aprobación ante a Intervención Central de Armas e Explosivos un borrador de plan de seguridade cidadá, elaborado por unha empresa de seguridade, no cal se especificarán os seguintes aspectos:

Empresa de seguridade responsable.

Seguridade humana:

Número de vixilantes de seguridade por quendas.

Número de quendas.

Número de postos de vixilancia.

Responsable da seguridade.

Seguridade física:

Condições das fachadas, portas, cerrume perimetral e protección electrónica, cando proceda.

Tempo de reacción.

Conexión con centro de comunicación.

Conexión coa Garda Civil.

A empresa de seguridade elaboradora do plan de seguridade cidadá será responsable da veracidade dos datos que conteña.

Poderase substituír a vixilancia humana en todas as instalacións que contén cunha seguridade física suficiente e cun sistema de seguridade electrónica contra roubo e intrusión conectado con central receptora de alarmas. Esta seguridade física e electrónica será, como mínimo, a que se especifica no anexo I desta instrución técnica complementaria para cada tipo de instalación, en función da capacidade máxima de almacenamento, e será aprobada, de ser o caso, pola Intervención Central de Armas e Explosivos.

A conexión entre a instalación e a Garda Civil serao coa unidade de cada comandancia que designe o xefe da zona onde estea situado o establecemento, todo iso logo de solicitude do titular.

*2. Transporte por estrada*

As empresas de seguridade inscritas para o transporte, no Rexistro de Empresas de Seguridade do Ministerio do Interior, contarán cos plans de seguridade de transporte que necesiten para a súa actividade, que serán aprobados pola Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil competente, en función do ámbito territorial, os cales se configuran como Plan de seguridade de transporte (documento base) e addenda de actualización, segundo modelo aprobado pola Intervención Central de Armas e Explosivos.

Con corenta e oito horas de antelación, toda empresa que pretenda transportar as materias reguladas no Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía polo territorio nacional, tanto en actividades interiores, transferencias, importación, exportación ou

tránsito, presentará para a súa aprobación, de ser o caso, ante a Intervención de Armas e Explosivos da Comandancia de orixe ou de entrada no territorio nacional, unha solicitude acompañada da addenda de actualización, confeccionada pola empresa de seguridade que deba efectualo.

O número de vixilantes de seguridade de explosivos será, polo menos, dun por vehículo.

Cando se trate de convoi, o número de vixilantes será, polo menos, o do número de vehículos máis un. Un deles será responsable e coordinador de toda a seguridade.

Os vixilantes de seguridade de explosivos viaxarán en cada vehículo que forme o transporte e atenderán exclusivamente á seguridade da materia que se transporta, polo que non poderán realizar operación ningunha de conducción, carga ou descarga, nin pór os vultos ao alcance dos operarios de descarga.

Todos os vehículos irán enlazados entre si e cun centro que designe a empresa de seguridade, mediante teléfono móbil, coas características que se determinen, así como cos centros operativos de servizos da Garda Civil de todas as provincias afectadas, mediante un ou varios sistemas de comunicación que permitan a conexión, en todo momento, desde calquera punto do territorio nacional.

As características que deben reunir os vehículos de transporte destas materias serán as que se sinalan no ADR.

Polas características do transporte, ademais destas medidas de seguridade, a Garda Civil poderá establecer escolta propia co número de efectivos que considere idóneo.

Todas as incidencias que se produzan durante o transporte constarán na guía de circulación.

Todas as comandancias coñecerán o paso de transportes das materias reguladas nesta instrución técnica complementaria pola súa demarcación. Para isto, a comandancia de orixe comunicarllo con vinte e catro horas de antelación ás comandancias de paso e de destino.

Exceptúanse da presentación do plan de seguridade os transportes de mecha explosiva con destino a fabricación de artigos pirotécnicos, sempre que o transporte da materia se realice cortada en anacos que non superen os 45 centímetros de lonxitude e a cantidade de materia neta regulamentada transportada non supere os 450 quilogramos. Este plan substituirase polo documento de comunicación que figura no anexo II desta instrución técnica complementaria, o cal será presentado con 48 horas de antelación ante a Intervención de Armas e Explosivos de orixe ou de entrada no territorio nacional.

Ao transporte de mecha en condicións distintas das descritas no parágrafo anterior seralle de plena aplicación a instrución técnica complementaria número 1) «Servizos de protección inmediata das fábricas, talleres, depósitos e transportes de explosivos» do Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, ao igual que ao resto de materias explosivas.

### 3. Transporte por ferrocarril

O trámite para esta modalidade de transporte, na súa fase de estrada desde a orixe de carga ata o ferrocarril na estación de orixe, e desde o ferrocarril na estación última ata o destino final, aterase en todo ao establecido para o transporte por estrada.

A seguridade do transporte prestarana, polo menos, dous vixilantes de seguridade de explosivos, un deles viaxará no vagón tractor ou no máis próximo e o outro no vagón inmediatamente posterior ao vagón que transporta as materias reguladas.

A empresa de seguridade do transporte, no seu tramo final, terá os vehículos e, de ser o caso, o persoal de dotación á espera, trinta minutos antes da hora prevista de chegada.

Engadiranse á documentación que se presente os datos ferroviarios mínimos seguintes:

- Estación de transbordo inicial.
- Identificación da circulación.
- Hora prevista de saída.

Hora aproximada de chegada á estación próxima destino final.

Itinerario.

Paradas (lugar, hora e duración), se as hai.

Tempo de cada parada.

Número de teléfono para contacto coa locomotora.

Se por calquera razón se paraliza a circulación por máis tempo do previsto ou se producen atrasos na saída de orixe ou chegada a destino, porase en coñecemento da Garda Civil do lugar da incidencia.

#### 4. Transporte fluvial

O trámite para esta modalidade de transporte, na súa fase de estrada desde a orixe de carga ata o peirao de carga de orixe, e desde o peirao de descarga último ata o destino final, aterase en todo ao establecido para o transporte por estrada.

A seguridade do transporte prestará, polo menos, un vixilante de seguridade de explosivos por embarcación.

A empresa de seguridade do transporte, no seu tramo final, terá os vehículos e, de ser o caso, o persoal de dotación á espera, trinta minutos antes da hora prevista de chegada.

Engadiranse á documentación que se presente os datos do medio fluvial de transporte mínimos seguintes:

Peirao inicial.

Identificación do medio fluvial.

Hora prevista de saída.

Hora aproximada de chegada ao peirao próximo ao destino final.

Itinerario.

Paradas (lugar, hora e duración), se as hai.

Tempo de cada parada.

Número de teléfono para contacto co medio de transporte.

Se por calquera razón se paraliza a circulación do medio fluvial por máis tempo do previsto ou se producen atrasos na saída de orixe ou chegada a destino, porase en coñecemento da Garda Civil do lugar da incidencia.

#### 5. Transportes aéreos e marítimos

O trámite para estas modalidades de transporte, na súa fase de estrada desde a orixe de carga ata a zona ou peirao de carga de orixe, e desde a zona ou peirao de descarga último ata o destino final, aterase en todo ao establecido para o transporte por estrada.

A seguridade do transporte continuará sobre o medio aéreo ou marítimo de transporte onde se fixese o transbordo, ata a súa saída da zona ou peirao.

A empresa de seguridade do transporte, no seu tramo final, terá os vehículos e o persoal de dotación á espera, trinta minutos antes da hora prevista de chegada.

Engadiranse á documentación que se presente os datos do medio aéreo ou marítimo de transporte mínimos seguintes:

Zona ou peirao inicial.

Identificación do medio de transporte.

Hora prevista de saída.

Hora aproximada de chegada á zona ou peirao próximo ao destino final.

Itinerario.

Paradas (lugar, hora e duración), se as hai.

Tempo de cada parada.

Número de teléfono para contacto co medio de transporte.

Se por calquera razón se producen atrasos na saída de orixe ou chegada a destino, porase en coñecemento da Garda Civil do lugar da incidencia.



Nos portos ou aeroportos onde se teña almacén autorizado pola autoridade competente, para o almacenamento de materias regulamentadas en espera, e para os supostos de imposibilidade de transbordo directo de vehículo a nave ou medio de transporte, poderase descargar a materia nestes almacéns. A seguridade da materia regulamentada continuará nese almacén ata a súa carga para destino, salvo que no plan de seguridade cidadá do dito almacén aprobado pola Intervención de Armas e Explosivos da Comandancia se previse servizo independente como almacenamento.

#### ANEXO I

### **Requisitos mínimos dos plans de seguridade cidadá e dos sistemas de seguridade física e electrónica**

Os plans de seguridade cidadá e os sistemas de seguridade física e electrónica aos cales fai referencia o número 1 da Instrución técnica complementaria número 11 do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería deberán concretar con precisión os seguintes aspectos:

#### Cercado perimetral:

O seu obxecto é cumprir o disposto no Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería, delimitar claramente a propiedade e evitar a entrada de persoas e animais.

As instalacións contarán cun cerramento suficientemente resistente para impedir o paso de persoas, animais ou cousas, enteiramente despexado e libre de elementos que permitan o seu escalamento, cunha altura de 2 metros (medidos desde o exterior do cerramento), dos cales os 50 centímetros superiores serán necesariamente tres filas de arame de pugas, colocadas sobre baionetas inclinadas 45° cara ao exterior.

Cando se trate de muro ou o rigor das inclemencias na zona actúe negativamente na tensión do cerrume e nos arames de pugas, estes últimos poden ser substituídos por concertina de dobre fío de 50 centímetros de diámetro.

Se o cerramento é mediante cerrume metálico, a estrutura que o soporta estará colocada no interior e a súa parte inferior axustada ao terreo na forma necesaria, co fin de evitar a intrusión de persoas e as alarmas xeradas pola entrada de animais á instalación. Se se opta por embutir en formigón toda a parte inferior da malla ou ancorala a un zócolo de formigón ou bloques ou calquera outra estrutura sólida e ríxida mediante pasadores de aleta, ou procedemento similar, o punto de unión do zócolo ou estrutura similar co cerrume non se pode constituír en elemento que permita o escalamento, para o que se lle dará o remate apropiado en obra, de forma que non haxa posibilidade de subir e aganchar por el.

Tamén se instalarán no interior todos os carteis informativos de perigosidade, de contar con sistemas de seguridade e de estar conectados a unha central receptora de alarmas (en diante, CRA).

Este cerramento estará, polo menos, a unha distancia de 10 metros de calquera almacén ou local de fabricación, distancia que se poderá reducir á metade mediante defensas artificiais.

As portas de emerxencia ou seguridade laboral estarán dotadas dunha pechadura de seguridade en cuxo peito levará un dispositivo fin de carreira para evitar que a unidade de control permita poñer a instalación en seguro sen ter cerrado con chave.

#### Corredor exterior:

O seu obxecto é evitar construcións pegadas ao cerramento, acaroamento de muros, cerrumes, terroñais, árbores, etc., facilitar o seu mantemento e, especialmente, o necesario control externo previo, do acuda ou medio humano de verificación de alarmas establecido no plan de seguridade cidadá; tamén, a modo de devasa, evitar a propagación dentro da instalación dun incendio ou lume procedente do exterior.

Estará constituído por unha franxa de terreo de polo menos tres metros de largo, enteiramente despexada de forma que se facilite o control dos servizos que a seguridade cidadá demande en cada momento para estas instalacións. Atendendo a circunstancias excepcionais do terreo en cada instalación concreta, esta franxa de terreo poderá ser reducida ao mínimo espazo útil para o tránsito de persoas, circunstancia que estará recollida no plan de seguridade cidadá da instalación.

Para os tramos en que sexa imposible a existencia do corredor exterior, naquelas instalacións que estean autorizadas no momento da entrada en vigor da presente norma, bastará cun corredor interior, circunstancia que estará recollida no plan de seguridade cidadá da instalación.

#### Accesos:

As portas de cerramento estarán integradas no cercado perimetral e construídas con materiais de análoga resistencia que o cerrume perimetral e poderán ser dunha ou de dúas follas ou portón corredizo en función das necesidades da zona de acceso; sobre elas e os seus postes ou piares de suxeición terán continuidade os 50 centímetros de arame de pugas, ou concertina, se é o caso.

Disporá dunha pechadura ou cadeado de seguridade que, pola súa vez, teña chave de seguridade.

No caso de dispor de dúas follas a porta de acceso, deberase instalar un pasador de ancoraxe ao chan para fixar convenientemente esta folla. O pasador non poderá ser manipulable desde o exterior da porta. Estas portas de acceso tamén estarán libres de elementos que permitan o escalamento.

#### Protección electrónica:

A protección electrónica estará composta por:

1. Sistema de detección perimetral.
2. Sistema de detección interior.
3. Sistema de supervisión de liñas de comunicación.
4. Sistema de control (recepción, transmisión, avaliación e presentación) dos sinais.

#### Sistema de detección perimetral:

As instalacións deberán ser protexidas por sistemas de detección perimetral, ben na zona perimetral ou ben na zona circundante aos almacéns.

A función principal deste tipo de elementos é a detección de posibles intrusionés nas instalacións antes de que poidan alcanzar os edificios perigosos. Salvo que a orografía do terreo aconselle outra, a distancia mínima de detección en calquera punto arredor de cada edificio perigoso será de 5 metros.

A selección dos sistemas e a súa distribución realizarase tendo en conta as características climatolóxicas da zona, a topografía do terreo, a organización da área da instalación dos elementos constitutivos ou auxiliares (postes, iluminación, cerrumes, etc.). Para tal efecto, poderase optar entre diferentes tecnoloxías de detección, calquera delas será válida sempre que se cumpra o obxectivo para o que se instalan.

No caso de que se instalen barreiras de infravermellos, a altura máxima do seu feixe inferior será de 30 centímetros e a altura mínima do feixe superior será de 150 centímetros; en ningún caso a distancia entre dous feixes consecutivos poderá ser superior a 30 centímetros.

#### Sistema de detección interior:

Este sistema estará integrado por:

Detectores de apertura.–Instalados nas portas de acceso dos almacéns de produto regulamentado, deberán ser compatibles coa materia almacenada e colocaranse na cara

interior da porta de acceso, na zona máis próxima ao bordo exterior da porta, e os cables de conexión deberán estar aloxados nunha manguera de protección para intemperie. Se se instalan na cara exterior, deben ser de seguridade tripla polarizados. Cando se trate de portas de dúas follas, este sistema estará instalado en cada unha delas.

Detectores de presenza.—Instalados na zona interior dos almacéns de produto regulamentado, deberán ser compatibles coa materia regulamentada cun nivel de protección tipo IP 54. A súa situación deberá ser a máis adecuada para poder detectar de forma inmediata os posibles accesos pola porta de entrada e o movemento no interior do almacén.

Detectores sísmicos.—Instalados nas paredes dos almacéns de produto regulamentado á distancia necesaria para que entre dous elementos consecutivos non queden puntos sen detección, con capacidade para detectar calquera ataque contra os paramentos das edificacións.

Os elementos de detección deberanse instalar nas paredes das edificacións de almacenamento, cun nivel mínimo de protección IP54.

Prohíbese o uso de detectores inerciais ou detectores de vibración ou movemento.

Sistema de supervisión de liñas de comunicación:

A supervisión de circuítos proporcionará un adecuado nivel de seguridade ás liñas de transmisión de sinal entre os detectores e a unidade local de recepción de alarmas e entre esta e a CRA e o teléfono que se localiza na unidade da Garda Civil que se autorice.

A supervisión de sistemas e das liñas de comunicación efectuarase dúas veces en 24 horas. A unidade de control e a central receptora de alarmas, de forma integrada ou mediante elemento ou dispositivo engadido, posibilitarán este control e a central receptora de alarmas será a que debe detectar e iniciar o protocolo de alarma ante a falta de liña de comunicación, conforme o protocolo establecido para iso no plan de seguridade cidadá.

A transmisión entre cada elemento coa unidade de control da instalación será sempre vía cable de seguridade.

A transmisión entre a unidade de control da instalación coa central receptora de alarmas e o teléfono instalado no acuartelamento da Garda Civil designado será por vía convencional dotada dunha comunicación de apoio vía GSM, para situacións de corte ou avaría da primeira.

Sistema de control:

Todos os elementos activos deberán ser controlados por unha unidade de control e centralización, coas seguintes características:

Dispoñer das suficientes zonas de análises de sistemas.

Poder conectar cada un dos elementos de forma independente con programación independente.

Poder agrupar zonas de detección en parcelacións en función dos edificios e áreas da instalación.

Sistema de soporte de enerxía de emerxencia independente con fonte de alimentación propia.

Conexión a sistemas de telefonía.

Posibilidades de saídas de relé para a actuación sobre eles en función das necesidades da instalación.

Teclado de control.

Saída exterior para conexión con sistemas informáticos, programación de zonas, claves de acceso, claves de conexión e conexión dos sistemas en función do número de usuarios.

A unidade de control estará permanentemente conectada a unha central receptora de alarmas e esta disporá dun protocolo de actuación específico segundo as necesidades de cada instalación, de acordo co recollido no plan de seguridade cidadá de cada unha delas.

Sala da unidade de control:

A unidade de control estará aloxada dentro dunha caixa ou armario, nun cuarto ou sala das dimensións necesarias, con acceso restrinxido á persoa ou persoas que deban manipular o seu teclado de control. No terán ocos ou ventás e, se as houber, estarán protexidas por reixas fixas de seguridade.

A porta será de clase 4 para ataques de efracción manual segundo a Norma ENV 1627:1999 metálica ou de manufacturación local con chasis de aceiro, previsto de reforzos que faciliten a súa colocación en obra e a integración coa armadura da fachada, cunha chapa frontal de aceiro de 4 milímetros e pechadura de seguridade con chave de seguridade.

Contará cun detector de apertura na porta e un detector de presenza.

O teclado da unidade de control estará aloxada dentro desta sala. No caso de estar aloxada fóra dela, introducirase dentro dun armario metálico, construído con chapa de 4 milímetros de aceiro e dotado de pecho de seguridade con chave de seguridade. Este armario metálico contará cun detector de apertura na porta e estará protexido permanentemente por un detector de presenza.

Tanto a caixa onde se sitúa a unidade de control como o seu teclado e a caixa de posible aloxamento exterior así como os medios de protección da sala e zona exterior, se a houber, deberán dispoñer de sistema antisabotaxe.

Medios de protección comúns e específicos:

Medios comúns:

Os almacéns dos talleres e depósitos deberán estar protexidos polos seguintes medios comúns:

- Detectores de apertura.
- Detectores de presenza.
- Detectores sísmicos.
- Elementos antisabotaxe.
- Botóns de emerxencia.
- Unidade de control.
- Supervisión de liñas de comunicación.
- Conexión con CRA.
- Conexión con acuartelamento ou unidade designada.
- Medios de protección pasivos descritos anteriormente.

Resistencia física dos almacéns:

Edificio básico.—Edificio en fábrica de ladrillo, con cerramento de resistencia á intrusión similar ao das paredes, ben en tellado tradicional de tella ou paneis industriais de dobre chapa de aceiro e produto intermedio illante; portas de clase 6 para ataques de efracción manual segundo a Norma ENV 1627:1999, ou con portas de manufactura local en chasis de aceiro, provisto de reforzos que faciliten a súa colocación en obra e a integración coa armadura da fachada, cunha chapa frontal de aceiro de 4 milímetros de espesor, e outra chapa interior tamén de 4 milímetros e pechadura de alta seguridade, con chave de alta seguridade; ocos para aireación e zonas translúcidas protexidas mediante reixa fixa de seguridade.

Edificio plus.—Edificio con paredes de formigón, con cerramento de resistencia á intrusión similar á das paredes, ben en tellado tradicional de tella ou paneis industriais de dobre chapa de aceiro e produto intermedio illante; portas de clase 6 para ataques de efracción manual segundo norma ENV 1627:1999, ou con portas de manufactura local en chasis de aceiro, provisto de reforzos que faciliten a súa colocación en obra e a integración coa armadura da fachada, cunha chapa frontal de aceiro de 4 milímetros de espesor e outra chapa interior tamén de 4 milímetros e pechadura de alta seguridade, con chave de

alta seguridade; ocos para aireación e zonas translúcidas protexidos mediante reixa fixa de seguridade.

Medios específicos:

As instalacións destinadas a taller ou ao almacenamento de produtos deberán estar protexidas, como mínimo, polos medios anteriormente citados e, ademais, por algunhas das seguintes opcións:

Opción A, para instalacións cunha capacidade máxima de almacenamento autorizada inferior a 10.000 quilogramos de materia regulamentada:

Medios comúns.  
Edificio básico.

Opción B, para instalacións cunha capacidade máxima de almacenamento autorizada entre 10.000 e 25.000 quilogramos de materia regulamentada:

Medios comúns.  
Edificio básico.  
Sistemas de detección perimetral.

Opción C, para instalacións cunha capacidade máxima de almacenamento autorizada superior a 25.000 quilogramos de materia regulamentada:

Medios comúns.  
Edificio plus.  
Sistemas de detección perimetral.  
Sistemas CCTV asociado a elementos de protección con transmisión a CRA.

Estados dos sistemas:

Para os sistemas de seguridade instalados nos talleres e depósitos serán dous: conectado e desconectado.

Estado conectado:

Ao finalizar as actividades propias da instalación e no momento en que as portas dos edificios onde se almacenen as materias regulamentadas estean cerradas, os sistemas de seguridade conectaranse, para o cal o xefe de taller ou persoa designada para iso introducirá a clave correspondente no teclado da unidade de control.

Nesta situación todos os sistemas de seguridade da instalación estarán en funcionamento e en situación de xerar sinal de activación.

Cando se xere sinal por calquera elemento, o tipo de acción desencadeada producirá alarma ou tan só prealarma segundo os casos e conforme se establece nesta instrución técnica complementaria.

O protocolo de actuación para as alarmas e as prealarmas será o que, atendendo ao Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería e demais normativa de referencia ou de aplicación, se recolla no plan de seguridade cidadá da instalación, onde quedaría singularizada a acción específica que a instalación e o tempo de reacción impoña a cada instalación para salvagardar a seguridade cidadá.

Considérase prealarma o sinal producido pola activación de calquera dos seguintes elementos:

Algún elemento do sistema de detección perimetral.  
A activación de detector/es de presenza.  
Un detector sísmico.

Considérase alarma o sinal producido pola activación de calquera dos seguintes elementos:

- Un detector de apertura.
- Máis dun detector sísmico.
- Calquera elemento antisabotaxe.
- Calquera botón de emerxencia.
- A falta de comunicación entre a unidade de control e a central receptora de alarmas.

Será considerada tamén alarma calquera dos casos seguintes:

A activación do sistema de detección perimetral e dun calquera dos detectores de interior.

- A activación conxunta ou en cadea de máis dun elemento de detección interior.
- O sinal de falta de alimentación dos sistemas de seguridade.

Estado desconectado:

Ao se iniciaren os traballos no taller e no seu depósito auxiliar ou no depósito de produtos rematados poranse nesta situación unicamente os almacéns que se vexan afectados.

Nesta situación permanecerán conectados os antisabotaxes, os sísmicos e os botóns de emerxencia.

Tamén permanecerán conectados as 24 horas a unidade de control coa CRA e co acuartelamento ou unidade designada, a supervisión das liñas de comunicación, os dispositivos detectores de falta de alimentación dos sistemas e a visión das cámaras, se é o caso, de forma que se detecte en todo momento calquera avaría ou manipulación indebida.

Salvo que se afecte o sistema de traballo na zona, permanecerán en situación de «conectados» aqueles almacéns onde non se estea traballando seguido.

Outras situacións:

Detectada calquera incidencia na seguridade que se define como alarma na presente instrución técnica complementaria, e que non vai quedar resolta antes de finalizar a xornada laboral, chegado este momento, establecerase o servizo de vixilancia humana previsto no plan de seguridade cidadá da instalación para estes supostos, conforme a sistemática e o protocolo previstos nel.

Se a incidencia se define como prealarma, obrigará o titular ou responsable da instalación a permanecer nela ata soluciónala ou a establecer a vixilancia humana prevista no caso anterior.

As instalacións contarán, polo menos, cun botón de emerxencia por cada zona de actividade, para atender calquera incidencia durante o horario laboral. A súa activación é alarma inmediata e a CRA debe comunicar a incidencia sen dilación ás forzas e corpos de seguridade de Estado e, se é o caso, a corpos de policía autónoma.

## ANEXO II

**Comunicación de transporte por estrada de mecha explosiva con destino a fabricación de artigos pirotécnicos, en anacos non superiores a 45 centímetros de lonxitude e unha cantidade de materia neta non superior a 450 quilogramos**

DATA:

HORA DE SAÍDA:

DESCRICIÓN DA MERCADORÍA:

Lonxitude en centímetros Número de anacos	Quilogramos de materia neta	Destinatario

## 1. EMPRESA DE TRANSPORTE QUE O REALIZA.

- 1.1 Denominación:
- 1.2 Domicilio social:
- 1.3 Teléfono:
- 1.4 Fax:
- 1.5 Correo electrónico:

## 2. DESCRICIÓN DA RUTA.

- 2.1 Punto de orixe:
- 2.2 Punto de entrada territorio nacional (se é o caso):
- 2.3 Paradas previstas:
- 2.4 Vías que se van utilizar:
- 2.5 Hora de entrada en territorio nacional (se é o caso):
- 2.6 Hora prevista chegada a cada destinatario:

## 3. DATOS DO VEHÍCULO.

- 3.1 Matrícula:
- 3.2 Marca e modelo:
- 3.3 N.º certificado ADR:

## 4. DATOS SERVICIO DE VIXILANCIA E PROTECCIÓN.

- 4.1 Nome e apelidos:
- 4.2 TIP:
- 4.3 Licenzas de armas:
- 4.4 Guía de pertenza:
- 4.5 Arma: Marca \_\_\_\_\_ Modelo \_\_\_\_\_ Número \_\_\_\_\_

## 5. DATOS DO CONDUTOR.

- 5.1 Nome e apelidos:
- 5.2 N.º carné de conducir:
- 5.2 N.º certificado ADR:

Condutor/responsable do transporte	Vixilante de seguridade
(Sinatura e NIF/NIE)	(Sinatura e NIF/NIE)

## INFORMADO:

Intervención de Armas e Explosivos de Orixe  
(Selo e sinatura)



## INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 12

**Tratamento de produtos destinados a eliminación ou inertización**1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

Esta instrución técnica complementaria ten por obxecto establecer os requisitos mínimos que se deberán observar na xestión da eliminación ou inertización dos produtos desclasificados. Para este tipo de produtos a Lei 10/1998, do 22 de abril, de residuos, será de aplicación supletoria de acordo co disposto no seu artigo 2.2.

A xestión dos residuos dos produtos clasificados, teñan ou non a consideración de perigosos, procedentes da actividade propia dos talleres de pirotecnia, depósitos de produtos rematados, realización de espectáculos e venda ao público, que non presenten restos de materia regulamentada, rexerase pola Lei 10/1998, do 22 de abril, de residuos, polo Real decreto 833/1988, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de residuos perigosos e polas restantes disposicións de desenvolvemento.

2. *Tipos e clasificación de produtos desclasificados destinados a eliminación ou inertización*

Os produtos desclasificados incluídos no ámbito de aplicación da presente instrución técnica complementaria clasificaranse nalgún dos seguintes grupos atendendo ao motivo polo que adquiren tal cualificación:

Tipo de produto	Descrición
M1	Restos de procesos industriais.
M2	Artigo pirotécnico ou materia regulamentada fóra de norma ou especificacións.
M3	Artigo pirotécnico ou materia regulamentada caducada.
M4	Artigo pirotécnico falido en disparo, danado ou deteriorado.
M5	Artigo pirotécnico ou materia regulamentada proveniente do peche de talleres, depósitos ou establecementos de venda autorizados.
M6	Artigo pirotécnico ou materia regulamentada incautada, prohibida pola lexislación vixente ou asimilable a estas.
M7	Outros artigos pirotécnicos ou materias regulamentadas.

No caso de que os produtos destinados a eliminación ou inertización presenten unha exposición ao exterior de materia regulamentada, como o caso de mesturas de substancias en forma de po, estrelas de cor ou produtos con perdas de composición pirotécnica ou detonante, será necesario indicar os compoñentes químicos e características máis representativas das substancias ou mesturas expostas, xa que esta situación pode supoñer un incremento do risco asociado ás operacións de tratamento (almacenamento, transporte, eliminación ou inertización). Para iso, establecerase a seguinte clasificación adicional:

Clase	Descrición
CQ0	Substancias ou mesturas descoñecidas.
CQ1	Substancias ou mesturas detonantes (tipo trono ou apertura).
CQ2	Substancias ou mesturas con cloratos.
CQ3	Substancias ou mesturas con amonio/aminas.
CQ4	Substancias ou mesturas con metais en po.
CQ5	Substancias ou mesturas con xofre/sulfuros.
CQ6	Outras substancias diferentes ás anteriores.

3. *Requisitos xerais*

1. Os produtos incluídos no ámbito de aplicación da presente instrución técnica complementaria deberán estar obrigatoriamente sometidos a un proceso de eliminación

ou inertización, ou cedidos de modo controlado para que sexan sometidas a este proceso por empresas ou entidades autorizadas para tal fin. Así pois, a eliminación ou inertización poderá ser totalmente realizada por medios propios, por medios alleos ou mixtos.

2. Unicamente poderán levar a cabo a actividade de eliminación ou inertización dos produtos incluídos no ámbito de aplicación da presente Instrución técnica complementaria as empresas e/ou entidades autorizadas para tal fin así como os talleres de pirotecnia e os depósitos de produtos rematados que dispoñan dun lugar acondicionado e dunhas instalacións e procedementos adecuados para a dita actividade, en virtude do establecido nesta instrución técnica complementaria, e contén coa debida autorización da delegación do Goberno na comunidade autónoma, logo de informe da Área de Industria e Enerxía.

3. O requisito establecido no punto 2 relativo á disposición do lugar, instalacións e procedementos de eliminación ou inertización autorizados pola delegación do Goberno, e/ou ben a cesión de modo controlado dos produtos que se van eliminar ou inertizar a empresas ou entidades autorizadas para tal fin é obrigatoria para todos os talleres de pirotecnia e depósitos de produtos rematados e imprescindible para a correspondente autorización de posta en marcha do citado taller ou depósito.

4. Os establecementos de venda ao público autorizados responsabilizaranse dos produtos defectuosos, deteriorados ou caducados que vendesen e proveñan dos consumidores finais. Estes establecementos establecerán o procedemento que se debe seguir para facer chegar os produtos susceptibles de eliminación ou inertización aos seus provedores ou entidades autorizadas para levar a cabo a correspondente eliminación ou inertización. O custo do retorno e tratamento será asumido polo titular do establecemento de venda ou polo proveedor, segundo o establecido no punto 5.

5. A obriga de efectuar o tratamento establecido na presente instrución técnica complementaria dos produtos afectados recaerá nos distintos axentes do sector en función da orixe dos produtos susceptibles de eliminación ou inertización. Neste sentido, establécense as seguintes responsabilidades:

Tipo de produto	Responsable
M1	Xerador do produto. Cando non estea localizado en España o responsable será a persoa física ou xurídica que introduce a materia regulamentada no territorio nacional.
M2	Fabricante ou importador do produto. No caso de non estar localizados en España, o responsable será a persoa física ou xurídica que introduciu o produto no territorio nacional.
M3	Posuidor do produto no momento de vencer a data de caducidade. Para os artigos pirotécnicos utilizados na mariña o responsable será o fabricante dos artigos ou, se é o caso, o importador que os introduciu no mercado nacional ou as empresas que, non sendo fabricantes nin importadores, estean especificamente autorizadas para realizar estas operacións.
M4	Titular do taller de pirotecnia ou depósito de produtos rematados que realice o disparo. No caso de materia regulamentada danada ou deteriorada, o responsable será o posuidor dela no momento en que se produce o dano ou deterioración.
M5	Titular do taller, depósito ou establecemento cerrado.
M6	O responsable no caso de produtos incautados será a delegación do Goberno na comunidade autónoma en que se produce a incautación. O responsable no caso de produtos ou materia regulamentada prohibida pola lexislación vixente corresponde ao fabricante ou importador daquela (cando non estea localizado en España o responsable será a persoa física ou xurídica que introduce a materia regulamentada no territorio nacional.)
M7	Posuidor da materia regulamentada.

6. Os responsables dos produtos destinados á súa eliminación ou inertización só poderán poñer en práctica tratamentos autorizados para iso e deberán asumir os custos derivados deles.

7. A Administración do Estado establecerá o tratamento de inertización máis adecuado naqueles casos en que sexa responsable diso, por medio de empresas ou entidades autorizadas para tal fin.

8. O tratamento dos produtos destinados a eliminación ou inertización deberá comprender todas as etapas desde que o produto é orixinado ata que é sometido á actividade propia de eliminación ou inertización, ou cedido a unha entidade autorizada para iso.

9. Os tratamentos de eliminación ou inertización deberán estar cubertos por un seguro de responsabilidade civil que cubra todas as etapas do tratamento incluíndo, se é o caso, os procedementos de eliminación ou inertización aplicados.

10. A entrada e saída de produtos destinados a eliminación ou inertización reflectirase nos libros de rexistro do depósito de produtos rematados ou do taller de pirotecnia.

#### 4. *Tratamento dos produtos destinados a eliminación ou inertización*

##### 4.1 Envasado.

Os produtos destinados a eliminación ou inertización serán contidos en envases ou embalaxes de modo que se cumpran as seguintes condicións:

Non se envasarán conxuntamente materias regulamentadas que poidan dar lugar a mesturas incompatibles ou autoinflamables ou cuxa mestura supoña un aumento da perigosidade das materias regulamentadas por separado, salvo que se adopten medidas especiais para evitar o contacto entre elas.

Os envases ou embalaxes deberán presentar unhas condicións que aseguren unha manipulación segura, sen presentar roturas ou deterioracións que poidan dar lugar á ruptura ou perda de integridade do envase ou embalaxe durante o transporte, almacenamento ou manipulación normal.

Os envases ou embalaxes deberán estar cerrados de forma que:

Non presenten derramamentos ou perdas de composicións pirotécnicas ou detonantes ou outros contidos.

O contido quede recollido no interior, sen que se poida acceder a el senón rompendo ou abrindo o envase e/ou embalaxe.

Os envases ou embalaxes habilitados para recoller os produtos destinados a eliminación ou inertización deberán ser compatibles cos materiais pirotécnicos que van conter.

O modo de envasar as materias regulamentadas deberá estar establecido en forma de instrucións escritas que recollerán, como mínimo, as condicións mínimas establecidas na presente epígrafe e a obrigatoriedade de seren observadas sempre que se envasen produtos destinados a eliminación ou inertización.

##### 4.2 Etiquetaxe.

Os envases ou embalaxes dos produtos destinados a eliminación ou inertización que vaian ser cedidos a entidades autorizadas para iso deberán incluír unha etiqueta ou marca con polo menos a seguinte información:

Frase «Eliminación ou inertización»

Tipo e clase, se é o caso, do produto, de acordo co establecido no número 2 desta instrución técnica complementaria. No caso de se clasificar o produto como CQ6 indicaranse as substancias e características máis significativas.

Breve descrición dos produtos contidos no interior do envase ou embalaxe.

Marcación e etiquetaxe segundo o establecido na normativa vixente aplicable de transporte. Sempre que sexa posible e coñecido indicarse a clase e división de risco correspondente.

##### 4.3 Almacenamento.

Os produtos destinados a eliminación ou inertización manteranse almacenados en zonas ou lugares habilitados para tal efecto dentro de almacéns destinados a artigos

pirotécnicos ou materias regulamentadas. Estes lugares estarán claramente identificados dentro do almacén.

Os produtos destinados a eliminación ou inertización que por calquera circunstancia presenten un risco de reacción espontánea ou autoinflamación poderanse manter fóra dos almacéns, sempre e cando queden dentro do recinto do propio taller, depósito de produtos rematados ou instalacións da entidade colaboradora autorizada, en lugar apartado do resto de instalacións e tomando as medidas de seguridade oportunas para asegurar que, en caso de iniciación fortuíta, non poidan afectar o resto de instalacións, o contorno, as persoas ou o ambiente. Poderanse manter nestes lugares ata que desapareza este risco ou sexan sometidas a un proceso de amortecemento ou inertización, o que se fará coa menor brevidade de tempo posible.

Os produtos do tipo M1 almacenaranse nos propios almacéns de materias regulamentadas ou noutras instalacións habilitadas para tal efecto que reúnan as debidas garantías de seguridade industrial e laboral e que estean dentro do recinto do taller, depósito ou entidade colaboradora, onde se conservarán ata o momento en que poidan ser inertizadas de forma segura.

#### 4.4 Transporte.

O transporte dos produtos destinados a eliminación ou inertización deberá observar a normativa vixente para o transporte de mercadorías perigosas, e en especial o disposto para o transporte de mercadorías da clase 1 e nas normas para o transporte de residuos e residuos perigosos que lles sexan de aplicación. Excepcionalmente as delegacións do Goberno poderán aprobar procedementos de transporte en condicións especiais para casos particulares, atendendo a circunstancias concretas.

Os talleres, depósitos de produtos rematados e entidades colaboradoras autorizadas para efectuar a eliminación ou inertización dos produtos regulados pola presente instrución técnica complementaria incluírán na solicitude de autorización o procedemento de transporte dos produtos desde o lugar da súa xeración ou recollida ata as súas instalacións, e desde estas ao lugar onde se realice a propia eliminación ou inertización, que incluírá como mínimo:

- O uso obrigatorio de vehículos para o transporte de clase 1.
- As necesidades formativas do persoal que realice o transporte.
- As condicións mínimas que se deben cumprir para a carga, transporte e descarga dos produtos destinados a eliminación ou inertización.

#### 4.5. Procedemento de eliminación ou inertización.

O procedemento de eliminación ou inertización é a última etapa do tratamento dos produtos incluídos no ámbito de aplicación desta instrución técnica complementaria.

As instalacións e procedementos para realizar a eliminación ou inertización deberán ser deseñados, instalados, utilizados e mantidos, de forma que se garanta a seguridade e a saúde das persoas e a protección do contorno e do ambiente.

Os procedementos de eliminación ou inertización contarán cunha documentación descritiva que, como mínimo, deberá:

- Identificar o tipo de produtos ou materias regulamentadas ás cales son aplicables.
- Describir o procedemento seguido para a eliminación ou inertización dos produtos.
- Analizar os riscos asociados ao procedemento e instalacións para efectuar a eliminación ou inertización, existentes sobre as persoas e o contorno.
- Establecer as medidas de prevención e protección previstas para minimizar ou eliminar estes riscos.

Identificar o modo en que se asegura a eliminación total e permanente do risco de explosión ou incendio, real ou posible, que ten o produto destinado a eliminación ou inertización, de forma que os materiais resultantes do proceso poidan ser tratados a través das canles habituais establecidas para a xestión de residuos.

Establecer a metodoloxía que se vai seguir para a xestión dos residuos resultantes da aplicación do procedemento de eliminación ou inertización.

#### 5. *Autorización dos tratamentos de eliminación ou inertización*

Para a autorización dos tratamentos de eliminación ou inertización deberase presentar ante a delegación do Goberno da comunidade autónoma en que estea establecido o solicitante unha solicitude que inclúa:

Procedementos ou instrucións aplicables ao envasado, etiquetaxe, almacenamento e transporte dos produtos destinados a eliminación ou inertización.

No caso de cesión de produtos para a súa eliminación ou inertización a un taller de pirotecnia, depósito de produtos rematados ou a unha empresa ou entidade autorizada para tal fin:

Identificación da entidade con que se acorda a cesión.

Xustificación de acordo de cesión asinado por ambas as partes.

Identificación dos procedementos de eliminación ou inertización que se aplicarán.

Identificación do tipo de produtos destinados a eliminación ou inertización obxecto do acordo de cesión.

No caso de aplicación de procedementos de eliminación ou inertización propios:

Documentación descritiva dos procedementos de inertización segundo o establecido no número 4.5 da presente instrución técnica complementaria.

Identificación e descrición do lugar e instalacións adecuadas para a aplicación do procedemento de eliminación ou inertización correspondente.

Póliza de seguro de responsabilidade civil para a dita actividade.

En vista da solicitude e da documentación presentada, o delegado do Goberno poderá outorgar a correspondente autorización ou solicitar información adicional para avaliar o cumprimento do establecido nesta instrución técnica complementaria.

A autorización poderá recoller condicionantes adicionais en función de factores como o método elixido de eliminación ou inertización e a localización das instalacións.

A validez da autorización estará condicionada ao cumprimento dos procedementos establecidos e ás condicións adicionais impostas pola delegación do Goberno.

### INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 13

#### **Instalacións e equipamentos eléctricos en zonas clasificadas con presenza de materia regulamentada**

##### 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

Esta instrución técnica complementaria ten por obxecto establecer as condicións técnicas e garantías que deben reunir os elementos constitutivos das instalacións eléctricas empregados nas actividades no ámbito do Regulamento de artificios pirotécnicos e cartuchería nas cales estean presentes ou se poidan presentar materias regulamentadas, coa finalidade de preservar a seguridade das persoas e os bens e asegurar o normal funcionamento das ditas instalacións.

Os equipamentos e instalacións eléctricas localizados naquelas zonas non perigosas onde non están presentes materias regulamentadas rexeranse polo disposto na regulamentación vixente aplicable, e en particular polo Regulamento electrotécnico para baixa tensión, aprobado polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto.

En canto ás condicións técnicas dos equipamentos e instalacións eléctricas que aquí non se establezan será de aplicación igualmente o disposto no Regulamento electrotécnico para baixa tensión.

## 2. Clasificación das localizacións

Para establecer os requisitos que deben cumprir os elementos constitutivos dos equipamentos e instalacións eléctricas localizados nas zonas perigosas onde estean presentes ou se poidan presentar materias regulamentadas establécese a seguinte clasificación de zonas:

Zonas F0: aquelas áreas de proceso nas cales a materia ou mestura explosiva se encontra en forma de po de maneira permanente, frecuentemente ou por longos períodos.

Zonas F1: aquelas áreas de proceso ou almacenamento nas cales a materia regulamentada é probable que se encontre ocasionalmente en forma de po en funcionamento normal.

Zonas F2: aquelas áreas de proceso ou almacenamento nas cales a materia regulamentada é pouco probable que se encontre en forma de po en funcionamento normal e, se o fai, é durante un curto período de tempo.

Na área comprendida por unha mesma edificación poderán existir zonas clasificadas con distinto nivel de perigosidade.

## 3. Requisitos xerais

1. O material eléctrico e as canalizacións deberán, na medida do posible, estar situados en zonas non clasificadas. Se isto non for posible, débese elixir para a súa instalación algunha das zonas con menor risco.

2. As instalacións deseñaranse e os aparellos e materiais eléctricos instalaranse facilitando un acceso seguro para a inspección e o mantemento, de acordo coas instrucións do fabricante e cumprindo os requisitos que exige a clasificación da zona na cal van ser instalados.

3. Deberanse instalar elementos de seccionamento en zonas non perigosas para a desconexión total ou parcial do resto das instalacións eléctricas en zonas clasificadas.

4. Deberanse seleccionar aqueles tipos de construción que permitan a menor acumulación posible de po sobre o material eléctrico e que sexan fáciles de limpar.

5. Para a instalación en zonas non clasificadas de material eléctrico que está asociado a materiais ou equipamentos situados en zonas clasificadas débense ter en consideración as especificacións destes últimos.

6. No deseño das instalacións eléctricas débense tomar medidas para reducir os efectos de radiacións electromagnéticas a un nivel seguro.

7. Unicamente se poderán utilizar equipamentos eléctricos portátiles en zonas clasificadas cando o seu uso estea debidamente xustificado e non existan medios alternativos. Os equipamentos eléctricos portátiles deberán ter un modo de protección adecuado á zona na cal van ser utilizados e a súa máxima temperatura superficial cumprirá o exixido para esta zona.

8. Todo material eléctrico debe protexerse contra os efectos prexudiciais de cortocircuitos, defectos de terra e contra sobrecargas se non as puidese resistir de forma indefinida sen sufrir quecementos prexudiciais.

## 4. Requisitos particulares dos equipamentos para zonas F0

### 1. Equipamentos eléctricos.

A máxima temperatura superficial dos equipamentos eléctricos debe ser polo menos 75 K inferior á mínima temperatura de descomposición determinada segundo UNE 31.017 para cada unha das posibles materias ou mesturas explosivas que se poidan presentar na zona F0.

Se por razóns técnicas non existisen equipamentos eléctricos con temperatura superficial que garantan o cumprimento do requisito do parágrafo anterior deberanse tomar



as medidas apropiadas para asegurar que non ocorran reaccións perigosas das materias ou mesturas explosivas que poidan entrar en contacto con estas superficies.

Os equipamentos eléctricos que se utilizarán en zonas F0 deberán contar con algún dos seguintes modos de protección:

tD A20, segundo UNE-EN 61241-1.

iaD, segundo UNE-EN 61241-11.

Se por necesidades de proceso, unha capa de po de materia ou mestura explosiva maior de 5 milímetros debe permanecer en contacto coa superficie dun equipamento eléctrico Ex tD A20, a temperatura superficial do equipamento aumentará segundo o establecido en UNE-EN 61241-14.

2. Excepcións e prescricións complementarias aplicables a determinados equipamentos eléctricos.

Luminarias: a fonte de luz deberá estar protexida mediante cuberta transparente protexida por malla de tamaño non superior a 50 mm<sup>2</sup> cunha resistencia ao impacto de polo menos 1 joule. As cubertas que dean acceso ao portalámpadas e a outras partes internas das luminarias deben estar suxeitas a un dispositivo que desconecte automaticamente todos os polos do portalámpadas ao proceder á súa apertura. En caso contrario deberán estar marcadas co sinal de advertencia «Non abrir en tensión».

Máquinas eléctricas: os motores certificados con modo de protección Ex tD alimentados a frecuencia e tensións variables deberán contar adicionalmente con medios de protección por control directo da temperatura que permitan limitar a temperatura superficial do corpo do motor segundo o número 4.1 da presente instrución técnica complementaria.

Calefacción eléctrica: nas zonas F0 non se permite a utilización de calefacción eléctrica.

Aparellaxe de protección e control eléctrico: deberase impedir o accionamento dos interruptores accionados por control remoto cuxa envolvente estea aberta. Cando este requirimento non se satisfaga polo tipo de construción, deberá colocarse no corpo do equipamento o sinal coa advertencia «Non abrir en tensión».

Os dispositivos de protección contra cortocircuitos e defectos de terra deben ser tales que non sexa posible o rearme automático en condicións de defecto.

Os portafusibles tamén deberán estar bloqueados de tal maneira que a instalación e cambio dos fusibles só sexa posible sen tensión, e que os fusibles non poidan ser postos en tensión cando o aloxamento dos fusibles non estea apropiadamente cerrado. En caso contrario o aloxamento deberá levar o sinal coa advertencia «Non abrir en tensión».

Tomas de corrente e prolongadores: nas zonas F0 non se permite a instalación de tomas de corrente nin o uso de prolongadores.

### 5. *Requisitos particulares dos equipamentos para zonas F1*

#### 1. Equipamentos eléctricos.

A máxima temperatura superficial dos equipamentos eléctricos debe ser polo menos 75 K inferior á mínima temperatura de descomposición determinada segundo UNE 31.017 para cada unha das posibles materias ou mesturas explosivas que se poidan presentar de forma ocasional na zona F1, sen exceder en ningún caso os 473 K.

Se por razóns técnicas non existisen equipamentos eléctricos con temperatura superficial que garantan o cumprimento do requisito do parágrafo anterior, deberán tomarse as medidas apropiadas para asegurar que non ocorran reaccións perigosas das materias ou mesturas explosivas que poidan entrar en contacto con estas superficies.

Os equipamentos eléctricos que se utilizarán en zonas F1 deberán contar con algún dos seguintes modos de protección:

tD A20 ou tD A21, segundo UNE-EN 61241-1.

iaD ou ibD, segundo UNE-EN 61241-11.



2. Excepcións e prescricións complementarias aplicables a determinados equipamentos eléctricos.

Luminarias: deberán cumprir os requisitos adicionais exixidos no número 4.2.1 desta instrución técnica complementaria.

Máquinas eléctricas: os motores Ex tD alimentados a frecuencia e tensións variables que se empregarán en zonas F1 deberán contar adicionalmente con medios de protección por control directo da temperatura que permitan limitar a temperatura superficial do corpo do motor segundo o número 5.1 desta instrución técnica complementaria.

Calefacción eléctrica: a temperatura superficial dos aparellos en superficies lisas non deberá exceder os 393 K. A calefacción eléctrica de locais e procesos contará co modo de protección «tD A20» ou «tD A21» e adicionalmente deberá dispoñer de dobre dispositivo limitativo de control de temperatura.

Aparellaxe de protección e control eléctrico: deberán cumprir os requisitos adicionais exixidos no número 4.2.4 da presente instrución técnica complementaria.

Tomas de corrente e prolongadores: as tomas de corrente «tD A» deberán dispoñerse de maneira tal que a zona de inserción para a caravilla estea dirixida cara abaixo cunha máxima desviación da vertical de 60°.

Non se permite a utilización de prolongadores nin adaptadores.

#### 6. *Requisitos particulares dos equipamentos para zonas F2*

Equipamentos eléctricos.

Os equipamentos eléctricos que se van utilizar en zonas F2 deberán contar con algún dos seguintes modos de protección:

tD A20, tD A21 ou tD A22 segundo UNE-EN 61241-1.

iaD ou ibD segundo UNE-EN 61241-11.

No caso de que a materia ou mestura explosiva estea formada por po condutor, é dicir, a súa resistividade eléctrica sexa inferior ou igual a  $103 \Omega \cdot m$ , as envolventes «tD A22» deberán ter un grao de protección IP 6X.

#### 7. *Requisitos particulares das instalacións en zonas perigosas*

##### 7.1 Unión equipotencial suplementaria.

Todas as partes condutoras das instalacións eléctricas en localizacións perigosas estarán conectadas a unha rede equipotencial. O sistema equipotencial non debe incluír os condutores neutros.

As partes condutoras que non forman parte da instalación eléctrica non necesitan estar conectadas á rede equipotencial, se non hai perigo de desprazamento de potencial.

As envolventes metálicas de aparellos con modo de protección «seguridade intrínseca» non necesitan ser conectadas ao sistema de unión equipotencial, a menos que sexa requirido pola documentación do aparello. As instalacións con protección catódica non se conectarán á rede equipotencial salvo que o sistema estea deseñado especificamente con este fin.

Os condutores de equipotencialidade serán conformes co número 8 da Instrución ITC BT 18 «Instalacións de posta a terra» do Regulamento electrotécnico para baixa tensión.

##### 7.2 Limitación de correntes de defecto a terra.

Sistema TN,

Nas zonas perigosas só se poderá utilizar o sistema do tipo TN-S, é dicir, o condutor neutro e o condutor de protección non deben conectarse entre si, nin combinarse nun só condutor.

#### Sistema TT.

Se se utiliza este tipo de sistema, en zonas F0 e F1 deberase protexer por un dispositivo de corrente diferencial residual.

#### Sistema IT.

Se se utiliza este tipo de sistema en zonas perigosas, deberá instalarse un dispositivo de supervisión ou control do illamento para indicar o primeiro defecto xunto a un dispositivo de corte automático que interrompa a alimentación tras a aparición dun segundo defecto de illamento.

#### Sistemas MBTS e MBTP.

Os sistemas de moi baixa tensión de seguridade MBTS e os sistemas de moi baixa tensión de protección MBTP deben cumprir cos requisitos establecidos na ITC BT 36 «Instalacións a moi baixa tensión» do Regulamento electrotécnico para baixa tensión.

#### 7.3 Illamento eléctrico.

Cada circuíto ou cada grupo de circuítos, incluíndo todos os circuítos condutores non conectados a terra, deberán estar provistos dos seccionadores adecuados para o seu illamento. Xunto con cada seccionador deberá colocarse a información que permita unha rápida identificación do circuíto ou grupo de circuítos controlados por este seccionador.

Para accións de emerxencia deberá proveerse, nun lugar non perigoso fóra das áreas clasificadas, polo menos un ou varios medios de desconexión da subministración eléctrica a estas áreas. O equipamento eléctrico que debe continuar funcionando para previr un perigo adicional debe pertencer a un circuíto separado do resto da instalación e non se debe combinar con outros grupos de circuítos.

#### 7.4 Separación eléctrica.

A separación eléctrica será conforme co establecido no número 413.5 da Norma IEC 60364-4-41 para a alimentación dun só equipamento.

#### 7.5 Protección fronte aos riscos da electricidade estática.

No deseño das instalacións eléctricas débense ter en conta os efectos da electricidade estática para reducilos a un nivel seguro. Adoptaranse, entre outras, as seguintes precaucións:

A resistencia de terra do conxunto formado pola posta a terra e a rede de conexión equipotencial non superará o valor de 1 M $\Omega$ .

A humidade relativa do aire nas zonas F0 e F1 situadas en lugares non exteriores estará comprendida entre o 50 por cento e o 70 por cento.

O calzado e a roupa que se subministre aos traballadores que desenvolvan a súa actividade en zonas F0 ou F1 deberán estar certificados de acordo co Real decreto 1407/1992, do 20 de novembro, polo que se regulan as condicións para a comercialización e libre circulación intracomunitaria dos equipamentos de protección individual, cumprindo ademais doutras, a exigencia 2.6 do seu anexo II. Adicionalmente, o calzado, xa sexa de seguridade, de protección ou de traballo, será de tipo condutor, cunha resistencia máxima de 105  $\Omega$  (medidos segundo UNE-EN ISO 20344), e deberá estar identificado na marca cun símbolo «C». A roupa de protección será conforme a norma UNE-EN 1149 partes 1 ou 3 e estará identificada co pictograma de seguridade correspondente.

O pavimento instalado en zonas F0 e F1 terá unha resistencia máxima de 2,5 • 105  $\Omega$  medida segundo UNE-EN 61340-4-1.

Deberanse dispoñer medios condutores de descarga electroestática para a descarga dos traballadores, tanto antes do seu acceso a zonas F0 ou F1 como durante o desenvolvemento do seu traballo nestas zonas.

#### 7.6 Protección catódica de partes metálicas.

En zonas F0 non se permite a utilización de protección catódica, salvo se está especialmente deseñada para esta aplicación.

Os elementos de illamento requiridos para a protección catódica deberán estar situados, se é posible, fóra das zonas perigosas.

#### 7.7 Sistemas de cableado.

Para instalacións de seguridade intrínseca, os sistemas de cableado cumprarán os requisitos da norma UNE-EN 61241-14 e da norma UNE-EN 60079-25.

Os cables para o resto de instalacións terán unha tensión mínima asignada de 450/750 V.

As entradas dos cables e dos tubos aos aparellos eléctricos realizaranse de acordo co modo de protección previsto nas normas correspondentes. Os orificios dos equipamentos eléctricos para entradas de cables ou tubos que non se utilicen deberán cerrarse mediante pezas acordos co modo de protección de que vaian dotados estes equipamentos.

Para as canalizacións para equipamentos móbiles terase en conta o establecido na Instrución ITC MIE-BT 21 «Instalacións interiores ou receptoras. Tubos e canles protectores» do Regulamento electrotécnico para baixa tensión.

A intensidade admisible nos condutores deberase diminuír nun 15 por cento respecto ao valor correspondente a unha instalación convencional. Ademais, todos os cables de lonxitude igual ou superior a 5 metros estarán protexidos contra sobrecargas e cortocircuitos. Para a protección de sobrecargas terase en conta a intensidade de carga resultante fixada no parágrafo anterior e para a protección de cortocircuitos terase en conta o valor máximo para un defecto no comezo do cable e o valor mínimo correspondente a un defecto bifásico e franco ao final do cable.

No punto de transición dunha canalización eléctrica dunha zona a outra, ou dunha localización perigosa a outra non perigosa, deberase impedir o paso de po de mestura explosiva. Isto pode precisar da selaxe de gabias, tubos, bandexas, etc.

##### 7.7.1 Requisitos dos cables.

Os cables que se empregarán nos sistemas de cableado nas localizacións clasificadas como zonas F0, F1 e F2 serán:

##### a) En instalacións fixas:

Cables de tensión asignada mínima de 450/750 V, illados con mesturas termoplásticas ou termoestables, instalados baixo tubo (segundo 7.7.2) metálico ríxido ou flexible conforme a norma UNE-EN 50086-1.

Cables construídos de modo que dispoñan dunha protección mecánica. Considéranse como tales:

Os cables con illamento mineral e cuberta metálica, segundo UNE 21157 parte 1.

Os cables armados con arame de aceiro galvanizado e con cuberta externa non metálica, segundo a serie UNE 21123.

Os cables en instalacións fixas deben cumprir, respecto á reacción ao lume, o indicado na norma UNE 20432-3.

##### b) En alimentación de equipamentos portátiles ou móbiles:

Cables con cuberta de policloropreno segundo UNE 21027-4 ou UNE 21150, que sexan aptos para servizos móbiles, de tensión mínima asignada 450/750 V, flexibles e de sección mínima 1,5 mm<sup>2</sup>. A utilización destes cables flexibles restrinxirase ao estritamente necesario e como máximo a unha lonxitude de 30 metros.

### 7.7.2 Requisitos dos condutos.

Cando o cableado das instalacións fixas se realice mediante tubo ou canal protector, estes serán conforme as especificacións dadas nas táboas do número 9.3 da Instrución ITC MIE-BT 29 «Prescricións particulares para as instalacións eléctricas dos locais con risco de incendio ou explosión» do Regulamento electrotécnico para baixa tensión.

### 7.7.3 Métodos específicos de cableado non autorizados en zonas F0 e F1

Non se permite a utilización dos seguintes sistemas de cableado en zonas F0 e F1:

Condutores nus.

Monocondutores illados sen outra protección.

Sistemas de cableado con retorno a terra pola vaiña (ESR), non illados co equivalente ao dobre illamento.

Sistemas de embarrados.

Sistemas de cableado aéreo.

Sistemas unifilares con retorno por terra.

Sistemas con raís de baixa tensión ou moi baixa tensión.

Cables con cuberta nos cales a resistencia á tracción é inferior a:

#### I. Termoplásticos:

Policloruro de vinilo (PVC), 12,5 N/mm<sup>2</sup>.

Polietileno, 10,0 N/mm<sup>2</sup>.

#### II. Elastómero:

Polietileno clorosulfonado ou polímeros similares 10,0 N/mm<sup>2</sup>.

salvo se se instalan nun conduto.

## INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 14

### **Disposicións relativas á seguridade e á saúde para a protección dos traballadores fronte ao risco de explosión**

#### *1. Obxecto e ámbito de aplicación*

Co obxectivo de facilitar a aplicación da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e da súa normativa de desenvolvemento, esta instrución técnica complementaria ten por obxecto establecer unha serie de disposicións relativas á seguridade e á saúde para a protección dos traballadores fronte ao risco de explosión de mesturas explosivas no lugar de traballo.

As disposicións desta instrución técnica complementaria deberán ser tidas en conta respecto a todas as actividades de fabricación, almacenamento, transporte, venda e disparo de produtos pirotécnicos, no ámbito do Regulamento de artificios pirotécnicos e cartuchería, nas cales estean presentes ou se poidan presentar mesturas explosivas.

As disposicións do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, aplicaranse plenamente no ámbito recollido nesta instrución técnica complementaria.

#### *2. Obrigas do empresario*

##### **2.1 Prevención e protección contra explosións de materias ou mesturas explosivas.**

Con obxectivo de previr as explosións de mesturas explosivas, de conformidade co artigo 15.1 da Lei de prevención de riscos laborais, e de proporcionar unha protección contra elas, o empresario deberá tomar medidas de carácter técnico e organizativo en

función do tipo de actividade, seguindo unha orde de prioridades e conforme os principios básicos seguintes:

Evitar a acumulación innecesaria de mesturas explosivas en lugares non habilitados para iso.

Evitar a inflamación accidental de materias ou mesturas explosivas e atenuar os efectos prexudiciais dunha explosión de forma que se garanta a saúde e a seguridade dos traballadores.

Evitar a propagación das explosións ou explosións en cadea, mediante a adopción das medidas necesarias para iso.

2.2 Avaliación dos riscos de explosión de materias ou mesturas explosivas e planificación da actividade preventiva.

En cumprimento das obrigas establecidas nos artigos 16 e 23 da Lei de prevención de riscos laborais e na sección 1ª do capítulo II do Regulamento dos servizos de prevención, o empresario avaliará os riscos específicos de explosión de materias ou mesturas explosivas tendo en conta, polo menos:

- a) As características explosivas das materias ou mesturas existentes nos lugares de traballo.
- b) As instalacións, os equipamentos de traballo, os procesos industriais e as súas posibles interaccións.
- c) A probabilidade da presenza e activación de focos de ignición, incluídas as descargas electrostáticas.
- d) As proporcións dos efectos previsibles.

Na avaliación dos riscos de explosión teranse en conta os lugares que estean ou poidan estar en contacto, mediante aberturas, con lugares nos cales se poidan crear atmosferas explosivas.

Do mesmo modo, o empresario realizará aquelas actividades preventivas necesarias para eliminar ou reducir e controlar o risco de explosión de materias ou mesturas explosivas, tendo en conta os requisitos establecidos na presente instrución técnica complementaria. Estas actividades serán obxecto de planificación polo empresario, incluíndo para cada actividade preventiva o prazo para levala a cabo, a designación de responsables e os recursos humanos e materiais necesarios para su execución. Así mesmo, o empresario deberase asegurar da efectiva execución das actividades preventivas incluídas na planificación, efectuando para iso un seguimento continuo desta execución.

En particular, o empresario deberá garantir:

- a) Que se determinaron e avaliaron os riscos específicos de explosión.
- b) Que se tomarán as medidas adecuadas para lograr os obxectivos desta instrución técnica complementaria.
- c) Que foron identificadas todas as zonas con perigo de explosión existentes no centro de traballo, de acordo co establecido no número 2.5 da presente instrución técnica complementaria.
- d) Que nas zonas con perigo de explosión se aplicarán os requisitos mínimos establecidos no anexo desta instrución técnica complementaria.
- e) Que o lugar e os equipamentos de traballo, incluídos os sistemas de alerta, están deseñados e se utilizan e manteñen tendo debidamente en conta a seguridade.
- f) Que se adoptaron as medidas necesarias, de conformidade co Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización por parte dos traballadores dos equipamentos de traballo para que os equipamentos de traballo se utilicen en condicións seguras.

Os aspectos recollidos neste punto débense ter en conta na elaboración da documentación a que se refire o artigo 23 da Lei de prevención de riscos laborais.

### 2.3 Obrigas xerais.

Co obxecto de preservar a seguridade e a saúde dos traballadores, e en aplicación do establecido nos números 2.1 e 2.2, o empresario tomará as medidas necesarias para que:

a) Nos lugares nos cales existan ou poidan existir materias regulamentadas en cantidades tales que poidan poñer en perigo a saúde e a seguridade dos traballadores ou doutras persoas, o ambiente de traballo sexa tal que o traballo se poida efectuar de maneira segura.

b) Nos lugares de traballo nos cales existan ou poidan existir materias regulamentadas en cantidades tales que poidan poñer en perigo a saúde e a seguridade dos traballadores, se asegure, mediante o uso dos medios técnicos apropiados, unha supervisión adecuada dos ditos lugares, conforme a avaliación de riscos, mentres os traballadores estean presentes naqueles.

### 2.4 Obriga de coordinación.

Cando nun mesmo lugar de traballo se encontren traballadores de varias empresas, cada empresario deberá adoptar as medidas que sexan necesarias para a protección da saúde e a seguridade dos seus traballadores, incluídas as medidas de cooperación e coordinación a que fai referencia o artigo 24 da Lei de prevención de riscos laborais, desenvolvido polo Real decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, en materia de coordinación de actividades empresariais. Sen prexuízo diso e no marco do disposto no citado artigo, o empresario titular do centro de traballo coordinará a aplicación de todas as medidas relativas á seguridade e á saúde dos traballadores e precisará, na documentación relativa á acción preventiva establecida no artigo 23 da Lei de prevención de riscos laborais, as medidas e as modalidades de aplicación da dita coordinación.

A inspección e control do cumprimento destas obrigas só corresponde ás áreas de Industria e Enerxía das delegacións do Goberno, cando se trate de centros de traballo con presenza do risco de explosión en empresas que desenvolvan actividades de fabricación, almacenamento, transporte, venda e disparo de produtos pirotécnicos. A inspección e control do resto das empresas que concorran con aquelas nun mesmo centro de traballo corresponde á Inspección de Traballo e Seguridade Social, conforme o previsto no artigo 9 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

### 2.5 Zonas con perigo de explosión.

Para os efectos desta instrución técnica complementaria considéranse zonas con perigo de explosión as áreas en que estean presentes ou se poidan presentar materias regulamentadas en cantidades tales que resulte necesaria a adopción de medidas de prevención ou protección especiais para protexer a seguridade e a saúde dos traballadores.

O empresario deberá identificar todas as zonas con perigo de explosión existentes no centro de traballo.

De acordo co establecido no Real decreto 485/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo, os accesos ás zonas con perigo de explosión deben estar sinalizados identificando este perigo.

## ANEXO

### **Disposicións relativas á seguridade e á protección da saúde dos traballadores potencialmente expostos a materias ou mesturas explosivas**

As disposicións deste anexo aplicaranse:

a) Ás zonas con perigo de explosión, de acordo co establecido no número 2.5 desta instrución técnica complementaria.



b) Aos equipamentos situados en áreas que non presenten perigo de explosión e que sexan necesarios ou contribúan ao funcionamento en condicións seguras dos equipamentos situados na zona con perigo de explosión.

### 1. *Medidas organizativas*

#### 1.1. Formación e información dos traballadores.

O empresario deberá proporcionar aos que traballan en zonas con perigo de explosión unha formación e información adecuadas e suficientes sobre prevención e protección fronte a explosións, no marco do establecido nos artigos 18 e 19 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

#### 1.2. Instrucións por escrito e permisos de traballo.

Cando así o exixa a documentación da acción preventiva:

O traballo nas zonas con perigo de explosión levarase a cabo conforme unhas instrucións por escrito que proporcionará o empresario, e nas cales se incluírán as condicións de seguridade necesarias para desenvolver estas actividades e os puntos críticos de especial perigosidade fronte ao risco de explosión.

Deberase aplicar un sistema de permisos de traballo que autorice a execución de traballos con especial perigosidade nas zonas con perigo de explosión. Consideraranse traballos de especial perigosidade, entre outros, todos aqueles traballos de comprobación, consigna e reparación que se deban realizar como consecuencia de fallos na operatividade dos equipamentos de traballo, cando estes equipamentos estean en contacto directo coa mestura explosiva, así como todos aqueles que exixan ser realizados utilizando posibles fontes de inflamación.

Os permisos deberán ser expedidos, antes do comezo dos traballos, por unha persoa expresamente autorizada para iso e designada polo empresario.

### 2. *Medidas de prevención e protección contra as explosións*

Na identificación dos perigos e situacións perigosas que poidan desencadear a explosión dunha substancia explosiva, teranse en conta, entre outros, os seguintes factores:

a) A caracterización da substancia explosiva: sensibilidade ao impacto e rozamento, temperatura de descomposición, temperatura de inflamación, etc.

A caracterización das substancias explosivas deberá realizarse sempre que a substancia poida tomar contacto de forma directa con calquera equipamento de traballo ou ser manipulada directamente polos traballadores.

b) Incompatibilidade de substancias.

c) Causas de orixe eléctrica: chispas, aumentos de temperatura, chispas de orixe electrostática.

d) Causas de orixe mecánica: chispas, aumentos de temperatura, impacto e fricción.

e) Outras agresións externas.

Cando nunha mesma zona con perigo de explosión existan diferentes tipos de materias regulamentadas, as medidas de protección axustaranse ao maior risco potencial.

De conformidade co disposto no Real decreto 614/2001, do 8 de xuño, sobre disposicións mínimas para a protección da saúde e seguridade dos traballadores fronte ao risco eléctrico, cando se trate de evitar os riscos de ignición, tamén se deberán ter en conta as descargas electrostáticas producidas polos traballadores ou o contorno de traballo como portadores ou xeradores de carga. Deberanse prover os traballadores de calzado antiestático e roupa de traballo adecuada feita de materiais que non dean lugar a descargas electrostáticas que poidan causar a ignición de materias ou mesturas explosivas.



A instalación, os equipamentos de traballo, os sistemas de protección e os seus correspondentes dispositivos de conexión só se poñerán en funcionamento se previamente se comprobou que se poden usar con seguridade nunha zona con perigo de explosión.

Adoptaranse todas as medidas necesarias para se asegurar de que os lugares de traballo, os equipamentos de traballo e os correspondentes dispositivos de conexión que se encontren á disposición dos traballadores foron deseñados, construídos, ensamblados e instalados e se manteñen e utilizan de tal forma que se reduzan ao máximo os riscos de explosión e, en caso de que se produza algunha, se controle ou se reduza ao máximo a súa propagación no dito lugar ou no equipamento de traballo. Nestes lugares de traballo deberanse tomar as medidas oportunas para reducir ao máximo os riscos que poidan correr os traballadores polos efectos físicos dunha explosión.

En caso necesario, os traballadores deberán ser alertados mediante a emisión de sinais ópticos ou acústicos de alarma e desaloxados en condicións de seguridade.

Cando se considere necesario, e así se plasme na documentación preventiva, disporanse e manteranse en funcionamento saídas de emerxencia que, en caso de perigo, lles permitan aos traballadores abandonar con rapidez e seguridade os lugares de traballo.

Antes de utilizar por primeira vez os lugares de traballo onde existan zonas en que se presenten ou se poidan presentar mesturas explosivas ou tras unha modificación importante, deberase verificar a súa seguridade xeral contra explosións. A realización das verificacións encomendarase a aquelas persoas capacitadas expresamente autorizadas polo empresario.

Cando a avaliación mostre que iso é necesario:

a) Deberase poder, en caso de que un corte de enerxía poida comportar novos perigos, manter o equipamento e os sistemas de protección en situación de funcionamento seguro independentemente do resto da instalación se efectivamente se producise un corte de enerxía.

b) Deberase poder efectuar a desconexión manual dos aparellos e sistemas de protección incluídos en procesos automáticos que se aparten das condicións de funcionamento previstas, sempre que iso non comprometa a seguridade. Tales intervencións confíaranse exclusivamente aos traballadores cunha formación específica que os capacite para actuar correctamente nesas circunstancias.

c) A enerxía almacenada deberase disipar, ao accionar os dispositivos de desconexión de emerxencia, da maneira máis rápida e segura posible ou illarse de maneira que deixe de constituir un perigo.

### 3. *Adecuación dos equipamentos de traballo en zonas perigosas*

Naquelas zonas perigosas onde se utilicen ou se prevea utilizar equipamentos de traballo, o empresario deberase asegurar de que na elección, instalación, utilización e mantemento se tivo en especial consideración o risco de explosión das materias explosivas existentes no lugar de traballo, en aplicación do Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipamentos de traballo.

Para iso, é necesario que dispoña da documentación técnica que permita unha correcta e segura instalación, utilización e mantemento. Esta documentación deberá estar redactada nunha lingua oficial da área xeográfica á cal se destina o equipamento.

Para os equipamentos de traballo que no seu uso previsto toman contacto directamente con mesturas explosivas, deberanse coñecer os valores máximos alcanzables tanto en funcionamento normal como os previstos en caso de mal funcionamento, daqueles parámetros que poidan provocar a ignición da substancia explosiva, como por exemplo: temperatura superficial, presión de traballo, temperatura interna, etc. Estes parámetros deberán estar axustados en función da caracterización das substancias explosivas presentes.

## INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 15

**Normas para a recarga de munición por particulares***1. Obxecto e ámbito de aplicación*

A tenza e utilización de cartuchería, como materia regulada, exige por parte do Estado un control exhaustivo, co fin de preservar, por un lado, a seguridade cidadá e por outro, evitar calquera clase de accidente que poña en perigo a vida ou bens das persoas. Non obstante, a recarga de munición por particulares para uso propio é unha actividade moi estendida entre unha enorme diversidade de practicantes de deportes nos cales se utilizan armas, pois permite que estes poidan adaptar a súa propia munición ás particulares exigencias de cada actividade deportiva en concreto.

Esta instrución técnica complementaria ten por obxecto establecer os requisitos mínimos para levar a cabo a recarga de munición por parte de particulares para uso propio, en virtude do establecido nos artigos 55.3 e 104 do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería.

*2. Requisitos para a recarga de cartuchería metálica*

1. Estar en posesión da licenza que permita a tenza e uso das armas.
2. Posuír legalmente documentadas armas do calibre do cartucho que se pretende recargar.
3. Acreditar a práctica deportiva autorizada pola licenza F.
4. Obter un certificado dunha entidade autorizada pola Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil de que posúe os coñecementos necesarios para realizar a recarga que se pretende.
5. Obter da Intervención Central de Armas e Explosivos a correspondente autorización para recarga de cartuchería, segundo o procedemento que se especifica na presente instrución técnica complementaria.
6. Manter os límites de depósito e adquisición tanto de materiais compoñentes como de cartuchería rematada que se determinan no artigo 104 do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería.
7. Ser posuidor dunha máquina homologada para a recarga de cartuchería non automática e que reúnan os requisitos necesarios para a súa posta no mercado.
8. Conservar a maquinaria xunto coa cartuchería e os seus compoñentes, no domicilio, coas suficientes medidas de seguridade.
9. A medida de seguridade mínima exigible para o almacenamento da pólvora, vaíñas e pistóns utilizadas para a recarga é a posesión no domicilio ou noutro lugar autorizado, de caixa forte, nivel 1 ou superior.
10. A Intervención Central de Armas e Explosivos entregará aos solicitantes, simultaneamente á expedición da autorización de recarga, un anexo no cal o titular da autorización reflectirá as operacións correspondentes ás cantidades de pólvora, vaíñas ou pistóns adquiridas, data de compra e establecemento vendedor, o cal deberá visar cada asento que se reflecta no referido anexo.
11. Sen prexuízo das revisións esporádicas que poida realizar a Intervención de Armas e Explosivos Territorial, toda persoa autorizada para a recarga de cartuchería metálica, no momento de renovar a licenza de armas que lle autoriza a tenza e uso de armas que utilizan cartuchería que pode recargar, debe presentar ante a Intervención de Armas da súa demarcación a autorización de recarga e o anexo, para revisión e control.

*3. Requisitos para a recarga de cartuchería non metálica*

A recarga de cartuchería non metálica non estará sometida a autorización previa. Non obstante, o persoal que realice esta operación deberá cumprir os seguintes requisitos:

1. Estar en posesión da licenza que permita a tenza e uso das armas.
2. Posuír legalmente documentadas armas do calibre do cartucho que se pretende recargar.

3. Posuír para o almacenamento da pólvora, vaíñas e pistóns a caixa forte referida no número 2.9 da presente instrución técnica complementaria, para a recarga de cartucharía metálica.

4. Solicitar da Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil da súa demarcación o anexo a que se refire o número 2.10 da presente instrución técnica complementaria, para a recarga de cartucharía metálica, o cal deberá ser dilixenciado pola dita intervención. O titular do anexo terá as mesmas obrigas indicadas no número 2.10 da recarga de cartucharía metálica.

#### ESPECIFICACIÓN TÉCNICA NÚMERO 15.01

### **Recoñecemento da aptitude en seguridade das máquinas para a recarga de cartuchos por particulares**

#### 1. *Obxecto*

Esta especificación técnica ten por obxecto establecer os requisitos que deben cumprir as máquinas de recarga de cartuchos no referente á seguridade de uso e de produto, de acordo co establecido no artigo 55.3 do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía, que permite autorizar a particulares a recarga de munición metálica para o seu propio consumo, sempre que se cumpran os requisitos da Instrución técnica complementaria número 15.

#### 2. *Procedemento de recoñecemento da aptitude en seguridade das máquinas para a recarga de cartuchos por particulares*

1. O procedemento desenvolvido na presente especificación técnica trata de determinar se a máquina cumpre os requisitos desexables en canto a:

##### a) Seguridade de uso:

i. Débese impedir a posibilidade de corte de circuíto ou chispas que poidan provocar incendio ou explosión dos compoñentes do cartucho.

ii. En caso de accidente e explosión ou deflagración dalgún compoñente (pistón ou pólvora) o operador debe estar protexido contra queimaduras ou proxeccións.

iii. Os pistóns non se poderán comprimir fortemente uns contra outros no proceso de alimentación da máquina.

##### b) Seguridade de produto:

i. Débese asegurar que a máquina proporcionará ao cartucho unha cantidade de pólvora determinada polo operador actuando sobre o dispositivo de dosificación, o cal en ningún caso poderá descalibrarse de forma que aumente a dose programada.

ii. Débese asegurar unha posición correcta do pistón na vaíña.

iii. Débese asegurar a correcta posición do proxectil/proxectís sen posibilidade de que a masa deste varíe da programada polo operador.

#### 2. *Descrición dos ensaios dos diversos trámites do procedemento*

a) Estudo da documentación recibida e comprobación do funcionamento da máquina.

b) Determinación da adecuación das instrucións que se deben xuntar á máquina para o seu manexo e funcionamento.

c) Carga dunha mostra de cartuchos utilizando diversas configuracións da máquina.

d) Desmontaxe dos cartuchos cargados e comprobación da correlación entre os parámetros definidos para a carga e os obtidos.

e) Manipulación da máquina intentando producir fenómenos involuntarios (afrouxamento de parafusos, pólvoras con grumos, pistóns mal colocados na caixa etc.)

que puidesen dar lugar a cargas defectuosas; comprobando in situ os mecanismos de seguro da máquina.

f) Provocación da detonación dun pistón no proceso de pistonado e o fogo dunha pequena cantidade de pólvora para comprobar o grao de protección das defensas.

### 3. Informe e certificación

Á vista do resultado dos trámites descritos na presente especificación técnica e da documentación achegada polo peticionario, o banco oficial de probas determinará a idoneidade da máquina en canto á seguridade e, se é o caso, procederá á emisión do correspondente informe ou certificación.

### 4. Material e documentación

O peticionario deberá achegar:

- a) Unha máquina para ensaios.
- b) Documentación técnica do fabricante sobre a máquina de ensaios (planos, esbozo, etc.); se esta non é suficiente, a máquina quedará depositada no banco de probas como testemuña.
- c) En caso de posuír documentos oficiais de cumprimento de normativas legais, unha copia legalizada destes.
- d) Manual de instrucións redactado polo menos en castelán.
- e) Os utensilios e complementos necesarios para a recarga de diferentes calibres.

## INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 16

### Compatibilidade de almacenamento e transporte de produtos pirotécnicos

#### 1. Obxecto e ámbito de aplicación

Esta instrución técnica complementaria ten por obxecto establecer os requisitos de compatibilidade no transporte e almacenamento dos produtos pirotécnicos regulados polo Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía.

As condicións de almacenamento e compatibilidade que se deban observar no almacenamento de produtos químicos non pirotécnicos rexeranse polo establecido no Regulamento de almacenamento de produtos químicos, aprobado polo Real decreto 379/2001, do 6 de abril, así como nas súas correspondentes instrucións técnicas complementarias.

Pola súa parte, as condicións de almacenamento e compatibilidade que se deben observar no almacenamento de materiais explosivos rexeranse polo disposto no Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro.

#### 2. Requisitos xerais no almacenamento

Os produtos pirotécnicos que se almacenen a granel deberán estar contidos en recipientes adecuados que deberán ter a suficiente consistencia e estar nun estado de conservación tal que asegure que non se poidan producir derramamentos ou perdas de composición pirotécnica ou outros contidos durante as operacións normais de manipulación.

En todo momento deberá estar identificado o contido dos recipientes no caso de almacenamento a granel e no caso de produtos envasados ou embalados. As embalaxes dos produtos rematados procedentes de terceiros, ao terse producido unha venda para a súa adquisición, deberán estar debidamente etiquetadas.

Non se poderán almacenar conxuntamente materiais pirotécnicos xunto con produtos químicos ou outras materias primas utilizadas nos procesos de fabricación de materiais pirotécnicos.

O almacenamento de produtos pirotécnicos realizarase en almacéns autorizados para tal efecto, as normas de localización, deseño e construción deste tipo de almacéns

establécense no Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería e nas súas instrucións técnicas complementarias.

### 3. *Compatibilidade no almacenamento e transporte*

Almacenamento e transporte conxunto de produtos pirotécnicos.

Os artigos pirotécnicos encóntranse englobados, segundo o establecido nas «Recomendacións para o transporte de mercadorías perigosas» das Nacións Unidas, nos grupos de compatibilidade G ou S. Ambos os grupos son compatibles entre si, polo que poden almacenarse e transportarse conxuntamente no mesmo recinto.

Para o almacenamento e transporte conxunto de substancias, obxectos ou produtos pirotécnicos que poidan provocar unha exposición ao contorno das composicións pirotécnicas, deberanse ter en conta as incompatibilidades químicas das ditas substancias. Neste sentido, non se poderán almacenar e transportar no mesmo recinto composicións pirotécnicas en po ou granuladas susceptibles de formaren mesturas inestables con outras composicións localizadas no mesmo lugar, salvo que se adopten medidas de segregación suficientes para asegurar que non poidan entrar en contacto entre si. A modo de exemplo, non poderán almacenarse conxuntamente composicións a base de cloratos xunto con composicións que conteñan xofre, sulfuros, sales amónicas ou aminas.

Almacenamento e transporte conxunto de produtos pirotécnicos e explosivos

A compatibilidade no almacenamento e transporte conxunto de produtos pirotécnicos e explosivos rexerese polo establecido na Instrución técnica complementaria número 22 «Compatibilidade de almacenamento e transporte» do Regulamento de explosivos e nas «Recomendacións para o transporte de mercadorías perigosas» das Nacións Unidas, sen prexuízo das prescricións que, a modo aclaratorio, se establecen na seguinte táboa 1 e no resto da presente instrución técnica complementaria.

Táboa 1. Compatibilidade de almacenamento e transporte

Grupo compatibilidade	A	B	C	D	E	F	G	H	J	L	N	S
A	Z											
B		X		1/								X
C			X	X	X		X				2/ 3/	X
D		1	X	X	X		X				2/ 3/	X
E			X	X	X		X				2/ 3/	X
F						X						X
G			X	X	X		X					X
H								X				X
J									X			X
L										4/		
N			2/ 3/	2/ 3/	2/ 3/						2/	X
S		X	X	X	X	X	X	X	X		X	X

O «X» indica que as materias ou obxectos dos diferentes grupos de compatibilidade poden almacenarse conxuntamente nunha mesma polvoreira ou cargarse conxuntamente nun mesmo compartimento, contedor ou vehículo.

Notas:

1. Os vultos que conteñan materias e obxectos asignados aos grupos de compatibilidade B e D poderán ser cargados conxuntamente no mesmo vehículo coa condición de que sexan transportados en contedores ou compartimentos separados, dun modelo aprobado pola autoridade competente ou un organismo designado por esta, e que estean deseñados de maneira que se evite toda transmisión da detonación de obxectos do grupo de compatibilidade B ou das materias ou obxectos do grupo de compatibilidade D.

2. Os diferentes obxectos da división 1.6, grupo de compatibilidade N (1.6 N), só poderán transportarse ou almacenarse conxuntamente como obxectos 1.6 N, se se proba mediante ensaios ou por analogía que non existe risco suplementario de detonación por influencia entre uns e outros obxectos. En caso contrario, deberán ser tratados como pertencentes á división de risco 1.1.

3. Cando se transporten ou almacenen obxectos do grupo de compatibilidade N con materias ou obxectos dos grupos de compatibilidade C, D ou E, os obxectos do grupo de compatibilidade N consideraranse pertencentes ao grupo de compatibilidade D.

4. As materias e obxectos do grupo de compatibilidade L poderán almacenarse e cargarse en común no mesmo vehículo coas materias e obxectos do mesmo tipo pertencentes a ese mesmo grupo de compatibilidade.

## INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 17

### Venda ao público de artigos pirotécnicos

#### 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

Esta instrución técnica complementaria ten por obxecto establecer as normas sobre a venda e os establecementos de venda de artigos pirotécnicos das categorías 1, 2, 3, T1, P1 e de uso na mariña, de acordo co establecido no artigo 127 do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía.

A venda ao retallo de artificios pirotécnicos da categoría 1 e de uso no interior de edificios, excepto tronos de impacto, non estará sometida aos requisitos desta instrución técnica complementaria, sempre e cando a cantidade sexa inferior ou igual a 5 quilogramos brutos.

Esta instrución técnica complementaria non será de aplicación aos locais náuticos para a venda exclusiva de artigos pirotécnicos de uso na mariña. Estes locais cumpriran o establecido no artigo 105 do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía.

## 2. Tipos de establecementos de venda

Os establecementos de venda de artigos pirotécnicos poderán ser:

1) Establecementos permanentes (A1, A2, B1, B2 e C): correspóndense con aqueles locais cerrados respecto á vía pública, tanto os que forman parte dun edificio en que se efectúan outras actividades como os illados respecto a outras edificacións. Non se considerarán establecementos permanentes aqueles locais que carezan de cerramento respecto ás vías públicas.

Estes establecementos poderán efectuar a venda de artificios pirotécnicos de maneira permanente ou temporal en períodos determinados e con actividade de venda exclusiva ou simultánea con outros produtos, independentemente de que a venda sexa continuada ou temporal.

2) Establecementos temporais (M e N): correspóndense con aqueles edificios ou casetas portátiles e instaladas na vía pública ou en terreos de propiedade privada, con carácter non permanente.

Estas instalacións temporais unicamente poderán efectuar a venda temporal e como actividade exclusiva.


3) Establecementos de venda adscritos a un taller de pirotecnia ou depósito de produtos rematados, distanciados da zona destinada á fabricación ou depósitos segundo o disposto na Instrución técnica complementaria número 9.

Estes establecementos unicamente poderán efectuar a venda permanente e como actividade exclusiva.

De acordo co establecido no artigo 118 do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería, os depósitos de produtos rematados, integrados ou non nun taller, poderán efectuar a venda ocasional directa ao público, sen exposición dos produtos susceptibles de venda, debendo realizarse esta na entrada da instalación e o máis lonxe posible de calquera local.

Os establecementos permanentes clasifícanse en:



a) Establecementos de tipo A: o establecemento ocupa parcialmente ou totalmente un edificio en solo urbanizado residencial ou comercial.



Exemplo de establecemento tipo A (A1 e A2)



b) Establecemento de tipo B1: o establecemento ocupa un edificio que está acaroado a outros edificios en solo urbanizado industrial, ou ben a unha distancia inferior ás exixidas para os establecementos de tipo B2.





Exemplo de establecemento tipo B1

c) Establecemento de tipo B2: o establecemento de venda ocupa totalmente un edificio e mantén unha distancia mínima de 20 metros respecto aos edificios lindeiros en solo urbanizado industrial e 100 metros a outros lugares que poidan representar especial perigosidade, tales como gasoleiras ou almacéns de produtos perigosos.



Exemplo de establecemento tipo B2

d) Establecementos de tipo C: trátase de establecementos de venda con ou sen almacén, adscritos a un taller de pirotecnia ou depósito de produtos rematados, e próximos á porta de acceso ao exterior do recinto.

Estes establecementos poderán ser exteriores ou interiores ao recinto do taller ou depósito, ben que deberán estar separados fisicamente, mediante cercado ou similar, da zona destinada á fabricación ou depósito. Así mesmo, estes establecementos estarán suxeitos ao réxime de distancias establecidas na Instrución técnica complementaria número 9.

A distancia mínima entre establecementos de tipo A ou B1 será de 40 metros entre si. Os establecementos temporais clasifícanse en:

a) Establecementos tipo M: casetas sen almacén: trátase de establecementos portátiles sen almacén e que manteñen unha distancia mínima de 20 metros respecto aos edificios lindeiros e a outros lugares que poidan representar especial perigosidade, tales como gasolinerais ou almacéns de produtos perigosos.

b) Establecementos tipo N: casetas con almacén: trátase de establecementos portátiles con almacén e que manteñen unha distancia mínima de 20 metros respecto aos edificios lindeiros e a outros lugares que poidan representar especial perigosidade, tales como gasolinerais ou almacéns de produtos perigosos.

### 3. *Requisitos xerais para a venda ao público de artigos pirotécnicos*

#### Almacenamento.

Todos os establecementos permanentes de venda de artigos pirotécnicos deberán dispoñer dun almacén independente e separado da zona destinada á venda, e ao mesmo nivel que aquela, sen prexuízo do disposto no artigo 105 do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería.

No caso de establecementos permanentes do tipo A, o acceso ao almacén deberase realizar desde o propio local ou zona destinada á venda. En ningún caso se autorizarán almacéns cuxo acceso requira atravesar dependencias destinadas a vivendas ou patio interior.

Os almacéns instalados nos almacenamentos tipo N deben ser contiguos ao local ou zona destinada á venda.

Como regra xeral, nos establecementos temporais non poderá permanecer ningún produto pirotécnico durante os períodos do día nos cales permanece cerrada ao público, debendo trasladarse e depositarse estes produtos a un almacén autorizado pertencente a un depósito de produtos rematados. Unicamente se permitirá a presenza de material pirotécnico nos establecementos tipo N que reúnan as medidas de seguridade cidadá que estableza a intervención de armas e explosivos da comandancia da Garda Civil correspondente.

Na zona destinada á venda permitirase a presenza de material pirotécnico colocado en estantes, estando estes situados a unha distancia mínima de 1 metro do mostrador, quedando sempre fóra do alcance do público. Poderase depositar ata un máximo dunha terceira parte da capacidade máxima de almacenamento.

A cantidade máxima de materia regulamentada tanto no almacén como nos estantes existentes na zona de venda virá condicionada polo tipo de establecemento e volume do almacén, así como pola categoría e división de risco do produto pirotécnico, tal e como establece o número 4 desta instrución técnica complementaria.

Os artigos de pirotecnia non poderán expoñerse con carga en escaparates nin estarán ao alcance do público.

#### Lotes.

Estará permitido o almacenamento, venda e transporte de artigos pirotécnicos das categorías 1, 2 e 3 con divisións de risco 1.4 e 1.3 mediante lotes e conxuntos variados, marcados cos límites de idade máis restritivos segundo a súa categoría.

#### Compra electrónica.

Estará permitida a compra telefónica ou electrónica sempre e cando a recollida do material pirotécnico a efectúe no propio establecemento de venda a mesma persoa que realizou a compra.

Venda máxima por comprador.

O número máximo de produtos pirotécnicos que pode ser vendido a un único comprador non poderá superar os 20 quilogramos brutos.

Venda por correspondencia e venda ambulante.

Queda expresamente prohibido o envío de produtos ao público por correspondencia, mensaxaría ou outro tipo de transporte, así como a venda ambulante de artigos pirotécnicos regulados pola presente instrución técnica.

Capacidade da zona destinada á venda.

O número máximo de persoas que se poderán encontrar simultaneamente dentro dun establecemento permanente virá condicionado ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- i) Un vendedor por cada 5 metros cadrados ou fracción de superficie útil do local destinada á venda.
- ii) Un cliente por cada vendedor. Dous acompañantes por cada cliente, sen contabilizar os menores de 12 anos.

Para o máis estrito cumprimento desta disposición, o titular da autorización tomará as medidas oportunas para controlar a entrada do público ao establecemento e colocará nun lugar visible un rótulo que indique o número máximo de clientes que simultaneamente poderán estar dentro do establecemento.

Vendedores.

Previamente ao inicio da actividade, o titular dunha autorización de establecemento permanente de artigos pirotécnicos, sexa persoa física ou xurídica, deberá comunicar á delegación do Goberno correspondente a relación dos traballadores previstos no establecemento, entre os cales deberá designar, polo menos, un encargado responsable de venda que estará de forma permanente no establecemento durante o período de venda.

O encargado responsable da venda asegurarse do cumprimento dos requisitos relativos ás idades mínimas de venda e posta á disposición do público, de acordo co establecido no artigo 121 do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía e na disposición adicional sexta do real decreto en virtude do cal se aproba este regulamento.

Simultaneamente, só se admitirán en cada establecemento temporal dúas persoas despachando os produtos e unha máis repoñendo e axudando os vendedores.

Venda de artigos de categorías T1, P1 e de uso na mariña.

A venda de artigos de categorías T1, P1 e de uso na mariña requirirá a acreditación previa do comprador mediante a presentación do correspondente documento nacional de identidade, que deberá ser anotado por parte do vendedor nun libro de pirotecnia que estará á disposición da autoridade competente.

Adicionalmente, a venda de artigos de uso na mariña requirirá a presentación por parte do comprador do correspondente carné de embarcación.

Material defectuoso.

O tratamento dos produtos defectuosos por parte dos titulares do establecemento de venda, tales como produtos caducados, devolucións ou similares, será realizado segundo o disposto na Instrución técnica complementaria número 12.

#### 4. *Capacidade máxima de almacenamento.*

En todos os establecementos regulados pola presente instrución técnica complementaria se permitirá o almacenamento e venda de artigos pirotécnicos das categorías 1, 2, 3, T1, P1 e de uso na mariña.

O material pirotécnico depositarase sempre no almacén do establecemento. Non obstante, nos estantes existentes na zona destinada á venda, situados a unha distancia mínima de 1 metro do mostrador, quedando sempre fóra do alcance do público, poderase depositar ata un máximo dun terzo da capacidade máxima de almacenamento.

Do mesmo modo, a cantidade estándar de cálculo de materia regulamentada será de 7,5 kg/m<sup>3</sup> de volume útil do almacén, cos requisitos adicionais establecidos nas epígrafes que figuran a continuación.

##### Establecementos de tipo A1.

Só se permitirá o almacenamento de artigos pirotécnicos con división de risco 1.4 e 1.3.

A cantidade máxima de materia regulamentada non poderá superar os 150 quilogramos. Se a venda é simultánea con outros produtos, a cantidade máxima de materia regulamentada non poderá superar os 50 quilogramos.

O 20 por cento da materia regulamentada poderá corresponder a artigos pirotécnicos de división de risco 1.3.

##### Establecementos de tipo A2.

Só se permitirá o almacenamento de artigos pirotécnicos con división de risco 1.4 e 1.3.

A cantidade máxima de materia regulamentada non poderá superar os 150 quilogramos. Se a venda é simultánea con outros produtos, a cantidade máxima de materia regulamentada non poderá superar os 50 quilogramos.

O 20 por cento da materia regulamentada poderá corresponder a artigos pirotécnicos de división de risco 1.3 e o 3 por cento da materia regulamentada poderá corresponder á venda diaria de artigos pirotécnicos de división de risco 1.2 e 1.1.

##### Establecementos de tipo B1.

A cantidade máxima de materia regulamentada non poderá superar os 300 quilogramos.

Se a venda é simultánea con outros produtos, a cantidade máxima de materia regulamentada non poderá superar os 100 quilogramos.

O 20 por cento da materia regulamentada poderá corresponder a artigos pirotécnicos de división de risco 1.3 e o 5 por cento da materia regulamentada poderá corresponder a artigos pirotécnicos de división de risco 1.2 e 1.1.

##### Establecementos de tipo B2.

A cantidade máxima de materia regulamentada non poderá superar os 300 quilogramos.

Se a venda é simultánea con outros produtos, a cantidade máxima de materia regulamentada non poderá superar os 150 quilogramos.

O 10 por cento da materia regulamentada poderá corresponder a artigos pirotécnicos de división de risco 1.1 e 1.2.

##### Establecementos de tipo C.

A cantidade máxima de materia regulamentada determinarase polo cumprimento do disposto na Instrución técnica complementaria número 9.

##### Establecementos de tipo M.

A cantidade máxima de materia regulamentada non poderá superar os 50 quilogramos.

O 10 por cento da materia regulamentada poderá corresponder a artigos pirotécnicos de división de risco 1.1 e 1.2.

Establecementos de tipo N.

A cantidade máxima de materia regulamentada non poderá superar os 75 quilogramos.

O 15 por cento da materia regulamentada poderá corresponder a artigos pirotécnicos de división de risco 1.1 e 1.2.

#### 5. *Requisitos construtivos dos establecementos*

Establecementos permanentes tipo A1, A2, B1, B2 e C.

Deberán contar, como mínimo, con dúas saídas con apertura cara ao exterior situadas ao mesmo nivel do local, unha das cales, como mínimo, corresponderá á saída de emerxencia. Unha das dúas saídas ao exterior deberá permanecer aberta sempre que haxa clientes no interior do establecemento.

A porta de emerxencia permanecerá cerrada, de forma que calquera persoa que necesite utilizala en caso de urxencia a poida abrir fácil e inmediatamente. Están prohibidas as portas de emerxencia que sexan corredizas ou xiratorias.

O largo mínimo das portas exteriores e dos corredores será de 80 centímetros e 1 metro, respectivamente.

Os peiraos de carga, en caso de existencia, deberán ter polo menos unha saída, ou unha en cada extremo cando teñan gran lonxitude e sexa tecnicamente posible.

As dimensións dos locais de traballo deberán permitir que os traballadores realicen o seu traballo sen riscos para a súa seguridade e saúde e en condicións ergonómicas aceptables. As súas dimensións mínimas serán as seguintes:

Altura desde o piso ata o teito, entre 2,5 e 3 metros.

Superficie libre por traballador de 2 m<sup>2</sup>.

10 m<sup>3</sup> non ocupados, por traballador.

Os almacéns disporán dunha porta de acceso desde o propio local de venda, ben que poderán dispoñer doutra porta de acceso directo ao exterior, que serán de seguridade, e estarán equipadas con dúas pechaduras de seguridade. En ningún caso se autorizarán almacéns cuxo acceso requira pasar por dependencias destinadas a vivendas.

O nivel mínimo de iluminación nos establecementos será de 100 lux, ben que debe duplicarse cando existan riscos apreciables de caídas, choques ou outros accidentes.

Para os novos establecementos recoméndase que os paramentos que configuran os almacéns de produtos pirotécnicos sexan de, polo menos, 24,5 MPa de resistencia a compresión e 20 centímetros de espesor.

Non poderán existir aberturas no almacén de produtos pirotécnicos.

O piso do almacén debe reunir os requisitos exixidos polas características dos produtos que se almacenan, debendo constituír en todo caso unha superficie unida, sen gretas ou fisuras, de fácil limpeza e lavado.

Establecementos temporais tipo M e N.

A porta da caseta será considerada de emerxencia e sempre terá apertura cara ao exterior. Non obstante, as casetas poderán contar con outra porta, sempre de apertura ao exterior e de iguais características, estando prohibidas as portas corredizas ou xiratorias.

No caso de casetas con almacén, a porta do almacén estará na zona de venda.

O largo mínimo das portas exteriores e dos corredores será de 80 centímetros e 1 metro, respectivamente.

As dimensións da caseta deberán permitir que os traballadores realicen o seu traballo sen riscos para a súa seguridade e saúde e en condicións ergonómicas aceptables, segundo o disposto no Real decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.

O nivel mínimo de iluminación nas casetas será de 100 lux, ben que debe duplicarse cando existan riscos apreciables de caídas, choques ou outros accidentes.

O piso da caseta debe reunir os requisitos exixidos polas características dos produtos que se almacenan, debendo constituir en todo caso unha superficie de fácil limpeza e lavado. Débese garantir a seguridade fronte á ignición debida a chispas por descargas electrostáticas, que se poderá realizar seguindo os procedementos de ensaio establecidos na Norma UNE-EN 61340-4-1, para os pavimentos instalados, en cuxo caso se considerará satisfactorio o resultado se a resistencia medida, no peor caso, é inferior a  $10^9 \Omega$ .

En calquera caso, o teito da caseta será livián e suxeito de modo que sexa a zona de menor resistencia en caso de explosión ou proxección. Non obstante, impedirá a intrusión mediante resistencia similar á das paredes.

O mostrador e a fachada de venda deberán estar cubertas por unha viseira beirada dun largo mínimo de 60 centímetros.

#### 6. *Resistencia ao lume dos establecementos de venda*

Este número será de aplicación para todos os establecementos de venda con excepción dos establecementos temporais de tipo M e N.

Os requisitos de resistencia ao lume indicados neste número serán de aplicación para aqueles locais en cuxo interior se encontran depositados produtos pirotécnicos, é dicir, tanto para os almacéns como para a zona destinada á venda no caso de existencia de produtos pirotécnicos sobre estantes.

Todos os paramentos do local, incluída a porta do almacén, terán polo menos unha resistencia ao lume EI 120, de acordo co establecido no Real decreto 312/2005, do 18 de marzo, polo que se aproba a clasificación dos produtos de construción e dos elementos construtivos en función das súas propiedades de reacción e de resistencia fronte ao lume e de acordo coa normativa vixente de seguridade contra incendios en establecementos industriais.

No establecemento disporase dun sistema de detección e extinción automática de incendios, mediante detectores rápidos de fumes, asociados a un axente extintor cunha elevada capacidade de refrixeración, como é a auga ou a escuma ou calquera aplicable aos produtos almacenados.

O cálculo da dimensión, localización e instalación destes sistemas deberá ser realizado por persoal cualificado, en función do almacén, a carga pirotécnica e a súa disposición.

Por outro lado, próximo a cada unha das portas do establecemento (permanente e temporal) e do almacén existirá polo menos un extintor de po polivalente ABC (21-A-113B-C), cunha capacidade mínima de 6 quilogramos, localizados de tal forma que sexan facilmente visibles e accesibles, de modo que a parte superior do extintor quede como máximo, a 1,70 metros sobre o piso.

Todos os equipamentos e sistemas contra incendios, incluíndo a instalación e mantemento preventivo, deben ser conformes co establecido na regulamentación vixente aplicable.

#### 7. *Instalación e equipamentos eléctricos nos establecementos de venda ao público*

Almacén de produtos pirotécnicos.

Os materiais e equipamentos eléctricos existentes no interior do almacén de produtos pirotécnicos serán conformes cos requisitos establecidos para unha zona F2 de acordo coa Instrución técnica complementaria número 13.

Estes requisitos serán igualmente de aplicación para a zona destinada á venda sempre que se dispoña de produtos pirotécnicos en estantes.

Local ou zona destinada á venda de produtos pirotécnicos.

No caso de que na zona destinada á venda non exista material pirotécnico, a instalación e material eléctrico será conforme o establecido no Regulamento electrotécnico para baixa tensión, aprobado polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto.



### 8. Disposicións mínimas de seguridade

#### Incompatibilidades.

En ningún caso se poden almacenar conxuntamente materias incompatibles entre si. A incompatibilidade de almacenamento recóllese na Instrución técnica complementaria número 16.

No almacén de produtos pirotécnicos unicamente existirá o propio produto pirotécnico no seu envase ou embalaxe orixinal. Queda prohibido almacenar calquera outro material facilmente inflamable susceptible de provocar un incendio no interior do almacén.

#### Envases e embalaxes

Todos os produtos pirotécnicos existentes no almacén permanecerán no interior dos seus envases e embalaxes orixinais. As embalaxes permanecerán cerradas ata o momento en que haxa que abrilas para extraer algún envase ou artigo para a venda.

Os envases e embalaxes para os produtos pirotécnicos deben ser destinados exclusivamente para eles, polo que non se pode almacenar outro tipo de produto diferente na mesma embalaxe ou envase.

Todas as embalaxes ou os envases exteriores deben levar os correspondentes sinais e etiquetas de perigosidade, as etiquetas identificativas adecuadas, as indicacións e instrucións necesarias.

Aqueles envases que presenten perdas de contido debido a vibracións, temperatura, humidade ou presión, non poderán ser vendidos ao público.

Cando os envases interiores deban estar contidos nunha embalaxe exterior, será de forma tal que, nas condicións normais de almacenamento, non poidan romper, perforar nin deixen escapar o seu contido á embalaxe.

O almacenamento dos artigos pirotécnicos débese efectuar con precaución. As embalaxes de produtos pirotécnicos débense empillar coa tapa cara arriba e coa marca frontal visible.

#### Orde, limpeza e mantemento.

As zonas de paso, saídas e vías de circulación deben permanecer libres de obstáculos de forma que sexa posible utilízalas sen dificultades en todo momento. Para iso, débense limpar periodicamente e sempre que sexa necesario para mantelas en todo momento en condicións adecuadas.

Salvo durante as operacións de carga e descarga, manterase despexado o espazo situado ante a porta do almacén.

#### Sinalización.

Toda sinalización debe ser conforme as especificacións establecidas no Real decreto 485/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo.

Independente da sinalización prevista na planificación preventiva correspondente, no almacén de produtos pirotécnicos débese colocar, na porta de acceso, a seguinte sinalización:

- Perigo de incendio e explosión.
- Prohibido fumar e acender lume.
- Prohibición de paso a persoas non autorizadas.

#### Procedementos operativos.

Ademais das obrigas en materia de prevención de riscos laborais de acordo co establecido na lexislación vixente aplicable, deben terse en conta as seguintes medidas de seguridade:

Os traballadores deben seguir estritamente as instrucións de traballo e as consignas de seguridade.



Deben utilizarse os equipamentos de protección individual adecuados para esta actividade. Neste sentido a roupa dos traballadores e o calzado deben ser antiestáticos.

Manterase o posto de traballo en orde e nun estado de limpeza adecuado.

A porta do almacén disporá dun sistema que impida a súa libre apertura.

Non se empillará material pirotécnico contra a porta do almacén, co propósito de permitir e facilitar unha saída rápida deste en caso de emerxencia.

Permanecerase no interior do almacén unicamente o tempo necesario.

Comunicarase inmediatamente ao titular do establecemento calquera anomalía que se observe nos materiais e instalacións.

Débense evitar aquelas accións que dean lugar a situacións perigosas, como aumentos de temperatura, rozamentos ou choques sobre os materiais pirotécnicos.

No caso de emerxencia, os traballadores prestarán os primeiros auxilios ao persoal que o necesite, comunicando esta situación, con obxecto de dispoñer dos medios necesarios para o traslado a un centro sanitario coa máxima urxencia, se iso for necesario.

Queda expresamente prohibido fumar e levar calquera artigo de fumador, así como calquera aparello susceptible de constituír unha fonte de ignición.

A manipulación das embalaxes, envases e artigos realizarase con precaución.

Os utensilios empregados para a manipulación non deben implicar un risco adicional.

Disporase nun lugar visible e claramente identificable dos teléfonos do corpo de bombeiros e de urxencias da localidade máis próxima.

Queda prohibido introducir no establecemento bebidas alcohólicas ou outras substancias que sexan susceptibles de afectar negativamente a saúde e a seguridade das persoas.

Queda prohibido sacar, sen autorización, produtos pirotécnicos do almacén.

Os artigos pirotécnicos non se poderán vender aos que manifesten de forma clara ao vendedor que poden encontrarse baixo os efectos de bebidas alcohólicas ou substancias estupefacientes.

Formación e información.

O traballador do establecemento de venda debe ser formado e informado en materia de seguridade, de acordo co establecido na lexislación vixente aplicable. Na dita formación, dada a particularidade na materia, deberase facer mención expresa ás características e riscos inherentes á manipulación das materias e produtos pirotécnicos.

#### 9. *Medidas de seguridade cidadá*

O mínimo de medidas de seguridade cidadá que deberán ter os establecementos regulados nesta instrución técnica complementaria serán os seguintes:

Detectores de presenza en zona de venda ao público e almacén.

Detectores de apertura de portas nas de acceso ao local e nas de almacén.

Detectores sísmicos piezoeléctricos en paredes e teito.

Estes sistemas deberán estar conectados cunha central receptora de alarmas (CRA) dunha empresa de seguridade privada.

Non lles serán de aplicación estes mínimos de seguridade cidadá aos establecementos temporais ou permanentes de venda temporal sen almacén.

#### 10. *Autorizacións*

As solicitudes para a autorización dos establecementos de venda de artigos pirotécnicos dirixiranse aos delegados do Goberno correspondentes, xunto cun proxecto técnico que incluíra a seguinte documentación:

Consentimento para a consulta dos datos de identidade persoal dos titulares do establecemento, segundo o disposto no Real decreto 522/2006, do 28 de abril, polo que

se suprime a achega de fotocopias de DNI nos procedementos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes.

De non constar o consentimento para a consulta dos datos, deberase xuntar fotocopia do documento nacional de identidade ou, no caso de estranxeiros, fotocopia da tarxeta de estudante, da tarxeta de identidade de estranxeiro ou da tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión. No caso de cidadáns da Unión Europea ou de Estados parte no Acordo sobre o espazo económico europeo ou de calquera outro Estado a que se estenda por convenio internacional o réxime previsto para os anteriores, presentarán copia do seu certificado de rexistro, ao cal deberán xuntar, así mesmo, copia do seu documento nacional de identidade ou pasaporte, documentos que deberán estar en vigor.

Memoria descritiva do establecemento en que se detallan todos os datos necesarios para xustificar o cumprimento dos requisitos establecidos na presente instrución técnica complementaria. En particular, indícarase:

Tipo de establecemento de venda.

Localización do establecemento.

Declaración do titular do almacén autorizado pertencente a un depósito de produtos rematados, en que se acepte albergar os produtos pirotécnicos provenientes das casetas.

Saídas de que consta o establecemento.

Características do almacén, superficie e volume útil.

Características da zona destinada á venda, superficie e volume útil.

Tipo de produtos pirotécnicos (categorías e divisións de risco).

Capacidade máxima de almacenamento.

Medidas de seguridade cidadá.

Certificados da instalación eléctrica, resistencia ao lume e equipamentos contra incendios, así como da seguridade dos pisos fronte á ignición debida a chispas por descargas electrostáticas, se é o caso.

Contratos de mantemento dos equipamentos e sistemas contra incendios.

Planos:

a) Detalles construtivos do establecemento, incluíndo tanto a sección ou zona destinada á venda, como o almacén.

b) Localización de equipamentos contra incendios.

c) Acceso de vehículos e aparcadoiros, se é o caso.

d) Localización e indicación das distancias mínimas aplicables, se é o caso.

Non será precisa a presentación do citado proxecto técnico no caso de establecementos autorizados con anterioridade, suplíndose cunha declaración responsable do solicitante en que declare que non realizou modificacións con respecto ao proxecto autorizado no seu día. Se realizou calquera tipo de modificación, deberá presentarse un novo proxecto.

Presentada unha solicitude, o delegado do Goberno comunicará o inicio do procedemento ao concello correspondente, de acordo coas características do establecemento determinadas polo solicitante. Así mesmo, solicitaranse informes á Área de Industria e Enerxía da delegación do Goberno e á intervención de armas e explosivos da comandancia da Garda Civil correspondentes. Se no prazo de 30 días o concello non emite desconformidade coa execución, o proxecto entenderase que cumpre coa normativa municipal aplicable respecto ao seu establecemento.

Unha vez ditada a resolución de autorización do proxecto por parte da delegación do Goberno, o solicitante poderá iniciar as obras necesarias, sempre e cando obtívase as licenzas municipais por parte do concello correspondente, de acordo co ámbito exclusivo das súas competencias.

A entrada en funcionamento do establecemento de venda requirirá autorización do delegado do Goberno correspondente, que se outorgará logo de inspección e informe favorable da Área de Industria e Enerxía e da intervención de armas e explosivos da comandancia da Garda Civil correspondentes.

Para o desenvolvemento destas inspeccións, as áreas de Industria e Enerxía poderán solicitar o apoio das entidades colaboradoras da Administración que consideren necesarias.

Na resolución de autorización indicárase, polo menos, o seguinte:

- Datos do interesado e dos responsables de venda.
- Características do establecemento.
- Divisións de risco dos artigos pirotécnicos susceptibles de venda.
- Capacidade máxima de almacenamento total e para cada unha das divisións de risco.
- Cantidade máxima en estantes da zona de venda.
- Limitacións de venda.

Estas autorizacións para establecementos permanentes serán indefinidas sempre que non se modifiquen as condicións en que foron outorgadas.

No caso de establecementos temporais a autorización terá un período de validez dun máximo de 3 meses.

As preceptivas autorizacións estarán sempre dispoñibles nos puntos de venda e serán exixibles en todo momento pola autoridade competente.

#### INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 18

##### **Manifestacións festivas relixiosas, culturais e tradicionais**

###### *1. Obxecto e ámbito de aplicación*

O obxecto desta instrución técnica complementaria é regular o uso de artificios de pirotecnia exceptuados do ámbito da Directiva 2007/23/CE, do 23 de maio de 2007, sobre a posta no mercado de artigos pirotécnicos, por grupos de consumidores recoñecidos como expertos (CRE) en manifestacións festivas relixiosas, culturais e tradicionais.

###### *2. Autorización de manifestacións festivas*

O recoñecemento dunha manifestación festiva como de carácter relixioso, cultural ou tradicional, a nivel local ou autonómico, efectuarao a Administración autonómica correspondente, de oficio ou por instancia dos concellos, mediante unha disposición que se deberá publicar no diario oficial correspondente e na cal se deberá especificar se na manifestación festiva se permite a participación de menores de idade.

Unha vez recoñecida a manifestación festiva como relixiosa, cultural ou tradicional, o organizador do acto ou o grupo de consumidores recoñecidos como expertos interesados en utilizar artificios pirotécnicos obxecto da presente instrución técnica complementaria deberán presentar ao concello correspondente, en caso de que este non sexa o propio organizador do festexo, solicitude de autorización, que inclúa, polo menos:

1. Documentación acreditativa da personalidade xurídica do grupo ou grupos de consumidores recoñecidos como expertos participantes.
2. Relación de persoas integrantes do grupo ou grupos, con indicación das persoas que os representan.
3. Datos das persoas responsables dos grupos e documentación xustificativa de ter recibido a formación no programa formativo establecido no punto 4 desta instrución técnica complementaria.
4. Xustificación documental de que todos os compoñentes dos grupos recibiron unha formación específica para a participación na manifestación festiva de acordo co establecido no punto 4 da presente instrución técnica complementaria.
5. Permiso escrito dos pais ou titores legais en caso de participación de menores de idade.
6. Programa detallado do acto, con indicación do espazo de celebración ou do seu percorrido, así como o horario de realización.

7. Relación dos tipos de artificios de pirotecnia que se utilizarán, descrición do seu funcionamento, cantidade de materia regulamentada por artificio e cantidade total aproximada que se vai utilizar.

8. Proposta das medidas de seguridade e emerxencia previstas, así como, se é o caso, a indumentaria e medidas de protección recomendadas para a interacción no acto de terceiras persoas.

9. Xustificación documental de que o organizador subscribiu un seguro de responsabilidade civil que cubra os posibles danos a terceiros derivados da realización da manifestación festiva, e os posibles accidentes en caso de participación de menores de idade, sen prexuízo do cumprimento do establecido na normativa autonómica ou local a este respecto.

No caso de manifestacións festivas en que se vaian usar menos de 50 quilogramos de materia regulamentada, o concello, unha vez recibida a solicitude de autorización da manifestación festiva e en calquera caso sempre que sexa o organizador do festexo, comunicará á delegación do Goberno correspondente a celebración do acto achegando, polo menos, a documentación disposta no punto 7 anterior, que se entenderá autorizado salvo denegación expresa.

No caso de que na manifestación festiva vaian ser usados máis de 50 quilogramos de materia regulamentada, será preceptiva a autorización expresa da delegación do Goberno correspondente. En tal caso, o concello deberá indicar na solicitude de autorización, polo menos, o seguinte:

Referencia á declaración da manifestación festiva autorizada pola comunidade autónoma.

Tipos de artigos pirotécnicos que se utilizan, descrición do funcionamento e masa da materia regulamentada que os compoñen.

Cantidade total aproximada de materia regulamentada.

Unha vez obtida a autorización do uso dos artificios pirotécnicos por parte do delegado do Goberno, o concello autorizará o evento, e será o responsable da custodia do seguro de responsabilidade civil subscrito por organizador do acto, así como da salvagarda das medidas de seguridade e organización que teña atribuídas no ámbito das súas competencias.

### 3. *Requisitos da manifestación festiva*

Unicamente poderán utilizar artificios pirotécnicos nas manifestacións festivas relixiosas, culturais ou tradicionais que estean autorizadas polo concello da localidade onde se realicen, as persoas pertencentes a algún grupo de consumidores recoñecidos como expertos.

No caso de utilización de pólvora negra, a cantidade máxima que cada participante poderá portar nun único recipiente deseñado para o efecto será dun quilogramo.

Será competencia do concello:

a) Autorizar a celebración da manifestación festiva, de acordo co establecido na presente instrución técnica complementaria e na normativa autonómica e local aplicable.

b) Dar difusión da celebración do acto para coñecemento do público, así como do espazo ou percorrido da actuación e do horario de realización.

c) Informar das medidas de seguridade aplicables así como, se é o caso, da indumentaria e das medidas de protección recomendadas para a participación no espectáculo de terceiras persoas.

d) Velar polo cumprimento das medidas de seguridade e requisitos establecidos para cada acto.

#### 4. Formación mínima para os consumidores recoñecidos como expertos

De acordo co previsto no punto anterior, a comunidade autónoma, ben directamente ou a través das asociacións de empresarios, entidades culturais ou grupos de consumidores recoñecidos como expertos, organizará a impartición da formación correspondente ás persoas integrantes das entidades participantes en cada tipo de manifestación festiva. Para iso deberá dispoñer dos medios adecuados, tanto materiais como humanos, que poderán ser propios ou alleos, asegurándose oportunamente da eficacia duns ou doutros para a consecución dos obxectivos marcados.

Unha vez que se xustificase documentalmente o seguimento e a superación do curso, a comunidade autónoma correspondente expedirá unha certificación acreditativa de formación recibida como integrante dun determinado grupo de consumidores recoñecidos como expertos. A certificación manterá a súa vixencia en canto as condicións do festexo se conserven.

Ningún consumidor recoñecido como experto poderá participar na manifestación festiva se non está en posesión deste certificado. Non obstante, durante o período transitorio establecido, os participantes que aínda non obtivesen o certificado acreditativo de formación recibida poderán utilizar produtos autorizados e catalogados de acordo coa anterior regulamentación en canto manteñan a súa vixencia, seguindo as instrucións de uso que recomendase o fabricante.

No caso dos responsables dos grupos, a certificación acreditativa da formación expediraa a Área de Industria e Enerxía da delegación do Goberno correspondente.

O programa formativo mínimo para os consumidores recoñecidos como expertos será o seguinte:

- a) Información sobre os artigos pirotécnicos que se van empregar no espectáculo.

Funcionamento dos artificios que vaian empregar.  
Correcta utilización.  
Riscos derivados da súa utilización.  
Medidas de prevención específicas.

- b) Coñecementos sobre o desenvolvemento do espectáculo.

Delimitación da área do espectáculo.  
Delimitación da área de seguridade, se é o caso.  
Requisitos para o acceso ao espectáculo.

- c) Medidas de seguridade e emerxencia.

Medidas de seguridade establecidas para o desenvolvemento do espectáculo.  
Procedementos de actuación en caso de accidente.

- d) Procedementos de recepción e devolución dos artigos pirotécnicos.
- e) Tratamento de artigos falidos.

O programa formativo mínimo para os responsables dos grupos de consumidores recoñecidos como expertos será o seguinte:

- a) Composición e propiedades básicas dos distintos tipos de artificios pirotécnicos que se van utilizar.

Coñecementos xerais sobre o funcionamento dos artificios pirotécnicos.  
Aspectos teóricos básicos dos artificios e dos seus sistemas de iniciación.

- b) Formación básica en técnicas de preparación dos artificios e do seu uso.

Elementos auxiliares para a protección, suxeición, etc.  
Protección contra a humidade e a chuvia.

Seguridade no manexo, almacenamento, transporte e uso de artificios pirotécnicos.  
Tratamento de artificios falidos.

c) Coñecemento da lexislación sobre manifestacións festivas.

d) Exemplos de incidentes e accidentes ilustrativos, fallos máis representativos e medidas para evitalos.

##### 5. *Adquisición, almacenamento e eliminación dos artificios pirotécnicos utilizados nos espectáculos*

Os artificios pirotécnicos utilizados nos festexos que regula a presente instrución técnica complementaria deberán ser adquiridos, baixo pedido, polo responsable do grupo de consumidores recoñecidos como expertos nun depósito de produtos rematados dun taller de fabricación debidamente autorizado segundo o disposto no Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía.

A fabricación, adquisición, transporte, almacenamento e eliminación dos artificios pirotécnicos utilizados nas manifestacións festivas que regula esta instrución técnica complementaria realizaranse de acordo co establecido no Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía e, se é o caso, co previsto especificamente nos artigos 21, 105 e 167.

#### INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 19

##### **Transporte por ferrocarril**

O expedidor, ao formalizar o contrato de transporte mediante a carta de porte, faise responsable de ter cumprido as condicións exixidas polo Real decreto 412/2001, do 20 de abril, polo que se regulan diversos aspectos relacionados co transporte de mercadorías perigosas por ferrocarril, especialmente no que se refire á natureza da mercadoría, peso, características de embalaxe, prohibición de carga en común e etiquetas. En caso de falsa ou incompleta declaración ou de incumprimento das condicións antes mencionadas, responderá dos danos ocasionados.

O transporte de materia regulamentada farase en trens de mercadorías, salvo cando se trate de trens militares, baixo a responsabilidade da autoridade militar correspondente.

Procurarase que os vagóns que transporten estas mercadorías non circulen nin en cabeza nin na cola do tren, excepto cando o tren sexa puro ou mixto que teña prevista intervención no seu percorrido, e que cumpran as condicións seguintes:

Presentar bo estado de conservación e ter as revisións dentro de prazo.

Estar provistos de caixas de rolos.

Estar provistos de parachispas regulamentarios. Ficha UIC 543.

Antes da súa carga, os vagóns serán obxecto dun recoñecemento rigoroso na parte que afecta a circulación, é dicir, tracción, choque, rodaxe, freo e suspensión, que se comunicará por escrito ao xefe da dependencia para o seu arquivo e constancia na estación.

Non está permitido fumar, utilizar farois de lapa ou calquera outra fonte de ignición nas proximidades dos vultos, contedores ou vehículos que transporten estas mercadorías.

Esta prohibición é de especial aplicación en:

Operacións de carga e descarga.

Depósito de vultos e contedores en peiraos e almacéns.

Estacionamento e circulación dos vehículos en estacións, derivacións partículas e plena vía.

Traballos na inmediata proximidade da vía.

Os maquinistas dos trens que leven estas materias serán informados desta circunstancia. Así mesmo, portarán fichas de seguridade correspondentes á mercadoría perigosa transportada, facilitadas polo expedidor.



Estas fichas serán as exhibibles para cada modo de transporte polas regulamentacións internacionais.

Os postos de mando manterán unha especial vixilancia destes trens, de forma que eviten atrasos e detencións prolongados. Estes trens deberán utilizar necesariamente as liñas de circunvalación, cando existan, exceptuándose o caso de carga e descarga en poboacións.

Deberá evitarse no posible:

O cruzamento destes trens cos de viaxeiros en túneles de máis de 100 metros de lonxitude.

O estacionamento prolongado dun tren nunha estación de núcleo habitado ou cando aquela estea situada a menos de 500 metros de distancia do núcleo máis próximo de poboación agrupada.

O estacionamento de máis dun tren con mercadorías perigosas nunha mesma estación.

## INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 20

### Normas de seguridade para a carga e descarga en portos

#### 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

Esta instrución técnica complementaria ten por obxecto establecer a normativa aplicable en peiraos, portos, embarcadoiros e instalacións e servizos asociados durante as operacións de carga e descarga dos produtos regulados polo Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería.

#### 2. *Normas xerais*

Con carácter xeral, seguiranse as instrucións seguintes:

No seu interior establecerase un punto de atracada dos barcos cargados con materia regulamentada.

Nas súas instalacións reservarase unha zona sinalizada para o estacionamento dos vehículos cargados con materia regulamentada en espera.

Para a súa carga ou descarga, os vehículos aproximaranse ao costado do barco un por un, sen que, fóra da zona de estacionamento, se poidan encontrar xuntos dous vehículos cargados con materia regulamentada.

Os palés ou contedores de materia regulamentada traspasaranse directamente de vehículo a barco ou viceversa, sen depositalos ou empíllalos sobre o peirao.

O persoal portuario que realice calquera operación con materia regulamentada deberá ser instruído respecto ás precaucións básicas que se van adoptar na manipulación destes produtos.

As diversas fórmulas que se establecerán a continuación son de directa aplicación para a división de risco 1.1. Para os produtos da división 1.2, multiplicarase por 10 a cantidade neta,  $Q_p$ , de materia ou mestura explosiva máxima concentrada admisible nos portos obtida mediante a aplicación da fórmula correspondente. Para os produtos da división 1.3, multiplicarase a dita cantidade,  $Q_p$ , por 50. Finalmente, non será de aplicación a presente instrución técnica complementaria cando se trate de produtos da división 1.4.

#### 3. *Cantidades máximas concentradas admisibles nos portos*

Para os efectos do disposto nos artigos 24 e 40 do Regulamento de admisión, almacenamento e manipulación de materias perigosas nos portos, aprobado polo Real decreto 145/1989, do 20 de xaneiro, a cantidade neta concentrada admisible virá determinada polas distancias existentes desde a zona en que se encontre esta carga a edificios habitados e vías de comunicación públicas, en ambos os casos externos ás instalacións portuarias.

Entenderase por cantidade concentrada a suma de todas aquelas agrupacións de vehículos ou vultos de materia regulamentada que se encontren sobre peirao, separados entre si unha distancia, en metros, inferior a:

$$D = 3 \cdot \sqrt[3]{Q_0}$$

sendo  $Q_0$ , en quilogramos, a cantidade neta de materia ou mestura explosiva por unidade ou elemento de transporte.

A cantidade máxima concentrada,  $Q_p$ , en quilogramos, admisible no porto será determinada pola fórmula:

$$Q_p = \left( \frac{d}{K_1} \right)^3$$

en que  $d$  é a distancia, en metros, a edificios habitados e estradas ou ferrocarrís de uso público alleos ás instalacións portuarias e  $K_1$  un coeficiente de acordo coa táboa seguinte:

Cantidade neta de materia ou mestura explosiva Qilogramos	Coeficiente $K_1$	
	Edificios habitados	Vías de comunicación
De 10 a 45.000 . . . . .	15,6	9,3
De 45.001 a 90.000 . . . . .	17,0	10,2
De 90.001 a 125.000 . . . . .	19,0	11,5
Máis de 125.000 . . . . .	20,0	11,9

#### 4. Zona de estacionamento de vehículos cargados

Será unha zona, claramente sinalizada, para o aparcamento dos vehículos cargados, en espera da súa descarga se se trata dunha expedición, ou de su saída do porto se se trata dunha recepción, cuxa superficie deberá ser función da carga neta máxima por unidade ou elemento de transporte,  $Q_0$  en quilogramos, e do número destes,  $n$ , de forma tal que permita manter unhas distancias mínimas entre vehículos, en metros, de:

$$d = 0,5 \cdot \sqrt[3]{Q_0}$$

Para a localización desta zona de estacionamento débense gardar unhas distancias mínimas respecto de:

O barco que se vai cargar ou descargar:  $d = 0,5 \cdot \sqrt[3]{Q_0}$

Edificios habitados:  $20 \cdot \sqrt[3]{Q_1}$

Estradas e ferrocarrís de uso público:  $15 \cdot \sqrt[3]{Q_1}$

$$Q_1 = n \cdot Q_0$$

### 5. Cantidades máximas admisibles sobre barco

A masa neta total de materia explosiva admisible sobre barco cargado en peirao,  $Q_B$  en quilogramos, será función da admisible no porto,  $Q_P$ , afectada por un coeficiente multiplicador,  $K$ :

$$Q_B = K \cdot Q_P$$

sendo  $K$ , pola súa vez, función dos coeficientes  $A$  e  $B$ :

$$K = A \cdot B$$

dependendo  $A$  da posición do cargamento no barco:

$A = 1$ , para cargamento en cuberta.

$A = 2$ , para cargamento na bodega, por encima da liña de flotación.

$A = 5$ , para cargamento na bodega, por debaixo da liña de flotación.

e  $B$ , do método de embalaxe e manipulación:

$B = 1$ , para caixas e vultos soltos.

$B = 2$ , para cargamento en unidades de carga, tipo palés.

$B = 4$ , para cargamento en contedor.

### 6. Excepcións

O Ministerio de Fomento, a través do director da autoridade portuaria correspondente ao porto en que se realiza a operación de carga ou descarga, poderá excepcionalmente eximir, de oficio ou por petición de parte interesada, do cumprimento dalgunhas condicións indicadas nos puntos anteriores, sempre que se establezan medidas adicionais de forma que a seguridade no transporte e manipulación non se vexa comprometida. Con carácter previo á excepción que eventualmente se dite, serán preceptivos e vinculantes os informes da Comisión Interministerial Permanente de Armas e Explosivos e da Comisión para a Coordinación do Transporte de Mercadorías Perigosas.

## INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 21

### **Cráterios mínimos que serán de aplicación respecto aos organismos responsables da avaliación da conformidade**

#### 1. Obxecto

O obxecto desta instrución técnica complementaria é o establecemento dos criterios mínimos que serán de aplicación respecto aos organismos responsables da avaliación de conformidade dos produtos pirotécnicos.

#### 2. Criterios mínimos

1. O organismo, o seu director e o persoal encargado de levar a cabo as operacións de verificación non poderán ser nin o deseñador, nin o fabricante, nin o subministrador, nin o instalador nin o importador dos artigos pirotécnicos que se controlen, nin tampouco o mandatario de ningunha destas persoas. Tampouco poderán intervir, nin directamente nin como mandatarios, no deseño, construción, posta no mercado, mantemento ou importación dos ditos artigos pirotécnicos. Iso non exclúe a posibilidade dun intercambio de información técnica entre o fabricante e o organismo.

2. O organismo e o persoal encargado do control deberán executar as operacións de verificación coa maior integridade profesional e a maior competencia técnica posibles, e deberán estar libres de calquera presión ou coacción, especialmente de orde económica, que poidan influenciar o seu xuízo ou os resultados da súa inspección, sobre todo as que

procedan de persoas ou agrupacións de persoas interesadas nos resultados das verificacións.

3. O organismo deberá contar con persoal suficiente e cos medios necesarios para levar a cabo de forma adecuada as tarefas técnicas e administrativas relativas á execución das verificacións. Así mesmo, deberá ter acceso ao material necesario para as verificacións de carácter excepcional.

4. O persoal encargado das inspeccións deberá posuír:

- a) Unha formación técnica e profesional adecuada.
- b) Un coñecemento satisfactorio das prescricións relativas aos controis que efectúe e práctica suficiente na realización dos ditos controis.
- c) A aptitude necesaria para redactar os certificados, actas e informes en que se plasman os controis efectuados.

5. Deberase garantir a imparcialidade do persoal encargado das inspeccións. A súa remuneración non deberá estar en función nin do número de controis que efectúe nin dos resultados destes.

6. O organismo deberá subscribir un seguro de responsabilidade civil, de acordo co establecido no Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguridade industrial.

7. O persoal do organismo estará obrigado a gardar o segredo profesional sobre toda a información a que acceda no exercicio das súas funcións (salvo respecto ás autoridades administrativas competentes do Estado en que exerza as súas actividades) consonte coa Directiva 2007/23/CE, do 23 de maio de 2007, sobre a posta no mercado de artigos pirotécnicos, co Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería ou con calquera disposición que desenvolva tales normas.

### 3. Notificación

3.1 Os Estados membros notificarán á Comisión e aos demais Estados membros os organismos que designasen para levar a cabo os procedementos de avaliación da conformidade mencionados no artigo 8, así como as tarefas específicas para as cales estes organismos fosen designados e os números de identificación que lles fosen atribuídos previamente pola comisión.

3.2 A Comisión porá á disposición do público na súa páxina web unha lista dos organismos notificados xunto co seu número de identificación e as tarefas para as cales fosen notificados. Esta velará para que a lista se manteña actualizada.

3.3 Presumírase que os organismos que respondan aos criterios de avaliación fixados na presente instrución técnica complementaria no seu punto 2 satisfán os criterios mínimos pertinentes.

3.4 Un Estado membro que notifique á Comisión un organismo deberá retirar esta notificación se comproba que este organismo deixou de cumprir os criterios mencionados no punto anterior. O dito Estado membro comunicarllo de inmediato aos demais Estados membros e á Comisión.

3.5 Cando se retire a notificación a un organismo, os certificados de conformidade e os documentos relacionados proporcionados polo organismo en cuestión seguirán tendo validez, salvo cando se constate que existe un risco inminente e directo para a saúde e a seguridade.

3.6 A Comisión porá á disposición do público na súa páxina web a retirada da notificación do organismo en cuestión.

## INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA NÚMERO 22

**Sinal de perigosidade de presenza de artigos pirotécnicos e cartuchería nos talleres e depósitos**